

A lingua de Viana do Bolo

Descrición e textos



Autora

Concepción Álvarez Pousa

**Materiais
Linguísticos**






Concepción Álvarez Pousa, natural de Viana do Bolo (Ourense), é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, máster universitario en Comunicación e Industrias creativas pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora en Lingüística por esta Universidade coa tese *A lingua da Terra de Viana do Bolo. Descrición dialectal e análise do cambio lingüístico, cualificada cum laude*, mención internacional. Coautora do libro *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*, estudou a obra de

Laureano Prieto e de Florencio Delgado Gurriarán na revista *A Trabe de Ouro* e analizou o galego de Viana do Bolo, As Frieiras e As Portelas e as afinidades co portugués nas revistas *Limite* e *Madrygal* e en publicacións das universidades de Santiago de Compostela e do Porto. Impartiu conferencias nas universidades de Estremadura, Complutense de Madrid, Porto e Salamanca. Lingüista da obra de Manuel Vilanova *A Esmeralda Branca* (2006), Premio Nacional

de Crítica poesía galega e colingüista da longametraxe *Pradolongo* (2007) de Ignacio Vilar, galardoada con varios premios, colaborou no SNL do Concello de Pontevedra e traballou como filóloga na Fundación Penzol, Concello de Vigo, so a dirección de Francisco Fernández del Riego. Na actualidade é docente no ensino secundario, membro do Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega da USC e colaboradora do xornal *O Sil*.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Materiais Lingüísticos

n.º 012

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Materiais Lingüísticos é unha colección publicada en colaboración coa Área de Normalización Lingüística

Deseño gráfico

Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Fotografía da portada

Adobe Stock

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN (Libro impreso)

978-84-8158-948-1

Depósito legal

VG 35-2023


© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2023
© María Concepción Álvarez Pousa

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, queda prohibida a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Este volume publícase co financiamento da



**XUNTA
DE GALICIA**

A lingua de Viana do Bolo

Descrición e textos

Autora

Concepción Álvarez Pousa

Á miña mai, á memoria do meu pai i-ós meus irmaus
iè irmás por toda a fala vianesa que me transmitiron
e por ensinárenme palabras tan singulares
como avisedo, bullote, choupín, dibiqueiro,
endoloxar, foleco, galocristo...

Ós meus sobriños iè sobriñas
para que non esquezan nunca a lingua e
manteñan vivas as orixes i-as tradicións vianesas

Á memoria de Laureano Prieto,
insigne pioneiro do estudo da fala vianesa
que andou e desandou
os camiños da Terra de Viana
para darlla a coñecer ao mundo
e cuxo legado non terá nunca parangón,
malia non ser debidamente recoñecido

No sabe el gozo que experimenté al encontrar en unos rincones de Portugal exactamente las mismas formas de cultura que había observado en Sanabria y en sus zonas limítrofes: Galicia, León y el norte de Portugal, desde el punto de vista cultural son países inseparables unos de otros.

9

Krüger (2001²): Carta a Menéndez Pidal (25-X-1923)

Las tierras de Viana son en alto grado interesantes para el estudio de la lengua y las costumbres arcaicas de Galicia. En ellas se siente la Galicia brava y montuosa, dotada de grandes bellezas bien diferentes de las que caracterizan las tierras ribereñas y mariñanas. Viana puede servir de centro de interesantes excursiones: por ásperos caminos de herradura, entre montes cubiertos del maquis gallego, dejando atrás los valles vinícolas del Camba y Bibey, se va a Villariño de Conso, pueblo montañoso cerca de la hermosa cascada de la Cenza...

Otero Pedrayo (1926)

O vianés fábase na mór parte do partido xudicial de Viana do Bolo e nalgúis pobos do partido do Barco de Valdeorras. O freirés esténdese polo axuntamento da Mezquita, algúis pobos da Gudiña e dous ou tres lugares do axuntamento de Viana...

Prieto Rodríguez (1973)

È tamên cuando antiguamente o dor mouros que aí no castillo, pois que èra onde facían a feira or mòros. È unha ve unha de San-Agustín viña co rabaño das ovellas e encontrouse cunha mòra è deulle unhos carbois; i-a mullér colleuos, pero non lle deu importancia. Chegou ó rigueiro aí de San-Agustín, como lle chaman aí? Á Ferradura, è marcháronlle á.i.auga è viu que brillaban è foi è púxose a apañalos, pero parte deles marcháronlle á.i.auga; è fora que lle dira unha, unha mòra, que lle dira aqueles carbois è cuando viu que brillaban a mullér aínda apañou algún; è èra casa do, do Rolo de San-Agustín, èra unha herdeira desa casa de San-Agustín que viña cas ovellas daquel monte donde estaba o castillo, que èra onde facían-a feira, que decían. Eu òíao contar...

(RUB. M. XA. CTESE)

Agradecementos

11

Na miña tese de doutoramento *A lingua da Terra de Viana do Bolo. Descrición dialectal e análise do cambio lingüístico*, presentada na Universidade de Santiago de Compostela foron fundamentais unha serie de persoas e organismos, que por tanto, tamén o foron para a elaboración deste estudo *A lingua de Viana do Bolo. Descrición e textos*, que sae á luz na Universidade de Vigo.

En primeiro lugar, a miña nai e toda a miña familia, os Álvarez Pousa, polo apoio constante neste proxecto, a paciencia e o entusiasmo polo que esperaron que se enforbase esta investigación, “como cuando na finxideira se fain os pais pa metelos ó forno”, pola súa axuda e por entender que tiven que ausentarme en moitas ocasións para percorrer a xeografía vianesa e os seus arredores.

A Teresa Castro e Juan M. Sánchez de xeito especial por toda a súa axuda, interese e apoio constante ao longo desta investigación. Xuntos percorremos varios lugares da Chaira, da Serra e do Val que axudaron a coñecer mellor a nosa Terra e a historia das nosas xentes. A Patricia Alonso, Diego Blanco, Vanessa Calvo, J. Francisco Carballo, María Curra, Inés Ferro, Milagros García, Xoán M. Garrido, Carmen Gesteira, Joseph Ghanime, Carmen Gómez, Roberto Guerra, Ana López, José Martínez, Lorena Martínez, Jairo Maseda, María Pardo, Marga Parrado, María Pita, Patricia Pumar, Begoña Rosales, Montse Santiago, María Varela, Clemente Vidueira, Ramón Vidueira, Pedro Vizcaya, Manuel Xusto e Carlos Yus por estaren presentes ao longo do proceso.

Ao profesorado de Filoloxía da Universidade de Vigo que influíu na miña formación por todo o treito aprendido, especialmente ao catedrático Xosé-Henrique Costas González que me presentou a Dialectoloxía galega cando case non a coñecía e que me puxo en contacto coa Galicia estremeira que tiña ao lado, marcando un camiño que hoxe continúo, polo seu apoio e axuda, así como aos profesores Gonzalo Navaza e Anxo M. Lorenzo. Así mesmo, aos colegas de Filoloxía e de Tradución cos que andei a meta, por todo o tempo compartido e por estaren aí cando precisei deles.

Ás amizades da Casa Galega da Cultura do Concello de Vigo con quen compartín un dos mellores anos de vida laboral, mentres revisaba e actualizaba a inxente obra orixinal do patriarca das nosas Letras, Ramón Otero Pedrayo.

- 12 Ao persoal do xornal *O Sil* que, desde Valdeorras para o mundo, exercen un xornalismo plural na lingua da nosa terra e dinamizan especialmente o oriente ourensán. Ao Instituto de Estudos Valdeorreses e ao persoal da Biblioteca Xeral e da Biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela pola súa xentileza.

E naturalmente, a dúas persoas que resultaron fundamentais no meu período de investigación para que esta tese amarrase en bo porto. En primeiro lugar, ao catedrático Francisco Fernández Rei, especialista da dialectoloxía galega e director da miña tese de doutoramento, que acolleu a súa dirección nun ano que non lle correspondía atender eses labores, xa que se atopaba descansando da docencia universitaria, polas súas orientacións e axuda ao longo do período de investigación. En segundo lugar, ao doutor João Veloso da Facultade de Letras do Porto por acollerme no meu período de investigación no Arquivo Dialectal do Centro de Linguística da Facultade de Letras do Porto, pola súa atención e por poñer ao meu dispor todas as facilidades e por convidárenme a presentar a lingua da Terra de Viana do Bolo na Facultade de Letras do Porto. Estadía que resultou esencial e totalmente satisfactoria na cidade de cores que mira ao Douro. Ao persoal do Arquivo Dialectal polo seu trato e atención.

E como non, á alma máter de todo este proxecto! O meu agradecemento a todas as persoas informantes pola súa xenerosa colaboración e atención nas diferentes parroquias de Viana do Bolo e ás persoas que cubriron os cuestionarios, así como ás persoas informantes que prestaron a súa contribución e colaboración nos diferentes concellos que integran As Frieiras, As Portelas zamoranas e puntos dos concellos de Vilariño de Conso e a comarca de Valdeorras, pola súa atención e xentileza e por todo o legado transmitido. Do mesmo xeito, a miña lembranza para os que xa non están entre nós, pero que sempre nos acompañarán coa súa universidade da vida.

Todos eles fixeron posible *A lingua de Viana do Bolo*.

Rubiais, 20 de agosto de 2022, tras a festa do San Ciprián do mes da sega

Abreviaturas

DdD: Dicionario de Dicionarios

DRAG: Dicionario da Real Academia Galega

cf.: confróntese

etc.: etcétera

lb.: Ibídem

lat. cl.: latín clásico

p.: páxina

port.: portugués

pp.: páxinas

séc.: século

ss.: sucesivas

Corpus oral

CTESE: corpus oral da tese de doutoramento (USC)

CTIT: corpus oral do Traballo de investigación tutelado (UVigo)

C.AGO: corpus oral do Arquivo do Galego Oral (Instituto da Lingua Galega)

Verbo

C-I: primeira conxugación (*cantar*)

C-II: segunda conxugación (*coller*)

- 14 C-III: terceira conxugación (*partir*)
v.i.: verbo intransitivo
v.t.: verbo transitivo
VR: vogal radical (*còlles*)
VT: vogal temática (*coll-e-u*)

Tempos verbais e sufixos

- Antepret. Ind.: antepretérito de Indicativo (*cantara, -aras...*)
Copret. Ind.: copretérito de indicativo (*cantaba, -abas...*)
Pres. Ind.: presente de indicativo (*canto, -as...*)
Pres. Subx.: presente de subxuntivo (*cante, -es...*)
Pret. Ind.: pretérito de indicativo (*collín, -iches...*)
Pret. Subx.: pretérito de subxuntivo (*collese, -eses...*)
TPret.: tema de pretérito e tempos afíns (*ficè-che, ficè-ras, ficè-ses*)
SMT: sufixo modo-temporal (*canta-ba-s*)
SNP: sufixo número-persoal (*canta-s*)

Persoas verbais

- P1: primeira persoa de singular
P2: segunda persoa de singular
P3: terceira persoa de singular
P4: primeira persoa de plural
P5: segunda persoa de plural
P6: terceira persoa de plural

Complementos e formas do artigo

- CD: complemento directo
CI: complemento indirecto

1FA: primeira forma do artigo determinado

2FA: segunda forma do artigo determinado

3FA: terceira forma do artigo determinado ou do pronome persoal átono

15

Informantes

XA: xeración alta

XB: xeración baixa

XM: xeración media

Etnotextos

E: persoa enquisadora

H: home

M: muller

I: Informante

I.1: Informante primeiro

I.2: Informante segundo

I.3: Informante terceiro

I.4: Informante cuarto

Xénero e número no substantivo e adxectivo

mas.: masculino

fem.: feminino

sing.: singular

pl.: plural


s.m.: substantivo masculino

s.f.: substantivo feminino

adx.m.: adxectivo masculino

adx.f.: adxectivo feminino

01	Introdución	25
02	A Terra de Viana	31
	2.1 A comarca de Viana	31
	2.2 O concello de Viana do Bolo	33
	Historia	34
	Economía e sociedade	40
	Poboación e situación sociolingüística	47
03	O bloque oriental na dialectoloxía galega	53
	3.1 O bloque lingüístico oriental do galego	53
	3.2 A área oriental-central do galego oriental	55
04	Laureano Prieto, a fala vianesa e outras obras	59
05	Descrición da variedade vianesa	65
	5.1 Fonética	68
	Realización etimolóxica do timbre dos pronomes nós e vós	68
	Palatalización de a átono	68
	Alteración do timbre etimolóxico de e, o tónicos	69
	Alteración do timbre aberto de e, o trabados por nasal	71
	Inestabilidade de è tónico	72
	Evolución dos grupos latinos -ŮLT-, -ŮCT-, -ŮCT-, -ŮRĬ-, -ŮRĬ-	73
	Presenza do iode en substantivos e formas verbais	78



Terminación -u en ditongo nos substantivos rematados en -o	79
Solución -ax- / -aix-	80
Crase do hiato -òa>-ò (lat. -ŎLĂM)	80
Mantemento dos grupos cua-, gua-	80
Creación do ditongo -au na terminación -ado	81
Presenza e perda da interdental xorda en posición final	82
Realización interdental do [k] no grupo culto -ct-	82
Gheada	83
Alteración do -s implosivo. Rotacismo	85
Alteración do -s implosivo. Aspiración	87
Consonantización da semivogal i	88
Conxunción copulativa e en contacto con vogal	89
Paragoxe do e	90
5.2 Morfoloxía	91
Substantivo e adxectivo	91
Resultados de -ĂNŮM, - ĂNĂM, -ĂNŌS, -ĂNĂS	91
Resultado das terminacións latinas -ĬNŮM, -ĬNŌS, -ĬNĂM, -ĬNĂS	91
Resultado de -ĂLĚS, -ŎLĚS (pl. -l)	92
Resultado de -ĂNĚS, -ŎNĚS (pl. -n)	93
Plural do tipo pé-peis, verdá-verdais	94
Artigo	95
Artigo determinado. Formas do artigo -lo(s), -la(s)	95
Artigo indeterminado unhos / unhes / uis - unhas / úas	96
Pronome persoal	97
Suxeito pronominal ti / tu	97
Suxeito pronominal nós / nosoutros, vós / vosoutros	98
Formas de acusativo do pronome átono de P3	99
Variantes de lle	99
Resultado das formas arcaicas lles-lo(s), lles-la(s)	100
Formas de tratamento	100
Variantes fonéticas dos demostrativos (e pronome el)	103
Sistema de posesivos	105
Cuantificadores	106
Verbo	107
Alternancia na VR tónica do Pres. Ind. dos verbos en -ir	107
Pretérito cantei / cantein	108
VT collamos, -era, -ese / collimos, -ira, -ise	108
Acentuación cantabamos / cantábamos	109
Terminación de Pret. Ind. -che /-ches, -ste/-stes	110

Terminación SNP -des, -ndes, -is, -s	110
Infinitivo conxugado. Usos	111
Andar	111
Caber	111
Caer	112
Dar	112
Dicir	113
Estar	114
Facer	114
Ir	116
Pór	117
Ter	118
Traer	119
Valer	120
Vir	120
Estar / andar + xerundio, estar / andar + a + infinitivo	121
Adverbio	121
Preposición	124
Conxunción	125
5.3 Syntaxe	125
Formas de acusativo do pronome átono de P2.	
Teísmo	125
Posición dos clíticos	128
Ausencia do artigo determinado preposición en + casa	128
5.4 Léxico	129
Vitalidade do léxico patrimonial	129
Interferencia léxica	130
A interferencia segundo a idade e o hábitat.	
Os castelanismos léxicos do vianés	131
Algúns procedementos para a formación de palabras	136
Vocabulario vianés	138

06

O cambio lingüístico

145

6.1 O cambio lingüístico e os factores influentes	148
6.2 Variables no vianés	149
Variables fonéticas	151
Palatalización de a átono	151
Evolución dos grupos latinos -ŮLT-, -ŮCT-, -ŮCT-, -ŮŘĭ-, -ŮŘĭ-	152

Terminación -u en ditongo nos substantivos rematados en -o	153
Mantemento dos grupos cua-, gua-	153
Creación do ditongo -au na terminación -ado	154
Presenza da interdental xorda en posición final	154
Alteración do s implosivo. Rotacismo	154
Conxunción copulativa e en contacto con vogal	155
Variables morfosintácticas	155
Resultados de -ĀNŪM, -ĀNĀM, -ĀNŌS, ĀNĀS	155
Resultados de -ĀLĒS, -ŌLĒS (pl. -l)	156
Resultados de -ĀNĒS, -ŌNĒS (pl. -n)	156
Resultados da terminación -TATE(M)	157
Ausencia de artigo determinado: preposición en + casa	157
Formas de acusativo do pronome átono de P3	158
Encontro de preposición con máis pronome	158
Cuantificadores	159
Acentuación cantabamos / cantábamos	159
Terminación SNP -des, -ndes, -is, -s	159
Facer	160
Pór	160
Traer	161
Ter	161
Vir	162
Variables léxicas	162
Castaña / bullote	163
Caldo de castañas / caldudas / papavello	163
Entón / entonces	163
Entroido / Carnaval / Entrudio / Intrudio	164
Nogueira / concheira	165
Pobo / puèblo	165

07

Cabo	167
------	-----

08

Bibliografía	173
--------------	-----

09

Escolma de etnotextos	185
-----------------------	-----

Ata a actualidade a Terra de Viana do Bolo non foi obxecto de moitos estudos que desen a coñecer a idiosincrasia desta zona. Debemos remontarnos ao xuíz andaluz destinado a este lugar do oriente ourensán, Nicolás Tenorio Cerero, que publica *La Aldea Gallega* en 1914 en Cádiz, un resumo da obra en 1972 e posteriormente, a obra en 1982 en Galicia. Trátase dun estudo antropolóxico sobre dereito consuetudinario e economía popular, que foi un dos primeiros traballos de campo nese eido realizados en Galicia, recollido entre os anos 1900 e 1906.

Estruturado en cinco partes, céntrase nas aldeas do concello de Viana do Bolo e ofrece a súa visión sobre as propiedades comunitarias, os costumes agrícolas, os costumes familiares, as festas públicas e as supersticións.

Castells Vila (1955, 1961, 1967) vai afondar no partido xudicial de Viana do Bolo e posteriormente nunha ampla descrición xeográfica do concello vianés a través de tres partes principais: a xeografía física, a xeografía humana e unha breve recensión histórica.

Así mesmo, podemos sinalar os traballos de Álvarez Rodríguez (1984, 1994) sobre a poboación e os asentamentos rurais da comarca de Viana do Bolo e o proxecto de Quiroga Barro (1984, 1992) relacionado coa evolución da estrutura agraria da Terra de Viana do Bolo na Idade Moderna.

Prieto Rodríguez ocupouse de estudar a historia, a tradición oral, a etnografía e a fala vianesa en diversos traballos (1946, 1948, 1958, 1968, 1973, 1978).

No eido da historia e da arqueoloxía son de importancia os traballos de Xusto Rodríguez sobre protohistoria e romanización e sobre territorialidade castrexa e galai-co-romana (1986, 1993), así como diversos estudos derivados destes (1987, 1988-1989, 1989).

Canto á situación da muller e á súa evolución podemos destacar o estudo de Gala González (1990) que, centrado na parroquia vianesa de Mourisca, aborda o papel da

muller e o cambio social. Posteriormente, Gala González (1995) tratará as relacións de xénero centrándose nos concellos de Viana do Bolo e Mazaricos, concretamente nas parroquias de Mourisca e Beba, respectivamente, e de onde sairán outros estudos relacionados con estes (1991, 1999).

En relación coa lingua, presentamos na Universidade de Vigo, baixo a dirección do catedrático Xosé-Henrique Costas González, o Traballo de investigación tutelado (TIT) *Consideracións sobre a fala do concello de Viana do Bolo. Descrición e textos*, (Álvarez Pousa 2007), unha primeira achega ao estudo dialectal da zona de Viana.

A investigación estivo principalmente centrada en oito parroquias e mediante a análise das características lingüísticas de diferentes etnotextos derivados das gravacións orais, permitiu deseñar as primeiras liñas da fonética, a morfosintaxe e o léxico da fala de Viana do Bolo e á vez, trazar as primeiras isoglosas dalgúns dos fenómenos máis comúns da microsubárea O Bolo-Viana.

Posteriormente, presentamos na Universidade de Santiago de Compostela a tese de doutoramento *A lingua da Terra de Viana do Bolo. Descrición dialectal e análise do cambio lingüístico* (Álvarez Pousa 2021). Tese que foi defendida o 26 de novembro de 2021 na Universidade de Santiago de Compostela dentro do Programa de doutoramento en Lingüística baixo a dirección do catedrático Francisco Fernández Rei.

O tribunal que xulgou a tese estivo composto polos seguintes membros: Manuel González González (presidente) da Universidade de Santiago de Compostela, Xosé-Henrique Costas González (secretario) da Universidade de Vigo e Maria da Purificação Moura Silvano (vogal) da Universidade do Porto. A tese obtivo a cualificación de sobresaliente *cum laude* (mención internacional).

A tese presentada tiña por finalidade describir a lingua do concello ourensán de Viana do Bolo, variedade do galego oriental pertencente á microsubárea O Bolo-Viana, encadrada na subárea Valdeorras-Viana da área oriental-central e analizar, a un tempo, o fenómeno do cambio lingüístico.

Para a análise da devandita variedade partiuse esencialmente dun amplo corpus oral formado por máis de 500 audios recollidos principalmente entre os anos 2015 e 2019, en 25 das 35 parroquias que conforman o municipio de Viana do Bolo, a tres xeracións de idade (alta, media e baixa), que posteriormente se transcribiron para a súa análise e descrición a través da fonética, a morfosintaxe e o léxico, o que permitiu concretar as peculiaridades dentro do bloque oriental e, especialmente, en relación coas variedades próximas zamoranas.

Baseada en dúas vertentes, por unha banda, estudouse a variación e o cambio lingüístico en tempo aparente no devandito concello para ver como este fenómeno afecta no mantemento da variedade, cales son as variables máis propicias á mudanza e os posibles factores que influencian este feito; e por outra banda, analizouse o

cambio en tempo real ao contrastar material do corpus da tese co recolleito en 1975 para o punto O.17 Viana do Bolo do *Atlas Lingüístico Galego* coa finalidade de obter unha visión completa da evolución da lingua vianesa.

O material do traballo de campo complementouse coa análise de gravacións que foron recollidas para unha investigación anterior (Álvarez Pousa 2007) e co contraste coas mostras orais existentes no Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega da USC recollidas no período 1997-2002. 23

Asemade, como apoio bibliográfico foi de especial relevancia a consulta da obra *Dialectoloxía da lingua galega* (Fernández Rei 1990), onde se trazan as características das variedades diatópicas dos tres bloques lingüísticos; os sete volumes publicados do *Atlas Lingüístico Galego* (I, 1990 – VII, 2020), onde a vila de Viana do Bolo, como se indicou, é o punto O.17, enquisado en febreiro de 1975; e naturalmente, a información que ofreceu a obra pioneira no estudo da fala vianesa de Prieto Rodríguez (1958), (1973).

Este material lingüístico distribúese en 9 capítulos:

Logo do limiar sobre os estudos de relevancia sobre o municipio, o capítulo 01 trata a xustificación do presente estudo, o método seguido no proceso de descrición e na análise do cambio lingüístico; o capítulo 02 reflicte os aspectos máis significativos sobre a comarca de Viana e o concello de Viana do Bolo; o capítulo 03 perfila o bloque lingüístico oriental e a área oriental-central do galego oriental nos que se insire a fala vianesa; o capítulo 04 aborda o papel incansable do mestre e etnógrafo Laureano Prieto na terra vianesa e, en concreto, no estudo da fala, ao tempo que se fai mención a outras obras en relación co vianés; o capítulo 05 traza as características lingüísticas a través da fonética, a morfoloxía, a sintaxe e o léxico; o capítulo 06 aborda o concepto do fenómeno do cambio lingüístico e as diferentes variables fonéticas, morfosintácticas e léxicas; o capítulo 07 recolle os aspectos máis significativos no tocante ao estudo da lingua vianesa en relación coa descrición e co cambio lingüístico; o capítulo 08 agrupa as fontes bibliográficas manexadas e o capítulo 09 amosa unha selección de 25 etnotextos correspondentes a cada unha das parroquias vianesas enquisadas.

Capítulo 01

Introdución

25

Foi na Universidade de Vigo onde mantiven o primeiro contacto coa dialectoloxía cando cursaba a materia de “Dialectoloxía da lingua galega” na carreira de Filoloxía Galega, que fixo que comezara a interesarme por todos os falares e máis concretamente polo meu propio. Como xa indiquei, foi nesta universidade onde presentei un primeiro traballo de investigación sobre a fala de Viana do Bolo, *Consideracións sobre a fala do concello de Viana do Bolo. Descrición e textos*; e é nesta Universidade de Vigo onde, consecuentemente, debía ver a luz este libro.

O estudo que agora se presenta *A lingua de Viana do Bolo. Descrición e textos*, ten por finalidade achegar o coñecemento sobre o falar ourensán das xentes de Viana do Bolo, variedade lingüística que se encadra na área oriental-central, subárea Valdeorras-Viana e microsubárea O Bolo-Viana do bloque oriental, nun enclave lingüístico singular a carón da zona das Portelas (Zamora) e relativamente próximo á zona do Bierzo (León).

Para a elaboración deste traballo tiven en conta as suxestións e orientacións ofrecidas polos diferentes membros do tribunal que axudaron, sen dúbida, a mellorar a calidade da tese. É obrigado unha vez máis sinalar o meu agradecemento a todos eles e naturalmente ao meu director de tese, o catedrático Francisco Fernández Rei por todas as orientacións recibidas ao longo do período de investigación.

No tocante ao noso idioma, o galego como lingua románica e milenaria que é distribúese a través da xeografía galega e estremeira arredor de diversas variedades lingüísticas que fan os seus falantes distintivos de cada zona e posuidores duns fenómenos lingüísticos concretos. Por isto, neste estudo trázanse as características principais do vianés a través da fonética onde se analizan fenómenos, entre outros, como a gheada ou o rotacismo; a morfoloxía a través da formación dos plurais e as formas verbais; a sintaxe en relación co uso dos pronomes átonos e a súa colocación; e o léxico con termos específicos da variedade vianesa.

É o idioma da Galicia administrativa e das comarcas estremeiras da franxa exterior onde se sitúan o Bierzo occidental, As Portelas de Zamora, a Terra Eo-Navia e tamén o valego, a variedade arcaica do Val do Ellas, nos somontes da cacereña Serra de Gata.

- 26 Dado que non é posible describir as linguas sen facer mención ao fenómeno do cambio lingüístico que afecta o seu mantemento debido a varios factores, neste estudo coméntanse, así mesmo, algúns dos aspectos máis característicos da fonética, a morfosintaxe e o léxico afectados por este feito.

Logo da descrición dialectal e tendo en conta o interese lingüístico e sociocultural inclúese unha escolma de 25 etnotextos pertencentes a cada unha das parroquias escollidas, cuxa relación figura na seguinte táboa. Algún dos textos incluídos pertence ás primeiras gravacións recollidas por min no meu primeiro traballo de investigación, pero a maior parte corresponden ao conxunto do corpus oral da tese de doutoramento presentada e algunha mostra é máis actual, de 2022.

Nº cartografía	Parroquia	Código empregado no conxunto do corpus
1	Bembibre (Santo André) (1)	BEMB
2	Caldesiños (Santa Cristina) (2)	CALD
3	Cepedelo (Santa María) (3)	CEP
4	Covelo (San Lourenzo) (4)	COV
5	Fornelos de Filloás (Santa María) (5)	FFILL
8	Grixoa (San Pedro) (6)	GRIX
13	Penouta (San Bartolomeu) (7)	PEN
15	Pinza (Santa María) (8)	PIN
14	Pixeiros (Santa María) ¹ (9)	PIX
16	Pradocabalos (Santa María) (10)	PRADC
17	Pradorramisquedo (San Sebastián) (11)	PRADR
18	Punxeiro (San Marcos) (12)	PUNX
19	Quintela de Hedroso (San Cosme) (13)	QHEDR
21	Quintela do Pando (Santa Isabel) (14)	QPAND
20	Quintela de Umoso (Padre Eterno) (15)	QUMO
22	Ramilo (San Pedro) (16)	RAM
23	Rubiais (San Cibrao) (17)	RUB
27	Santa Mariña da Ponte (Santa Mariña) (18)	SMP
28	Sever (San Lourenzo) (19)	SEV
29	Solbeira (Santo Adrao) (20)	SOLB
30	Tabazoa de Hedroso (Santa María) (21)	THED
32	Viana do Bolo (Santa María) (22)	VDB
33	Vilardemilo (Santa María Madalena) (23)	VMIL
34	Vilarmeao (Santo Antón) (24)	VMEAU
35	Vilaseco da Serra (San Vincenzo) (25)	VSER

Táboa 1. Corpus oral das parroquias

1 Na nomenclatura do corpus recollemos a forma *Pixeiros*, que é a común no municipio vianés, fronte á forma *Pexeiros* rexistrada en VV.AA. (2003) e non habitual na fala. Á súa vez, Madoz (1950, 1986) rexistra a denominación *Pixeiros*. No caso de Vilarmeao (34) optamos polo código VMEAU, por ser a forma *Vilarmeau* a máis estendida na fala, xunto a *Vilarmiau*.

As mostras orais que se ofrecen na descrición dialectal dos diversos fenómenos lingüísticos deste estudo, así como as da análise do cambio lingüístico van todas acompañadas da información pertinente. Despois da abreviatura da parroquia (xa reflectida na táboa), figura a indicación se a persoa informante é home (H) ou muller (M); e a seguir, a referencia abreviada á xeración á que corresponde o exemplo: XA (xeración alta), XM (xeración media) e XB (xeración baixa).

Finalmente figura o corpus do que se extraeu a mostra. A maior parte das mostras ofrecidas son pertencentes ao corpus oral creado para a miña tese de doutoramento (CTESE). Non obstante, tamén se ofrecen exemplos tirados do corpus do meu Traballo de investigación tutelado (CTIT) e algún exemplo de mostras pertencentes ao Arquivo do Galego Oral (C.AGO). Deste xeito, a relación de exemplos extraídos dos corpus coa súa indicación cronolóxica é a que segue.


CTESE: corpus oral para a elaboración da tese de doutoramento (2015-2019)², con máis de 500 audios das 25 parroquias obxecto de estudo.

CTIT: corpus oral do traballo de investigación tutelado (Álvarez Pousa 2007), con 24 etnotextos de oito parroquias.

C.AGO: corpus oral do concello de Viana do Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega. Son 9 gravacións dos anos 1997, 1999 e 2002, de tres parroquias. Nos casos nos que a gravación incluída non pertence a estes corpus por ser unha gravación posterior indícase como C.ACTUAL.

Alén diso, tamén foi de interese todo o material dos concellos da comarca de Viana e das Portelas enquisados durante o período de elaboración da tese. Tendo en conta o seu interese e a calidade procedeuse á transcripción semifonolóxica dos etnotextos, aplicando, en liñas xerais, os criterios do AGO, o que me permitiu recadar un maior número de trazos fonéticos, fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da variedade en cuestión, ao tempo que se constatou a influencia do cambio lingüístico.

² As gravacións foron recollidas principalmente neste período, mais tamén se incluíron mostras de anos anteriores, mesmo do período 2020-2022.



Mapa 1. Pontos enquisados no município de Viana do Bolo.
Fonte: Álvarez Pousa (2021)

Capítulo 02

A Terra de Viana

31

2.1 A comarca de Viana

A comarca de Viana sitúase na parte suroriental da provincia de Ourense na estrema con Zamora polo leste e con Portugal polo sur. Está formada polos concellos de Viana do Bolo (capital da comarca) e Vilariño de Conso ao norte, e A Gudiña e A Mezquita ao sur. Estes dous últimos concellos forman parte, á súa vez, da Terra das Frieiras e xunto ao de Vilariño de Conso agrupan a denominación Conso-Frieiras.

Conta con 5.538 hab. (IGE 2021) e unha extensión de 746,31 km², linda ao norte coas comarcas de Valdeorras (municipios do Bolo e A Veiga), Terra de Trives (municipios de Chandrexa de Queixa e Manzaneda), ao leste coa provincia de Zamora (municipios de Porto, Pías, Lubián e Hermisende), ao sur coa comarca de Verín (municipio do Ríos) e con Portugal (Trás-os-Montes) e ao oeste coa comarca de Verín (municipios de Castrelo do Val e Laza).

Os concellos ao norte, Viana do Bolo e Vilariño de Conso, pertencen eclesiasticamente ao arciprestado de Viana e diocese de Astorga; e os concellos ao sur, A Gudiña e A Mezquita, ao arciprestado de Viana, diocese de Ourense.

O terreo é na súa maior parte de alta montaña cunha altitude media de 1.200 m. Os concellos de Viana do Bolo e Vilariño de Conso destacan pola presenza dos ríos Bibei, Camba e Conso, da conca do Sil, con altitudes entre os 900 e 1.500 m, e os da Gudiña e da Mezquita pola acción fluvial do Túa, pertencente á conca do Douro, onde se rexistran relevos menos escabrosos entre os 900 e 1.000 m. O territorio sitúase entre dous macizos de relevancia que son Pena Trevinca e o Macizo Central Ourensán.

A calidade e a singularidade das súas paisaxes fai que a comarca goce de zonas protexidas reguladas pola administración galega ou da Unión Europea. Forma parte de catro espazos naturais de relevancia e de gran diversidade: o Macizo Central, Pena Trevinca, Pena Maseira e o Parque Natural do Invernadoiro (VV.AA. 2009b: 60-69).

No tocante á hidroloxía, esta bisbarra forma parte das serras surorientais galegas, caracterizadas por altas montañas e profundos vales, percorridos por numerosos ríos como o Bibei, o Camba ou o Conso, que deseñan no relevo canóns, que serven de aproveitamento para a produción hidroeléctrica en encoros como o das Portas, no río Camba, o do Vao, no Bibei e o de Pías tamén no Bibei.

A comarca de Viana xunto ás de Valdeorras e Terra de Trives son as que posúen unha maior superficie de espazos naturais da Provincia de Ourense, un 74% pertencentes á Rede Natura 2000 (VV.AA. 2009a: 27).

En relación co clima, este encádrase dentro do dominio oceánico de montaña debido á elevada altitude das terras do conxunto e á súa situación no interior de Galicia. Os invernos caracterízanse pola súa crueza con frecuentes xeadas e neve nas zonas máis elevadas e os veráns tenden a ser frescos. Con todo, os vales do Bibei e do Camba rexistran temperaturas máis altas e menos precipitacións con certos matices mediterráneos.

Verbo da poboación, a fame e a pobreza que sufriu Galicia nos séculos XVIII e XIX fixo que moita xente emigrase temporalmente. Un dos destinos era a sega en Castela. Os segadores e os arrieiros atravesaban estas terras e deixaban como sinal os milladoiros e mesóns, algúns deles con certa importancia comercial na comarca, como o mesón de Pentes. A ruta xacobeá da Vía da Prata cruza estas terras ao seu paso pola Mezquita e A Gudiña (VV.AA. 2005b: 80).

Esta comarca, como moitas outras do interior e da montaña galega, tivo unha evolución recesiva durante a segunda metade do séc. XX en cuxos inicios contaba con 16.003 hab., como consecuencia principalmente da emigración cara a América e Europa. Despois dunha leve recuperación desde 1930 ata 1960 debido á redución da emigración e á situación política, todos os concellos comezaron a perder poboación por causa do éxodo rural de posguerra. Na década de 1960 os movementos migratorios intensificáronse e tomaron como novos destinos as cidades industriais españolas e europeas, amais da saída cara á capital provincial e núcleos de maior envergadura como Verín, O Barco, Seabra ou Chaves (VV.AA. 2005b: 63, 66).

Na actualidade en relación coa estrutura socioprofesional, as actividades relacionadas co campo foron perdendo importancia e a agricultura e a pesca ocupan o segundo posto cun 14%, tras o sector servizos cun 67% de ocupados, seguido da industria cun 10% e a construción un 9%, segundo os datos que extraemos do IGE (2020).

A actividade gandeira vén marcada polo vacún e o porcino, xunto a un número de cabezas elevado de gando ovino e caprino, dos máis elevados de Galicia, dada a tradición de pastoreo desta zona de alta montaña.

O cultivo e a recolección da castaña constitúe un elemento importante na actividade agraria da comarca que permite a súa comercialización, mentres que o cultivo da

vide foi perdendo importancia e hoxe só se cultiva nas ladeiras do Bibei, limitándose a súa produción ao consumo local.

No tocante á cultura e ao turismo, desde épocas antigas, a historia da comarca de Viana estivo moi unida ás terras do interior norte de Portugal, Trás-os-Montes, e ás leonesas de Seabra, que lle transmitiron a cultura pastoril. Alén disto, por Terras da Mezquita e as zonas lindantes de Bragança e Moimenta transcorreu a ruta dos tecidos que mediante conexión coa Rúa (Valdeorras) propiciou o transporte de pezas de varios xéneros con destino a Cataluña e posteriormente a Inglaterra, como refire Dasairas Valsa (2018: 25).

33

Desta afinidade cultural e social dá boa conta Santos (1967: 98) no seu estudo sobre os falares fronteirizos de Trás-os-Montes:

Desde os tempos pre-históricos se encontran afinidades culturais de Trás-os-Montes com a Galiza e a região ásture. O recanto nordeste sempre apresentou uma estrutura cultural complexa, como zona de passagem e confluência de correntes diversas, situação que se continuou no período romano. A grande unidade da Gallaecia romana sancionou a ligação de Trás-os-Montes com a Galiza actual e o occidente asturo-leonês...

Amais do atractivo natural onde os ríos e os encoros permiten a realización de deportes ao aire libre como a pesca ou o sendeirismo, a zona ofrece o recurso do patrimonio artístico e cultural.

O trazado da N-525 e máis recentemente a A-52 foron decisivas no tamaño, a forma e o desenvolvemento das entidades de poboación do sector sur, xa que son a entrada e saída de Galicia para as terras da Comunidade Autónoma de Castela-León, pola provincia de Zamora; e tamén de situación fronteiriza con Portugal, xa que a comarca se sitúa próxima cara ao sur aos núcleos de Santalha, Moimenta e Vinhais e en dirección sueste a Bragança.

A OU-533 comunica O Barco con Viana do Bolo e A Gudiña. Neste último núcleo tamén ten importancia a liña de ferrocarril Ourense-Zamora-Lalín e actualmente foi de moita relevancia a chegada do tren de alta velocidade coa súa parada na estación Porta de Galicia da Gudiña. Este permitiu comunicar Galicia coa Meseta mediante a alta velocidade ferroviaria, o que sen dúbida foi de repercusión para a zona, posto que facilitou as comunicacións e acurtou a duración dos desprazamentos.

2.2 O concello de Viana do Bolo

O concello de Viana do Bolo sitúase ao nordeste da comarca de Viana no leste da provincia de Ourense, na estrema coa provincia de Zamora no seu extremo oriental e a medio camiño entre a Terra das Frieiras e Valdeorras, que son os principais accesos coa Meseta por Pobra de Seabra e Ponferrada no sur de Galicia. Linda ao norte

cos concellos do Bolo, A Veiga e Manzaneda; ao leste cos concellos zamoranos de Porto e Pías; ao sur coa Gudiña e A Mezquita e ao oeste con Vilariño de Conso. Dista arredor de 125 km da capital ourensá.

- 34 Eclesiasticamente pertence á diocese de Astorga e conta con 2.787 hab. (IGE 2021) distribuídos en 35 parroquias³ e 52 aldeas. Trátase do segundo concello máis extenso da provincia de Ourense con 270,41 km², tras o concello veciño da Veiga con 290,5 km².

Historia

É preciso referenciar que tanto as fontes como as noticias indirectas para un estudo rigoroso da historia da vila e do municipio son moi limitadas, tal e como xa recoñecían Tenorio (1904: 281-282) e Castells Vila (1967: 238-239).

No tocante á protohistoria, non se sabe con precisión cales foron os antigos moradores da Terra de Viana do Bolo, pero si parece haber acordo en situar estas terras, xunto coas de Valdeorras, dentro do que logo será, en época romana, o Convento Asturicense, con capital en *Asturica Augusta* (actual Astorga). Deixando de lado as habituais orixes míticas que, neste caso as vincularía con emigrados da guerra de Troia no ano 1119 a.C. (Yáñez Fariñas 2008: 13), algúns estudos sinalan como primeiros poboadores destas terras os bíbalos, un dos pobos bracarenses citados no Padrão dos Povos de Chaves e que tiña como núcleo principal o *Forum Bibalorum* (VV.AA. 2005b: 145; VV.AA. 2006b: 169). Hoxe, no entanto, este pobo relaciónase co río Bubal, ao oeste de Verín.

Outros investigadores localizan nestas terras os nemetas ou nemetates, con centro en Volóbriga que polo seu parecido se vincula ao Bolo. Pero o certo é que o étnico nemetates máis ben parece emparentar co topónimo tiburino Nemetóbriga citado por Ptolomeo e que hoxe a investigación xeralmente faino coincidir coa comarca de Trives. Polo tanto, o tema do pobo protohistórico asentado nas terras de Viana segue sendo un capítulo pendente dentro da xeografía prerromana.

En relación coa xeografía castrexa e galaico-romana, Xusto Rodríguez (1993: 39-90) recolle unha ampla nómina de castros no concello distinguindo entre os de zonas baixas, directamente vinculados coa protohistoria castrexa, e os de altitudes inter-

3 O municipio está formado polas seguintes parroquias: 1. Bembibre (Santo André), 2. Caldesiños (Santa Cristina), 3. Cepedelo (Santa María), 4. Covelo (San Lourenzo), 5. Fornelos de Filloás (Santa María), 6. Fradelo (San Vicenzo), 7. Froxais (San Brais), 8. Grixoa (San Pedro), 9. Hedroso (San Román), 10. Louzaregos (Santa María), 11. Mourisca (Santa María), 12. Paradela (San Pedro), 13. Penouta (San Bartolomeu), 14. Pinza (Santa María), 15. Pixeiros (Santa María), 16. Pradocabalos (Santa María), 17. Pradorramisquedo (San Sebastián), 18. Punxeiro (San Marcos), 19. Quintela de Hedroso (San Cosme), 20. Quintela de Umoso (Padre Eterno), 21. Quintela do Pando (Santa Isabel), 22. Ramilo (San Pedro), 23. Rubiais (San Cibrao), 24. San Cibrao (San Cibrao), 25. San Mamede (Santiago), 26. San Martiño (San Xoán), 27. Santa Mariña da Ponte (Santa Mariña), 28. Sever (San Lourenzo), 29. Solbeira (Santo Adrao), 30. Tabazoa de Hedroso (Santa María), 31. Tabazoa de Umoso (San Sebastián), 32. Viana do Bolo (Santa María), 33. Vilardemilo (Santa María Madanela), 34. Vilarmeao (Santo Antón) e 35. Vilaseco da Serra (San Vicenzo).

medias, orixinados por mor do contacto con Roma e pola súa intensa explotación mineira. Aínda que algúns investigadores sosteñen que este territorio xa non pertencería á cultura castrexa –que abrangería toda a actual Galicia máis o val do Navia, hoxe asturiano e deixaría fóra a Terra do Barco, Viana e A Gudiña- (VV.AA. 2005a: 44), certamente estas terras si conforman unha variante rexional desa cultura castrexa (Carballo Arceo e Fábregas Valcarce 2006: 73-84); enriquecida ademais por ser área de transición con outras culturas situadas cara ao oriente.

Calo Lourido (1994: 239) en relación ao Castro do Eirexario⁴ na parroquia de Bemibre sostén que del tan só se coñece a súa existencia, pero que non se sabe nada dos achados no castro nin que a peza do verrón⁵ descuberta por Laureano Prieto e dada a coñecer por Taboada Chivite proceda del, posto que foi atopada encaixada na fachada por dunha vivenda na aldea de Bemibre. Segundo o devandito estudoso, a similitude con outras pezas fixo que se incluíse na nómina de esculturas castrexas; porén, a zona onde apareceu estaría, para el, fóra dos límites adxudicados para a cultura castrexa, debido a que desde o punto de vista conventual o territorio pertencería ao asturicense.

Verbo do xacemento nomeado A Vila de Sen ou Eirexario de Bemibre, Xusto Rodríguez (1993: 85) identifica, en superficie, restos de cerámica galaico-romana e común romana, así como moas e pés de muíños circulares de man, ao tempo que polas informacións orais recollidas, de alí procederían tamén os restos correspondentes á dita cabeza de verrón e a un relevo con representación antropolóide. Tamén de Bemibre procede unha ventá xeminaada dunha antiga construción prerrománica (Ferro Couselo 1973: 176-177).

Coa chegada dos romanos estas terras pasaron a ser gobernadas polo Conventus Bracarensis, mentres as do nordeste foron administradas polo Conventus Asturicensis; adquire entón importancia a minería no Noroeste peninsular que ve na extracción de ouro un gran potencial. Segundo se recolle en VV.AA. (2005a: 79-80) a extracción realizaríase tanto nos traballos de filóns en cuarzo aurífero ou depósitos primarios como nos aluviós ou secundarios. Nos primeiros mediante lume e auga esnaquizábase o monte, modelo que foi seguido nalgúns minas do Courel e de Portugal,

4 Xusto Rodríguez (1993: 92) refire que Vila de Sen ou O Eirexario de Bemibre foi o antigo poboado que existiu a uns 500 m da aldea de Bemibre na época galaico-romana. As referencias orais sitúan tamén nesa zona unha igrexa vella e un antigo cemiterio, cuxos sartegos pétreos se atopan hoxe reutilizados por varios puntos da aldea de Bemibre como bebedoiros de gando.

5 No antigo castro de Vila de Sen desta parroquia atopáronse diferentes vestixios romanos. O verrón pénsase que é orixinario do xacemento devandito, situado a uns metros. Fariña Busto (2003) sinala que polo ano 1947, Laureano Prieto lle fai chegar a Taboada Chivite a nova da existencia desta peza no lugar de Bemibre; pouco tempo despois a peza ingresaría no Museo Arqueolóxico de Ourense. Segundo Fariña Busto, xuntamente coa peza de Paderne, esta é a máis emblemática das representacións de animais da cultura castrexa, que Taboada Chivite e López Cuevillas definiron como mostra da cultura dos *verracos* no mundo castrexo. Trátase dunha peza granítica con feitura de sección *cuadrilonga* que foi *Peza do mes* do Museo Arqueolóxico de Ourense no ano 2003.

no segundo caso os traballos sobre aluviós deron lugar ás Médulas de Carucedo (León) e de Caldesiños en Viana do Bolo (Ourense).

36 No municipio, amais da explotación aurífera secundaria das Médulas de Caldesiños para cuxos traballos de arranque, arrastre e lavado do mineral se aproveitaba o río Bibei e os nacementos da Serra do Testeiro, temos tamén que facer referencia á gran explotación primaria a ceo aberto con catro grandes cortas dos Caveancos ou A Lama de Medelas, en Froxais (Xusto Rodríguez 1989: 5-10 e 1993: 97 e 106).

En relación coa romanización ademais de castros directamente vinculados coas explotacións mineiras destacan algúns xacementos de planicie, que carecen de posicións naturais de defensa como O Castrillón (Pinza) ou A Pena da Veiga (Bembibre). Así mesmo, a ese contexto correspondería a ara con epígrafe picado de Viana do Bolo (Xusto Rodríguez 1993: 106-110).

Na Idade Media, alén dos xa citados restos altomedievais ou prerrománicos de Bembibre -aos que cabería engadirmos outros en Fradelo e Viana- estarían os románicos da igrexas de Grixoa, Louzaregos, San Cibrao e Viana (Sáinz Sáiz 2008: 80-81) ou mesmo os da fortaleza de Viana da que hoxe só é claramente perceptible a súa Torre da Homenaxe. Será no contexto románico repoboador de Alfonso IX cando xurda a vila de Viana na terra de Robreda.

En relación con este período histórico, os límites da Gallaecia eran máis amplos que os de agora, polo sur chegaba ata o río Douro e polo leste comprendía a zona occidental de Asturias, do Eo ao Navia. A rexión do Bierzo, na actual provincia de León, e a de Seabra, na de Zamora, pertencían ao convento de Asturica Augusta. A Gallaecia, do mesmo xeito que as demais provincias do Imperio, atopábase dividida en Conventos Xurídicos (Gallego Domínguez 1988: 25).

A historia da xurisdición de Viana do Bolo foi sempre unida á do Bolo, como reflicte o propio topónimo, integrada na súa maioría polos lugares que na actualidade compoñen os concellos do Bolo e da Veiga, segundo sinala García Tato (2001a: 16).

Ao longo deste período a vila de Viana do Bolo, xunto coa do Bolo, vai ser obxecto de continuas disputas polo seu dominio, que se viron reforzadas nos enfrontamentos civís, primeiramente entre Pedro I e Enrique II e máis tardiamente e chegando á época moderna entre os Pimentel, pola sucesión ao trono e que habían acabar destruíndo a fortaleza e provocando a súa reconstrución en diferentes fases.

Na primeira metade do séc. XII, en 1150, Viana formaba parte xunto cos concellos de Manzaneda, Trives, A Veiga e O Bolo da denominada Terra de Robleda. Os termos das antigas xurisdicións eran semellantes aos de hoxe coa salvidade de que a xurisdición do Bolo comprendía os municipios actuais da Veiga e O Bolo, coa excepción dos lugares de Tuxe, Cambela, Rigueira e Cilleiros, hoxe do Bolo, pero entón de Viana, tal e como destaca García Tato (2001a: 29); nómína á que Castro Voces (1991: 112) engade ademais o lugar do Vao.

Nesta mesma liña, Gallego Domínguez (1988: 42) fai referencia á primeira documentación na que se rexistra o topónimo Terra de Robleda da que formaba parte o municipio, tamén rexistrado coas variantes toponímicas *Robreda* ou *Rouoreta*:

La tierra de *Robleda* aparece ya en un documento del año 1154, fecha en que era tenente de la misma el Conde Ramiro, y en 1216 lo era el Infante Sancho Fernández. De esta tierra se desgajó posteriormente la de *Viana*, que cuando la repuebla Alfonso IX en 1205 pertenecía a Robleda, según reza un documento del año 1209: "... de Viana in Roureda", y también la tierra del *Volo*. 37

Verbo da Idade Moderna, este período virá marcado polos continuos avatares dos Pimentel, cuxas loitas polo poder someterán o municipio durante máis de 300 anos ata se converter en vila de reguengo (para unha ampla e detallada relación da historia da xurisdición de Viana e O Bolo véxase García Tato 2001a).

A posesión de Viana polos Pimentel de Benavente será conflitiva, xa que xorden varios problemas no seo familiar en relación cos bens que posuían na Terra de Viana enfrontándose os diferentes sucesores no trono. O título de marqués de Viana en mans de descendentes da familia Pimentel seguiu manténdose ata 1875, data na que se lle concede a Teobaldo Saavedra y Cueto (García Tato 2001a: 83).

No tocante á provincia de Ourense, en 1535 aparece xa case todo o territorio que lle vai pertencer ata o séc. XIX, agás a Terra de Viana, a do Bolo e as Frieiras (A Mezquita), o que se pode constatar en parte a través do Censo General do ano 1591, xa que nel figura a Terra de Viana formando parte da provincia das terras do Conde de Benavente, ao igual que a Terra de Seabra.

O concello de Viana do Bolo ata entrado o séc. XVIII vai pertencer administrativamente a Valladolid, tal e como sinala Gallego Domínguez (1988: 29):

En lo que respecta a la provincia de Orense, en el Repartimiento de 1535 aparece ya con casi todo el territorio que le va a pertenecer hasta el S.XIX, si exceptuamos la tierra de Viana, la del Volo y las Frieiras (La Mezquita). La explicación, en parte nos la da el Censo General del año 1591, ya que en él figura la tierra de Viana formando parte de la provincia de las tierras del Conde de Benavente, al igual que la vecina tierra de Sanabria. La incorporación de la tierra de Viana a la provincia de Ourense quizá pudiera tener relación con la creación del Marquesado de Viana a favor de D. Pedro Pimentel, segundón de la Casa de Benavente, a mediados del siglo XVI, que va a heredar todos los bienes que esta Casa poseía en la provincia de Orense, junto con la de Viana en la referida provincia de las tierras del Conde de Benavente.

No que respecta ao territorio ourensán, a mediados do séc. XVIII estaba repartido en dúas provincias fiscais, a de Ourense, que abarcaba toda a antiga provincia, e a do Partido de Viana e A Mezquita, que pertencían á provincia de Valladolid. Esta partición fiscal ocasionou numerosos problemas e en diferentes momentos cuestio-

nouse a dependencia administrativa de ditos partidos con respecto a Ourense, o que levou a preitos co fin de eximírense de impostos. Tanto Viana como A Mezquita seguiron dependendo de Valladolid ata o ano 1781, data na que Viana foi segregada de Valladolid e anexionada a Ourense definitivamente para a cobranza de contribucións (Gallego Domínguez 1988: 94).

Ata a división provincial de 1833, a provincia de Ourense limitaba polo leste coas provincias de León (antes, tamén, a de Ponferrada) e Valladolid (Partido de Pobra de Seabra) e desde entón, coas de León e Zamora, xa que Seabra se integra na de Zamora (Gallego Domínguez 1988: 36).

López Mira (1988: 33) sinala que a comezos do séc. XVIII, desaparecido xa o partido de Terras do Conde de Benavente, figura a xurisdición de Viana do Bolo entre as que forman parte da provincia de Valladolid. E neste senso, é preciso engadirmos que no século XVIII se produce a nova reordenación administrativa borbónica (División de España en Provincias e Intendencias de Floridablanca en 1785). Asemade, Lucas Labrada situaría dentro da provincia de Ourense lugares de Valladolid e León e na de Lugo outros de León. De 1794 é o mapa de Giovanni M^a Cassini que tamén sitúa Valcarce, Porto, Lubián e Padornelo no Reino de Galicia, tal e como sostén López Mira (1988: 51-52).

Coa división de Floridablanca, o partido de Ponferrada (con Ponferrada e Vilafranca do Bierzo) pasa a formar parte da provincia de León, e Benavente e Seabra (co antigo partido de Mombuey) pasan a Zamora a conta de Valladolid. No caso das terras da zona zamorana-galega que ata o ano 1789 pertenceron a Galicia para máis tarde ser incorporadas a Valladolid, talvez por ser propietario das mesmas o conde de Benavente, en 1822 volverán integrarse na provincia de Ourense ata 1833, en que pasan definitivamente a Zamora.

É preciso facermos alusión nesta etapa ao tribunal da Santa Inquisición que durante os séc. XVI-XIX tivo a súa repercusión en Viana do Bolo e nas Terras veciñas do Bolo, Trives e Valdeorras e que levou a cabo diversas condenas⁶ sobre as xentes (García Tato 2001b).

6 No caso de Viana do Bolo foron enxuiadas 18 persoas, o número superior en relación aos outros concellos que entran dentro do estudo de García Tato (2001b). As principais causas de delito contra a relixión cristiá eran as seguintes: xudaizantes, blasfemos, proposicións heréticas, proposicións sobre moral sexual, bigamia, solicitude en confesión, adivinación, maltrato de imaxes e outros.

En relación coa Idade Contemporánea⁷, a comezos do séc. XIX, durante a Guerra da Independencia de 1808 a comarca foi o lugar de entrada a Galicia das tropas francesas e tamén o lugar de saída despois da derrota. Fórmase neste tempo os concellos de Grixoa, Rubiais, Solbeira e Viana do Bolo, que a partir de 1836 pasaron a integrarse neste último (VV.AA. 2005b: 80).

Adentrados no séc. XX, a Guerra Civil tamén ía deixar a súa pegada no municipio, que quedaría marcado por este acontecemento político e pola represión que sufriron as xentes. Aínda que o conflito non se desencadeou de xeito activo con fronte de combatentes, moitos vianeses, do mesmo xeito, que outros habitantes próximos tiveron que fuxir polo monte organizados en guerrillas. A actual Torre da Homenaxe, hoxe museo etnográfico, daquela funcionaba como cárcere e acolleu “unha relación de indesexables” que eran leais á II República e que simplemente trataban de fuxir para salvaren as súas vidas, tal e como sinala Redondo Abal (2007: 128-129):

De todos é coñecido que en Viana non houbo guerra ao igual que no resto de Galiza. Pero iso non debe facernos crer que houbo paz porque o que aconteceu, dende finais de xullo de 1936, foi o inicio dunha brutal represión que, de xeito estrutural, sistemático e organizado levou a moitos vianeses e cidadáns dos concellos limítrofes como A Gudiña, O Bolo, A Veiga, etcétera, a ter que fuxir para salvar a vida (...)

Entre o 20 de xullo de 1936 e o 31 de decembro de 1939 o número de fusilados no partido xudicial de Viana (O Bolo, A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso) ascendeu a 42 ao que habería que sumar os 26 asasinados na represión paralegal e as diversas detencións e condenas (Redondo Abal 2007: 126). A isto temos que engadir os que perderon a vida combatendo nas fronte do Estado español.

Desta “relación de indesexables” formaba parte Manuel Arias Jares, médico da vila e militante político socialista biografiado por Salgado Álvarez (2013). Na súa loita contra o Réxime, moitos vianeses escaparon polos montes refuxiándose en covas, gorecéndose nas casas familiares ou baixando ás aldeas só por comida ou para roubaren para sobrevivir. Os que puideron saír do Estado español fixérono cara a Arxentina, Francia e México principalmente, pero tamén a outros países de América e Europa, como sostén Salgado Álvarez (2013: 161). Asemade, a División Azul, na que combateron habitantes da vila tamén poría no foco de atención o municipio ao

⁷ Para unha relación detallada da vida do municipio véxase Gala González (1995) onde se documenta a evolución da sociedade vianesa desde finais do séc. XIX ata a primeira metade do séc. XX. O estudo de Gala González (1995) documenta a evolución da sociedade tradicional galega nos municipios de Viana do Bolo e Mazaricos, ao tempo que fai especial fincapé nas parroquias de Mourisca e Beba pertencentes, respectivamente, aos concellos nomeados. A tese de doutoramento estrutúrase en dous volumes: o volume I recolle no capítulo I a caracterización da sociedade tradicional deses dous concellos, o capítulo II está centrado na poboación e a emigración, o capítulo III na organización familiar de Beba e Mourisca, o capítulo IV na estrutura social e as relacións de xénero e o capítulo V na migración e o cambio social. Na parte II figura un amplo estudo antropolóxico-social das dúas parroquias devanditas.

perder a vida algún voluntario vianés que combatía en Rusia contra o comunismo da época. Os máis afortunados puideron regresar e lembrar o ambiente de terror vivido.

40

Economía e sociedade

No tocante á economía, en relación co sector primario Risco (1936: 794-795) recollía no seu estudo sobre a provincia de Ourense as seguintes peculiaridades sobre o municipio na primeira metade do séc. XX, que tamén serían rexistradas posteriormente por Madoz (1950: 12, 1986: 1309):

Se cosecha en este término, productos de montaña y de ribera: cereales, patatas, castañas, lino como características de la montaña; maíz, vino y frutas, en la ribera del Bibey y del Camba. Se cría ganado vacuno, de cerda, lanar, cabrío y mular.

El ganado vacuno de raza vianesa, que es como el que antes predominaba en la Limia, de raza ibérica, negro, de gran alzada y cuernos bastante desarrollados. El ganado lanar es como en todo el partido, característico de la montaña, donde hay grandes extensiones de pastos naturales de uces y carpazas, plantas resacas del maquis de estas montañas, que esa clase de ganado prefiere.

Na segunda metade do séc. XX no relativo á agricultura Castells Vila (1967) recolle como actividades principais a sementeira do centeo e o liño, a sega, a seitura, a malla, a recollida da pataca, a vendima, a castañeira e a matanza.

Quiroga Barro (1992: 100), por outra parte, sinala que entre o séc. XVII e o XIX hai un proceso de reorganización do terrado onde os terreos dedicados ao cultivo extensivo ocupan unha importante porción da explotación, ao tempo que os pastos permitirán alimentar mellor a gandería. A carón do tradicionalismo na técnica agrícola van aumentando paulatinamente os apeiros de labranza. Destacan como cultivos os cereais de inverno xunto á importancia da pataca, a castaña e o viñado. En relación coa gandería destaca o número de cabezas por explotación, o predominio do lanar-cabrún dentro do conxunto e o crecemento do gando vacún debido á extensión dos prados e tamén do porcino.

O pastoreo foi moi importante no municipio, dada a envergadura dos pastos de alta montaña. En lugares como Pixeiros dábase un tipo de pastoreo comunitario que dispoñía de pastores asalariados que se encargaban de todas as reses da aldea. A orografía do seu terreo montañoso, dado que non era aproveitado para a agricultura, favoreceu a actividade do pastoreo. En todas as montañas galegas era común pasar a temporada de primavera e verán no monte e tamén o pastoreo de subida ao monte polas mañás co pastor asalariado e regreso á noite. Tal e como recollen Abreira Pérez e Vázquez Varela (2003: 88-89) en 1946 rexistrábanse 1.800 reses en Pixeiros, fronte a 500 no 1969, o que fixo que se prescindise do pastor asalariado e que a facenda quedase en mans da veceira, onde cada día era designado un cabreiro e un costeiro.

En relación con isto, é preciso mencionarmos as casas de Adán, chozas de construción semicircular, ás que fai referencia Fernández de la Cigüña Núñez (2004: 53), que servían de resguardo para os pastores e que documenta nos montes da parroquia de Rubiais.

A estas tamén fai alusión Risco (1936: 802) no seu estudo sobre a provincia de Ourense cando se refire á parroquia de Rubiais. Destaca, así mesmo, o autor a importancia da caza e da pesca no municipio, así como a fábrica de fariñas de Pradocabalos, as augas minero-medicinais de Bembibre e as fábricas caseiras de mantas de la branca no relativo á industria. Cómpre engadirmos a isto, a importancia das fábricas de luz de Pradocabalos e de Viana que abastecían algunhas aldeas próximas.

Importante foi tamén o labor da actividade das ferrerías do que son testemuño as diferentes mostras espalladas polo municipio. Segundo Cid Babarro (2006: 8) os ferreiros foron os principais abastecedores de todo tipo de útiles para a comunidade rural galega ata o séc. XX. Tamén foron de importancia, avanzando no tempo, as canteiras de Dradelo e Pradorramisquedo, as caleiras de Quintela de Umoso, Rubiais, Seoane e Vilardegoia e as tellerías de Caldesiños.

Alén disto, en relación coa industria resultou de importancia a minería desenvolvida na mina de estaño da parroquia de Penouta, que foi ata o seu peche no ano 1985 a mina máis importante do Estado español. Aínda que non se sabe con certeza a súa orixe, as compañías danesa e inglesa que a extraeron con anterioridade sinalan que esta mina, formada por 64 pertenzas mineiras, que se trata dunha mina romana, tal e como recolle Castells Vila (1967: 29). Neste senso, temos que facer referencia tamén á antiga explotación aurífera das Médulas⁸ na parroquia de Caldesiños, porta de entrada ao municipio desde A Gudiña, cuxo mineral se extraía mediante o sistema de *ruina montium*, as cortas de arrastre e as gabias-canle segundo destaca Xusto Rodríguez (1986: 114-116).

A actividade mineira recuperouse hoxe en Penouta coa explotación dos minerais tantalio e niobio, actual base do coltán, moi valorados na industria tecnolóxica moderna, ademais de estaño, cuarzo, feldespatos e mica. Esta mina é polo de agora a única de Europa occidental onde se extrae este mineral, que na República Democrática do Congo, principal produtor mundial, desencadeou nunha Guerra Civil en relación co seu control. A instalación explotada por Strategic Minerals Spain, que reestableceu un enclave abandonado desde 1982, deu emprego a unhas 70 persoas e segundo investigadores do CSIC non provoca risco medioambiental para a zona.

⁸ A historia da explotación aurífera das Médulas de Caldesiños reflíctese en Álvarez Pousa (2018c), cuxa gravación oral está dispoñible no audio 153 do *Arquivo do Galego Oral* (<http://ilg.usc.gal/ago/>), correspondente a este municipio.

O sector primario foi perdendo importancia e na actualidade a vila emerxe co sector servizos, seguido da industria, a construción e por último a agricultura e a pesca, como se pode apreciar no seguinte gráfico.

42




Gráfico 1. Estrutura socioprofesional do municipio
Fonte: Álvarez Pousa (2021) a partir dos datos do IGE (2020)

A agricultura, caracterizada polo minifundio, é principalmente para autoconsumo, agás a castaña, que constituíu sempre un importante complemento na alimentación de humanos e animais, e hoxe presenta grande auxe e demanda no mercado, xunto ao mel, que tamén se comercializa. A actividade vinícola de autoconsumo resulta relevante para a zona, pois arredor do val do Bibei espállanse socalcos que permiten o cultivo da vide, sendo as variedades de mencia, garnacha e godello as máis traballadas.

No tocante á gandería predomina o vacún, seguido do ovino, caprino e porcino. A actividade forestal, a pesar dos incendios, vénse incrementando, sendo as especies máis repoboadas as coníferas. A ocupación industrial céntrase en dúas empresas de transformación agraria e na produción de enerxía hidroeléctrica nos vales do Bibei, Camba e Conso.

No séc. XX o desenvolvemento das comunicacións, principalmente por vía férrea a través da liña Ourense-Sanabria fixo posible a mellora nas actividades socioeconómicas da zona, permitiu un maior tráfico de persoas e de mercadorías e reduciu o illamento co resto da Península (VV.AA. 2009a: 80). A isto temos que engadir a relevancia da A-52 e a N-525 que une A Gudiña coa Rúa, a través da OU-533, e a conexión coa N-120 que comunica Valdeorras co Bierzo e as estradas locais que conectan o municipio con Vilariño de Conso e a que une cos concellos zamoranos de Porto e Pías.

Verbo do entorno sociocultural, a provincia de Ourense conta cunha importante tradición festiva ao longo do ciclo anual froito da súa orixe na cultura agrícola e o transcorrer das estacións. As condicións orográficas, o illamento e afastamento da zona respecto dos núcleos de maior envergadura, como as cidades, fixo que varios dos costumes que caracterizan a etnografía sigan latentes, aínda que con notorias transformacións.

A praza da vila, xunto ás dúas feiras mensuais do 13 e o 28, constitúe o núcleo de desenvolvemento social e comercial, estas foron de moita importancia para as transaccións económicas debido á actividade comercial gandeira que hoxe decaeu pola menor importancia da agricultura.

A actividade cultural aparece promovida por algunhas asociacións que desde tempo se encargan de dinamizar a vida social do municipio, como a Asociación Cultural Candeia xurdida en 1997 ou a Asociación de Fuliois Rurais, unha das máis recentes, e que promociona a peculiaridade do Entroido vianés e promove o seu coñecemento no exterior.

Durante anos editouse semestralmente a revista *A Nosa Bisbarra* centrada principalmente na sociedade vianesa. Da información máis próxima encárgase o xornal *O Sil* ano 2000, con delegacións no Barco de Valdeorras e Ourense, que dá cobertura a nivel intercomarcal na provincia de Ourense, especialmente no oriente ourensán.

Verbo da etnografía, os caracteres que definen a peculiaridade da Terra de Viana do Bolo cambiaron substancialmente desde que os principais estudosos da Terra de Viana, Prieto Rodríguez, Castells Vila e Tenorio recolleron nas súas obras as especificidades deste recuncho oriental ourensán no transcurso do séc. XX. Algúns deses costumes seguen existindo de xeito alterado e outros perdéronse co pasar do tempo debido ao éxodo rural continuo cara ás cidades, o avellentamento da poboación e a transformación do tempo de lecer.

Algunhas destas tradicións desapareceron, posto que tamén deixaron de existir determinados labores agrícolas⁹. A emigración, coa consecuente perda de mocidade, foi decisiva para a desaparición de determinadas actividades culturais.

⁹ Desde hai uns anos ten lugar, por parte de aldeas como Quintela do Pando e Punxeiro, unha recreación do labor agrícola da malla de tanta relevancia na agricultura en tempos pasados.

Na actualidade seguen a manterse as festas patronais e romarías, o xogo dos bolos moi común en toda a zona oriental, o Magosto e o Entroido con moito arraigo na zona; porén perdéronse tradicións¹⁰ como os Maíos moi celebrados antano. Como refire González Pérez (1989: 117), logo de sete décadas da publicación do seu libro, os nenos vianeses xa deixaran de festexar a chegada do mes das flores por antonomasia, pois cando Castells Vila (1961: 43), elabora o seu estudo de referencia sobre a vila xa non saían.

As diferentes parroquias do municipio celebran as súas festas patronais, con acompañamento musical e as aldeas menos poboadas adoitan celebralas mediante a romaría e un xantar de pucheiro. A vila celebra as festas patronais do San Roque e a Asunción do 13 ao 17 de agosto. Son moi destacadas as romarías do Pai Eterno en Quintela de Umoso, que congrega xentes de toda a contorna, a romaría da Virxe do Carme en Pixeiros e a do Santo Antón na vila.

Mención especial merece o Entroido, dada a relevancia desta manifestación cultural na provincia de Ourense e as diferentes mostras espalladas, en xeral, arredor da xeografía galega¹¹. Trátase da manifestación cultural máis celebrada no municipio e na comarca. Coñecido como *Intrudio* ou *Entrudio* naceu nas diferentes aldeas vianesas; pero hoxe, dada a falta de poboación, algunhas delas xa non contan cos actos que no século pasado se adoitaban facer.

Algúns dos elementos que recolleron os principais estudosos da Terra de Viana, Prieto Rodríguez, Castells Vila e Tenorio, hoxe perdéronse e outros víronse modificados; pero en sentido xeral, segue gardando a súa ritualidade e ancestralidade malia o paso do tempo. O feito de que o municipio vexa nesta celebración unha marca de identidade fixo que os elementos que o caracterizan seguisen manténdose malia a pouca poboación que se rexistra en diferentes parroquias. Ten lugar no período anterior á Coresma e supón un período de paréntese a toda actividade.

Esta celebración está formada por varios elementos de relevancia que enxalzan a súa peculiaridade fronte a outras manifestacións da provincia de Ourense e de Galicia, dada a combinación de varios factores e o mantemento dos seus valores nunha pureza ancestral. Destaca nesta nómina de elementos o folión formado pola veciñanza que vai provista de bombos e apeiros de labranza que producen o seu ritmo peculiar diferenciador do que emiten os folións das outras aldeas, posto que tamén realizan un intercambio visitando diferentes lugares.

10 Na parroquia de Quintela do Pando recuperáronse hai uns anos as coplas satíricas en verso que formaban parte das foliadas do Entroido, despois de máis de sete décadas, onde era común satirizar o acontecido no ano.

11 Para unha relación sintética do Entroido galego vide Cocho de Juan (2001) e para unha versión ampliada desta festividade vide Cocho de Juan (2008³). Sobre o Entroido ourensán vide Fidalgo Santamarina (2009), onde se describe e mostra a inmensa riqueza de máscaras da provincia, moitas con gran tradición, aínda que nalgúns casos se trata de recuperacións recentes.

Os folións van acompañados dunha máscara emblemática denominada boteiro e que tamén é característica do concello de Vilariño de Conso e do lugar de Carracedo da Serra (A Gudiña), e que ademais conta con representación en folións de Trives. Porén, os seus traxes e a máscara son totalmente diferentes tanto no deseño como na variedade cromática que presentan e nas pantallas que portan.

O boteiro, cuxo traxe é totalmente cromático, ten a misión de dirixir o folión e amedrentar as xentes ao seu paso chamando a súa atención para que participen do espectáculo ao tempo que representa a autoridade. Tal e como sinala Pinza García (2009: 235), etnógrafo e excelente coñecedor do Entroido vianés desde tempos:

Co seu trotar e co soar das esquilas chama a atención da veciñanza para que asistan ao espectáculo. Abre paso, ordena e protexe o grupo, trotando sen parar e facendo soar as esquilas. Corre, salta, brinca, colea a cintura, peta coa monca no chan, para que non paren de soar. Non pode falar, anima e solta uns ronquidos intimidantes, ten que mostrar, bravura, desafío e virilidade ante o público acompañante do desfile e os espectadores asistentes.

Debemos facer referencia, así mesmo, aos bailaríns ou danzaríns de Vilarmeao, que sendo vianeses, a súa figura seméllase máis ás mázcaras de Manzaneda pola súa proximidade coa Terra de Trives ou ás de Mormentelos (Vilariño de Conso), o que produce o seu destacamento no conxunto de folións. A diferenza do boteiro, que usa roupas rechamantes, o danzante caracterízase polo emprego de indumentaria branca e lixeira tanto na peza da camisa como na do pantalón. A súa representación orixinal ao xeito pastoril esperta unha beleza incomparable, ao tempo que a súa elegancia e compás distinto marcan unha nota moi diferente no Entroido vianés.

A patumada¹², figura destacada que precede o folión de Fornelos de Filloás e que ten por misión asustar a xente, consiste nunha máscara mestura de xabará e búfalo confeccionada con pel caprina con tres aberturas. A fariñada forma parte do ritual que durante varios días non distingue nin de xéneros nin de idades, no xoves de compadres é costume que os mozos lles boten fariña ás mozas e no xoves de comadres bótanlle fariña as mozas aos mozos.

As disputas formaban parte das foliadas e comparsas que, a xeito satírico, se representaban principalmente nas airas das aldeas e que tiñan por obxecto lanzar unha crítica sobre aspectos de actualidade ou sobre os veciños da aldea á que asistían. As comparsas viñan integradas por diferentes personaxes, sendo unhas das máis destacadas as de Umoso e as de Pixeiros que facían un percorrido pola aldea e

¹² En relación coa patumada e as foliadas inclúese no anexo da escolma de etnotextos unha mostra pertencente á parroquia de Fornelos de Filloás (Etnotexto 9.5. Fornelos de Filloás (Santa María): “A patumada e as foliadas do Entrudio”).

posteriormente realizaban unha representación ante os veciños. Co paso do tempo fóronse perdendo e hoxe realízanse recreacións nalgúns puntos.

- 46 Dentro desta festividade adquire relevancia tamén o aspecto gastronómico co xantar da androlla, embutido de porco feito a base de costela adobada e que se adoita acompañar de produtos típicos da zona como a bica, os licores e o viño. Esta festividade celébrase o Domingo Gordo ou Domingo de Androlla e congrega numerosas persoas da contorna e de fóra. Outro elemento destacado son o lardeiro e a lardeira, personaxes que antigamente se colgaban nas diferentes aldeas, as mozas e os mozos roubaban as prendas de vestir para confeccionar os bonecos e colgalos nun lugar alto de difícil acceso en representación do xoves de compadres e xoves de comadres, práctica que foi caendo en desuso, que viu modificado o seu proceso e que hoxe só se fai en determinadas aldeas e na vila, dada a despoboación.

Alén disto, é preciso dicir que dende hai sete edicións en dous puntos do leste ourensán, Viana do Bolo e Vilariño de Conso, pode gozarse da celebración da Mascarada Ibérica, un evento que acolle a agrupación de diversas máscaras principalmente do noroeste peninsular e onde en dous días consecutivos se poden contemplar diversas mostras desta manifestación cultural de xeito anticipado ao Entroido. O que dá conta dunha tradición que se estende por diferentes puntos, pero co único referente de facer desta festividade un sinal de identidade e de práctica social.

A carón das vellas tradicións xurdiron outras celebracións novas como a Festa da Vendima, que vai pola edición XIII, celebración de recente creación que xurdiu co fin de potenciar o turismo na zona e aproveitar os caldos do val do municipio. Realízase na parroquia de Punxeiro onde as bodegas ofrecen os seus viños e petiscos de produtos artesanais.

Canto ao turismo, a oferta é ampla ao encadrarse o municipio dentro de espazos naturais de importancia polo que o visitante pode gozar tanto do patrimonio artístico e cultural como do entorno natural coa diversidade da fauna e a flora.

A contorna permite a práctica de deportes ao aire libre coma o sendeirismo a través de varias rutas. Xunto á singularidade da paisaxe son de importancia os elementos do patrimonio arquitectónico, tanto de carácter civil como relixioso que caracterizan o municipio, así como os restos conservados da Prehistoria e da Idade Media.

É preciso remontármonos primeiramente á época da ocupación castrexa e galaico-romana, pois son abundantes os xacementos desta etapa. Xusto Rodríguez (1993) recolle de xeito exhaustivo e detallado unha ampla nómina de xacementos existentes no municipio, algúns deles de difícil acceso e conservación moi deficiente na actualidade. No relativo ao patrimonio histórico e monumental o municipio conta con diversas igrexas de orixe románica como a de Grixoa ou a de San Cibrao. Resulta de moita relevancia o santuario neoclásico do Pai Eterno en Quintela de Umoso no que se celebra todos os anos unha romaría popular das máis concurridas do municipio.

No ámbito da arquitectura civil, os pazos constitúen unha interesante representación da arte e da historia do concello. Entre os máis representativos están o pazo de Umoso¹³, o pazo de Fradelo, o pazo de Punxeiro e o pazo de Grixoa.¹⁴ Na arquitectura popular destacan pazos e casas grandes, casas típicas, fontes, muíños, fornos e pombais.

A carón da arquitectura existente nas parroquias é preciso destacarmos a riqueza arquitectónica da vila. Na Praza Maior pódense contemplar edificios barrocos con soporais xunto á fonte do Pilón en memoria dos fusilados no alzamento liberal de 1930. Ascendendo cara ao barrio máis antigo atópase a igrexa parroquial con restos románicos e influencia mozárabe. Arredor do ano 800 construíuse unha fortaleza, ao pé da que xurdirían as primeiras casas, mais foi destruída na loita contra os musulmáns.

Na actualidade a torre acolle o museo etnográfico dividido en tres plantas cun soto destinado a exposicións temporais. Yáñez Fariñas (2008) no relativo aos recursos patrimoniais do Territorio Leader Pena Trevinca, do que forma parte o municipio, sinala os seguintes elementos de importancia: castros, xacementos arqueolóxicos romanos, puntos de observación e vixilancia, vías e pontes romanas, minas romanas, e restos materiais de orixe romana. Na Idade Media son relevantes os xacementos arqueolóxicos, ventás xeminadas e torres medievais; e na Idade Moderna salientan os pazos e casas grandes, casas típicas, fontes, muíños, fornos e pombais que engrosan o abondoso patrimonio etnográfico e histórico-artístico.

Poboación e situación sociolingüística

Na actualidade a despoboación é notoria no municipio con algunha aldea onde viven unicamente dous veciños e as máis poboadas con arredor de oitenta. O avellentamento da poboación, así como as condicións climatolóxicas e as infraestruturas deficitarias, fan que varias persoas se trasladen no inverno a vivir á vila ou a núcleos de maior envergadura como Verín e O Barco de Valdeorras, principalmente, ao que temos que sumar o grande impacto da emigración.

13 Umoso e o posuidor deste nobre pazo, “o Señorito de Umoso”, aparecen reflectidos no conto “O reló de area” da obra *Merlín e familia* (1955) de Cunqueiro.

14 O pazo de Grixoa foi escenario da obra de Blanco Amor *Los miedos* (1963), que o autor escribiu nunhas vacacións que pasou na súa infancia na casa da súa tía avoa. Grixoa e A Servaínza, foron marco do relato “Bartoméu i os Biosbardos” da obra *Os Biosbardos* (1962) de Blanco Amor.



Mapa 2. Distribución parroquial do concello de Viana do Bolo

Fonte: Verín e Viana. *La Voz de Galicia* (VV.AA. 2005b)

No concernente á situación sociolingüística do municipio, esta non difire notoriamente da doutros concellos galegos, onde se dá unha situación diglósica con contextos de situacións cunha lingua, o castelán, destinada aos usos formais e outra, o galego, para os usos informais e de menor prestixio.

Non obstante, debido á situación xeográfica do concello afastada da cidade de Ourense, que é onde se percibe un uso pronunciado do castelán, maioritariamente a lingua deste municipio ourensán é o galego, dado que esta Terra está formada no seu conxunto por un número elevado de parroquias onde predomina o galego. No tocante á vila si se perciben contextos cun uso do castelán por enriba do galego, principalmente en xente nova e de mediana idade ou persoas que desempeñan determinados postos de

traballo como funcionariado. Na maioría dos casos este uso do castelán débese en parte a que algunhas son familias orixinarias de fóra por parte dalgún dos proxenitores e noutros casos castelanfalantes naturais da vila e a contorna desde sempre.

Concretamente, o municipio insírese nunha microsubárea de sistema rural, onde como sinala Valcárcel Riveiro (2011: 52-53) os castelanfalantes monolingües e os bilingües son unha clara minoría na poboación galega e non supoñen máis do 25% do total desta. Non obstante, é preciso destacarmos que tamén está situado próximo a unha zona con sistema de vilas, onde as comarcas de Verín e Valdeorras se caracterizan por unhas pcentaxes de poboación castelanfalante e galegofalante similares ou incluso un pouco inferiores ás do sistema rururbano, que se daría nas rexións costeiras.

É preciso resaltarmos que durante a década de 1960 se realizaron obras de importancia no municipio e arredores como a presa de Santo Agostiño e Vilariño de Conso, que trouxeron xentes de orixe castelá, algunhas delas asentadas anos despois no concello. O contacto frecuente con zonas de Zamora e de León tamén contribuíu a este feito xunto ás emigracións e posteriores retornos.

A finais do séc. XX, Uruburu Bidaurrázaga (1990) analiza datos sobre a conciencia sociolingüística en Viana do Bolo. Céntrase unicamente nos 2.000 habitantes do núcleo urbano polo que o seu estudo non se axusta á realidade do concello por aquel entón, pois estaría cinguíndose soamente a uns datos cuantitativos que non son a representación do municipio, dado que só se correspondería cunha mínima parte da poboación e deixaría fóra os habitantes do rural.

Tras as enquisas realiza unha análise pouco sistemática atribuíndo o alto número de castelanfalantes á proximidade con Zamora e León, aos matrimonios mixtos e á emigración, ao carácter que se lle deu ao castelán como símbolo de status e ao uso da lingua no ensino. Logo de sorprenderse da supervivencia do galego no municipio, comenta de xeito moi superficial unhas características diatópicas, fai referencia ao conflito lingüístico, ao galego na administración, ao futuro do galego, a uns fenómenos lingüísticos e ás alternancias de código e non recolle unhas conclusións finais.

Uruburu Bidaurrázaga (1990: 692) asómbraase daquela da supervivencia do galego na vila e di que ten que ver co feito de que as persoas do núcleo tiñan que entenderse cos aldeáns. Menciona, así mesmo, que o uso do castelán na vila era mostra de status e que se facía unha distinción no uso do galego e castelán segundo as clases e que, se un aldeán ía á vila falando galego era posible que puidese quedar de último na ringleira. Esta análise dista hoxe moito da realidade e recolle afirmacións como as seguintes que resultan moi dubitativas respecto do uso do galego e a súa inintelixibilidade:

Es ilustrativa la anécdota que me cuenta un informante: una niña, estudiante en el instituto de FP de Viana, ganadora del Concurso de Publicidad de la ONCE, ha

viajado a Suiza como premio, ha enviado una carta en Gallego a sus padres, con los que habitualmente habla en Gallego en casa y ellos no han sabido leerla (Uruburu Bidaurrázaga 1990: 689).

50 Nun traballo posterior, Uruburu Bidaurrázaga (1992: 394) amplía as preguntas e respostas do anterior cuestionario, argumenta as mesmas premisas que na anterior análise, agás as breves características diatópicas e as alternancias de código e remata neste caso cunha visión positiva arredor do bilingüismo como mellor futuro lingüístico.

Segundo os datos do IGE (2018) en relación coa enquisa estrutural a fogares sobre o coñecemento e uso do galego, o concello de Ourense rexistra as seguintes porcentaxes no emprego do idioma: 10,71% galego sempre, máis galego ca castelán un 22,80%, máis castelán ca galego un 38,85% e en castelán sempre un 27,65 %. No referente á zona sur de Ourense na que se insire o municipio, un 88% empregaría máis galego ca castelán ou galego sempre.

Estes resultados difiren notoriamente se os comparamos coa comarca de Viana, cuxos últimos datos son de 2011; e aínda que o IGE non recolle os datos por municipio, a tendencia podemos dicir que na actualidade sería semellante. No que atinxe á comarca usan o galego sempre 3.303 persoas, ás veces 118 e nunca 241.

Segundo esta información un 93,72% usa sempre o galego, un 2,42% ocasionalmente e un 3,85% nunca, como se pode apreciar na seguinte táboa.

Idade	Sempre	Ás veces	Nunca
De 5 a 9	91,82%	4,55%	3,64%
De 10 a 19	92,91%	3,25%	3,84%
De 20 a 29	91,08%	3,87%	5,05%
De 30 a 39	90,34%	4,95%	4,71%
De 40 a 49	94,11%	1,42%	4,47%
De 50 a 59	95,16%	1,40%	3,44%
De 60 e máis	95,96%	1,55%	3,20%
Total	93,72%	2,42%	3,85%

Táboa 2. Distribución porcentual do uso do galego por idade na comarca de Viana
Fonte: Álvarez Pousa (2021) a partir dos datos do IGE (2011)

Consonte os datos do IGE (2011), os últimos recollidos en relación ao uso do galego, só se refiren os falantes que empregan o galego sempre, non os que o fan ás veces ou nunca. Rexístranse os seguintes datos: A Gudiña 1.320, A Mezquita 1.003, Viana do Bolo 2.360 e Vilariño de Conso 556.

	Sempre	Ás veces	Nunca
A Gudiña	84,9 %	----	----
A Mezquita	54,8%	----	----
Viana do Bolo	72,6%	----	----
Vilariño de Conso	82,6%	----	----

Táboa 3. Uso do galego por municipios na comarca de Viana
Fonte: Álvarez Pousa (2021) a partir dos datos do IGE (2011)

Verbo da conciencia sociolingüística por parte dos falantes vianeses é preciso resaltarmos que a maioría recoñecen ter algúns riscos dialectais como propios, ademais de léxico específico que non se rexistra en concellos próximos, como se desprende dos seguintes fragmentos de mostras orais do corpus da tese e como ratificamos a través do cuestionario lingüístico.

- (1) A fala do galego na zona de Viana tèn unhas caratèrísticas lingüísticas que as diferencian de, de outras zonas do, do concello de Viana è doutros concellos limítrofes con Viana. A utilización de palabras castelanas ê ê algo moi habitual entre os galegos que vivimos en Viana do Bolo. Unha das razóns principais de que haxa esta abundancia de palabras castelanas no nòso vocabulario provèn da nòsa proximidade xeográfica con Castèla-León (VDB. H. XM. CTESE).
- (2) De todas maneiras, o Concello de Viana inda tèn a nivèl lèsico è... varias palabras que non se atòpan noutra, noutros puntos do mesmo concello ou doutros concellos. Me refiro en concrèto a palabra bullòte i-a palabra choupín. Bullòtes se refire á castaña en castelán; ê unha zona de castiñeiros, unha zona onde a produción de castaña, de bullòte, ê mui estensa è... è pa... i-entre nós falamos, o denominamos a castaña como bullòte (...) È... despois fago referència a palabra choupín, que ê pra denominar un tipo de seta que digamos no linguaxe culto ou latino sería a *Lepiota procera*, que ê unha seta caratèrística da nòsa zona (...) (VDB. H. XM. CTESE).

Algúns falantes sosteñen que cando falan con trazos dialectais propios do vianés resulta moi estraño para outras persoas, chegando a ser dalgunha maneira discriminados en eidos como, por ex. o ambiente universitario, ao seren vistos por outras persoas como se non soubesen falar ao pertenceren a un ámbito rural e non encaixar no grupo doutros falantes, aínda que estes tamén falen con trazos dialectais. Isto provoca por parte dalgunhas persoas que cambien de código para o castelán para sentirse maiormente integrados ao percibírense como unha minoría lingüística.

A valoración que realizan os falantes do vianés percibímola a través de mostras como as seguintes:

(1) Si, os do rural somos mal vistos, e si tès outras palabras tamên ères mal visto. A min pasábame ó dicir muto, uf! Diòs mío! Que trauma! (QUMO. M. XB. CTESE)

52 Respecto do uso do galego destacan algúns falantes percibir unha diferenza notoria entre o uso que facía a xente da vila e a xente das aldeas:

(1) Entonces eu cuando fun ó colègio, cuando empecei o colègio pois eu tuven que aprender a fala-lo castellano, buèno eu èra das que máis sabía fala-lo castellano porque vía moitísima televisión, moitísima; è entonces que fa<go>, pois tuven que aprender a, a falar con todos os meus compañeiros en castellano porque os de Viana falaban castellano è non falaban o galego (PIX. M. XM. CTESE).

Este uso percíbese máis claro cando esas persoas viven na cidade e se desprazan ás aldeas vianesas:

(1) I.2: Despois empèzas unha conversación con ela en galego, empêzache en galego i-ó medio da conversación: "Nò, es que en Òrense se habla el castellano, estoy acostumbrada a hablar el castellano". "Nò, estás acostumbrada nò, fálalo porque che dá a gana!" (PIX. M. XB. CTESE).

(2) I.2: Si, o meu primo marchou fai dous anos pá Coruña è ahora a mitá dar veces escápaselle o castellano, dígolle eu: -"Tu, por que falas o castellano?". -"Nò, è que na Coruña fálache todo mundo castellano". -"Que me dices, como che fala todo o mundo na Coruña castellano? Falas tu, contêstaslle en castellano porque quères, porque tu ères de Òrense fálaslle o galego è entêndente perfètamente i-o que che queira contestar en galego contêstaslle è o que che non, pois non non che contestas; pèro tu non teis por que falar o castellano". Eu teño claro, que vou a Coruña è falo galego porque me entênden perfètamente, non è como si estuvèra en Madrí que non me entênden (PIX. M. XB. CTESE).

Dentro do mesmo municipio tamén existe conciencia de usaren un galego con certas diferenzas respecto do conxunto do concello, principalmente nas parroquias que xa están no límite coa provincia de Zamora:

(1) Vilaseco, Vilanova e Pías sómo-los pueblos que falamos esatos, vas a Sever e toda esa parte pra aí e xa falan diferente, como os da Chaira decimos nós, falan como os de eí abaixo. Que te dou, que te pego; atopei nós decimos encontrar, encontréino, e atopar, non o usamos, è decir, que xa sómos medios castellanos que è o último puèblo do auntamiento lindando con Zamòra e entonces nós falamos medio portugués, medio galego e buèno è así (VSER. H. XA. CTIT).


Capítulo 03

O bloque oriental na dialectoloxía galega

53

3.1 O bloque lingüístico oriental do galego


A división dialectal máis exhaustiva e fundamentada do dominio lingüístico galego corresponde ao estudo *Dialectoloxía da lingua galega* (Fernández Rei 1990). O autor, a través do material recollido en 167 puntos do dominio lingüístico galego (152 de Galicia e 15 das comarcas estremeiras galegófonas de Asturias, León e Zamora), que se empregaron para a elaboración do *ALGa*, achega unha división dialectal en base a trazos fonéticos, morfosintácticos e léxicos en tres bloques lingüísticos: occidental, central e oriental.



Mapa 3. Bloques lingüísticos do galego
Fonte: Álvarez Pousa (2021) a partir de Fernández Rei (1990)

Así mesmo, cada bloque lingüístico presenta diferentes fenómenos que á súa vez permiten delimitar a existencia de diversas áreas, subáreas e microsubáreas a través de isoglosas que separan os fenómenos que se dan nun territorio concreto e noutro.

- 54 Distingue así para o bloque occidental as áreas fisterrá, bergantiñá e pontevedresa; para o bloque central as áreas mindoniense, lucu-auriense, central de transición e oriental de transición; e para o bloque oriental as áreas asturiana, ancaresa, zamorana e oriental-central.



Mapa 4. Bloques e áreas lingüísticas do galego

Fonte: Álvarez Pousa (2021) a partir de Fernández Rei (1990)

O bloque lingüístico do galego oriental está comprendido polas variedades do leste de Lugo e de Ourense e mais as falas do occidente de León, Zamora e Asturias que comprenden o denominado “galego exterior” ou “galego estremeiro”.

A nivel xeral presenta trazos moi conservadores, pero tamén posúe innovacións e unha grande unidade no conxunto das súas falas, sexan estas de Lugo, Ourense ou pertencentes ao galego exterior, tal e como sinala Fernández Rei (1990: 114).

O territorio oriental abrangue catro áreas lingüísticas de desigual extensión e de norte a sur: a asturiana, a ancaresa, a zamorana e a oriental-central. Neste conxunto de falares as formas sen ditongo *terra* e *horta* e o plural *pantalois* permiten unha delimitación do galego oriental verbo dos falares asturianos e leoneses occidentais, que presentan formas ditongadas *piedra* e *huerta* e plural *pantalones*.

Así mesmo, a ausencia de vogais nasais e de sibilantes sonoras en galego e a súa presenza en portugués permiten establecer unha fronteira lingüística co portugués setentrional (Fernández Rei 1999: 27).

No tocante aos límites do galego tendo en conta as variedades estremeiras, Fernández Rei (1982: 257) sinala que polo leste poden situarse no río Navia na parte asturiana (falas como as de Ibias, máis alá do Navia tamén son galegas); nos ríos Cúa e Sil en León, para logo, contra o sur, coincidiren practicamente os límites xeográficos e lingüísticos de León e de Ourense e no Padornelo no que respecta a Zamora. Polo sur o río Miño en Pontevedra e a raia seca de Ourense poden servir grosso modo para delimitar as falas galegas das miñotas e trasmontanas do norte de Portugal.

As características xerais do bloque oriental, en relación coa fonética e a morfoloxía, contempladas por Fernández Rei (1990: 157-158) son as seguintes:

1. Ditongo *ua* (*cuatro, guardar* / *catro, gardar*)
2. Ditongo *oi* (*moito, coiro*), *ui* (*muíto, truita, escuita*) ou ausencia de ditongo (*muto* / *mutio, truta* / *trutia, escuta* / *escutia*)
3. Formas con *-ax-* (*baxo, caxa* / *baixo, caixa*)
4. Terminación *-ín* (*camín, padrín* / *camiño, padriño*), excepto na zona sur.
5. Plural *-is* (*cais, ladrois*; sing. *can, ladrón*)
6. Plural *-is* (*animais, caracois*; sing. *animal, caracol*), excepto na área asturiana, que mantén o *-l-*.
7. Pretéritos *cantein, cantén* e futuros *cantarein, cantarén*.
8. Sufixo número-persoal *-is* (*cantais, cantabais* / *cantades, cantabades*)

3.2 A área oriental-central do galego oriental

A área central do galego oriental está comprendida por dúas subáreas: por unha banda, A Fonsagrada-O Courel-O Bierzo (ao norte) e por outra, O Valdeorras-Viana (ao sur).

Na primeira proposta de Fernández Rei de 1980, de clasificación das variedades do galego, o autor fai alusión a dous bloques lingüísticos: occidental e oriental; no caso do galego oriental cunha división en tres subáreas: subárea astur galega, ancaresa e zamorana dentro dunha única área oriental (Fernández Rei 1985a: 496-497). En propostas posteriores, o estudoso achega unha división en tres bloques lingüísticos: occidental, central e oriental, e tres áreas no caso do galego oriental: ancaresa, asturiana e zamorana (Fernández Rei 1982: 292 e 1985b: 96), sen facer mención á orientalcentral.

Tras a delimitación exhaustiva e ampla que ofrece o devandito autor na *Dialectoloxía da lingua galega* (1990) establece catro áreas dentro do galego oriental, xa comentadas anteriormente.

A variedade lingüística da Terra de Viana do Bolo insírese na área oriental-central e, á súa vez, encádrase na microsubárea O Bolo-Viana coa variante *mutio* fronte á microsubárea Valdeorras coa variante *muíto*. Neste aspecto, e como veremos na sistematización lingüística, é preciso resaltarmos que na microsubárea O Bolo-Viana alternan as formas *mutio* / *muíto*.

Consonte o referido por Fernández Rei (1990: 147-148) esta área presenta os riscos xerais do bloque oriental:

- Formas *muíto* / *mutio* / *mutio*
- Ditongo *ua* en *cuatro*
- Plural *caís* (sing. *can*)
- Pronome átono *o* en *deixouo*
- SNP *-is* en *cantais*

Non obstante, carecen estas falas da terminación *-íus* 'iños' *-ía* (s) 'iña (s)' do galego de Asturias e da VT è de *collèra*, *collèse*, propia desta área; tamén carecen da nasalidade ancaresa e da ausencia de SNP en *collí*, *partí*, característica do ancorés e do galego das Portelas de Zamora.


As isoglosas da terminación *-ín* (plural *-iños*) / *-iño* e *llelo* / *llo* delimitan dúas subáreas: -A Fonsagrada-O Courel-O Bierzo ao norte coas formas *camín*, *padrín* e pronome *llelo*, fenómenos característicos do galego de Asturias e do ancorés.

-O Valdeorras-Viana ao sur, coas formas *camiño*, *padriño* e pronome *llo*, trazos comúns á área zamorana.

Na subárea A Fonsagrada-O Courel-O Bierzo poden distinguirse tres microsubáreas:

- a) A Fonsagrada-Cervantes delimitable coa isoglosa *mutio* (forma propia desta zona e tamén do norte do Bierzo en alternancia con *mutio*) / *muíto*. Asemade, rexístranse formas como *pònte*, *canción*, con ò trabado por nasal, así como o pronome átono *l* (*díxol* "díxoo"), fenómenos comúns con falas asturianas.
- b) O Courel delimitable coa isoglosa *il* / *el*.

- c) O Bierzo caracterizado polas formas *muíto*, *truita* coas variantes *mutio*, *trutia* / *mutu*, *truta* ao norte e con variación respecto da parte occidental á oriental.




Mapa 5. Áreas do bloque oriental

Fonte: Álvarez Pousa (2021) a partir de Fernández Rei (1990)

A isoglosa *muíto* / *mutu* permite distinguir dúas microsubáreas, O Valdeorras coas variantes *muíto*, *truita* e O Bolo-Viana con *mutu* e *truta* (Fernández Rei 1990: 149).

Segundo os datos fornecidos polas gravacións orais podemos precisar que no conxunto do municipio se rexistran tanto as variantes *muíto* como *mutu* e *truita* / *truta* / *trutia*. Porén, debemos sinalar que as formas *mutu* e *truta* son as máis comúns no vianés.



Mapa 6. Microsubárea O Bolo-Viana no territorio do bloque oriental
Fonte: Álvarez Pousa (2021) a partir de Fernández Rei (1990)

Capítulo 04

Laureano Prieto, a fala vianesa e outras obras

59

Debido á situación da zona nun enclave próximo á fronteira con Zamora e con Portugal e relativamente preto da provincia de León, o estudo da lingua vianesa chamou a atención de numerosos autores que afondaron na sistematización dos falares de transición nun territorio onde converxen diversas afinidades lingüísticas, históricas e culturais. Deste xeito, Krüger (1925, 1954, 1965, 1991), Santos (1967), Boller (1995a, 1995b, 1997) ou Cortés Vázquez (2003) nos seus estudos sobre o galego zamorano fan referencia á variedade próxima ourensá e nalgúns casos, a puntos concretos de Viana do Bolo, na estrema con Zamora.

Prieto Rodríguez foi mestre pioneiro en compilar a sabedoría popular da Terra de Viana, como sinalamos en Álvarez Pousa ((2016a, 2016b, 2018a), e tal e como nos amosan os seus diferentes traballos (1948, 1958, 1968, 1973, 1978), tanto no ámbito da literatura de tradición oral como na etnografía e na fraseoloxía, campos de moito interese nesta zona de oriente ourensán. Entre os anos 1934-1944 exercerá como mestre na parroquia vianesa de Bemibre, sendo esta a súa primeira escola en propiedade.

Neste senso, é preciso sinalarmos que as primeiras achegas exhaustivas sobre a variedade vianesa veñen da man de Prieto Rodríguez (Carracedo da Serra, A Gudiña, 1907- Ourense, 1977), mestre de profesión e discípulo de Vicente Risco, quen publicou diversos traballos etnográficos, centrados principalmente na Terra de Viana do Bolo e A Gudiña, amais de compilar a tradición oral da Terra vianesa. Tal e como fan constar Ferro Ruibal e Groba Bouza (2009: 259) o que sabemos hoxe sobre estas terras débemosllo ao traballo continuo de Laureano Prieto:

Laureano Prieto (1907-1977) salvou para nós a lingua e a tradición das terras da Gudiña e Viana do Bolo. Se hoxe constitúen unha das bisbarras galegas máis documentadas, se sabemos moito da lingua, da fraseoloxía e da tradición oral desas terras débemosllo ao labor intelixente e infatigable de Laureano Prieto que puxo todo iso por escrito nos heroicos tempos nos que lle tocou vivir.

En *Contos vianeses* (1958), unha das primeiras compilacións de tradición oral galega tras a Guerra Civil, achéganos unha batería de contos agrupados en cinco eixos temáticos, contos de encantamentos, exemplares e relixiosos, de bulras, contos varios e de animais, acompañados dun vocabulario de termos propios do vianés.

A devandita obra representa fielmente as peculiaridades da fala vianesa, pois amais de acoller nas súas páxinas unha compilación variada de contos no galego oral da zona, a propia introdución e o desenvolvemento da obra tamén están escritos nesta variedade, tal e como destacamos en Álvarez Pousa (2018a: 48).

Na obra figuran unhas breves notas lingüísticas relativas á fonética, á morfoloxía e ao léxico e un glosario final duns 380 termos, que posteriormente se amplían en *Notas encol da fala vianesa* (1973), onde o autor ofrece unhas notas lingüísticas sobre o vianés, o frieirés e o valdeorrés e estende a caracterización destas variedades, principalmente do vianés, ao tempo que engrosa o glosario a máis de 1.000 voces sobre o vianés e arredor de 100 sobre o frieirés, na estrema con Zamora e Portugal.

Deste modo, estas notas lingüísticas inícianse do seguinte xeito:

No sureste da provincia de Ourense eisisten formas dialeitáis do galego, mui diferentes do resto da fala da provincia: o vianés, o frieirés i o valdeorrés.

O vianés fálase na mór parte do partido xudicial de Viana do Bolo e nalgúis pobos do partido do Barco de Valdeorras. O freirés esténdese polo axuntamento da Mezquita, algúis pobos da Gudiña e dous ou tres lugares do axuntamento de Viana.

As terras en que se fala o vianés pódense deslindar así: Polo Norte a Serra do Eixe, dereito a Portomourisco, xa de fala valdeorresa. Polo Sul chega á raia de Portugal i ó partido de Verín, onde son geístas⁶, sendo curioso que, somentes, Parada da Serra e Veigas de Camba, os dous do partido de Viana, estean contamiñados do geísmo. Polo Nascente áchanse as terras do axuntamento da Mezquita, ou terras das Frieiras, onde se fala o frieirés; podéndoos deslindar por istes pobos de fala vianesa, inda: Barxa, Pentes, A Gudiña, A Bouza, Pixeiros, Solveira e Dradelo. Os pobos de Cepedelo e Pradorramisquedo están un pouco influenciados polo frieirés. E polo Oeste temos as terras de Trives un pouco influenciadas, nas lindes, polo vianés. O valdeorrés fálase, polo menos, en todo o partido do Barco de Valdeorras, e perce que se estende por León e mais por Lugo; pro esas lindes nonas estudiamos (Prieto Rodríguez 1973: 3).

Logo da delimitación da fala vianesa e valdeorresa, o autor achega 16 características lingüísticas, que segundo el serían comúns a estes tres falares do vianés, do frieirés e do valdeorrés, en relación cos seguintes aspectos:

1. Formación do plural
2. As letras vogais
3. As letras consonantes

4. As preposicións
5. As contraccións
6. O y intercalado entre dúas vogais
7. Os ditongos *ou*, *ui*
8. O verbo no vianés-valdeorrés
9. A sílaba *nio* en final de palabra
10. Emprego dos verbos *muxir*, *xunxir* e *tanxer*
11. Frecuencia das verbas acabadas en *ume*
12. As formas *verdái*, *mitái* en alternancia con *verdá*, *mitá*
13. Uso das formas *prato*, *branco*, *froxo*, *fraco* entre a xente maior
14. Frecuencia da forma *rales* para facer as contas
15. Emprego de *osté* como forma de tratamento nas terras do sur e *vostede* polo norte
16. Uso dos adverbios *eiquí*, *alí* de Viana para abaixo; para arriba as formas *acó*, *aló*

Seguidamente, recolle algunhas peculiaridades morfolóxicas en relación co frieirés e no tocante ao valdeorrés sostén o seguinte:

En canto ó valdeorrés, os vianeses sabemos cando falamos cun valdeorrés, non, somentes polas diferencias do léxico: senón, tamén pola entoación. Agora ben, así como o fieirés non hai dúbida en consideralo un dialecto difrente do vianés, non sabemos se eso mesmo o podemos decir do valdeorrés.

A diferenza máis notábel é que os valdeorreses póin un o pechado e breve ó co-menzo das verbas que emprincipian por a tónica: *oauga*, *oama*, *oaira* (Prieto Rodríguez 1973: 6).

Algunhas das características morfolóxicas referenciadas por Prieto Rodríguez no tocante ao vianés son, así mesmo, rexistradas por Carballo Calero (1981³: 115) en relación a características lingüísticas que son usadas, ademais de por Prieto, tamén por outros autores que escribiron na súa variedade dialectal, como é o caso do berciano Fernández Morales (1861).

O estudoso Alonso Montero, que coñeceu a Laureano Prieto en 1952, cando Dámaso Alonso lle propón unha viaxe a Terras de Viana para estudar as peculiaridades do seu galego oral e corroborar as particularidades rexistradas por García Paz (Alonso Montero 1987), rememoraba hai uns anos a incansable traxectoria do mestre verbo do exercicio do Maxisterio e da cultura vianesa, tal e como recolleemos en traballos anteriores (Álvarez Pousa 2018a: 59):

Laureano Prieto, profesor sempre moi querido nas distintas escolas públicas nas que exerceu, era tido por sabio, se ben por sabio un pouco raro, pois recollía palabras do falar das xentes do común, inquiría o nome e as características dos labores e das ferramentas con que gañaban a vida esas xentes e anotaba, con fervor e rigor, os contos, as lendas, os ditos e as cántigas de que se alimentaban os veciños nas horas de ocio (Alonso Montero 2002).

Neste senso é preciso facermos referencia a dúas obras relacionadas co vianés, por unha banda, *IV Melodía* de García Paz (1935), dado que algúns autores, alentados polo que se menciona no prólogo e na segunda parte “Ritmo” onde se reproduce “A Vianesada”, manteñen que o devandito autor trata de transmitir e transmite a fala de Viana do Bolo, tales como Álvarez (1996: 158) e Seixas Seoane (1991: 107), respectivamente.

Pola contra, Salgado Álvarez (2013: 23) refire que o devandito capítulo é da autoría de Laureano Prieto, nado en Carracedo da Serra (A Gudiña) que exerceu de mestre na parroquia de Bembibre (Viana do Bolo), dato do que discrepamos totalmente. Debemos sinalar a inexactitude destes datos referenciados polos devanditos autores, posto que, aínda que si se rexistran certos vianesismos nesta segunda parte da obra de García Paz, hai moitas outros termos pertencentes a diferentes variedades dialectais e un abondoso caudal de desviacións léxicas, amais de varios termos que non reproducen a fala vianesa, polo que non se pode dicir que este capítulo da obra estea escrito en vianés. A autoría do capítulo é sen dúbida de García Paz, quen exerceu de mestre en tres parroquias da vila, A Bouza, Punxeiro e Rubiais, e que era coñecedor do entorno da vila e dos seus personaxes.

Este dato corroborámolo co recollido por Prieto Rodríguez (1973: 6) quen refire que García Paz xa deu a coñecer algunhas voces do vocabulario recollido por el na súa obra.

Pola contra, outros autores tiveron unha visión máis certa sobre este feito, como Alonso Montero, que alén de homenaxear a figura do mestre e etnógrafo (Alonso Montero 1987, 2002), destaca as virtudes do vianés por estar recollida a súa literatura popular. Respecto da obra de García Paz sinalaba que o feito de que estivese escrita en vianés era unha verdade a medias, ao tempo que enalzaba a boa ventura deste dialecto por utilizáreno García Paz e Laureano Prieto (Álvarez Pousa 2018a: 47):

El vianés es un dialecto afortunado, pues su literatura popular anda en libros y revistas. Posee, además literatura “de arte” desde 1935, fecha en que M. García Paz publicó su *IV Melodía* (“Desfile de campesinada galega”), libro escrito según nota del autor, en dialecto de Viana, lo que es verdad a medias [...]. Mucho vianés hay en el prólogo de “Contos vianeses” del mismo L. Prieto. El vianés es ya un instrumento literario y científico (Alonso Montero 1958: 3).

De igual xeito, Carballo Calero (1981³: 724), que inclúe a García Paz nos novecentistas da literatura galega contemporánea, refire que “A Vianesada” está escrita en vianés,

co matiz de que non reproduce fielmente a fala local ao figurar diversos hiperenxerbrismos que deforman a fala e encadrar a escrita na concepción do galego literario.

Dalgunha maneira, como recoñecemos en Álvarez Pousa (2017a: 805) represéntanse certos trazos da fala vianesa. Ora ben, non podemos dicir que a obra estea escrita en vianés. Máis que falarmos de vianés na obra, o que si que debemos destacar é a ambientación na Terra de Viana co protagonismo dos personaxes por parte das xentes das diferentes aldeas. No tocante á lingua, as mesmas desviacións léxicas que atopamos en *IV Melodía*, tamén se rexistran noutros escritos do autor (García Paz 1931). Cómpre sinalarmos que se deben á situación da lingua nesta etapa que se correspondería co galego enxebrista, que abrangue desde finais do séc. XIX ata 1936, segundo sinalan Fernández Salgado e Monteagudo Romero (1995: 126 ss.).

Por outra banda, é preciso referenciar, ademais, a obra *Romances populares gallegos de la tradición oral* (2011) do vianés Hervella Courel, un traballo editado da man de Mariño Ferro e López Bernárdez, constituído por un conxunto de romances recollidos nas Terras de Viana, principalmente, e na Veiga, Vilariño, Petín, Manzaneda e Pobra de Tives arredor de 1900 e que o autor tiña daquela preparados para a súa edición.

Na súa maioría están en castelán, lingua habitual nestas mostras literarias na época. Con todo, tamén figuran varios romances en galego, co que podemos comprobar as características do vianés a comezos do séc. XX. Estas mostras tradicionais de poesía achegan un gran valor literario, amais de antropolóxico e etnográfico e foron referenciadas en anteriores traballos por Mariño Ferro e López Bernárdez (2002), xunto a outros romances de variada temática de Galicia, onde se combina o galego e o castelán e que constitúen unha mostra fiel da lingua oral, tal e como reflicte o propio autor (Hervella Courel 2011: 10-11):

No terminaremos ya este enfadoso prólogo sin hacer constar que todas las versiones incluídas en esta colección son fidelísimas copias de las narraciones orales, que personalmente recogimos de labios de sus recitadores; con lo dicho queda asegurado que no hemos incurrido en el imperdonable vicio del amaño y del retoque (...)

Capítulo 05

Descrición da variedade vianesa

65

Neste capítulo afondaremos nos trazos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos máis específicos da variedade vianesa, tendo en conta as características sinaladas por Fernández Rei (1990) no referente ao galego oriental e á área oriental-central.

Consonte isto, farase especial fincapé nas características diatópicas que diverxen con respecto ao galego común e principalmente, as peculiaridades que son compartidas con variedades próximas como as zamoranas.

Viana do Bolo é o punto 0.17 da rede do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* do que se editou a parte correspondente á fonética e á morfoloxía e catro volumes léxicos. O material inédito de Viana correspondente aos volumes do *ALGa* en preparación no Instituto da Lingua Galega (ILG) puiden consultalo no cuestionario cuberto en 0.17. E no devandito Instituto tamén consultei gravacións de Viana e de concellos próximos do Arquivo do Galego Oral.

A sistematización das peculiaridades lingüísticas permitiunos falar de novos fenómenos na microsubárea O Bolo-Viana en relación co referenciado polo devandito autor nos estudos dialectolóxicos sobre as variedades lingüísticas do galego; e ademais, permitiranos comentar riscos comúns con variedades próximas, como as da área zamorana, o que achegará novas isoglosas na mencionada microsubárea. Á súa vez tamén servirán de apoio as notas lingüísticas recollidas por Prieto Rodríguez (1958, 1973) no referente ao municipio vianés.

Alén diso tomáronse como referencia as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua (NOMIG, 2008²²) e o *Manual de gramática galega* de Freixeiro Mato (2006a).

Dada a proximidade da variedade vianesa coa área zamorana, o vianés comparte características coas variedades desta área, tal e como salientamos en Álvarez Pousa (2019), tanto na fonética como na morfosintaxe, e tamén coa variedade valdeorresa, en ámbitos como a fonética, a morfosintaxe e o léxico, como destacamos en Álvarez

Pousa (2020: 18). A cultura vianesa e a portelá son unha mesma cultura que se manifesta a través do *continuum* dialectal, diversas manifestacións artísticas e a propia paisaxe, tal e como refiren estudosos zamoranos (Álvarez Pousa 2019: 23-24).

- 66 Desta afinidade lingüística entre a Terra vianesa e a zamorana dá boa conta Cortés Vázquez (2003: 13) cando na súa achega sobre tradición oral e cultura popular da Terra de Seabra sinala o seguinte:

Razones lingüísticas obvias, aconsellan dividir los textos en dos apartados: uno que recoge los que están en dialecto leonés, y uno segundo con los que se expresan en lengua gallega, que muéstrase aquí en su variedad dialectal sanabresa, muy concomitante, como hemos anunciado ya, con la ourensana vianesa y el portugués trasmontano de Braganza.

Afinidades que tamén son postas de manifesto por Sanromán García (2006: 38) cando refire que nun pasado non moi afastado en Seabra se falaba unha lingua romance entroncada co astur-leonés e, sobre todo, co galego, que formou parte do acervo cultural desas terras, que se perdeu e que hoxe só se mantén nos municipios bilingües da comarca onde se segue empregando o galego e castelán.

As achegas sobre diversas contribucións por parte de lingüistas e filólogos de fóra de Galicia, especialmente os traballos de Krüger (1925, 1954, 1965, 1991), Santos (1967) e Boller (1995a, 1995b, 1997) tamén resultarán de especial relevancia e interese para delimitar as características desta variedade ourensá na extrema coas variedades zamoranas, tal e como xa comentamos con anterioridade.



Mapa 7. Situación da comarca de Viana (Ourense) e As Portelas (Zamora)
Fonte: Álvarez Pousa (2019)

En relación con isto, é preciso resaltarmos que nos concellos zamoranos galegófonos existe certa conciencia por parte dos seus falantes de comunicárense en galego aínda sendo zamoranos, así como o feito de compartiren unhas relacións socioculturais que se establecen cos concellos próximos ourensáns, do mesmo xeito que acontece no límite da Mezquita e puntos de Portugal. Desta conciencia sociolingüística damos boa conta os traballos de Lubián (1992, 1993, 2004, 2005, 2015), onde se reflicte esa percepción de unión lingüística coa “outra Galicia”.

Este tipo de afinidades en territorios estremeiros tamén son postas de manifesto por González González e Taboada Cid (2002) en relación co territorio do Couto Mixto e a fronteira de Ourense; e por Vasconcelos (1929) en relación aos falares fronteirizos de España e Portugal; por outra parte, Otero Pedrayo (1962: 139), sinala en relación co concello zamorano de Porto que é galego de lingua e de relacións.

Antes de avanzarmos coa nosa descrición dialectal faise preciso facermos referencia a uns conceptos chave, cos que traballaremos especialmente no capítulo 06 de análise do cambio lingüístico e variables, pero que xa facemos uso deles neste capítulo 05 de descrición dialectal.

Neste sentido, cómpre ir adiantando os conceptos de *variación*, *variable* e *variante*. A *variable*, segundo recolle Dubert García (1999a: 19) e sinala anteriormente Wardhaugh (1992: 167), sería un elemento da estrutura dunha lingua que admite realizacións diferentes e que, polo tanto, un falante vai facer dun xeito e outro doutro, ou incluso nun mesmo falante poden darse esas realizacións diferentes.

Variante lingüística sería pois cada unha das realizacións que ten esa variable. As variables (comunmente escritas entre parénteses) poden ser clasificadas como fonolóxicas, morfolóxicas, sintácticas ou léxicas segundo a compoñente da gramática en que se rexistren (Dubert García 1999a: 20).

Destas variantes é do que nos imos ocupar na variedade vianesa a través dos ámbitos da fonética, a morfosintaxe e o léxico. A seguir imos analizar un gran número de variables (e as súas variantes) fonéticas e morfolóxicas que caracterizan o vianés, xunto con algunhas variables sintácticas e léxicas.

5.1 Fonética

Realización etimolóxica do timbre dos pronomes *nós* e *vós*

- 68 Os pronomes suxeito NŌS, VŌS do latín clásico, conforme o indicado por Fernández Rei (1990: 75), deron lugar aos pronomes *nós*, *vós* con dúas realizacións: o fechado etimolóxico en falas do galego oriental e o aberto na maioría das falas do dominio galego. Na variedade vianesa resulta un risco sistemático a fechazón do *o* nos devanditos pronomes, trazo este compartido coas variedades do galego zamorano, e só en esporádicos casos se rexistra unha abertura de *o* nas formas *nós* e *vós*.

Esta realización pechada é, así mesmo, rexistrada polo ALGA III (mapas 146 e 152) en relación cos pronomes *nós* e *vós*, respectivamente, no punto O.17. Mostras desta realización no conxunto do corpus son as seguintes:

1. *è non pasou máir nada, nós pasamos pa dentro* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *cuando nós èramos nenos meus irmaus, miñas primas (...) fumos elí* (CALD. M. XB. CTESE)
3. *èrais tres irmás que non había quèn entrase por vós* (CEP. M. XA. CTIT)
4. *nós pois cuando viña xente claro* (COV. M. XA. CTESE)
5. *nós empezamos a organizar è... o sábado tamên facemos* (GRIX. H. XB. CTESE)

No etnotexto de Solbeira (nº 20 da escolma) rexístranse 12 ocorrencias de *nôs*, co timbre aberto:

1. *nôs encargábamonos de colocarllos bèn ás vistas* (SOLB. M. XM. CTESE)
2. *nôs nesa época non víamos o perigo por ningún sitio* (SOLB. M. XM. CTESE)

Palatalización de *a* átono

Rexístrase a palatalización de *a* átono principalmente na XA (65-95 anos) e XM (35-65) nos diferentes puntos enquisados. Este fenómeno é característico do galego das Portelas onde se rexistra tamén a palatalización de *a* tónico na microsubárea Lubián-Hermisende, concretamente en Hermisende. Característica común tamén na área ancaresa, na zona costeira do occidente da Coruña e na ría da Arousa, sueste de Lugo e nordeste de Ourense como refire Fernández Rei (1990: 39-40).

Segundo Freixeiro Mato (1998: 108) o caso máis evidente de palatalización é o paso de [a] a [æ] ou mesmo a [ɛ] por influxo de /i/ na sílaba tónica. Non obstante, dáse unha tendencia xeral á palatalización do /a/ átono en calquera caso, como pode ser o artigo *a*, no -a final do feminino ou nas preposicións *a* e *para*. Sinala o autor que a

palatalización ante /'i/ é frecuente na zona costeira de Galicia, aínda que hai falares galegos onde a palatalización do /a/ átono se produce sen a presenza do /'i/. No corpus os casos máis frecuentes rexístranse no ditongo decrecente *ai*, mais tamén documentamos mostras esporádicas ante o *i* en formas como *cäpilla*.

Este fenómeno é común tamén nos dialectos fronteirizos de Zamora (Krüger 1925: 131). Anótanse mostras no corpus oral nos seguintes casos:

1. *ó cabo dor nòve días xa bāixaban andando ou mui milloraus* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *e cuando hai pouca, pois hai que ir a bāixala ó monte* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *è bāixamos e había unha nevada de aproximadamente de un vinte ou así* (CEP. H. XA. CTIT)
4. *na punta da casa había unha galäría non sabes, è-eu estaba observando* (COV. H. XA. CTESE)
5. *pois hai unhas veces que se vai a Villäriño á fèsta do cabrito* (GRIX. H. XA. CTESE)

Alteración do timbre etimolóxico de e, o tónicos

O timbre aberto de è, ò pode ser alterado pola acción metafónica dun -o final: *mè-do-medo, pòsto-posto*. Fernández Rei (1990: 40) mantén que no caso de *mèdo* só se mantén o è no galego oriental mentres que en *pòsto*, *òllo* a abertura se rexistra en todo Lugo, Ourense, galego exterior e mesmo ao leste das provincias atlánticas. Noutras palabras como *cègo, vèllo, òvo, pòrco* o mantemento da abertura vocálica é xeral, incluso nas falas innovadoras da costa occidental da Coruña e de Pontevedra.

A isoglosa de *èla / ela, aquèla / aquela* divide o territorio lingüístico galego en dúas partes, abertura do e nas provincias atlánticas fronte á conservación do e pechado nas provincias interiores, así como no galego exterior. Rexístrase *èla* en parte do galego oriental (noroeste de Ourense, Ancares de León e parte do Bierzo); nestes falares orientais tamén se constatan outras formas con è antietimolóxico como *pèga* (paxaro), segundo Fernández Rei (1990: 44).

Freixeiro Mato (1998: 86-87) sinala que unha das principais modificacións que sufriu o vocalismo tónico en galego é debida á metafonía nominal, que xunto coa caída de -L- e -N- intervocálicos, o mantemento de Ě, Ŏ tónicos latinos como vogais abertas e o infinitivo flexionado constitúen un trazo característico da área lingüística galego-portuguesa, que ademais do galego, incluído o galego exterior, afecta ao portugués e ao brasileiro con características específicas en cada caso. Sostén o autor que a metafonía non incide en todas as palabras, senón só naquelas que teñen oposición de xénero, os substantivos, adxectivos e pronomes *ela(s), aquela(s)*, mais non nos

adverbios, e que mesmo se pode dar propagación analóxica do masculino para o feminino.

70 Álvarez (1988: 144-145) alude á imposibilidade de determinar unha fronteira precisa a través dos mapas lingüísticos, xa que as áreas de cada palabra non coinciden na súa extensión; no caso de *mêdo* e *sôgro* ocuparían unha grande extensión, case todo o territorio, a excepción da franxa oriental de norte a sur, mentres que *morcêgo*, *hóra*, *ôllo* se rexistrarían na metade occidental; outras como *óla*, *vóda*, *mésa*, *péga* ocuparían áreas moi pequenas na costa suroccidental, distribución irregular que tamén se trasladaría aos nomes en *-elo(s)*, *-ela(s)*.

Neste sentido tamén se pronuncia Ferreiro (1999⁴: 33), que mantén que a metafonía presenta unha extensión xeográfica diferente, polo que resulta difícil establecer unha norma fonética fixa, xa que co mesmo ou semellante contexto fonético por ex. *cego* fronte a *morcego*; outros vocábulos non sufrirían o influxo metafónico como *castelo*, *ferro* ou *inverno* e sería moi reducida a área de metafonía en formas como *martelo*, *coitelo*, *cancelo*. Ademais, en rexións onde actúa pouco a metafonía daríase unha especialización semántica na forma pechada en formas como *rego* con e aberto (canle aberta polo arado) fronte a *rego* con e pechado (pequeno regato).

A metafonía nominal non se trata dun risco sistemático na variedade vianesa, xa que en varias persoas informantes en casos concretos pode actuar ou non este fenómeno fonético. Con todo, debemos sinalar que si se rexistran varios casos no noso corpus onde este fenómeno actúa.

Deste xeito, anotamos metafonía nas formas *corpo*, *medo* e *sogro*. Esta percepción vén coincidir coa información rexistrada no ALGa III (mapa 29) onde se recolle en O.17 metafonía nominal na forma *sogro* (mapa 29), en *corpo* (mapa 31) e en *medo* (mapa 58). Pola contra, non constatamos metafonía en *novο*, *ollo*, *cego*, tal e como como refire o ALGa III (mapas 30, 36 e 59, respectivamente). A diferenza do contemplado no ALGa III (mapa 61) onde se recolle en O.17 que o e non é moi aberto, con tendencia á pechazón, mais sen pecharse totalmente, nós si rexistramos metafonía en *vello*.

Respecto das formas *ela*, *aquela* que dividen o territorio galego en relación coa súa pronuncia, a realización na variedade vianesa é pechada, tal e como se reflicte no ALGa III (mapas 72 e 73, respectivamente). Algunhas das mostras de metafonía do corpus son as seguintes:

1. *había pa meter medio corpo* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *e con ese medo vivimos eiquí muito muito muito* (BEMB. H. XA. CTESE)
3. *de apartar a xente, coller medo a esa història* (FFILL. H. XM. CTESE)
4. *sin medo a que che digan, que ères un fracasado* (QUMO. M. XB. CTESE)
5. *meu sogro que èra o abuèlo desta* (BEMB. H. XA. CTESE)

Outras mostras que atopamos no noso corpus, onde se se mantén o timbre aberto etimolóxico serían as seguintes:

1. *Èra un xògo mui bonito, mui bonito* (SEV. H. XM. C.ACTUAL)
2. *dun lado tiña mèdo hasta a salir do puèblo* (CEP. M. XA. CTIT)
3. *non volvín a nadar máis desde entonces è dáme mèdo* (COV. M. XA. CTESE)
4. *buèno, a patumada componse de meter mèdo* (FFILL. H. XM. CTESE)
5. *decían que o que tiña mal òllo que tiña unha pinta roxa* (PIN. M. XA. CTESE)

Alteración do timbre aberto de e, o trabados por nasal

O timbre aberto etimolóxico de palabras como *dènte, tèmpo, bòn, fònte, pònte* pode alterarse en contacto con nasal que traba unha sílaba, chegando a realizarse como e, o pechados. As formas con ò + nasal trabada son características do galego de Asturias e falares do galego de Lugo veciños, mentres que o è trabado por nasal se mantén, en xeral, en Lugo, Ourense e no galego estremeiro. Estas alteracións do timbre etimolóxico danse en substantivos e adxectivos, pero non en formas verbais, no relativo *quèn*, no numeral *cèn* e en adverbios (*sèmpre, tamèn*) con timbre aberto na xeneralidade do galego vivo.

En formas verbais como a P3 do Pres. Ind. *pòn* a abertura non é a etimolóxica (lat.cl. PŌNĪT), no e da terminación latina -ĒNŪM no galego de Asturias hai abertura antietimolóxica (*centèn, chèn, terrèn*), fronte a -eo do galego común (*centeo, cheo, terreo*). Así mesmo, nesta área do galego oriental e nos falares de Lugo próximos a Asturias rexístrase abertura de o en formas como *ladrôn, melôn, sôn* (P1, P6 do Pres. Ind. de *ser*). Esta abertura antietimolóxica do o trabado por nasal rexístrase igualmente na zona pontevedresa do Baixo Miño como sostén Fernández Rei (1990: 44-46).

Freixeiro Mato (1998: 92-93) sinala que este fenómeno característico da parte occidental de Galicia actúa sobre todo en nomes, onde unha consoante nasal trabando a sílaba tónica pode alterar o timbre de [ɛ], [ɔ], que a alteración se produce, así mesmo, en palabras patrimoniais e que nin os cultismos, nin adverbios, interrogativos e cuantificadores estarían afectados por ese fenómeno.

Contrariamente ao rexistrado polo ALGa II (mapas 19 e 20), onde a fala vianesa estaría fóra do ámbito deste risco dialectal, temos que sinalar que é bastante frecuente a alteración destas vogais pola trabazón de nasal. Ora ben, non podemos dicir que se trate dun trazo sistemático, pois na maioría dos casos do noso corpus reflíctense os resultados maioritarios correspondentes ao galego común coa realización co timbre etimolóxico aberto.

A diferenza do que indica Fernández Rei (1990: 44), que sinala que na xeneralidade do galego en adverbios como *sempre* non se dá esta variación ao realizarse con timbre aberto, no caso da variedade vianesa, pola contra, si se rexistra algunha mostra onde se reflicte esta variante con timbre pechado. Mesmo debemos precisar que nun mesmo informante se rexistran ambos os resultados con abertura ou pechazón das vogais e e o en diferentes contextos.

Algunhas mostras onde se pode apreciar esta modificación do timbre das vogais e e o son as seguintes:

1. *empezamos o ano pasau, somos cerca de cen persoas tocando* (FFILL. H. XM. CTESE)
2. *puxêronlle Mesón da Ponte* (PRADC. M. XA. CTESE)
3. *había unha fonte e pasabamos a ratos eiquí* (RAM. M. XA. CTESE)
4. *claro naqueles tempos, unhos por non iren á guerra* (RUB. M. XA. CTIT)
5. *había fêstas que se xuntaba muta muta xente* (SEV. H. XM. C.ACTUAL)

Inestabilidade de e tónico

En voces patrimoniais e en cultimos, o e do galego común en falas do sur de Pontevedra e da Limia Baixa pode rexistrarse como pechado, sobre todo cando na sílaba seguinte hai outro e. O timbre pechado pode darse en monosílabos patrimoniais (*pé, é*), en voces oxítonas non patrimoniais (*hotel, papel, café*) e mesmo en palabras como *vello, cento* que no galego occidental conservan o é sen que haxa influxo metafonético do -o (Fernández Rei 1990: 46).

En relación con este fenómeno, Costas González (1988: 385-386) sinala que non se debe denominar metafonía nominal do -e, xa que a metafonía ou inflexión só se produce na categoría nominal, e non na verbal, e que non é necesaria a presenza dun -e para que se produza a cerrazón verbal.

Consonte isto, indica catro grandes grupos de palabras que presentan algún tipo de inestabilidade no [e]: (1) Palabras rematadas en [e] átono libre ou trabado en formas como *neve, metes, quere, fixeche* con e pechado de grande importancia na flexión verbal, (2) Palabras rematadas en [e] final en sílaba libre, por ex. en *pé*, (3) palabras rematadas en [e] tónico en sílaba trabada en termos como *dez, muller* ou *mel*, (4) palabras non patrimoniais rematadas en [é] libre que son articuladas con [e] no resto das falas galegas en formas como *papel* ou *café*. A este respecto cómpre mencionarmos a articulación dos ditongos crecentes das voces non patrimoniais *ie* e *ue* como [ié] e [wé] ao contrario do habitual no resto das falas galegas.

Conclúe o autor que non se pode relacionar o fenómeno unicamente coa presenza dun e final, polo menos de xeito sistemático, e que o estudoso Fernández Rei sitúa este fenómeno en relación coa ditongación goianesa (Costas González 1988: 390).

A este respecto Álvarez (1988: 150) sinala que o influxo exercido por /e/ átono da sílaba final probablemente teña unha datación moi diferente e que a distribución xeográfica sería totalmente distinta respecto da metafonía de /o/, /a/. Segundo isto, o /e/ final provocaría a pechazón de /ɛ/ en /é/ en formas como *fixêse* -pero *fixéra-* e *nêve* no sur de Pontevedra fronte a *fixése* e *nëve* do resto do galego e tamén a de /é/ en /i/ e a de /ó/ en /ú/ (*nume, huxe, iste*) en zonas do sur no canto das xerais *nôme, hôxe, êste*; ou inclusive *cume* e *bibe* en lugar de *côme* e *bêbe* dos imperativos de 'comer' e 'beber' no resto do dominio galego.

Fronte á variedade oriental vianesa que segue a tendencia do galego común onde non se rexistra, en sentido xeral, a inestabilidade, anótanse mostras esporádicas nas que se presenta a inestabilidade do e tónico:

1. *toda a xente sobre todo as mulleres estas* (FFILL. H. XM. CTESE)
2. *unha muller que o seu marido antes de ser, antes de ser* (PIN. M. XA. CTESE)
3. *bebendo a puta cerveza ou a cocacòla ou café* (QUMO. H. XB. CTESE)
4. *è neva bèn* (RAM. H. XM. CTESE)
5. *un cartel ou algo pa baixalo de èquí* (VMEAU. H. XB. CTESE)

Porén, é preciso resaltarmos que a xeneralidade dos resultados obtidos seguen o patrón da lingua común con timbre aberto como se pode apreciar nas seguintes mostras:

1. *total por seis ou sète pesetas comía o cabalo i-ò duèño* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *cuando traballaba pois había unha mullèr que èra mui mala* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *estaba totalmente cubèrta de nève* (CEP. H. XM. CTESE)
4. *desconfiaban, decían que unha mullèr èra bruxa* (PIN. M. XA. CTESE)
5. *as cidades galegas quèren, quèren aspirar a ser* (QUMO. H. XB. CTESE)

Evolución dos grupos latinos -ŮLT-, -ŮCT-, -ŮCT-, -ŮŘĭ-, -ŮŘĭ-

Segundo sinala Fernández Rei (1990: 48) a evolución dos grupos latinos -ŮLT-, -ŮCT-, -ŮCT-, -ŮŘĭ-, -ŮŘĭ- xerou seis sistemas principais (A, B, C, D, E, F) segundo as voces patrimoniais resultantes. Os sistemas C (*muíto, escuítar; luita, truita; noite, oito; vasoira; coiro*), E (*mutio, escutar; luta, truta*) e F (*mutio, escutiar; lutia, trutia; noite, oito; vasoira; coiro*) serían os correspondentes ao galego oriental, concretamente no vianés os resultados das devanditas evolucións latinas serían as contempladas no sistema E. Non obstante, a variedade vianesa recolle resultados que nalgúns casos participarían simultaneamente dos grupos C, E e F como se pode apreciar na seguinte táboa.

74

Grupo latino	Latín	Variedade vianesa
-ŮLT-	MŮLTUM AUSCŮLTARE	muto / muito escutar / escuitar
-ŮCT-	LŮČTAM TRŮCTAM	luta* truta / truita/ trutia
-ŮCT-	NŮCTEM ŮCTŮ	noite / noute oito
-ŮŘĬ-	VERSŮŘĪAM	vasoira*
-ŮŘĬ-	CŮŘĪŮM	coiro*

Táboa 2. Evolución dos grupos latinos -ŮLT-, -ŮCT-, -ŮCT-, -ŮŘĬ-, -ŮŘĬ- no vianés
Fonte: Álvarez Pousa (2021)


En relación coa evolución do grupo -ŮLT- no vianés é preciso sinalarmos que alternan as formas *muto* / *muito*, así como *escutar* / *escuitar*. A variante *escutar* é común no conxunto dos lugares, como forma maioritaria, e xa aparece rexistrada por Krüger (1954: 49) cando fai referencia ao paradigma do verbo en -ar, *escutar*, cuxo sistema sinala que sería o mesmo en Porto (Zamora) e en Cepedelo e Pradorramisquedo (Viana do Bolo). No ALGa II (mapa 271) e no ALGa III (mapa 347) rexístrase unicamente *muto* no punto 0.17

Ao concorreren no conxunto do noso corpus as dúas variantes *muito* / *muto* non podemos falar dunha microsubárea Valdeorras con *muito* e outra O Bolo-Viana, con *muto* ao xeito que fai Fernández Rei (1990: 149). Non obstante, é preciso sinalarmos que é maioritario o uso de *muto* fronte a *muito* nas diferentes xeracións. Solucións similares rexístranse na microsubárea do Bierzo onde alternan *muito* - *mutio* e *muto* coas variantes *mutio* e *muto* de xeito minoritario no norte (Fernández Rei 1990: 148 e 160). Este feito corroborámolo, ademais de cos datos que nos ofrece o conxunto do corpus, co contemplado hai décadas por Prieto Rodríguez (1958: 13).

O autor, manifesta anos máis tarde cando publica *Notas en col da fala vianesa*, e como xa destacamos con anterioridade, que no sueste da provincia de Ourense existen formas dialectais do galego moi diferentes do resto da provincia: o vianés, o frieirés e o valdeorrés, glotónimos cos que denominaría as variedades de Viana do Bolo, As Frieiras e Valdeorras. Respecto do valdeorrés manifesta que hai certas diferenzas co vianés principalmente na entoación e no léxico. Con todo, sinala que non son tan importantes como para consideralo un dialecto diferente do vianés. Sobre a extensión do valdeorrés sostén o autor que se fala en todo o partido do Barco de Valdeorras, que se estende por León e por Lugo (Prieto Rodríguez 1973: 3). Similitudes que temos que dicir que continúan na actualidade, pois ambas as variedades pertencen á área oriental central do galego oriental con riscos comúns entre elas e con influencias de terras estremeiras, como sinalamos en Álvarez Pousa (2020: 16-17). Alén disto, Cueto (2002: 358) salienta que no caso do bolés se rexistran as variantes *muto* e *muito*.

No tocante á evolución do grupo -ŮCT- a forma *luta* (marcada con asterisco na táboa) está sendo solapada pola introdución do castelanismo léxico *lucha* como forma maioritaria, o que tamén acontece noutras falas próximas ourensás (Feijoo Ares 2001: 31, Alonso Núñez 1995: 109). En relación coa evolución deste grupo rexístranse ademais as formas *truta* / *truita* / *trutia*. A variante *trutia* recollémola en CEP, PEN, PRADR e RAM, mentres que *truta* / *trutia* se documentan en varios puntos do municipio cun uso maioritario da forma *truta*. Respecto de *trutia*, no ALGa III (mapa 331) documéntase unicamente en O.12 (Lamalonga, A Veiga) e Z.1 (Porto, Zamora), mais non en O.17.

No caso da evolución do grupo -ŮCT- documéntanse as variantes *noite* / *noute* e a forma *oito* sen variación. A alternancia entre *noite* e *noute* obtémola en varios puntos do municipio. O ALGa III (mapa 31) unicamente anota *noite* en O.17, a variante *noute* rexístraa en puntos próximos O.12 (Lamalonga, A Veiga), O.24 (A Mezquita) e Z.2 e Z.3 (Lubián e Hermisende, respectivamente). O ALGa III (mapa 32) testemuña *oito* en O.17 como na maior parte do dominio lingüístico galego.



Mapa 8. noite e noute no vianés
Fonte: Álvarez Pousa (2021)

Verbo da solución que ofrece o grupo -ÖŘĭ- en relación con *vasoira* (marcada con asterisco na táboa) é preciso sinalarmos que a forma *vasoira* non se rexistra en ningunha parroquia nin informante e si pola contra, *varredoiro* e a variante *escoba*, que introducida como castelanismo léxico é maioritaria, ao teren un significado diferente os termos *varredoiro* e *escoba*. *Varredoiro* sería unha vasoira elaborada principalmente con xestas, cuxo uso xeralmente é exterior ou para o forno e o castelanismo *escoba* faría referencia á vasoira convencional empregada no interior.

Canto á evolución do grupo -ÖŘĭ- en relación con *coiro* é maioritario o resultado *cue-ro* (marcado con asterisco na táboa) e introducido na variedade como castelanismo léxico.

No tocante ás variedades próximas zamoranas, na de Barxacova tamén se rexistran as formas *muíto*, *trutia* e *noute* (Carracedo Arroyo 1954: 16-17). Non obstante, en variedades zamoranas máis afastadas, García López (1996: 42) en referencia á variedade de La Carballeda e La Requejada, sostén que a presenza do ditongo *oi* é escasa, que apenas se atopa en dous termos (*toixu*, *refoice*), que si se rexistra en Porto (*foy*) e o ditongo *ou* en Lubián (*fouce*). Tras unha breve información, non sistemática, afirma o devandito autor que non é posible falar da alternancia dos ditongos -*oi* / -*ou* debido á súa escasa frecuencia.

Prieto Rodríguez (1958: 14) rexistra as formas *truta*, *muto*, *escutar* respecto do vianés e como características comúns ao vianés, frieirés e valdeorrés sinala que os ditongos *oi* / *ui* pasan a ser *u*: *muto*, *truta*, *escutar*, *enxuta* (Prieto Rodríguez 1973: 5).

Santos (1967: 192) rexistra o ditongo *ui* en palabras como *fruita*, *enxuito*, *luito*, *truita*, que aparecen principalmente na fronteira con Galicia, principalmente nas zonas portuguesas de Montalegre e Chaves, ao tempo que rexistra a palabra *muíto* sen ditongo nasal en toda a rexión trasmontana, incluído o mirandés. Segundo a autora esta forma tamén se escoita en galego ao lado de *moíto*, forma máis habitual que aparece nos antigos dialectos portugueses de Rio de Onor, Guadramil, Pesqueira, Deilão e Tourém; na xente máis nova documéntase a forma reducida *mutu* en alternancia con *muíto*. O portugués padrón, como a variedade vianesa, rexistra *muíto*.

Nas falas arcaicas do Val do Ellas constátanse as formas *mutu*, *cutelu*, *luta*, *truta*, *noíti*, *oítu* (Costas González 1999: 94), particularidades que gardarían moita semellanza coas solucións xeradas nas variedades orientais do galego en relación aos grupos latinos nomeados.

En relación á evolución e distribución dos grupos resultantes -*uit-*, -*oit-* Zamora Vicente (1986c: 39) rexistra as variantes en *oi* (*froyta*, *ascoytar*, *coytelo*, *moyto* en alternancia con *muyto*) como maioritarias no galego medio, así figuran na *Crónica Troyana* e nos *Milagres de Santiago* e o seu uso xeralízase a comezos do séc. XIV. Con todo, o arcaísmo *ui* tamén se rexistra nalgúns puntos orientais de Galicia, entre eles nas

comarcas limítrofes con Asturias e León. O estudo resulta de moito interese, posto que o autor traza o dominio de *ui* e *oi* no territorio galego administrativo e estremeiro de Asturias, León e Zamora.

Resultados similares rexístranse nas variedades do valego (Costas González 2013: 145), onde se recollen as formas *muto*, *cutelo*, *luta* - *loita*, *truta*, *noite*, *oito* á par do portugués que recolle *muíto*, *cutelo*, *luta*, *truta*, *noite* e *oito*. Aspecto que tamén destacan Riobó Sanluís e Sartal Lorenzo (2004: 83) coas formas *mutu*, *cutelu*, *luta* - *loita*, *truta* e *noiti* e *oitu*.

No que respecta ao territorio que hoxe estaría dentro da área oriental-central sostén Zamora Vicente (1986c: 40-41) o seguinte:

Las sierras que separan Laroco de Puebla de Trives parecen ser la frontera de *oi* - *ui*. Laroco 92 hace *trútja*, *luita* (alguna vez *truita* y *lúta*, *múto*). La frontera sigue por las alturas de Cabeza de Manzaneda, dejando al oriente las formas en *ui* y al occidente las en *oi*. Millaroso, al nordeste de Rúa 91, y la misma Rúa hacen *truita*, *muíto* (en las aldeas *truta*, *muto*, *enšútu*). El Barco de Valdeorras y Sobradelo prefieren *trúta*, *múto*, pero conviven *truita*, *muíto*. Viana del Bollo 94 dice *múto*, *trúta*, *lúta*. El Bollo, La Vega, Villarino de Couso y Navallo (lugar este último el más occidental de *ui*) dicen como Viana: *múto*, *trúta*, *lúta*, etc. En Navallo y La Gudiña 119 se dice además, *muíto*, *truita*, *luitar*, *enšuito*. (También en La Gudiña, *trúta*, *frútu*).

Como xa se indicou, no ALGa, só se rexistrou a variante *muto* en O.17; pero na actualidade, na variedade vianesa alternan as dúas solucións *muto* / *muíto* nas diferentes xeracións e incluso nun mesmo falante. No entanto, cómpre sinalarmos que a variante *muto* é maioritaria fronte a *muíto*. Esta variación nas formas *muíto* - *muto* rexístrase tamén na variedade zamorana de Barxacova (Carracedo Arroyo 1974: 23). Respecto da evolución do grupo latino -ŮLT- extraemos do corpus os seguintes exemplos:

1. *muitos tamên viñan estresados de traballar è comían mal* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *pèro buèno desas històrias tamên hai muitas máis ou de xente que se lle puña mala unha vaca* (CALD. M. XB. CTESE)
3. *un primo meu que estuvo muto tèmpo en Zamòra* (CEP. H. XA. CTIT)
4. *da Veiga, de Viana, de muitos puèblos* (COV. H. XA. CTESE)
5. *porque fai muito ruído, que eso non ê, non me parece a min tampouco normal* (FFILL. H. XM. CTESE)

Respecto da evolución do grupo latino -ŮCT-, o ALGa III (mapa 7) no tocante á forma *loita* en O.17 Viana rexistra "outras respostas", que serían diferentes ás anotadas noutras zonas galegas (*loita*, *luita*, *luitia*, *lutia*, *luta*, *louta*). Verbo da forma *troita*, o ALGa III

(mapa 16) rexistra as variantes *truta* e *truita* en O.17, mais non *trutia*, que só rexistra en O.12 (Lamalonga, A Veiga) e Z.1. (Porto, Zamora); pero no vianés tamén se rexistra a variante *trutia* en catro parroquias, tal como xa sinalamos. Algunhas mostras do corpus serían as seguintes:

1. *truitas è peixes porque outra cousa, hòme, hai clase de pescado* (COV. H. XB. CTESE)
2. *i-hai trutias èi no mirmo fondo do puèblo, no regato, pois hai trutias* (RAM. H. XA. CTESE)
3. *depènde dos salmónidos, das trutias que eiquí son os salmónidos por es-celència* (PRADR. H. XB. CTESE)

En relación coas mostras da evolución do grupo latino -ŎCT-, no caso de *noite* no vianés reflíctense no corpus casos onde se rexistra unicamente *noute*, noutras parroquias a alternancia entre *noite* e *noute* ou unicamente *noite*. Algunhas mostras son estas:

1. *i-a seguinte noute pois volveulle a facer igual* (CALD. H. XA. CTESE)
2. *aquela noute pois díxenlle pois durmo eu contigo, filla non teñas mèdo* (CEP. M. XA. CTESE)
3. *estabamos co almorzo hasta a noute que viñèmos a casa* (PRADR. M. XA. CTIT)
4. *entonces èra de día è de noite* (SOLB. M. XM. CTESE)
5. *cada un á súa vida i-á noite volviámonos a reunir* (THED. H. XA. CTESE)

Presenza do iode en substantivos e formas verbais

Nalgúns casos rexístrase a presenza de iode principalmente nas formas verbais, aínda que non sería un risco sistemático na variedade. Prieto Rodríguez (1958: 14) sinala que nos ditongos, fóra dos que acaban nun *i*, métese un *i* entre as dúas vogais: *seia*, *maiestro*, *decíia*, mais indica que hai excepcións nos ditongos onde é tónica a segunda vogal e non se introduce o *i* como *moemos*. En estudos posteriores sostén que nas secuencias vocálicas *ea*, *eo*, *ia*, *io*, *ae* intercálase un *y* e pronúnciase *feya*, *feyo*, *deciya*, *Dariyo*, *mayestro* (Prieto Rodríguez 1973: 5).

Carracedo Arroyo (1977: 13) tamén rexistra este fenómeno na variedade zamorana de Barxacova, ao tempo que sostén que é menos frecuente o seu uso con formas verbais seguidas de pronomes persoais cando estes van enclíticos e o verbo remata en vogal tónica. En vianés rexístrase a epéntese de iode en substantivos e na P1 Pres. Ind. dalgúns verbos, como se ve nestes exemplos:

1. *varrio o forno* (PIX. M. XA. CTESE)
2. *ai, raio te partia è lò como lle quedaches debendo!* (VDB. H. XA. CTIT)
3. *lògo se eu xa non valio pa facerlle eso* (VMEAU. M. XM. CTESE)
4. *eles tiñan máis forcia ca nós* (VSER. M. XA. CTESE)

Terminación -u en ditongo nos substantivos rematados en -o

Na maior parte dos casos rexístrase a pechazón de vogal -o ao remate de palabra. Trátase dun risco sistemático da variedade que se dá tanto en substantivos como adxectivos e participios, fenómeno moi común tamén na variedade zamorana de Barxacova (Carracedo Arroyo 1954: 12-13).

Deste risco dialectal tamén dá conta Prieto Rodríguez (1973: 4), xa que indica que a vogal *o* soa como *u* nas verbas seguintes: *friu-frío, riu-río, tiu-tío*. Este fenómeno rexístrase nas diferentes xeracións, aínda que nalgúns casos na XB alterna coas formas en -o.

Este ditongo tamén é común nas falas fronteirizas de Trás-os-Montes respecto das cales Santos (1967: 191) destaca que tanto nas formas propiamente rematadas en -io como nas rematadas en -iu a pronuncia é a mesma. Deste xeito non se distingue *rio* en relación a (*ele*) *riu*, *frio* de (*ele*) *feriu*, posto que nuns casos e noutros hai o ditongo [iu].

Non atopamos, pola contra, en estudos de variedades próximas referencias concretas a este fenómeno. Non obstante, si se fai referencia a este fenómeno de xeito moi sucinto en relación coa variedade portexa en Rodríguez Lago (1974: 5), onde alternarían as formas en -o e -u final.

O ALGa III (mapa 116) non rexistra información respecto da forma *río* en O.17. Algunhas das solucións que se documentan no noso corpus, en relación cos substantivos rematados en -ío, son as seguintes:

1. *eu se teño un tiu que me cava a hòrta è non me còbra* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *entonces viña unha presa desde o riu de Pías* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *è entonces foi è díxolle ó tiu Bernardino* (CEP. H. XA. CTIT)
4. *alí o riu non porque èra así un cacho chairo desto* (COV. M. XA. CTESE)
5. *pasaban o riu, que había un camiño è iban dirección a Buxán* (GRIX. H. XA. CTESE)

Solución -ax- / -aix-

Sinala Fernández Rei (1990: 52) que as formas con -ax- (*baxo, baxar, caxa, faxa*) son propias do galego oriental, especialmente do de Asturias e leste de Lugo fronte á solución maioritaria -aix- (*baixo, baixar, caixa, faixa*) na que se xerou un iode. No caso da variedade vianesa, en sentido xeral segue o modelo común do galego con -aix-, como se pode ver nas seguintes mostras pertencentes ás tres xeracións, e segundo se contempla no ALGa III (mapa 49). Non obstante, rexístranse mostras de -ax- na parroquia de Sever, estremeira co concello zamorano de Pías, formas que obtemos a través do cuestionario onde as persoas enquisadas refiren este uso fronte a -aix-.

Algúns dos resultados do corpus con -aix- son os seguintes:

1. *è como empezaron con... pa eiquí baixaron* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *tiña que ser grande, baixa, baixiña, se non non entraban as vacas* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *traballabamos eí abaixo na obra è había eiquí un salamanquino* (CEP. H. XA. CTIT)
4. *è entònces eu estaba alí por abaixo porque claro estaba case medio chorando* (COV. M. XA. CTESE)
5. *è traían a... as caixas pa, os ataúdes traíanos nun carro* (VSER. H. XM. CTESE)

Crase do hiato -òa>-ò (lat. -ŎLĂM)

Sinala Fernández Rei (1990: 51) que nas dúas bandas da ría da Arousa, no occidente e sur de Pontevedra e mais no suroeste de Ourense obsérvase unha tendencia á crase en -ò da secuencia -òa do galego común: *avò / avó* no feminino, *mò, fillò* (no sur de Pontevedra e de Ourense rexístrase *fillòga, fillòza*), fenómeno tamén observable en topónimos como *As Eirós, Pereiró*. No noso corpus, en xeral, non se documenta esta tendencia, senón que o resultado coincidiría co do galego común sen crase e só se documenta o topónimo *Fornelos de Filloás* e algún caso onde a forma *fillòga* constata este feito, como podemos apreciar nos seguintes exemplos:

1. *despois dese sangue aproveitámolo pois pa facer afillògas* (PIX. M. XA. CTESE)
2. *Sonia fixo as fillòas, papá fixo outra vez as patatas* (PIN. M. XB. CTESE)

Mantemento dos grupos cua-, gua-

En todo o galego oriental, a maior parte de Ourense e falares do Baixo Miño pontevedrés forman unha grande área as formas *cuatro, cual, guadaña, guarda* con mante-

mento do *wau* procedente do latín clásico QUA- e do latín vulgar *GUA- (Fernández Rei 1990: 51). Esta mesma distribución preséntase no ALGa II (mapa 280). Esta peculiaridade é, ademais, compartida co portugués e rexistrada, así mesmo, por Santos (1967: 222).

Son numerosos os exemplos que atopamos no corpus nas diferentes xeracións; con todo, na XB é preciso destacarmos que nalgúns casos alternan as formas en *cua*- con *ca*, solución maioritaria do galego común como trataremos no apartado correspondente do cambio lingüístico. Velaquí mostramos do uso dos grupos *cua*-, *gua*-:

- 1a. *è librou algún do paredón tamên, don Alberto, cuando foi de no 36* (BEMB. H. XM. CTESE)
- 1b. *viñêronse á calle è a Guardia Civil cos da República* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *iban cuatro ou cinco para sacala de èlì è tendiana* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *pois vai unhos cuantos anos pois veu o quitanièves de Viana* (CEP. H. XM. CTESE)
- 4a. *è chamábanlle o puèblo da culèbra porque cuando digo* (COV. M. XA. CTESE)
- 4b. *tuvèran que facerlle alí a xente guardia na iglesia* (COV. M. XA. CTESE)
5. *empezaba por exemplo eiquí o fulión cuando ibas alí abaixo* (FFILL. H. XM. CTESE)

Creación do ditongo -au na terminación -ado

Nos substantivos, adxectivos e participios en -ado é moi común a creación do ditongo -au a remate de palabra en alternancia con -ao e -ado. Carballo Calero (1981³): 116) recolle tamén esta particularidade en relación a Fernández Morales (1861) en formas como *arrematao, crio, cuallaos*, onde o *d* é elidido. Este risco lingüístico é compartido tamén co valego (Costas González 1999: 94-95), que no caso destes falares pode actuar incluso no *d*- en posición intervocálica por fonética sintáctica. En relación co ditongo -au, estas son algunhas das mostras que se reflicten no corpus:

1. *que xa bāixaban andando ou mui milloraus* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *quedou un camión aí dous días atrancau* (CEP. H. XA. CTESE)
3. *inda foron o ano pasau a ver as casas* (COV. M. XA. CTESE)
4. *pièl de cabra con pelo pegau todo* (FFILL. H. XM. CTESE)
5. *o ano pasau ou hai dous anos estuvèron bebendo èi* (GRIX. H. XA. CTESE)

Como dicíamos, rexístrase alternancia coas formas en -ao como se reflicte nos seguintes casos, en ocasións nun mesmo informante:

1. *buèno, de que estaba amasao sacábano a un sitio* (CALD. H. XA. CTESE)
2. *con muito cuidao pa que non se fundiran as tellas* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *xa se acabou en dicièmbre do ano pasao* (PEN. H. XB. CTESE)
4. *se algún día é esplotao eso o que van facer è* (PEN. H. XB. CTESE)
5. *è despois levoulla a un chisme que èra un pouco cuadrao* (PIN. M. XB. CTESE)

Presenza e perda da interdental xorda en posición final

É moi común a perda da interdental xorda en posición final nas tres xeracións de falantes, que alterna ás veces coa súa presenza. Este é un risco dialectal común no galego zamorano de Porto e que chega a Portugal, na estrema coa provincia ourensá e que tamén se pode rexistrar en falas do sur e do oeste ourensán como contempla o ALGa III (mapas172-174). No caso do galego zamorano de Calabor, pola contra, si se rexistra a interdental en posición final. Este trazo dialectal tamén se estende a outras variedades do galego exterior; así, no valego a interdental xorda non aparece nunca en posición implosiva nas tres variedades rexistrándose formas como *ve*, *cru*, *capá* ou *veló* (Costas González 1992: 96; 2011: 100; 2013: 150).

Na variedade vianesa trátase dun risco sistemático nas diferentes xeracións. Ora ben, é preciso sinalarmos que non se dá en calquera forma con interdental xorda, de xeito que as palabras máis comúns a esa perda son *rapá*, *ve* fronte por ex. a *dez* ou *paz* que acostuman pronunciarse coa interdental.

Alén disto, nalgúns casos nun mesmo informante alternan a presenza e a ausencia da interdental xorda. Algúns dos exemplos que se rexistran no corpus son os seguintes:

1. *ó siguiènte día fomos outra ve a saca-lo trator* (CEP. H. XM. CTESE)
2. *è a pesca cada ve se pòn máis difícil porque pola culpa* (COV. H. XB. CTESE)
3. *cada ve hai menos xente nos puèblos è nada máis* (FFILL. H. XM. CTESE)
4. *unha ve veu durmir a casa è que andaba por èi è buèno* (GRIX. M. XM. CTESE)
5. *algo tería, algo malo tería o rapá, è buèno* (PIN. M. XA. CTESE)

Realización interdental do [k] no grupo culto -ct-

É un risco moi común en vianés a pronuncia como interdental xorda do [k] do grupo culto -ct-, que se aprecia en diversos contextos no noso corpus e xeracións, característica que se dá tamén noutros puntos do galego e por ex., no castelán de León.

É o caso das seguintes mostras:

1. *cortouse cunha sèrra eléztrica o cuèllo* (CALD. M. XM. CTESE)
2. *sobre vinte è dúas heztáreas ou así falaban* (PEN. H. XB. CTESE)
3. *con tèmpo è collendo práztica tamên* (QPAND. H. XB. CTESE)
4. *na, na aztualidade os Carnavais aquí pois vivímolos* (SOLB. M. XM. CTESE)

Gheada

No que respecta á gheada, un dos marcadores sociolingüísticos galegos máis importantes a carón do seseo, existen varias teses sobre a súa orixe (Fernández Rei 1990: 181-186).

Santamarina (1980: 246-247) refire que a explicación da gheada estaría na evolución orgánica do *g* en posición fraca. A pronuncia orixinaria do *g* galego era a que aínda hoxe se dá en zona de non gheada e no portugués e mais castelán. O fonema /g/ realizábase, segundo este autor, con dúas variantes fonéticas en distribución complementaria: *g* oclusivo, en inicial absoluta ou ben inicial e medial tras *-n*: *galo*, *domingo*, *un galo* [gálo, domínogo, un gálo] e *g* fricativo nas demais posicións: *Lugo*, *o galo*, *os galos*, *carga*, *folgar*, *veiga* [lúyo|oyálo|ozyálos|kárya|folýár|béiɣa]. En determinado momento, a variante fricativa avanza un grao máis no seu proceso de relaxamento pasando a ser aspirada e ao mesmo tempo retrocede no lugar de articulación onde non se usaría a gheada fronte ás formas con gheada.

Zamora Vicente (1986a: 14) fai referencia a que a articulación do *g* característico presenta varios matices, cuxo extremo é [x] semellante ao *j* castelán. Constata a presenza deste fenómeno nas zonas das rías pontevedresas e nas mariñas da Coruña e mantén que no interior avanza cara a determinadas clases o uso dun *g* velar, *gh*, semixordo, moi aberto, que dá a impresión de ser un gargarexo uvular sen chegar á fricación característica da velar xorda castelá *lagharto*. Estes sons aparecen logo no castelán dos falantes galegos.

No tocante á provincia de Ourense destaca o autor os puntos nos que se rexistra gheada: Amoeiro con gheada nas montañas, Nogueira con algúns exemplos aínda que disimulados, Parada do Sil e Castro Caldelas sen gheada, Ourense con gheada nos barrios populares, todo o camiño do Miño de Ourense cara ao mar ofrece gheada de extraordinaria vitalidade: Cortegada, Arnoia, Leiro, Castrelo, Filgueira con absoluta regularidade. De Ourense cara ao sur, buscando a terra portuguesa, a fronteira coincide coa Serra de San Mamede deixando a Limia en terra de gheada e busca a fronteira de Portugal entre O Riós, con gheada e a Gudiña con *g*. O Riós chámalle á localidade veciña Xudiña e esta aproveita este [x] para caracterizar o habitante da Limia. Sinala así mesmo (*ib.*, 18), que a comarca do Ribeiro a emprega con intensidade, Cortega-

da, Arnoia, Filgueira, Ribadavia ao tempo que rememora os estudos de Krüger sobre o léxico rural do noroeste en Galicia, no caso de Ourense destaca a zona de Lobeira, Ourense, Xinzo, Sarreaus (*Ib.*, 16-19).

- 84 Manifesta, asemade, o autor a entrada do *g* cara ao oeste e a coincidencia coa serra citada como divisoria que parece evocar a presenza dos pobos astures no territorio (*Ib.*, 22).

Cando Prieto Rodríguez describe as características do vianés no seu traballo *Notas en col da fala vianesa* (1973: 3), menciona o risco dialectal do *geísmo* para identificar a gheada e sitúao en Verín e na raia con Portugal. No caso de Viana, comenta que Parada da Serra e Veigas de Camba¹⁵ son os únicos puntos do partido xudicial de Viana contaminados por esta peculiaridade e achega nos seus textos algunha mostra¹⁶. Prieto Rodríguez comenta que no partido de Verín son *geístas*¹⁷.

Fernández Rei (1990: 173-175) refire que nos puntos do galego oriental investigados para o ALGa non se rexistrou gheada e que no galego exterior só se ten sinalado a existencia deste innovador fenómeno fonético nos Ancares de León e co que se anchea polo oriente a *lagoa do Cebreiro*, ao mesmo tempo que indica que se trata dun fenómeno insólito no galego oriental (*Ib.*, 143), que só se documentaría na área ancaresa.

En relación a este fenómeno fonético na variedade zamorana de Barxacova (Zamora), Carracedo Arroyo (1977: 19) refire que non se dá gheada, pero que os falantes zamoranos si teñen coñecemento deste fenómeno fonético tanto en posición inicial como intervocálica.

No caso do galego zamorano, na subárea de Porto, este falar caracterízase pola perda do *-g-* precedido de *i* en *embiu* “embigo”, *mía* “miga”, como acontece en falares trasmontanos portugueses, onde se rexistran as formas *fiara* “figueira”, *fiu* “figo”, *fiu-ra* “figura”, *nuaira* “nogueira”, *triu* “trigo” e outras con perda do *g* en contacto con *i* ou con *u*, como sinala Fernández Rei (1990: 146).

Na actualidade, a variedade vianesa non rexistra a pronuncia máis estendida da gheada como faringal ou laringal, agás algunha mostra esporádica. Pola contra, si se rexistra unha realización fricativa uvular en falantes das diversas xeracións, ora ben,

15 A parroquia de Parada da Serra pertence ao concello da Gudiña e a de Veigas de Camba, que desapareceu baixo as augas do encoro das Portas en 1974, ao de Vilarinho de Conso.

16 “Eu o que vou facer e ir hasta a casa da mina mai e perguntar se Dominjo Dominjez esta na casa. Se Dominjo Dominjez esta na casa estonces eu non sei quen ero eu” (Prieto Rodríguez 1958: 154).

17 Taboada Cid (1979: 56) recolle este fenómeno na fala do val de Verín, que se centra no estudo lingüístico de trinta puntos, algúns deles na extrema con Portugal e algún pertencente á área oriental de transición como Ombra, aínda que comenta que non é doado precisar a súa distribución. Alonso Núñez (2011: 117) rexistra gheada na variedade central de Castrelo do Val, pero refire que non se trata dun fenómeno sistemático.

non é un risco sistemático na variedade nin se constata en todos os puntos estudados por nós para este traballo dialectal.

No estudo de referencia das variedades diatópicas do dominio lingüístico galego, Fernández Rei (1990: 167) mantén que a extensión xeográfica deste fenómeno fonético tivo que ser maior á rexistrada no *ALGa* e noutras investigacións, principalmente na provincia de Lugo, onde se percibe como a gheada retrocede amplamente.

Este fenómeno fonético tamén se rexistra nas variedades do valego, onde segundo sinala Costas González (2013: 148) a realización intervocálica maioritaria do /g/ é fricativa uvular sonora semellante á rexistrada na comarca de Valdeorras, en asturiano ou en boa parte da zona setentrional do castelán.

Estes son algúns dos casos nos que detectamos no corpus pronuncia faringal ou laringal:

1. *porque aquilo ghustaba, èra recreativo aquilo* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *eiquí non tiñan nada que, è ghanaban a vida así* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *despois foi o pai do Martín, o Javi a limpia-la augha* (CALD. H. XB. CTESE)

O máis destacable no vianés sería a realización fricativa uvular da que se achegan algúns exemplos:

1. *cun acentazo galego que se nòta a lèghuas* (PIX. M. XB. CTESE)
2. *nos animales ghrandes como pòden ser os còrzos* (PRADR. H. XB. CTESE)
3. *normalmente ghodello, mención, bastardo, doña Blanca* (QHEDR. H. XA. CTESE)
4. *que antiguamente se utilizaba para traballar co ghanado* (SOLB. M. XM. CTESE)
5. *no recreo xoghabamos a, ao de antes, ó da còrda* (VMIL. M. XM. CTESE)

Alteración do -s implosivo. Rotacismo

Este fenómeno rexístrase na maior parte da provincia de Ourense e de Pontevedra, en puntos illados da Coruña, Lugo e no galego do Bierzo. O *s* implosivo diante de consoante sonora en interior de palabra ou por fonética sintáctica pode sonorizar e evolucionar a un *r* fricativo: *derde, lerma, ar vacas, or nenos*, por *desde, lesma, as vacas, os nenos*. Tamén se rexistra, pero con menor extensión xeográfica, ante as consoantes fricativas xordas *f* e *z* (*ar flores, or zocos*), o mesmo ante *x* (*todor xuntos*) (Fernández Rei 1990: 215).

Prieto Rodríguez (1973: 4) recolle este trazo sen unha denominación concreta e refire que se dá un fenómeno intermedio entre *s* e *r*, que se pronuncia situando a lingua nunha posición intermedia entre as devanditas consoantes nas sílabas inversas ou mixtas cando a sílaba seguinte comeza polas consoantes *l*, *d*, *m*, e *p*, co que achega os seguintes resultados: *har de vir*, *prorma* ao tempo que sinala que os vianeses son moi conscientes diso.

Porén, como sinala Lorenzo (1975: 119), este non é un fenómeno que afecte simplemente ás linguas románicas, xa que noutras linguas indoeuropeas tamén se rexistra. Afirmar que é un fenómeno que, ademais de no propio latín, afecta a diversas linguas indoeuropeas como o umbro, xermánico occidental, nórdico, sánscrito ou grego, e en linguas románicas como o francés, dialectos sardos e occitanos ou o portugués. Refire, así mesmo, que é un fenómeno que ten moita presenza en diferentes falas castelás tanto do territorio español como americano.

No caso do galego mantén Lorenzo (1975: 136) que se trata dun risco moi frecuente, pero falta por determinar se se estende a toda a xeografía galega e o grao de acción en cada zona, en todo caso o *r* resultante é fricativo.

Segundo sinala Dubert García (1999b: 367), este fenómeno fonético non foi da atención por parte de diversos investigadores, posto que desde o estudo de Lorenzo (1975), que analiza o rotacismo desde a perspectiva da dialectoloxía románica, o único autor que se fixou neste aspecto fonético desde o punto de vista sincrónico e estrutural foi Domingos Prieto (1988). Alude o autor a que existen boas descripcións distribucionais sincrónicas por parte de Taboada (1979), Pousa Ortega (1987) e López Castro (1990). Porén, os seus autores non se preocupan polas repercusións teóricas que o rotacismo trae consigo. Afirmar Dubert así mesmo, que nin Amable Veiga, autor do estudo máis rigoroso sobre fonoloxía galega (1976) nin Freixeiro Mato na súa *Fonética e fonoloxía* (1988), que “só recolle as achegas doutros investigadores”, se ocuparon deste fenómeno.

Destaca Dubert (1999b: 380 ss) que o rotacismo non ten por que ser un fenómeno regular como si o son outros procesos alofónicos, senón que pode verse sometido a procesos de variación lingüística nas falas en que se rexistra. Deste xeito, nas gravacións recollidas no galego de Santiago para a súa investigación comprobou que os informantes urbanos presentaban un índice 0 de rotacismo e no caso doutros falantes, pola contra, si presentaron o proceso nun estadio de variación onde pode alternar nalgúns casos *s* e *r* ante consoantes fricativas e ante consoantes sonoras.

A norma do rotacismo segundo o autor é que /s/ se transforma en /r/ cando, estando na coda, non vai seguido de pausa ou non vai seguido de consoante marcada como [-continuo]. Pola contra, non actúa se /r/ ocupa o ataque ou ocupa unha coda seguida de pausa ou de segmento [-continuo], /s/ aparece sen rotatizar ante segmentos marcados como [+continuo], por ex. en *as amigas* e aparece rotatizado seguido de

segmentos marcados como [-continuo], como as nasais de a[r] *mans* ou a[r] *nais*. Afirmar que se trataría de resultados aparentes, xa que o rotacismo pode afectar no propio interior de palabra *de/r/de*, entre os significantes dos morfemas *de/r/facer* ou entre os significantes de palabras distintas *ti e/r/ bo*.

Trátase dun fenómeno moi común en vianés nas diferentes xeracións, que se reflicte ante consoante sonora, ante nasal, ante lateral e ante consoante xorda fricativa, mais como recoñecen outros autores non é habitual ante as oclusivas xordas. Algunhas das mostras que se rexistran son as seguintes:

En interior de palabra:

1. *è despois derde que temos eso feito batemos as claras* (BEMB. M. XA. CTE-SE)
2. *è lògo derde que estaba seco había que traelo pa eiquí* (CALD. H. XA. CTIT)
3. *que tamên sabía leva-lo camión, que se chamaba Irmael* (CEP. H. XM. CTE-SE)
4. *èra mirmo por abaixo da nosa è fun hasta alí cuando xa verás!* (COV. H. XA. CTESE)
5. *buèno ela escapouse pra outro puèblo i-alí è marchou dernuda de todo* (GRIX. M. XM. CTESE)

Algunhas das mostras que se reflicten por fonética sintáctica son as seguintes:

1. *que or subían nun cabalo è que lle iba bèn o tratamiènto* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *pèro è un sitio que xa viñèron de múitor lados a mirar* (CALD. H. XA. CTIT)
3. *miramos pa atrás è detrás de nós xa viñan or nòve lobos* (CEP. M. XM. CTE-SE)
4. *èran ar dèz da noite ou por eí serían e dixo: hòme, carallo* (COV. H. XM. CTE-SE)
5. *salíase eí unha aira, iban dour boteiros, que èran os ricos* (FFILL. H. XM. CTESE)

Alteración do -s implosivo. Aspiración

Segundo Fernández Rei (1990: 214) rexístrase aspiración esporadicamente no occidente da Coruña, no concello de Vilalba e mais no Val Miñor (Pontevedra), especialmente cando o s é implosivo non final: *dehde, a'hcoba, dihusto, ¡ti eh parvo!* por *desde, a escoba, disgusto, ¡ti es parvo!*

A aspiración rexistrouna Fernández González (1981: 66-67) na variedade ancaresa de León, onde o *s* final dos pronomes *nós* e *vós* e da P2, P4 e P5 das formas verbais aspira e mesmo pode desaparecer: *non'oh'lo deu*, *non voh'lo deixou* no canto de *non nolo deu*, *non volo deixou*; *quéreh'la*, *deixémoh'lo* en lugar de *quérela*, *deixémolo*.

Aínda que non se trata dun risco sistemático temos que precisar que nas diferentes xeracións se rexistran algunhas mostras deste fenómeno en varias parroquias do municipio en final de palabra.

1. *despoigh de comelas os rapaces vamogh ó pilón* (CALD. H. XB. CTESE)
2. *botábana nogh caldeiros, tiñan que facerlle lume* (PIX. M. XA. CTESE)
3. *despoigh cunha manivèla ir empuxando* (PRADC. H. XA. CTESE)
4. *senón non vivimos, polo menogh que nogh dé* (PRADR. H. XM. CTESE)
5. *nór non agh pintamos, ó teñila con, co tinte natural* (QPAND. H. XB. CTESE)

O fenómeno rexístrase, así mesmo, en posición medial como se reflicte na seguinte mostra:

1. *facendo unha ronda enmaghcaraus con caretas* (RAM. H. XM. CTESE)

Consonantización da semivogal *i*

Na variedade vianesa non se rexistra yeísmo, que é un fenómeno que caracteriza a fala das persoas neofalantes principalmente por interferencia do castelán, e que consiste na pronuncia do fonema lateral palatal como fricativo mediopalatal, producíndose polo tanto a deslateralización. No cuestionario do ALGa en O.17 rexistrouse a palatal lateral tanto nas cuestións relativas a fonética, morfosintaxe e léxico.

Segundo Freixeiro Mato (2006b: 62) o fonema lateral palatal /*ʎ*/ ten unha única realización /*ʎ*/ que só aparece en posición explosiva interior, coa excepción do pronome *lles* e as aglutinacións nas que intervén (*llela*, *lla*, *llos* etc); graficamente represéntase mediante o dígrafo *ll*: *mollado*. Moitos falantes novos das vilas e cidades cambiaron o fonema lateral palatal sonoro /*ʎ*/ por outro fricativo mediopalatal sonoro inexistente no sistema tradicional, de forma que se produce unha forte tendencia á perda do carácter lateral deste fonema, tal fenómeno denomínase deslateralización. En relación con isto, sinala Freixeiro Mato (1998: 180-181), que se non se lle pon freo á influencia fonética do castelán pode constituír un paso irreversible no noso sistema fonolóxico, xa que se estende polo territorio de fala galega e afástase á súa vez do portugués.

Refire o autor que este fenómeno non se pode confundir coa natural realización da semivogal [j] en casos como *maio* ['majo] ou *vaia* ['baja], que nunca deberían realizarse como *mallo* ['mæʎo] ou ['mæjo], pertencente ao verbo *mallar*, nin como *valla* ['bæʎa] ou ['bæja], do verbo *valer*, aínda que, por interferencia do español, tal confu-

sión xa se produza entre os falantes que realizan a deslateralización, principalmente na xente nova. Afirmar Freixeiro, así mesmo, que na pronuncia estándar do galego débese rexeitar a deslateralización por se tratar dun fenómeno alleo que aínda non está consolidado e que se pode evitar.

Segundo Prieto Rodríguez (1958: 14) non existe yeísmo na fala vianesa, xa que se distingue ben entre o *lle* e o *y* e refire que este fenómeno só se rexistra na raia do sur. O que si se reflicte no corpus son casos onde a pronuncia da semivogal *i* se consonantiza nunha fricativa mediopalatal sonora, de xeito que formas como *maio* e *maior* pasan a pronunciarse como [ˈmajo] ou [ˈmajor] nas diferentes xeracións, que nas seguintes mostras do noso corpus marcamos co dígrafo <ll>.

1. *èra un señor mallor, xa de ochènta anos* (CALD. H. XB. CTESE)
2. *empezamos no mes de xaneiro xa pa ir ensallando è ir entrenando a xente* (FFILL. H. XM. CTESE)
3. *tèn mèrito de que a xente mallor siga apostando por axudarnos* (PUNX. H. XM. CTESE)
4. *lévana as mulleres máis mallores* (PIX. M. XB. CTESE)
5. *a xènte mallor xa tampouco..., algunhes si, que lle tira, pèro buèno* (QPAND. H. XB. CTESE)

Conxunción copulativa e en contacto con vogal

Como na maior parte das falas galegas, a conxunción coordinante e en posición antevocálica acostuma ser *i* [j] (*eu i-el, i-os outros*), que moitas veces altera o timbre do *e*, *o*, *a* cos que se agrupa. No galego oriental, amais de *è*, coa variante asilábica *i[j]*, rexístrase *ie*, *ia*, *ía*. A forma *é ia* en Lubián (Zamora) e *ía* nos Ancares de León (Fernández Rei 1990: 103-104).

Este fenómeno segundo sostén Freixeiro Mato (1998: 204-205) tamén se rexistra comunmente na lingua literaria e seguida a conxunción do definido *o(s)* e os indefinidos *mas*. e *fem. un(s), unha(s)*, a súa semiconsonantización pode provocar por disimilación a abertura da vogal seguinte, inclusive en dous graos no segundo caso. Esta influencia amplíase a outro tipo de categorías.

Mantén Regueira (1994: 52-53) que no galego oral existe unha calcada tendencia á contracción de certas secuencias de vogais finais e iniciais de palabras que quedan contiguas no discurso. Este tipo de contraccións segundo afirma o autor nun discurso formal ou elevado tenderán a ser menos frecuentes.

No noso corpus son abondosos os exemplos que se rexistran nas diferentes xeracións, polo que podemos falar dun risco sistemático. Estes son algúns dos exemplos:

1. *coma min ibamos varios da miña quinta i-o día once caeu unha nevada* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *sei onde está o forno i-a aira esa da que vendían a tella* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *i-ò problema del pois foi que meteuse na pradeira* (CEP. H. XM. CTESE)
4. *è despois afogába<n>se as vacas i-òs cochos* (COV. M. XA. CTESE)
5. *por fòtos vèllas i-unhes traxes que había aí* (FFILL. H. XM. CTESE)

Paragoxe do e

Da ampla nómina de fenómenos que producen variación no vocalismo imos tratar só a paragoxe do e por ser un risco moi común e darse noutras variedades próximas zamoranas, como a de Porto. Trátase dunha característica habitual na fala popular e xeral a moitas falas do dominio galego.

Segundo Freixeiro Mato (1998: 113), este fenómeno do vocalismo postónico final consiste na adición dun elemento, polo xeral a vogal e, ao final da palabra. Esta paragoxe dáse en palabras xeralmente oxítonas (ás veces tamén paroxítonas) rematadas en vogal tónica, en ditongo decrecente ou en consoante *-r*, *-l*, *-n*, *-s*, *-z*; é dicir, nas que poden aparecer en posición final de palabra. Sostén o autor que os casos máis frecuentes de paragoxe se producen en palabras rematadas en *-r*, polo que é moi común nos infinitivos. No entanto, tamén pode aparecer en substantivos e adxectivos.

No conxunto do corpus rexístrase practicamente en case todos os casos tras *-r*, especialmente nos infinitivos. Destaca o seu uso principalmente na XM e XA.

Velaquí algunhas mostras do seu uso tras *-r*:

1. *non ê que viñan... viñan estresados de traballar.è* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *è el parece que xa sentía algo vir.e algo do lobo* (CALD. M. XA. CTESE)
3. *i-e díxenlle eu home äsí tèn que andar porque pa traballar.e* (COV. H. XA. CTESE)
4. *porque d' eiquí hai que se escapar.e* (GRIX. H. XA. CTESE)
5. *non vale dicir teño un colmenar.e è olvídome del* (RAM. M. XM. CTIT)

5.2 Morfoloxía

Substantivo e adxectivo

91

Resultados de -ĀNŮM, -ĀNĀM, -ĀNŌS, -ĀNĀS

A variedade vianesa, como contempla o ALGa II (mapas 31, 32) rexistra *irmau* e *irmá* en O.17. Así mesmo, recolle as formas *grau* (mapa 33), *chau* (mapa 35) e *mau* (mapa 37) en O.17; porén, debemos precisar que respecto da forma *verán*, o mapa 36 rexistra en O.17 *ver[ao]*, que no cuestionario do ALGa se anotou como *vrao*, cun o moi fechado. No noso corpus rexistramos maioritariamente a forma *vrau*, que alterna con *vrao* nas distintas xeracións. Respecto do feminino, o mapa 38 rexistra en O.17 *mazá*, tal e como se reflicte no noso corpus.

Algunhas das mostras, resultantes dos grupos latinos mencionados son estas:

1. *supoño que iría no invèrno e no vrau pois faría os traballos eiquí do campo* (BEMB. M. XM. CTESE)
2. *pero nestas maus miñas inda hoxe trago un canastrillo* (COV. H. XA. CTESE)
3. *vas pintando, pintas, dáslle primeiro unha mau, unha capa de pintura* (PEN. H. XB. CTESE)
4. *foi pa tomarlle mau ás patas de atrás da ovella* (PRADR. M. XA. CTESE)
5. *é pasan quinze días, vinte, outra mau, hasta que claro* (QHEDR. H. XA. CTESE)

Resultado das terminacións latinas -ĪNŮM, -ĪNŌS, -ĪNĀM, -ĪNĀS

No galego oriental resulta distintiva a solución *-ín* de *camín*, *padrín*, *vecín* propia das falas do leste de Lugo e do galego de Asturias e do Bierzo (Fernández Rei 1990: 64). Fronte a esta solución da subárea A Fonsagrada-O Courel-O Bierzo, o galego da subárea Valdeorras-Viana, e concretamente o da microsubárea O Bolo-Viana, presenta a solución maioritaria no galego común *-iño* cuxa terminación empregada no masculino e feminino plural sería a de *-iño(s)*, *-iña(s)*, tal como se pode observar no ALGa II (mapas 91, 92). No corpus oral figuran os seguintes exemplos relacionados con substantivos, nalgúns casos con valor apreciativo diminutivo e tamén en nomes propios.

1. *meus irmaus, miñas primas, veciños è demais fumos alí* (CALD. M. XB. CTESE)
2. *cun trator pa facerlle un pouquiño de rodeira pa poder vir* (CEP. H. XA. CTIT)

3. *cambiámorlle un pouquiño è xa ê diferente* (GRIX. H. XB. CTESE)
4. *anque sea pouco un touciño inteiro i-a mitá do outro* (PIX. M. XM. CTESE)
5. *pòr víase que arreo había así como, como se houbèra camiños* (PRADC. M. XM. CTESE)

Resultado de -ĀLĒS, -ŌLĒS (pl. -l)

No tocante aos plurais en *-l* Fernández Rei (1990: 65) sostén que a área de *animais* comprende o galego máis oriental agás a zona norte, xa que no galego de Asturias non se perdeu o *-l* intervocálico, polo que se rexistra o plural *animales*.

Prieto Rodríguez (1958: 14) sinala que os nomes e adxectivos rematados en *-al*, *-el*, *-il*, *-ol* e *-ul* forman o plural en *-áis*, *-éis*, *-íis*, *-óis*, *-úis* de onde resultarían as formas *capitáis*, *papéis*, *funíis*, *recifóis* e *azúis*, respectivamente. Case dúas décadas despois, o autor mantén estes mesmos resultados, pero no caso dos rematados en *-ol* indica que o plural se realiza como no castelán *recifoles*; só hai un rexistro de *recifóis* en Prieto Rodríguez (1973: 3)

Verbo da forma *animales*, Fernández Rei (1990: 65) sostén que máis que dun castelanismo morfolóxico pódese deber a unha evolución xerada polo propio galego, o mesmo que pasou no norte de Portugal, onde os *jornales*, *cordeles*, *funiles*, *faroles*, uns preto de Galicia e outros, como en Matosinhos, afastados do galego non se poden explicar por influxo do español cando o portugués patrón exerce a acción contraria ao ter solución *-ais*, *-eis* etc.

Por outra parte, Mariño Paz (2011: 73-74) sinala que a innovación morfolóxica consistente en manter no plural a consoante final do singular e engadir o alomorfo *-es* (*catedrales*, *sotiles*) presentábase en porcentaxes residuais, a excepción da *Crónica de Castela*, a *Crónica Particular de San Fernando* da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312) e do *Libro de notas* de Álvaro Pérez (1457). Sostén, así mesmo, o autor que os casos nos que se deron foi debido a traducións servís dos textos ou das fórmulas notariais castelás que se estaban a verter para o galego, talvez pola analoxía exercida polo modelo de palabras que formaban o plural engadindo *-es*, pero sen eliminaren a consoante final do lexema (*amor-amores*) coma polo daqueles polisílabos non oxítonos e monosílabos terminados en *-l* no singular que nunca ou raramente coñeceron outra solución para os seus plurais (*vales*).

O incremento do número de individuos bilingües con coñecemento activo do galego e do castelán que se produciu sobre todo no séc. XX propiciou o avance da variante desta variable morfolóxica que supoñía unha converxencia co único idioma oficial en España durante a maior parte da Idade Contemporánea (*animales*, *españoles*...). Durante os séculos XVI, XVII e XVIII produciuse en galego unha certa progresión dos

plurais rematados en *-les* para o tipo de nomes polisílabos agudos que Mariño Paz estuda no seu traballo, mais é probable que no galego oral das clases populares este avance fose menor ca o que se observa nas fontes escritas que se conservan da época.

A variante *animais* seleccionada para o plural no estándar galego vai sendo incorporada aos repertorios lingüísticos de certos falantes con estudos e fasquía urbana, de tal xeito que os plurais en *-is* van entrando en variación contextual coa solución popular converxente do español (Mariño Paz 2011: 75-76), ao tempo que os plurais do estándar dominan case por completo no galego escrito, literario ou non, publicado desde a década de 1980 ata hoxe. Estes plurais habían convivir na lingua oral e escrita coas formas *animaes*, *animás*, *animals*.

É preciso argumentarmos que na toponimia do concello de Viana do Bolo se rexistra a forma *Rubiales*, que aínda que no *Nomenclátor* (VV.AA. 2003) figura o termo *Rubiais*, na fala comunmente é *Rubiales*, termo que tamén figura no *Catastro de Ensenada* (1753) e que rexistramos en varios informantes do municipio. Na variedade portexa rexístrase o plural en *-aes* (*animaes*), non obstante, Rodríguez Lago (1974: 5) só rexistra *-ais* (*animais*).

Neste senso temos que sinalar que na variedade vianesa se documentan tanto as formas *animais* como *animales* nas tres xeracións, como podemos observar nas seguintes mostras, cun caso onde as dúas solucións aparecen no mesmo sintagma (“nos portales dos currais”, ex. 1):

1. *están traballadas, nos portales dos currais* (PRADC. H. XA. CTESE)
2. *de animales que aquí lle dan* (PRADR. H. XB. CTESE)
3. *mêtese en garrafón de cristales* (QHEDR. H. XA. CTESE)
4. *que tiña semillas orixinales de fai muitísimo tempo* (QPAND. H. XM. CTESE)
5. *como non tedes clases presenciales...que esa tamén é outra* (QUMO. M. XB. CTESE)

Resultado de *-ĀNĒS*, *-ŌNĒS* (pl. *-n*)

A zona oriental presenta as formas *cais*, *ladrois* características de todo o galego oriental, incluído o falado no occidente de Asturias, León e Zamora e a forma *-ais* / *-aes*, *-ois* / *-oes* no Bierzo oriental fronte aos plurais *cans*, *ladróns* do occidente da Coruña, de Pontevedra, suroeste de Ourense e falas do sur do Val de Verín próximas a Portugal; a solución *cas*, *ladrós* é propia do nordeste e do interior da Coruña, do interior de Pontevedra e das provincias de Lugo e Ourense segundo sinala Fernández Rei (1990: 67).

En variedades próximas como a zamorana de Porto rexístrase -aes; e en Barxacova, Carracedo Arroyo (1977: 24) documenta a alternancia nos plurais entre -aes (*paes*) e -ais (*país*) como resultados de -ĀNĒS e no caso de -ŌNĒS, -ois, mais alude que a forma *mentón* ofrece dúas posibilidades co plural etimolóxico en *mentones* e *mentois* como forma evolucionada.

Prieto Rodríguez (1958: 14) sinala que os nomes e adxectivos rematados en -an, -en, -in, -on, -un realizan o plural engadindo o sufixo -áis, -éis, -íis, -óis, -úis de onde resultarían as formas *capitáis*, *sartéis*, *calcetíis*, *remendóis* e *algúis*, solucións que rexistra nun traballo posterior (Prieto Rodríguez 1973: 14).

Como corresponde á maior parte da zona oriental, na variedade vianesa os plurais resultantes de -ĀNĒS son en -ais e os de -ŌNĒS en -ois como podemos ver nas mostras pertencentes ás diferentes xeracións:

1. *aquela casa pois tèn habitaciois, todo era pa hospedar os que viñan ór baños* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *o que nos sobrava llo dabamos ós cais* (CALD. H. XB. CTESE)
3. *son mui roñois, el era mui roñón* (CEP. M. XA. CTESE)
4. *había unhas res carallo i-onhos cais grandes grandísimos* (COV. H. XA. CTESE)
5. *antes o que se facían eiquí, eran unhas reuniois* (FFILL. H. XA. CTESE)

Plural do tipo pé-peis, verdá-verdais

Fernández Rei (1990: 67) rexistra como esporádico o uso de formas como *verdai* por todo Ourense. Debemos sinalar ao respecto que no vianés pola contra é moi común o uso das formas *verdá* en alternancia con *verdai* no sing., *verdás* e *verdais* no pl., como ocorre no galego de Zamora e parte do Bierzo onde se rexistra *pé-peis*, *verdá-verdais*. Nestas formas, o hiato resultante da perda do -d- no plural resolveuse nun ditongo PEDES>pees>peis, VERITATES>verdades>verdaes>verdais.

O ALGa II (mapa 101) non rexistra información respecto da forma *verdade* no punto O.17, pero en variedades próximas da Mezquita (O.24), Porto (Z1), Lubián (Z2) e Hermisende (Z3) rexistra *verdai*.

Prieto Rodríguez (1973: 6) documenta que se recolle *verdái*, *mitái* en alternancia con *verdá* e *mitá*; e en variedades próximas como a da Gudiña, Rodríguez Cruz (2002: 19) documenta *verdai* e *mitae* e no falar de Hermisende *verdai*, *realidai* e *metai* (Rodríguez Cruz, 2007: 25). Non obstante, as formas *verdá*, *falsedá* son comúns tamén noutras variedades como a da comarca ferrolá, pois Porto Dapena (1977: 141) sinala que nos substantivos acabados en -ade se perde por castelanismo o -e, e o -d-, ao pasar a posición implosiva tamén desaparece, pero reaparece no plural: *verdá*, *verdades*.

O uso da forma *peis* reflíctese en Álvarez Pousa e Costas (2002: 18, 32, 38, 44...), nunha escolma de autores bercianos que escribiron poesía nesta variedade oriental e que resulta de moito interese a nivel lingüístico para o coñecemento desta fala estremera, amais da propia obra de Fernández Morales (1861). Nesta antoloxía poética a carón da forma *peis* tamén se documentan os termos *hospitalidá* (17), *bondá* (21), *verdá* (38), *habilidadá* (52), *inmensidá* (60)...

No valego rexístranse resultados *-dai*, *-ai*: *metai*, *realidai-realiai*, *verdai*, *bondai*, *ci-dai-ciai*, *velocidai*, *velociái* (Costas González 1999: 95) como no galego suroriental das Portelas.

Na variedade vianesa este é un fenómeno común nas diferentes xeracións; non obstante, é maioritario o uso da forma *verdá* respecto de *verdai*. Na XB poden concorrer nunha persoa informante a solución popular *-á* e a estándar *-ade*, como se ve nas formas “biodiversidá” e “biodiversidade” da mostra (4) da serie que a seguir figura tirada do noso corpus:

1. *dille que é verdai o que che pasou* (CEP. M. XA. CTIT)
2. *establecen un panèl vertical, panèl dividido á mitá* (GRIX. M. XM. CTESE)
3. *è a min que me impòrta que este teña a miña edá* (PIX. M. XB. CTESE)
4. *da biodiversidá así en general / inflúe bastante na biodiversidade da zona* (PRADR. H. XB. CTESE)
5. *non demasiada cantidá de leite però de mui boa calidá* (QPAND. M. XM. CTESE)

Artigo

Artigo determinado. Formas do artigo *-lo(s)*, *-la(s)*

Na maioría das falas galegas existen os alomorfos *-lo(s)*, *-la(s)*, mesmo coa preposición *por*, pero hai casos nunha pequena zona do centro e suroeste de Ourense onde é total a inexistencia das formas *-lo(s)*, *-la(s)*, mesmo coa preposición *por* (*por o día*, *por a noite*, *vou ver os nenos*, *¿vistes os nenos?*) (Fernández Rei 1990: 68). No caso do vianés rexístranse algunhas mostras sen o alomorfo, ora ben, é un uso menos frecuente, posto que nas diversas xeracións é xeral a presenza dese alomorfo.

No noso corpus rexistramos os resultados onde non hai representación do alomorfo:

1. *èran ar dúas da mañá cuando volveu de noite soliño por o monte* (COV. H. XA. CTESE)
2. *normalmente non pòdes empezar nunca por a manga* (GRIX. M. XM. CTESE)

3. *os boteiros de Viana van correndo por as casas è lèvan as esquilas* (PIN. M. XB. CTESE)
4. *pois, xa de ter que estar pagando (...), pois ir todos os días* (QUMO. M. XB. CTESE)
5. *cuando chegamos alí, empezámorlle a decir os versos* (VMEAU. H. XB. CTESE)

Non obstante, na maioría dos casos figura este alomorfo como se pode apreciar nas seguintes formas:

1. *porque se èras amigo è ibas a cava-la hòrta* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *tiña unha morea de uces grandísima pa poderlle meter ó forno pa face-la tella* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *è foi a muxi-las vacas* (CEP. M. XA. CTESE)

Artigo indeterminado *unhos* / *unhes* / *uis* - *unhas* / *úas*

Verbo do artigo indeterminado *un* no plural alternan as formas *unhos* / *unhes* / *uis* nas diferentes xeracións. Non obstante, é preciso sinalarmos que é maioritario o uso da forma *unhes* fronte a *unhos* nos diferentes informantes e puntos enquisados para o traballo.

No caso do galego zamorano, Carracedo Arroyo (1977: 28) documenta no mas. sing. os artigos *u*, *un*; fem. sing. *ua*, *unha*, *una* e no mas. pl. *us*, *uis*, *uns*, *unhos*, *unos*; fem. pl. *unhas*, *unas*.

O ALGa II (mapa 219) rexistra en O.17 a forma *unhos*, pero non a variante *unhes*. Así mesmo, recolle con referencia ao punto O.8 (Larouco) que a persoa enquisada refire respecto da forma *unhes*, que o seu uso está relacionado con informantes pouco instruídos. En puntos próximos O.24 (A Gudiña), Z.1 (Porto) e Z.2 (Lubián) recolle *uis*, que no caso de Porto alterna coa variante *us*.

Alternan os plurais *uis* e *unhes* nalgúns casos e noutros *unhos* - *unhes*, pero esta é a forma maioritaria que se rexistra no noso corpus. Algunhas mostras do plural do artigo indeterminado *un* son as seguintes:

1. *están sòlo unhes èi nas oficinas* (PEN. H. XB. CTESE)
2. *i-èran uis carnavaís nos puèblos bonitos* (PRADR. M. XM. CTESE)
3. *levamos unhes boteiros, van dous ou tres boteiros* (RAM. H. XM. CTESE)
4. *encontrouse cunha mòra è deulle unhos carbois* (RUB. M. XA. CTESE)
5. *houbo uis que marcharon pa Chile* (VSER. H. XM. CTESE)

A forma do feminino do artigo indeterminado *un* é *unha* como na maior parte das falas galegas, Fernández Rei (1990: 69) documenta a presenza da variante *úa* nalgún punto do leste de Ourense. No caso do vianés constatamos mostras esporádicas de *úa* e nos Ancares de León consérvase a forma medieval *ũa*, antecedente do galego común *unha*, da portuguesa *uma* e de *úa*, forma xeral no galego de Asturias, aínda que tamén se rexistra *unha* en puntos próximos a Galicia e a variante *o* en San Martín de Oscos. Achegamos unha mostra de exemplos de artigo indeterminado fem. do corpus:

1. *facíámoslle unhas raias è lògo picábamos cos guizos* (CEP. M. XA. CTIT)
2. *eiquí collía unha muller èí contra a parede* (FFILL. H. XM. CTESE)
3. *è unha mullèr dícame: ... que puñían dous paus grandes* (PRADC. M. XM. CTESE)
4. *unhas casetas abandonadas que èran da xente da sèrra de Pías* (SOLB. M. XM. CTESE)
5. *aprosimadamente sobre unha hora è media* (VSER. H. XM. CTESE)

Pronome persoal

Suxeito pronominal *ti* / *tu*

A forma característica do galego oriental é *tu*, fronte ao *ti* do galego común e das falas occidentais e centrais que estremen con estas e que a mediados da década de 1970 tamén ía penetrando na provincia de Lugo (ALGa II: mapa 151). É a forma que rexistra Prieto Rodríguez (1948, 1958, 1973) e que tamén se documenta noutras falas do galego oriental como a do Val de Suarna (Santamarina 1973).

Na variedade vianesa, tal e como rexistra o ALGa II (mapa 151) recóllese a forma *tu*, que é propia dunha ampla zona do territorio do dominio lingüístico galego. En sentido xeral, esta forma está a ser solapada polo pronome *ti*, e noutras áreas marxinais como a de Goián (Pontevedra) alterna con *tu*, mais no vianés apenas se rexistran casos da forma estándar.

Alén disto é preciso sinalarmos que no galego literario a forma *ti* tivo forte penetración e varios autores fixeron uso dela na súa obra, aínda que na xeneralidade da provincia de Ourense a forma orixinaria é *tu*. Así, autores orixinarios da zona do galego oriental como Delgado Gurriarán (vide Álvarez Pousa 2020) e doutras zonas ourensás (véxase López Varela 2001, en referencia á lingua de Curros Enríquez) destacan na súa obra literaria polo emprego de *ti* fronte a *tu*, que sería a propia nestas zonas.

Algunhas mostras do uso de *tu* que se reflicten no noso corpus son as seguintes:

1. *tu chegabas alí è èra imposible (...)* (CALD. M. XB. CTESE)
2. *è despois outro que tamén sabías tu que decía* (CEP. M. XA. CTIT)
3. *tu, por que falas o castellano?* (PIX. M. XB. CTESE)
4. *claro tu o máis visible son os animais grandes* (PRADR. H. XB. CTESE)
5. *tu recòlles unha cebola na creciènte, na lúa creciènte* (QPAND. M. XM. CTESE)

Suxeito pronominal *nós* / *nosoutros*, *vós* / *vosoutros*

Do latín NŌS e VŌS proceden *nós* e *vós*, con [o] pechado de falares do galego oriental, e *nôs* e *vôs*, con abertura, probablemente, por analoxía con *nòso*, *vòso*, que son as formas maioritarias. Na metade norte da provincia de Lugo, no extremo norte da provincia da Coruña e no galego de Asturias, as formas *nosoutros*, *nosoutras* e *vosoutros*, *vosoutras* son as únicas que se rexistran como suxeitos; parecen, a vulgar polos datos actuais formas estrañas á provincia de Ourense, á metade Sur da de Lugo e á metade oriental da de Pontevedra, pero probablemente existiu tamén dentro desta zona a diferenza entre o inclusivo *nós* e o exclusivo *nosoutros* (Fernández Rei 1990: 75).

Segundo Álvarez (2009: 206) en relación co indicado polas *Normas* do ILG e a RAG estes pronomes non serían exactamente equivalentes, posto que as formas *nosoutros* e *vosoutros* delimitan un grupo establecido no contexto ou coñecido polo interlocutor e *nós*, *vós* non establecen ningunha delimitación con respecto aos demais. Afirmar a autora que a presenza da variante con vogal pechada, moi conservadora no galego oriental (ALGa II, mapas 146 e 147) e co asturiano occidental reforza o carácter autóctono da variante secundaria; nos dialectos asturianos *nós* é minoritaria fronte á forma composta.

Para a realización fonética do suxeito pronominal *nós*, *vós* véxase 5.1. onde se recollen casos con fechazón e abertura do timbre. Algunhas mostras das formas *nós* e *vós*, cuxa realización se realizaría con o pechado etimolóxico son as seguintes:

1. *nós pasamos pa dentro, volvemos pa atrás* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *vós tendes eiquí unha ferramenta neste sitio* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *ê verdá que vós inda fostes á escuela* (COV. H. XA. CTESE)
4. *van cantando os Reis, cantémolos nós tamén* (PIX. M. XA. CTESE)
5. *dígolle mutas veces ôr netos en boa época nacistes vòs* (PRADR. M. XA. CTESE)

Formas de acusativo do pronome átono de P3

Segundo Fernández Rei (1990: 78) o pronome átono de acusativo é *o(s)*, *a(s)* cos alomorfos *lo(s)*, *la(s)* e *no(s)*, *na(s)*. A variante *lo* aparece despois de *-s* ou *-r*, ao igual que as segundas formas do artigo: *xa o ves*, *síntoo*, pero *¿quérelo ver?*, *vou velo*; o alomorfo *no* rexístrase tras unha forma verbal rematada en ditongo: *seino*, *haino*, *deixeino*, *deixouno*, *colleuno*, *partiuno*, *faino*. 99

Tras forma verbal rematada en ditongo o pronome pode seguir sendo *o(s)*, *a(s)*: *partiuno*, *deixouo*, *canteio* no canto de *partiuno*, *deixouno*, *canteino* do galego común. A inexistencia do alomorfo pronominal *no* tras ditongo é característica do galego oriental, agás a zona asturiana de *deixoulo*, e das falas da Limia Baixa, do sur de Pontevedra e do occidente da Coruña. As formas *seio*, *canteio* teñen menor extensión ca *partiuno*, *deixouo* (*Ib.*,79).

Na variedade vianesa trátase dun risco sistemático, velaquí algunhas das mostras:

1. *nós non vimos nada, ó millor ela viuas* (CEP. H. XA. CTIT)
2. *è xa digo, despois colleuo o embalse* (COV. M. XA. CTESE)
3. *facíaselle noite e viuo de lèxos* (GRIX. M. XM. CTESE)
4. *tirouse del de rodillas e arresponsouo è díxolle* (PIX. H. XA. CTESE)
5. *eso acordouo algunha mullèr deste puèblo* (RUB. M. XA. CTESE)

Variantes de *lle*

Como acontece na maioría das falas galegas a forma do dativo de P 3 é *lle*. En falas próximas do galego de Zamora rexístrase a variante *le*, que é característica de falas do norte de Portugal. O pronome *le* é propio dos concellos de Lubián e Hermisende e noutros puntos do galego oriental documéntase a variante *ñe*, que aparece regularmente tras nasal (*dixéroñe*, *ño queiras*) (Fernández Rei 1990: 79-80).

Na variedade vianesa rexístranse, xa que logo, diversos exemplos do dativo *lle* dos que se achegan as seguintes mostras:

1. *que lle iba bèn o tratamiènto* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *chamábanlle o puèblo da culèbra* (COV. M. XA. CTESE)
3. *que aquí lle dan de, de fòrma non equivocada* (PRADR. H. XB. CTESE)
4. *cambiándolle a auga, porque tèn que estar fría* (QHEDR. H. XA. CTESE)
5. *tamên se lle afogara no nacedeiro outro fillo* (SMP. M. XA. CTESE)

Esporadicamente, atópase algún exemplo coa variante *ñe* en alternancia con *lle*:

1. *ó te-los irmaus, pois, axudábañe è botábanlle unha mau* (SEV. H. XM. C.AC-TUAL)

Resultado das formas arcaicas *lles-lo(s)*, *lles-la(s)*

100 Fronte á solución *llelo(s)*, *llela(s)* propia de case todo Lugo, metade oriental da Coruña e galego de Asturias e parte do Bierzo onde se rexistra *llelo* (*déillelo a teus pais*), na variedade vianesa como corresponde á maioría das falas galegas recóllese *llo*, coa inexistencia dunha oposición *lle* / *lles* (Fernández Rei 1990: 80).

Como sinala Álvarez (1994: 134), para unha parte de Galicia a forma *lles* non é común entre os falantes dunha ampla zona da provincia de Pontevedra, Ourense, zona galega de Zamora, os dous terzos occidentais da provincia da Coruña e unha franxa que ocupa de leste a oeste ao sur de Lugo. De aí, que a rendibilidade da oposición *lle* / *lles* sería un trazo lugués que ocupa case toda a provincia de Lugo e mais os territorios coruñés, asturiano e leonés limítrofes.

A non distinción entre *lle* / *lles* é unha marca que tamén podemos ver tanto na lingua estándar escrita como oral en varios casos onde figura a forma *lle* no canto da forma de plural *lles*. Destaca a autora, así mesmo, que no portugués ocorre algo semellante, posto que nunha parte se realiza a distinción entre *lhe* / *lhes* como no cadrante nororiental galego e doutra só presenta a forma *lho*, *lha*, *lhos*, *lhas* para a concorrencia co pronome acusativo, sexa singular ou plural a persoa do CI (Álvarez 1994: 136).

Na variedade vianesa prodúcese unha neutralización entre as formas *lle* e *lles* en favor de *lle*, polo que se usa *lle* tanto para singular ou plural en calquera contexto sintáctico e informativo. O uso da forma neutralizada *lle* para singular e plural reflíctese nos seguintes exemplos:

1. *chamaban os das izquièrdas, chamábanlle os roxos* (PIN. M. XA. CTESE)
2. *puñan dous paus grandes è despois amarrábanlle unhas...* (PRADC. M. XA. CTESE)
3. *entonces prefieren ter un jefe que lle pague a fin de mes* (QUMO. H. XM. CTESE)
4. *invitalas a tomar algo, que se lle pagaba normalmente* (THED. H. XA. CTESE)
5. *mêtenlle petardos, vístenos, còlganos na plaza* (VMEAU. H. XB. CTESE)

Formas de tratamento

Freixeiro Mato (2006a: 121) fai referencia ás formas de respecto (*mi(s)*, *tu(s)*, *su(s)*, *noso(s)* / *a(s)*, *voso(s)* / *-as*) acompañando os substantivos *padre*, *madre*, *tío*, *señor*, *amo* e o plural *padres*, que hoxe se rexistran só en determinados ámbitos coloquiais e na literatura popular e que semellan ter influxo do castelán. No noso corpus rexístranse algúns casos desta forma de respecto en informantes da XA referidos a *padre*, *madre* e *padres*:

1. *meu padre estuvo na guerra* (THED. H. XA. CTESE)
2. *deixou a miña madre, miña abuèla i-o abuèlo* (THED. H. XA. CTESE)
3. *decían os padres que había que tirar unha pèdra* (THED. H. XA. CTESE)
4. *miña madre que en paz descanse* (CALD. H. XA. CTESE)
5. *chamabámoslle a madre, a madre do Carballal* (CEP. H. XA. CTIT)

Prieto Rodríguez (1973: 21) rexistra as formas *mimá*, *mipá* para nomear cariñosamente a nai e o pai, respectivamente.

Este é un risco tamén compartido co portugués como rexistra Santos (1967: 245-246), que sinala que é xeral en toda a rexión de Trás-os-Montes o uso das formas de tratamento de respecto para aquelas persoas maiores e da familia. Aínda que vai caendo en desuso coas formas *senhor pai*, *senhora mãe*, *senhor padrinho*, que foron moi comúns en portugués principalmente a partir do séc. XVI, época na que substituíron as máis arcaicas *padre senhor* e *madre senhora*.

Vós tamén sería unha forma de respecto do portugués antigo que se usa comunmente na rexión de Miranda e nos concellos de Bragança, Vimioso e Mogadouro dirixido a persoas consideradas, pais, avós, tíos e incluso irmáns, á parte de propio no portugués arcaico de uso nos falares de León e tamén en decadencia. Outro tratamento de respecto sería o de *senhor* dirixido amais de a familiares, acompañado nalgúns casos do nome propio, e falando deles na propia familia, o tatamento de *ele* / *eles* usado para a persoa coa que se fala tamén se rexistra en Vimioso.

No galego actual, o trazo común no pronome de P2 propio do bloque oriental é *tu*, a modalidade de cortesía sería *usté* por influxo do castelán, e *tiu* ou *señor*. O ALGa II (mapa 157) documenta como forma máis común a variante *usté* considerado castellanismo, a carón das formas *vostede*, *ustede* e *vosté*, que alternan entre elas a carón da forma *usté*.

O tratamento arcaico con *vós* no canto de *vostede* rexístrase esporadicamente no occidente coruñés. O uso de *vós* é para tratamento con familiares ou veciños que pola súa idade merecen un especial respecto, segundo sostén Fernández Rei (1990: 76).

Prieto Rodríguez (1973: 6) destaca que nas terras do sur do partido xudicial de Viana se emprega *osté* e nas do norte, *vostede*.

Álvarez (1999: 209), que se basea en tres obras de Prieto Rodríguez (1948, 1958, 1978) e na obra de Cortés Vázquez (1976, reeditado en 2003) para o estudo do tratamento en galego, sostén que o tratamento de respecto se centra nunha desviación, sempre pola vía de reproducir lingüisticamente o afastamento que se incentiva socialmente: uso da P3 en lugar da P2, uso de formas léxicas no canto das pronominais. Afirma a autora que as condicións extralingüísticas en que cómpre usar este

tipo de tratamento, así como as marcas lingüísticas en que se basea deben determinarse en cada sistema e en cada momento histórico, xa que se trata de prácticas sociolingüísticas suxeitas a continua mudanza.

- 102 Cando fala das formas de tratamento a partir da análise de contos populares, menciona a forma *tiu* para designar as persoas maiores da aldea e refire que establece un grao de xerarquización determinado pola idade (*ib.*, 221). Isto segue moi vixente na lingua vianesa, principalmente na XA, para referirse a persoas de idade maior como forma de tratamento, tal e como podemos apreciar nos seguintes casos a carón das formas *señor* e *don*:

1. *quèn sabe quèn sería porque èra don Pedro Sièrra* (GRIX. H. XA. CTESE)
2. *eso contoumo o tiu Diotino* (PIX. H. XA. CTESE)
3. *è decían que fora a tía Patricia que o embruxara* (RUB. M. XA. CTIT)
4. *pertenecía a unha señora que èra a señora Reinalda* (SOLB. M. XM. CTESE)
5. *ese señor, un tal día de Reis pois iba co ganado pá sèrra* (VSER. H. XM. CTESE)

Así mesmo, sostén Álvarez (1999: 225) que a única posibilidade de chamar a alguén polo nome co tratamento cortés é coa fórmula *tiu* / *tía* máis o nome, equivalente á actualmente máis estendida en Galicia *señor* / *señora* máis nome.

Na variedade vianesa, principalmente na XA e XM destaca un uso da forma de cortesía *usté* como tratamento a pais e avós; porén, é unha forma que vai en retroceso a favor do tratamento con *tu*.

No noso corpus, en xeral, rexístranse a forma *usté* en alternancia con *osté* e *us-tez*. En relación con isto, Álvarez (2000: 152) sinala que a forte presenza da forma *usté* nalgúns áreas suplantou as formas preexistentes (con *el*) e non se debe a un cambio de *vostede* - *vosté* por *usté*, o que tamén ocorreu no occidente coruñés coa forma *usté* suplantando a *vós*. Non se rexistran no noso corpus casos da forma de tratamento *el*, que Álvarez (2000: 151) sinala que xa foron caendo en desuso, aínda que se documenta nalgúns lugares de Galicia esporadicamente, só se rexistra en persoas moi maiores.

En variedades próximas como a portexa, Rodríguez Lago (1974: 5) comenta que a forma que se emprega no galego zamorano de Porto é *ustedede*. No Bierzo, Bello Garello (2010: 221) rexistra a variante *usté*.

Segundo sinala Ramallo (2000: 477) era común no ámbito rural os fillos dirixírense aos pais utilizando o pronome de respecto, uso que sinala estar desaparecido na actualidade. Na variedade vianesa segue vixente este tratamento, fundamentalmente na XM; non obstante, é minoritario fronte ao non tratamento de respecto.

Verbo da forma de tratamento *vostede* no vianés alternan *usté* e *ustez*, como podemos ver nas seguintes mostras, aínda que é maioritario o uso de *usté*:

1. *ahora vamos a Pixeiros è tèn que vir usté con nós* (CALD. H. XA. CTESE)
2. *que ó millor ustez conôcea* (CEP. M. XA. CTESE)
3. *cuando veñan a petar eiquí na pòrta a ver a usté que lle fai* (COV. H. XA. CTESE)
4. *buèno eu si un día usté tèn eso e me enseña como se fai* (GRIX. M. XA. CTESE)
5. *usted empèce por èi i-eu mírolle a ver como fai usté* (PIN. M. XA. CTESE)

Variantes fonéticas dos demostrativos (e pronome el)

Fernández Rei (1990: 69-73) sostén que o sistema de demostrativos galegos presenta distintos paradigmas segundo a realización do xénero masculino, feminino e neutro:

- A) *Este, esta, esto* maioritario no territorio.
- B) *Iste, esta, esto* da maior parte de Ourense e sur de Lugo.
- C) *Este, esta, isto* que se rexistra no extremo nordeste da Coruña e centro e sur de Pontevedra.
- D) *Este, esta, isto* que se documenta nalgúns puntos do Baixo Miño e do Condado.
- E) *Iste, ista, esto* que abrangue parte do sur de Lugo.
- F) *Iste, esta, isto* que aparece en Lobios.
- G) *Iste, ista, isto* rexistrado en Viana do Bolo.

Esta clasificación sería tamén recollida posteriormente en Rodríguez Valcárcel (1995: 34).

O paradigma correspondente á variedade vianesa é o A, maioritario en Galicia, cuxas formas de masculino son *este, ese, aquel*; feminino *esta, esa, aquela* e o neutro *esto, eso, aquilo*. Fernández Rei (1990: 73) sostén que na terra ourensá de Viana pode rexistrarse un paradigma G con vogal radical *i* nos tres xéneros: *iste, ista, isto*. Temos que sinalar ao respecto que en ningunha das entrevistas realizadas se rexistran estes datos nin nunca se escoitaron na variedade. O sistema de demostrativos, xa que logo sería o que se reflicte na seguinte táboa.

Masculino	Feminino	Neutro
este (s)	esta(s)	esto (s)
ese (s)	esa (s)	eso (s)
aquel (es)	aquela (s)	aquelo (s)

Táboa 3. Sistema de demostrativos no vianés
Fonte: Álvarez Pousa (2021)

Así mesmo, logo de facer unha análise sobre o uso dos demostrativos a través de dez textos dialectais de diferentes puntos e cinco obras literarias do século XX, Rodríguez Valcárcel (1995: 39) chega a diversas conclusións sobre o seu emprego e corrobora o contemplado por nós, dado que sostén que o sistema que se rexistra é o maioritario do galego e non o referido na dialectoloxía galega por Fernández Rei. Engade a autora que no caso do demostrativo *eses* alterna coa forma *esos*.

Fronte a algunhas falas orientais onde se conservan os plurais etimolóxicos *estos*, *esos*, *aquelos* (*-aquellos*) e mais o pronome persoal *elos* (*-ellos*), fóra do galego oriental tamén poden rexistrarse *estos*, *esos*, que hai que considerar castelanismos morfolóxicos froito da interferencia lingüística, de igual xeito que se rexistra *estes*, *eses* en castelanfalantes por influxo do galego. No corpus co que traballamos rexístrase algún caso moi esporádico destas formas:

1. *todos estos grupos dos que che falaba* (VDB. M. XM. C.AGO)
2. *non porque èra así un cacho de, así chairo destes* (COV. M. XA. CTESE)
3. *sonche mui especiais, mui especiais en estos días* (VDB. M. XM. C.AGO)

Algunhas das mostras do demostrativo masculino que se rexistran son as seguintes:

1. *este ano vai ser a dècima* (PUNX. H. XM. CTESE)
2. *foron a ese penedo a dar voces que acudisen* (PRADR. M. XA. CTESE)
3. *i- aquel èra o que dirigía a* (PIX. H. XA. CTESE)

Respecto do demostrativo feminino *estes* son algúns dos exemplos:

1. *sobre todo as mullères estas* (FFILL. H. XM. CTESE)
2. *eu vía esas casas como cheas de, cheas de maxia* (SOLB. M. XM. CTESE)
3. *cuando viñan aquelas nevadas tan grandes* (PEN. H. XA. CTESE)

Rexístranse casos do neutro nos seguintes exemplos:

1. *pois esto i-esto pasoume* (CEP. M. XA. CTESE)
2. *e por eso en realidá nos queriamos pasar a Zamòra* (PRADR. H. XA. CTIT)
3. *mui bonito aquilo, èra mui bonito* (FFILL. H. XA. CTESE)

Prieto Rodríguez (1958) rexistra as formas *este*, *esta*, *esto* en alternancia con *iste*, *ista*, non documenta formas do neutro. As mostras do concello de Viana depositadas no AGO do Instituto da Lingua Galega son dos anos 1997, 1999, 2002, amais de seren escasas non resultan definitorias para a representación da variedade vianesa, pois só están recollidas en catro parroquias contiguas situadas na mesma zona norte do municipio. Non obstante, nestas mostras non se rexistra tampouco o paradigma G contemplado polo devandito autor da dialectoloxía galega, simplemente un uso moi esporádico da forma *estos* no masculino plural do demostrativo, como sinalamos anteriormente.

En relación con isto, Rodríguez Valcárcel (1995: 48) sinala que nos textos dialectais aparece un único sistema de paradigma ás veces coas variantes morfolóxicas *estos*, *esos*, *aquelos* por influxo do castelán e que nas obras literarias pola contra non se atopa un paradigma coherente, polo que resulta difícil establecer cales son as formas maioritarias.

Sistema de posesivos

Fernández Rei (1990: 73) sostén que no occidente da Coruña e no galego oriental, especialmente na zona de Asturias e dos Ancares de León, o sistema masculino é *meu*, *teu*, *seu*, coa conservación dos arcaicos *tou*, *sou*; por analoxía con estas formas a primeira persoa pode ser *mou*. En galego común rexístrase *meu*, *teu*, *seu*, no que as dúas últimas formas son analóxicas de *meu*.

No galego da área zamorana na microsubárea Lubián-Hermisende rexístrase *meu*, *tou*, *sou* a carón das formas analóxicas *mou(s)*, *teu(s)*, *seu(s)* (Fernández Rei 1985c: 185). As formas da variedade vianesa son as propias do galego común, como se aprecia nestas mostras:

1. *este primo meu que inda que lle fixen-a augardiènte* (QHEDR. H. XA. CTESE)
2. *estaba meu irmao èlí, xa levaba muto tèmpo ond'èla* (SMP. M. XA. CTESE)
3. *iban co seu faròliño na mao* (THED. H. XA. CTESE)
4. *falaban a menudo prós seus negocios cos galegoparlantes* (VDB. H. XM. CTESE)
5. *tamên dice meu pai que iban ó millor a... a Benavènte* (VSER. H. XM. CTESE)

Cuantificadores

106


Segundo Freixeiro Mato (2006c: 130-131) os cuantificadores son aqueles que con maior ou menor precisión cuantifican a realidade (*O teu amigo ten moitos cartos; Compraron tres casas no campo*). Poden clasificarse en definidos cando indican unha cuantificación exacta (*Perdeu dez euros*), indefinidos (*Ten algúns cartos aforrados*) cando non fan referencia a unha precisión na cuantificación e absolutos (*Gastouno todo en esmorga*) cando indican a cantidade exacta en grao máximo.

Neste apartado imos resaltar simplemente os cuantificadores indefinidos que son os que ofrecen interese para a descrición dialectal da variedade obxecto de estudo, posto que os outros indefinidos variables *todo*, *tanto*, *certo* e o invariable *demasiado* non presentan ningún valor nin significado destacable fronte á xeneralidade do galego.

Carracedo Arroyo (1977: 21) rexistra a forma *algúa* na variedade zamorana de Barxacova. Algunhas das mostras que se documentan no noso corpus dos indefinidos *algúa*, *ningúa* e que son comúns nas diferentes xeracións, pero con tendencia á súa desaparición na XB, son as seguintes:

1. *a ver si algúa xente nõva se animara máis* (PRADR. H. XB. CTESE)
2. *è moi boa aguardiẽte; pẽro non tẽn sistẽma ningúa* (QHEDR. H. XA. CTESE)
3. *eiquĩ neste puẽblo maormente non hai uniõn ningúa* (RAM. M. XM. CTIT)
4. *non teis confianza en naide non-a podes ter de forma ningúa* (RAM. M. XM. CTIT)
5. *non fui a sitio ningũĩ, este que marchou aora tampouco* (VSER. H. XA. CTESE)

En relación coa información do noso corpus é preciso destacarmos que as parroquias de RAM, PRADR e VSER rexistran as variantes *algúa*, *ningúa* fronte a COV, GRIX, PEN, RUB e QHEDR que presentan alternancia coas formas do galego común *algunha*, *ningunha*. No tocante á forma *ningũĩ* só a rexistramos nun informante da XA. No resto de parroquias enquisadas por nós rexístranse as correspondentes ao estándar do galego; con todo, é frecuente a alternancia no emprego destas formas, principalmente na XM e XA.



● algunha-ningunha ● algúa-ningúa ● algúa-ningúa / algunha-ningunha

Mapa 9. algunha - ningunha e algúa - ningúa no vianés
Fonte: Álvarez Pousa (2021)

Verbo

Alternancia na VR tónica do Pres. Ind. dos verbos en *-ir*

Segundo Fernández Rei (1990: 81) non se poden delimitar áreas de alternancia *u / ò* entre formas como *subo / sòbes*, *durmo / dòrmes*, *fluxo / fòxes*, dado que a alternancia existe ou non segundo o verbo e a idade das persoas informantes.

No noso corpus rexístranse exemplos que, xeralmente, presentan a non alternancia entre as formas semirregulares, mais nalgúns casos constátase esa alternancia. Nun mesmo informante anotouse *sóben*, pero *lucen*:

1. *sòben de Petín è creo que no puèblo de en frente de Buxán tamên van / intentamos que vaian sobre catorce ... que son os que lucen* (VMEAU. H. XB. CTESE)

Pretérito *cantei* / *cantein*

108

Cantei é a forma máis estendida na xeografía galega, *cantein* dáse nunha franxa oriental que percorre Galicia de norte a sur e puntos illados da costa occidental da provincia da Coruña (Fernández Rei 1990: 81). No vianés alternan os casos de *cantei* e *cantein*; non obstante, a forma maioritaria é *cantei*.

O ALGa I (mapa 6 *cantei*) refire que en variedades próximas como a gudiñá rexístranse as formas *pasein*, *falein*, e que son formas tamén comúns en textos de Barxa Maior-O Cebreiro.

Krüger (1954: 50) rexistra esta solución *-ein* / *-en* en Cepedelo (Viana do Bolo), ao tempo que indica que é un risco tipicamente galego que se dá noutras zonas galegas para o que remite tamén ao estudo de Schneider (1938) en relación coa variedade da Limia.

Prieto Rodríguez (1958: 14-15) sinala que no vianés son comúns as formas rematadas en *-n* como *deixéin*, *traballéin*... Na variedade vianesa son xerais actualmente os pretéritos en *-n* en alternancia cos pretéritos do galego común sen nasal final, principalmente na XM.

Este trazo tamén se rexistra na variedade berciana, onde como sostén Carballo Calero (1981³: 115) a P1 do Pret. Ind. das C-I, C-II e C-III remata en *n*, o mesmo que nos verbos irregulares que non sendo da C-I rematan en vogal no galego común, así como as P1 do futuro: *falaréin*, *diréin*, *calaréin*. Ao tempo que indica que o vianés coñece as formas *deixéin*, *traballéin*, así como os plurais en *is* (*curráis*, *papéis*, *sartéis*, *remendóis*, *algúis*) en referencia aos *Contos vianeses* de Prieto.

Algúns dos exemplos do corpus da minoritaria *cantein* son os seguintes:

1. *eu tamên fumein, però despois deixeino por culpa...* (GRIX. H. XA. CTESE)
2. *eu marchein un día, unha tarde ár dúas* (PEN. H. XM. CTESE)
3. *o monastèrio de Montederramo i-a outra que localicein* (PIX. H. XA. CTESE)
4. *o que eu trunfein nos viaxes, coa miña xènte* (PRADR. M. XA. CTIT)
5. *è cheguein älí e tiña älí un montón de xèstas secas* (VDB. H. XA. CTIT)

VT *collemos*, *-era*, *-ese* / *collimos*, *-ira*, *-ise*

No galego común rexístrase a VT e con timbre pechado, que é a que se constata no corpus oral, fronte ao è aberto etimolóxico que se rexistra na VT dos pretéritos fracos da C-II do galego de Asturias.

Nas falas galegas de Zamora a VT da P4 e da P5 é *i* (*collimos*, *-istes*), mentres que no concello da Mezquita da área do galego zamorano, a VT é a do galego común (*collemos*, *-estes*). En ancarés e noutros falares do Bierzo a VT é *i* en todo o TPret. (*collimos*, *collira*, *collise*) (Fernández Rei 1990: 84).

En sentido xeral na variedade vianesa rexístranse as formas coa VT *e*, mais nalgúns casos anótanse mostras en *i*, que poden ser interferencias do castelán:

1. *collímola de mascota* (CALD. H. XB. CTESE)
2. *empezou a escurecer de todo è a nevar è xa nos perdimos do camiño* (CEP. H. XA. CTIT)
3. *para dicir que xa o temos na man dise xa o collimos* (ítem 114 do cuestionario, 5 respostas de 12)

Acentuación *cantabamos* / *cantábamos*

No indicativo as formas de copretérito *cantabamos*, *-ades*, as do pospretérito *cantaríamos*, *-ades* e mais as do antepretérito *cantáramos*, *-ades*, todas elas con acentuación paroxítona, son características de todo o centro e do sur do territorio lingüístico. No occidente e nordeste coruñés, centro e norte de Lugo, unha franxa do suroeste de Pontevedra, occidente de Asturias e algunhas falas de León e Zamora produciuse un desprazamento acentual, da vogal do SMT á VT (Fernández Rei 1990: 85-86).

Segundo o ALGa I (mapa 4 *cantabamos*) o punto O.17 pertence á área de *cantabamos*, mais é preciso sinalarmos que esta forma alterna coa variante *cantábamos*, que se rexistra maioritariamente na XB e XM.

Documéntanse no corpus realizacións paroxítona (grave) e proparoxítona (esdrúxula) nas diferentes xeracións. O máis común na XA e XM é a acentuación paroxítona, mentres que na XB a maior parte dos resultados son formas proparoxítonas en alternancia coas paroxítonas, por posible influxo do castelán.

Algunhas das mostras que se reflicten no corpus son as seguintes:

1. *pra Guadalajara que estabamos xa concentrados* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *que lle chamabamos as Mêdulas* (CALD. H. XA. CTIT)
3. *nunha sèrra serrabámo-lo testigo* (PEN. H. XB. CTESE)
4. *inda o outro día tamên falabamos das, das curuxas* (PRADR. H. XB. CTESE)
5. *viñan a buscarnos è pasábamos en barca* (QPAND. M. XM. CTESE)

Terminación de Pret. Ind. -che /-ches, -ste/-stes

110 O ALGa I (mapa 7 *cantaches*) rexistra en O.17 Viana as variantes *cantache* e *cantaches*, mentres que nas variedades próximas se documentaron as terminacións -che (O.9 Robledo-Carballeda, O.12 Lamalonga-A Veiga, O.24 A Mezquita e Z.1 Porto), -ches (O.21 A Gudiña), -ste (Z.3 Hermisende) e -stes (Z.2 Lubián). Nas seguintes mostrás poden verse as dúas variantes do vianés:

1. *sabes, tu non acordaches os mallos?* (CALD. H. XA. CTESE)
2. *pero si tu empezaches a ondular as cintas* (GRIX. M. XA. CTESE)
3. *polo hábito que vestiche, polo cordón que tendiche, polo libro en que reza-che* (PIN. M. XA. CTESE)
4. *por que non avisaches la Virgen que así me manquei!* (PIX. M. XA. CTESE)

Terminación SNP -des, -ndes, -is, -s

No ALGa I (mapa 2 *cantades*) sinálase en nota que na Terra de Viana do Bolo se rexistra SNP -ndes e -is en formas do Pres. Ind. e Pres. Subx. de calquera conxugación e achégase documentación dos *Contos de cegos* de Prieto (1958): *estais, sabendes, sabeis, ganeis, esteiais, poñais, vivandes, veñais* etc.

No punto O.17 Viana no ALGa só se recolleu o SNP -is (*cantais, cantabais...*), igual que en puntos próximos: O.9 Robledo-Carballeda, O.12 Lamalonga-A Veiga, O.18 Vila-riño de Conso e nos puntos da área zamorana (O.24 A Mezquita, Z.1 Porto, Z.2 Lubián e Z.3 Hermisende). En O.21 A Gudiña rexistráronse as variantes -is e -ndes.

Na variedade valega, como sinala Costas González (1999: 95), rexístrase -is na P5 das formas verbais, agás nos pretéritos: *chegais, chegareis, chegábais, feis-ficeis, durmís, servís*, como ocorre nas falas orientais galegas e no portugués. Na P5 dos imperativos a solución é -i asilábico (*conservai-conservei, cantai-cantei, comei, bebeí*) ou -í (*durmí, serví*), como acontece no portugués e en boa parte do dominio galego.

Nas seguintes mostrás vianesas vese o SNP -is en diversos tempos verbais:

1. *se teis algún enemigo é mellor ...* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *pero entonces tiñais outro novo?* (CALD. H. XM. CTESE)
3. *non vos metais con ela* (COV. M. XA. CTESE)
4. *vós non-o acordais* (QPAND. M. XA. CTESE)
5. *xa vereis como vai estar todo cruzado de luces* (THED. H. XA. CTESE)

Infinitivo conxugado. Usos

O uso do infinitivo conxugado, como acontece na maior parte das falas galegas, está a perderse na variedade vianesa, sendo insignificante o seu uso na XB e XM e incluso na propia XA, onde o que rexistramos son mostras esporádicas que mesmo se trasladan ao cambiaren os informantes de código ao castelán. 111

A gramática de Álvarez e Xove (2002: 307) non prescribe o seu uso; con todo, trátase dunha estrutura do galego que amosa riqueza lingüística. Cómpre sinalarmos que non é un risco frecuente no galego, e como sinalan Rivas e Brown (2021: 2) trátase dun trazo infrecuente nas falas do mundo, pero con moita vitalidade no portugués. Os casos que se localizan no corpus rexístranse na XA de xeito esporádico, e son bastante minoritarios na XB. Algúns dos exemplos son os seguintes:

1. *ustedes estuvèron presos por roubaren* (PRADR. M. XA. CTIT)
2. *è cuadrou de viren de camiño do prado èi do Cobo* (RUB. M. XA. CTIT)
3. *è hai mutto cambio de estares en Santiago a estar en Umoso?* (QUMO. H. XB. CTESE)

Andar

Na variedade vianesa do mesmo xeito que na maior parte das falas do dominio lingüístico galego rexístrase o radical castelán *anduv*[-en, -èche(s)...] fronte ás formas máis conservadoras do tema de pretérito características do galego antigo e do portugués estándar que se dan principalmente no occidente da Coruña e a Limia Baixa ourensá. Ora ben, hai falas nas que só se rexistra o radical *andiv*[-en, -èche(s)..., èra..., -èse...], analóxico de *estiven*, *tiven* e outras onde alternan *and-* e *andiv-* segundo os tempos verbais e segundo a idade da persoa informante (Fernández Rei 1990: 92). Algunhas mostras son as seguintes:

1. *anduvèron preguntando quèn èran os máis ricos* (CEP. M. XA. CTIT)
2. *anduvén muito traballando por eí è finalmente pois eso* (COV. H. XA. CTESE)
3. *ese anduvo de escapado è roubaba eí nas casas* (GRIX. M. XA. CTESE)

Caber

Tanto no tema de presente como de pretérito, o verbo *caber* presenta unha distribución complexa con diferentes radicaís. No caso da variedade vianesa predomina no tema de presente a forma *cab* [-o, -a, -as...], que tamén se rexistra no occidente da Coruña e de Pontevedra, e esporadicamente en puntos de Lugo e de Ourense. Aínda que esta forma tende a ser solapada polo verbo *coller* en expresións como *eu non collo aí*.

Respecto do tema de pretérito rexístrase o radical *coup-* en alternancia con *cup-*, que se dan tamén en falas de Lugo e nas variedades occidentais de Pontevedra, respectivamente fronte ás formas *caib[ín, -iche, -eche, -era..., -ese...]* que se documentan no suroeste da provincia de Ourense (Fernández Rei 1990: 92). Porén, non rexistramos casos concretos no noso corpus nin do tema de presente nin de pretérito. No entanto, a través do cuestionario no ítem 113 para referir “Eu non daba cabido alí” as persoas enquisadas sinalan empregar a forma do pasado *non coupon* (6) maioritariamente fronte a *non collín* (4), *non cabín* (1) e *non cupen* (1) en relación cun total de 12 enquisados/as.

Caer

A variante *caír* alterna coa forma *caer* con cambio de conxugación na maior parte de Ourense, boa parte do galego pontevedrés e algúns puntos illados do norte e sur de Lugo e do galego do Bierzo (Fernández Rei 1990: 93).

O ALGa I (mapa 160 *caer*) rexistra en O.17 Viana a forma *caír*, que Prieto Rodríguez (1958: 71) recollera na parroquia vianesa de Bembibre.

No noso corpus rexístrase unicamente a forma *caer* nas tres xeracións:

1. *había pa que che caera así polo peso, tal è cual* (BEMB. H. XM. CTESE)
2. *entonces ó caer dábache vòlta a barca* (COV. M. XA. CTESE)
3. *en Santiago tamén hai casas caendo è chapas clavadas* (QUMO. H. XB. CTESE)
4. *facían un ruído raro ó caer por.e agujèro aquel, como se caeran en fèrro ou en algo* (RUB. M. XA. CTESE)
5. *i-o sol fai que esas espòras que caeron no suèlo volvan a nacer* (VDB. H. XM. CTESE)

Dar

Na P1 do Pret. Ind. no galego oral concorren as formas *din, dei, dein, den*, sendo as maioritarias *din* e *dei*. *Din* é propio do galego de Asturias, do norte de Lugo, do sur de Ourense e da ría da Arousa. Na P3 deste tempo rexístrase a variante *deu*, propia da provincia da Coruña (agás o nordeste) e da metade norte de Pontevedra (Fernández Rei 1990: 93).

O ALGa I (mapa 223 *dei*) rexistra *dei* en O.17 Viana; e en nota indícase que Prieto (1958) recolleu *dein* (p. 50) en Bembibre-Viana e en Carracedo da Serra-A Gudiña (p. 186). No mapa 225 (*deu*) rexistra *deu* en O.17 Viana e en nota sinálase que Prieto (1978) recolleu *diu* e *deu* (p. 17)

No corpus documéntase a variante *din* na P1 e as variantes *deu* e *diu* na P3:

1. *eu cuando me din de conta case iba na preseira* (COV. M. XA. CTESE)
2. *ò ser muito ganau pois el diulle un real por carneiro* (GRIX. H. XA. CTESE)
3. *i-a mullèr colleuos, pero non lle deu importanza* (RUB. M. XA. CTESE)
4. *que lle deu unha vòlta que estudiou è non sei como se puxo* (SMP. M. XA. CTESE)

A través do cuestionario no ítem 91 para referir “que lle ofreceu algo a el”, as persoas informantes na súa maioría escollen *dei* fronte a *dein* e *diu* ou outras opcións.

No Pres. Subx. rexístrase o paradigma maioritario: *dea, deas* fronte a outros puntos do territorio onde se documenta *día, días...* do nordeste da Coruña, norte e suroeste de Lugo, centro e sur de Ourense e case todo o galego exterior (Fernández Rei 1990: 93).

No ALGa I (mapa 230 *dea, -as, -a, -an*) anota *día, -as, a, -an* en O.17 Viana; e en nota indícase que Prieto (1958) recolleu en Pentes-A Gudiña as formas *día* (pp. 54, 109) e *dían* (p. 70) e que en Prieto (1978) se documenta *día* (p.14).

Dicir

O ALGa I (mapa 234 *digo, dis, di, din*) rexistra *digo, dices, dice, dicen* en O.17 Viana; e en nota indícase que Prieto (1958) recolleu *di* (p. 43) en Pentes-A Gudiña e que en Prieto (1978) se documenta unha ocorrencia da P2 *dis* e catro da P3 *di*.

Na variedade vianesa rexístrase como solución maioritaria *decir* e no Pres. Ind. *dices, dice, dicen*, propio do galego oriental e falas do occidente e do sur de Pontevedra fronte a *dis, di, din* do resto do galego, como sinala Fernández Rei (1990: 95).

Mostramos exemplos das tres persoas rizotónicas do Pres. Ind. nas diferentes xeracións:

1. *porque eu vexo o que dicen agora na televisión* (PRADC. H. XA. CTESE)
2. *–“que me dices, como che fala todo o mundo na Coruña castellano?”* (PIX. M. XB. CTESE)
3. *hai algunhas veces que dices, non sei a que viñen, porque podía ler eu as diapositivas* (QUMO. M. XB. CTESE)
4. *as carreiras non se regalan, como quèn dice a carreira, dice efepé ou...* (QUMO. H. XB. CTESE)
5. *Poir vide, dicen que estallou a guèrra* (THED. H. XA. CTESE)

Na XB é normal o uso desas formas conservadoras, a pesar de estar todos escolarizados en galego, onde o estándar son as formas innovadoras *dís, di, din*. Mostras do radical *dec-* arrizotónico son as seguintes:

- 114
1. *que nos decían, que os muiños non moían* (CEP. M. XA. CTIT)
 2. *iban cunha pala sacando, eso decían* (PEN. H. XA. CTESE)
 3. *è decíalle: oi, será posible, será posible, a cabra marchou* (PIN. M. XA. CTESE)
 4. *empezouse a enamorar del; è chegoulle a decir ó pai* (SEV. H. XA. CTESE)
 5. *non sei como decilo* (THED. H. XA. CTESE)

Estar

O ALGa I (mapa 248 *esteá, -as, -a, -an*) rexistra as formas *esté, -és, -é, -én* en O.17 Viana; e en nota faise constar que Prieto (1958) recolleu *estías* en Pentes-A Gudiña (p. 70) e Bembibre-Viana (p. 190). No mapa 249 (*esteamos, -ades*) rexistra *estemos* en O.17 e en nota dise que Prieto (1958: 29) documenta a forma *esteais*.

Como noutras falas orientais documéntanse os resultados *estía, estías* no Pres. Subx., que alternan principalmente na XB e XM con *esteá, esteas*. Noutros puntos de Ourense anótanse as formas castelás *esté, estás...* No tema de pretérito conséntase o radical castelán *estuv-* que é o máis estendido no galego oral e do que hai moitas mostras no corpus:

1. *antiguamente estiveron os [mòros]* (PRADC. M. XA. CTESE)
2. *sii e ademais que estuver mal e bèn me fastidia* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *estuvèramos estudiando pa, pois pa pedirlle permiso* (GRIX. H. XB. CTESE)
4. *è a tía Lòla dicindo que, buéno, que xa estaba bèn, que os Reis estiveran moi acertados* (SOLB. M. XM. CTESE)
5. *non é como si estuvèr en Madrí que non me entènden* (PIX. M. XB. CTESE)

Facer

O ALGa I (mapa 225 *fas, fai*; mapa 227 *fan*) rexistra as formas *fais, fai, fain* en O.17 Viana; e en nota sinálase que Prieto (1958) recolleu a P2 *fas* (27.12). Esas formas de Viana tamén se rexistraron en puntos próximos: O.9 Robledo-Carballada, O.12 Lama-longa-A Veiga, O.18 Vilariño de Conso e na área zamorana (O.24 A Mezquita, Z.1 Poro, Z.2 Lubián e Z.3 Hermisendende). En O.21 A Gudiña no ALGa recolléronse as formas atemáticas *fas* e *fan*; porén, Vázquez Santamaría (1971: 136, 137, 139) rexistrou a P2 temática *fais*.

Neste verbo constátase no vianés a forma maioritaria do galego con radical *fac*[-er, -emos, -ía...] fronte a outras variedades da metade occidental de Ourense coa solución *fagu*[-er, -emos, -ía...], *fa*[-er, -emos, -ía...] do Baixo Miño, falas de Ourense e de Asturias, e *fl*[-er, -emos, -ía...] exclusivo de puntos asturianos (Fernández Rei 1990: 96).

Prieto Rodríguez (1973: 5) rexistra no tema de presente as formas *fago*, *fas* ou *fáis*, *facemos*, *fan* ou *fáin*, a carón das formas de futuro *facerei*, *facería*. Nos *Contos vianeses* rexístrase un caso da forma *faguer* (Prieto Rodríguez 1958: 25), 10 casos de *fan* (pp. 12, 13, 13, 35, 108, 108, 108, 109, 109, 109), fronte a 4 casos de *fain* (pp. 13, 32, 35, 35). No corpus da tese documéntanse casos esporádicos de formas atemáticas e pola contra, son abondosas as formas temáticas, mesmo na XB, como se pode apreciar nos seguintes exemplos:

1. *fais unha cena, pois pásalo bèn è claro* (COV. H. XB. CTESE)
2. *fain o mesmo tamén lle contestan cunhos versos* (GRIX. H. XB. CTESE)
3. *pa que pòda sufragar or gastos dos, dos pinchos que fain ese día* (PUNX. H. XM. CTESE)
4. *pèro tampouco fain milaghros* (PRADR. H. XB. CTESE)
5. *o que máis nos fain falta son xente pa, pa ir bailando* (VMEAU. H. XB. CTESE)

No tocante ao Pret. Ind. o mapa 259 (*fixen*) do ALGa I en O.17 Viana rexistra a forma etimolóxica *ficien* e a analóxica *fixen* (e esas dúas variantes do radical rexístranse en todos os tempos do tema de pretérito). Nese mapa, en nota infórmase que Prieto (1958) recolleu nos *Contos vianeses* formas con ese dobre radical: *fixen* en Fradelo-Viana (p. 187) e en Bembibre-Viana (p. 189); *fixeche* en Bembibre (p. 169); *fizo* en Fradelo (pp. 187 e 188) e en Bembibre (pp. 51 e 189); *fixeron* en Carracedo da Serra-A Gudiña (p. 83); *ficeran* en Bembibre (p. 77); *fixeran* en Carracedo (p. 87); *ficese* en Pentes- A Gudiña (p. 109). Nos *Contos de cregos* (1978) tamén documenta Prieto *fic-* / *fix-*: *ficien* (pp. 14 e 15); *ficieche* (p. 15); *fixeche* (p. 36); *fizo* (p. 30); *fixo* (p. 35); *ficeron* (pp. 15, 22, 27); *fixeron* (pp. 44, 47); *ficera* (pp. 27, 30); *fixera* (p. 40); *ficese* (p. 21); *fixese* (pp. 16, 29).

Respecto do tema de pretérito, estes son algúns dos exemplos do noso corpus:

1. *non teís vergüenza ningunha e lò, eu que che ficen* (CALD. H. XA. CTESE)
2. *porque eu ficen muitos, vouche decir* (CEP. H. XA. CTIT)
3. *eiquí estamos, pois ficèmos esta casa eiquí i-aiquí estamos* (COV. M. XA. CTESE)
4. *inda queimou, indo fizo el alí fornadas de cal* (RUB. M. XA. CTESE)
5. *eu que sei fixèmos cousas locas, ir cun carro* (VSER. H. XA. CTIT)

Ir

116 O ALGa I (mapa 286 *ides*) rexistra as variantes *vades* e *vandes* en O.17 Viana e en puntos próximos as seguintes formas: *ides* en O.18 Vilaríño de Conso e O.24 A Mezquita, *indés* e *vandes* en O.12 Lamalonga-A Veiga e *vandes* en O.21 A Gudiña. En nota dese mapa indícase que Prieto Rodríguez (1958) recolleu *ides* (p. 47) en Pentes-A Gudiña e *indés* (p. 100) na Gudiña.

Prieto Rodríguez (1973: 5) rexistra no tema de presente as formas *vou, vas, vai, imos, indés, van* e no tema de pretérito *fun* ou *fúin* ou *fúi*. Na variedade vianesa rexístranse na actualidade no tema de presente o paradigma: *vou, vas, vai, vamos / imos, indés / ides / vades* e *van*. Na P4 e P5 do Pres. Ind. son máis comúns as formas *vamos* e *vades*, respectivamente.

No Copret. Ind. rexístrase en vianés *iba, ibas...* fronte a *ía, ías...* (arcaísmo propio do suroeste de Ourense e de falas pontevedresas do sur, do Salnés, do Morrazo etc.) e *-iña, -iñas...* propias do occidente da Coruña (Fernández Rei 1990: 97).

Na P2 do Pret. Ind. de *ir* (e de *ser*) rexístrase a forma *fuches* fronte a *foches* das falas occidentais da Coruña e de Pontevedra. No plural do Pret. Ind. e nos paradigmas do Antepret. Ind. e Pret. Subx. o radical común do vianés é *fo* [-*mos...*, -*ra...*, -*se...*] coa vogal radical pechada; no galego de Asturias e Negueira de Muñiz (Lugo) rexístrase *fò*[-*mos...*] e en falas do galego oriental e nalgún punto do nordeste da Coruña, *fu*[-*mos...*]. Na P1 do Pret. Ind. documentamos no noso corpus as formas referidas por Prieto Rodríguez (1973: 5) *fun / fuin / fui*, sendo de uso maioritario a forma *fun*.

O ALGa I (mapas 359-364) rexistra o seguinte paradigma de Pret. Ind. de *ir* (e *ser*) en O.17 Viana: *fun, fuche(s), foi, fumos, fustes, foron*. Algunhas das mostras da P1 do Pret. Ind. do noso corpus onde alternan *fui* e *fuin* son as seguintes:

1. *de Alemania fui i-apunteime è marchei pra Rusia* (PIX. H. XA. CTESE)
2. *fuin a visitar as obras que están catalogadas* (PIX. H. XA. CTESE)
3. *eu tireille o pau, mira que fui tola* (PRADR. M. XA. CTESE)
4. *d'alí fuin a Orènze, na entrada de Orènze* (PRADR. M. XA. CTESE)
5. *eso foi como eu fuin indo pouco a pouco* (SEV. H. XM. C.ACTUAL)

Na P4 do Pret. Ind. rexístrase como forma maioritaria *fomos*, mais documentamos ocorrencias de *fumos*:

1. *lògo fumos correndo* (CALD. H. XB. CTESE)
2. *è tamên fumos cas ovellas i-o chegar ó pé do río* (PUNX. M. XA. CTIT)

Pór

O ALGa I (mapa 333 *poñer, pór*) rexistra en 0.17 Viana as formas *poñer* e *pór*, e o mesmo en puntos próximos como 0.12 Lamalonga-A Veiga e 0.18 Vilariño de Conso, mentres que só rexistra *pór* en 0.21 A Gudiña, 0.24 A Mezquita e nos puntos de Zamora (Porto, Lubián e Hermisende). 117

A forma *pór* é característica de case todos os puntos ourensáns do ALGa, do galego das Portelas de Zamora, do centro e sur de Pontevedra e de puntos esporádicos da Coruña e Lugo; a forma *poer* é propia de falas do galego de Asturias; e no resto do dominio lingüístico galego rexístrase *poñer*, tal como sinala Fernández Rei (1990: 98).

Segundo mantén Louredo Rodríguez (2014: 42) con relación ás variables *pór* / *poñer* é posible que a variable *pór* ocupase practicamente o territorio galego coa posibilidade de que non chegase a algunhas partes (Asturias, O Bierzo, zonas de Lugo), ao tempo que destaca que tamén é probable que se dese unha convivencia en todo ou gran parte do territorio de *pór* con *poñer*, como ocorre na actualidade. Sinala o devandito autor, así mesmo, que a partir do séc. XIX parece que *pór* retrocede a favor de *poñer*.

Na variedade vianesa conflúen as variantes *pór* e *poñer* como contempla Louredo Rodríguez (2014: 40-41) e tal e como se reflicte no mapa achegado polo autor, no que se observan varios puntos da provincia de Pontevedra e de Ourense, onde conflúen as dúas variantes e onde é superior o uso de *pór* fronte ás provincias da Coruña e Lugo, que rexistran maioritariamente *poñer*.

Ora ben, polos datos que nos ofrece o corpus considérase de uso maioritario nas diferentes xeracións a variante *pór* fronte a *poñer* e incluso nun mesmo informante se produce a alternancia destas formas verbais, como se ve na mostra (1). Este risco, así mesmo, é compartido coa área zamorana.

Achegamos dúas mostras do corpus co infinitivo:

1. *son cousas que se lle poden poñer / eso tèn que pôlle cada un o que, o que a leve a adaptar* (PEN. H. XB. CTESE)
2. *a veces estaban a semanas sin salir no curral e había que lle pór* (COV. H. XM. CTESE)

Prieto Rodríguez (1973: 5) recolle as formas *poño, póis, pon, pomos, pondes, póin* con respecto ao verbo *pór*. No noso corpus recóllense os resultados sinalados polo devandito autor e tamén contemplados por Fernández Rei (1990: 98) coas variantes na P5 *pondes* (e nalgúns puntos *podes*) características de Zamora, case todo Ourense, a metade sur de Pontevedra e puntos esporádicos da Coruña e de Lugo.

No Pres. Ind. documéntanse as formas *pòis, pòin* e no TPret. o radical *pux[-en, -èche(s)..., -èra..., -èse...]*, en alternancia co radical *puñ-*, como se pode comprobar nos seguintes exemplos:

1. *despois a xènte foron estudiando un pouco máis e puñéronlle peneira* (CALD. H. XA. CTESE)
2. *é mui mal sitio, puñeron, fixeron unhos de madeira* (COV. M. XA. CTESE)
3. *abrimos catro ou cinco bodegas os catro mozos que nos puxemos a organizar* (PUNX. H. XM. CTESE).
4. *meu pai sèmpre se ríe da cara que puxemos eu è mais meu irmao* (SOLB. M. XM. CTESE).

O ALGa I rexistra en O.17 Viana as formas *puxen*, *puxeche(s)* nos mapas 323 e 324; *puxo* no mapa 325 e *puxemos*, *-estes*, *-eron* no mapa 326. No cuestionario dese punto si que hai datos do paradigma completo co radical *pux-* nos tempos do tema de pretérito, pero na P6 do Pret. Ind. tamén se rexistrou o radical *puñ-* (*puxeron* – *puñeron*). No mapa 324 do ALGa I (*puxeche(s)*) en nota de O.17 indícase que en Prieto (1978) se documenta *puxeche* (p. 41); e no mapa 325 (*puxo*) anótase que en Prieto (1958) se recollen as variantes *póxose* (p. 94) en Pentes-A Gudiña e *púxose* (p. 189) en Bembibre-Viana.

Ter

O ALGa I (mapa 371 *teño*, *tes*) rexistra as formas *teño*, *teis* en O.17 Viana; e en nota indícase que en Prieto (1958) se documenta *teis* na P2 en Pentes-A Gudiña (p. 45) e que en Prieto (1978) se anota na P2 *tes* (p. 17, p. 30 con 2 ocorrencias) e *teis* (p. 35). Nos mapas 373 (*temos*, *tendes* / *tedes*) e 374 (*teñen*) en Viana constátanse as formas *temos*, *tendes* e *tein*.

Prieto Rodríguez (1973: 5) rexistra as seguintes formas verbais no Pres. Ind.: *teño*, *teis*, *ten*, *temos*, *tendes*, *téin*; no Copret. Ind. as formas *tiñamos* ou *tiñabamos*, *tiñandes*; no TPret. *tuven* / *tiven*, *tuvestes* / *tivestes*, *tuverandes* ou *tiverandes*; no futuro de Ind. *terendes*, no pospretérito *teriandes* e no Pres. Subx. *teñandes*.

No corpus no Pres. Ind. documéntase a variante *teis* propia do galego oriental e do sur de Pontevedra fronte a *tèis* minoritaria dentro do galego oriental. Na P5 rexístrase *tendes* propia de Ourense, agás as zonas próximas a Lugo, e Zamora fronte a *tedes* do galego común. Na zona oriental a P5 *teis* é insólita (Fernández Rei 1990: 101).

Na P6 do Pres. Ind. recóllese *tein*, no Cop. Ind. *tiña* e no TPret. o radical castelanizado *tuv[-en, -èche(s)...,-èra...,-èse]* fronte ao radical arcaico *tev-* dalgunha fala do galego oriental. Algunhas mostras do Pres. Ind. son as seguintes:

1. *claro, por eso deso teis que falar* (COV. M. XM. CTESE)
2. *despois unha vez que o teis feito córtarlle o papèl* (PEN. H. XB. CTESE)
3. *ó darse cuènta que tein que pór gafas* (PIN. M. XA. CTESE)

4. *si teís muito volumen de traballo pois dúas personas* (QPAND. M. XM. CTESE)
5. *è vivindo en Umoso teís traballo?* (QUMO. H. XB. CTESE).

119

Traer

No Pres. Ind. Prieto Rodríguez (1973: 5) rexistra as formas *traio*, *tras* ou *tráis*, *traguemos*, *traguendes*, *tran* ou *tráin*.

O ALGa I, nos mapas 380-384 relativos ao Pres. Ind. non ten formas para O-17 Viana; pero no mapa 380 *traio* indícase que Prieto (1958) recolleu as variantes *tráio* (Bembibre-Viana, pp. 50, 186; Pentas-A Gudiña, p. 56) e *traigo* (Pentas, p. 68; Bembibre, p. 190). No ALGa *traigo* é a forma dos puntos veciños, agás O.21 A Gudiña e O.22 Campobeceros-Castrolo do Val coas variantes *traio* e *traigo*, mentres que de O.24 A Mezquita non hai datos.

No mapa 385 *traía*, *-as*, *-a*, *-an* non hai datos en O.17, pero en nota sinálase que Prieto (1958: 50) rexistrou *traguía* en Bembibre. Tampouco hai datos de O.17 no mapa 394 (*traer*), mais en nota dise que Prieto (1958) recolle en Bembibre as variantes *trager* (pp. 89, 168) e *traer* (p. 89); en Prieto (1978: 21) documenta *atraguer*. En todos os puntos próximos a Viana a forma do ALGa é *traer*, agás en O.10 Vilariño de Conso e Z.1 Porto onde se rexistran as variantes *traer* e *trager*. O radical *trag-* mesmo se rexistra en vianés en casos nos que se producen cambios de código ao castelán: *venimos a trague-la paz a la capital de España!* (RAM. H. XA. CTESE)

No corpus o radical *tra[-er, -emos, -edes, -ía...]* é o común na variedade vianesa, que alterna así mesmo con *tragu[-er, -emos, -edes, ía...]*. Na P1 do Pres. Ind. e do Pres. Subx. o radical é *traig[-o, -a, -as...]*, propio do galego oriental, nordeste da Coruña, norte de Lugo e gran parte de Ourense; na P2 e na P6 documéntanse *trais* e *train*, aínda que tamén se anotan resultados de *traes* e *traen*.

No corpus no TPret. alternan os radicais *troux[-en, -èche(s)..., -èra..., -èse...]* e *trougu[-en, èche(s)...]*. Nos mapas do ALGa I do TPret. no punto O.17 Viana só se rexistra o radical *troux-*, igual que en O-9 Robledo-Carballeda e O-12 Lamalonga-A Veiga, mentres que en O.18 Vilariño de Conso, O.21 A Gudiña, A.24 A Mezquita e nos tres puntos de Zamora se rexistran as variantes *troux-* e *trougu-*. No ALGa I (mapa 386 *trouxen*, *-eches*, *-o*, *-emos*, *-estes*, *-eron*), en nota de O.17 Viana sinálase que en Prieto (1958: 89) se documenta *trougo* en Bembibre e *trouxo* en Prieto (1978: 36). No mapa 387 *trouxera*, *-as*, *-a*, *-amos*, *-ades*, *-an*, en nota de O.17 Viana dise que Prieto (1958) documenta en Bembibre *trouxera* (p. 89) e no Pret. Subx. *trouguese* (p. 190).

Algúns dos exemplos, correspondentes ao infinitivo e aos temas de presente e de pretérito, que se documentan no corpus son os seguintes:

1. *tiña que trager comida, daquela non había tienda* (CEP. H. XA. CTIT)
2. *mira o tempo que teño e trago un canastrillo de leña* (COV. H. XA. CTESE)
3. *traguían a enterrar os difuntos desde San Mamed* (GRIX. H. XA. CTESE)
4. *estes zapatos tróugomos o meu primo Andrés* (PIN. M. XA. CTESE)
5. *traguíase o viño pa casa* (QHEDR. H. XA. CTESE)

Valer

O ALGa I (mapa 121 *vallo*) rexistra en O.17 Viana *valio*, pero no mapa 133 (*valla*, -as, -a, -an) as variantes *valia* e *valga*; en Prieto (1978) documéntase *valia*. Nos puntos próximos, en O.18 Vilariño de Conso, O.21 A Gudiña e Z.1 Porto rexístrase *valio*, *valia*, -as etc.; en O.24 A Mezquita *valo*, *vala*, -as etc.; e en Z.2 Lubián e Z.3 Hermisende *valgo*, *valga*, -as etc.

No noso corpus as formas propias da P1do Pres. Ind. e do Pres. Subx. son *val[-io, -ia, -ias...]* que nalgúns casos alternan co radical castelán *valg[-o, -a, -as...]*. Achegamos dúas mostras de *valia*:

1. *inda que chegue un día que non lle valia bueno guardaraa* (GRIX. M. XA. CTESE)
2. *cuando eu non valia* (VMEAU. M. XA. CTESE)

Vir

No Pres. Ind. nos mapas 405 *veño*, *vés* e 406 *veñen* do ALGa I, na P2 e P6 rexístranse en O.17 Viana as formas *veis* e *vein*, respectivamente, igual que en puntos próximos: en O-9 Robledo-Carballeda, O-12 Lamalonga-A Veiga e nos de Zamora (Z.1 Porto, Z.2 Lubián, Z.3 Hermisende). En O.18 Vilariño de Conso anotouse P2 *veis*, P6 *vein* - *vèn*; en O. 21 A Gudiña P2 *veis* - *vès*, P6 *vèñen*; en O.24 A Mezquita P2 *vès*, P6 *vein*.

No mapa 407 *vimos*, *vindes* / *vides* na P5 rexístranse en O.17 Viana as variantes *vides* e *vindes*, mentres que nos puntos veciños as formas desa persoa son as seguintes: *vides* en O.9; *vindes* en O.18, O.21, O.24 e Z.1; *víndeis* en Z.2 e Z.3.

Prieto Rodríguez (1973: 5) documenta as formas do Pres. Ind. *veño*, *véis*, *ven*, *vimos*, *vindes*, *véin*. En Prieto (1958: 45) anótase en Pentes-A Gudiña a P2 *veis* (p. 45), e en Prieto (1978: 19) a P6 *veñen*.

As formas temáticas *veis*, *vein* son as xerais nas diferentes xeracións; non obstante, tamén se rexistran, sobre todo na XB, a temática *vès* da P2 e a innovadora temática

vèñen da P5, especialmente na XB. Algúns dos exemplos con formas temáticas do corpus son os seguintes:

1. *mira que veis pa casa sin as vacas* (CALD. M. XA. CTESE)
2. *o mirmo porque si non xa vein encima de ti* (COV. H. XB. CTESE)
3. *antes non as querías i-aora veis a preguntar polas castañas* (PIX. M. XB. CTESE)
4. *vein de todos os... vên xènte de Madriz a peto, de Barcelona* (QPAND. H. XB. CTESE)
5. *vèñen da Veiga, vèñen de Carracedo da Sèrra tamên vèñen, e da Gudiña non sei se tèñen vido algüis anos tamên* (VMEAU. H. XB. CTESE).

Estar / andar + xerundio, estar / andar + a + infinitivo

O significado da perífrase con xerundio é o mesmo ca o da que leva preposición *a* e infinitivo. A perífrase con *a + infinitivo* ten unha xeografía compacta nos falares pontevedreses do bloque occidental, mais non é exclusiva, xa que se rexistra en puntos illados de Lugo, de Ourense (especialmente no sur) e no occidente coruñés, segundo refire Fernández Rei (1990: 104).

Posto que os valores das perífrases verbais do noso corpus coinciden en sentido xeral cos do galego común, indícanse aquí unicamente algunhas mostras das perífrases *estar / andar + xerundio* e *estar / andar + a + infinitivo* que son de maior interese para a descrición dialectal.

No caso do vianés ten maior vitalidade a perífrase con xerundio, mentres que case non se rexistra a perífrase con *a + infinitivo*. Achegamos algunhas mostras *estar / andar + xerundio*:

1. *ela estaba dormindo tranquilamente na súa cama* (CALD. M. XB. CTESE)
2. *están facendo un traballo como outro cualquèra* (QUMO. H. XB. CTESE)
3. *porque estás falando con cualquèra* (RAM. M. XA. CTESE)

Adverbio

Sinala Santamarina (1975: 59) que o adverbio expresa unha circunstancia que incide maioritariamente sobre o verbo, aínda que en moitas ocasións pode incidir sobre un adxectivo ou sobre outro adverbio.

En relación cos adverbios de lugar absolutos, Fernández Rei (1990: 103) sostén que o sistema do galego arcaico e do galego estándar moderno presenta unha distinción

entre formas en -í (*aquí, aí, alí*), en -á (*acá, alá*) e en -ó (*acó, aló*). No galego oral téndese a unha simplificación opoñéndose as formas en -í ás en -á (*aquí / acá, alí / alá*) ou ben ás en -ó (*aquí / acó, alí / aló*); outras veces, as formas en -í aparecen no canto das en -ó ou en -á, sendo o verbo e as preposicións o pertinente. No galego de moitas falas da Coruña, de Lugo, de Asturias e do Bierzo predomina a solución *aquí / acó, alí / aló*, mentres que no resto do dominio lingüístico se rexistra a oposición *aquí / acá, alí / alá*. Así e todo, non se poden trazar isoglosas determinantes.

Así mesmo, en variedades próximas como a berciana, Carballo Calero (1981³: 116) rexistra en referencia ao uso que fai o precursor do Rexurdimento galego Fernández Morales na obra *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), as variantes *ailí* e *aiquí*. Estas formas poden observarse tamén en Álvarez Pousa e Álvarez Pousa e Costas (2002) onde varios autores bercianos fan uso das formas *ailí* (pp.20, 32, 33, 34, 36, 49, 56), *aiquí* (p.32), *aló* (p.38, 42, 60, 77), *aquí* (p.71) e *eiquí* (p.74).

Álvarez e Xove (2008: 194) sinalan que Santamarina (1975) recolle só as formas *acó, aló* no val do Suarna, que tamén foron recollidas por Acevedo e Fernández (1932) no galego de Asturias entre o Navia e o Eo (*acó* e *aló / alló*) e por Muñiz (1978) no Valledor (*acó, aló*). Non obstante, no extremo sur de Galicia, Taboada Cid (1978) menciona só formas en -á, como tamén Prieto Rodríguez (1958) na súa recolleita de contos populares na Terra de Viana do Bolo (*acá* 8 ocorrencias e *alá* 46).

O habitual no noso corpus son as formas en -í, aínda que hai algunha mostra de *alá*, pero xeralmente non de *acó, acá* e *aló*. Prieto Rodríguez (1973: 6) sinala que de Viana para abaixo dise *eiquí, alí* e para arriba son máis comúns as variantes *acó* e *aló* e rexistra varios casos de *aiquí, eiquí, aí, eí, acá, alá, e alí*.

No corpus rexistramos as seguintes solucións: *eiquí / equí / aikuí / aquí, aí / eí, elí / alí* sendo as primeiras variantes as máis frecuentes. Krüger e González Ferrero (2011) rexistran en relación ás falas da Seabra Interior e de La Carballada-La Requeada as formas *eiquí, aikuí, iquí* e *eiquina* (mapa 44) e *allí, aillí, eillí, alí, aillí, illí* e *allá* (mapa 45).

Algunhas mostras son as seguintes:

1. *eiquí no alto, no alto da pradeira pois quedou un camión aí* (CEP. H. XM. CTESE)
2. *como houbo tantas generaciois por aquí por Galicia* (PRADC. M. XA. CTESE)
3. *veña pra aikuí, veña pra aikuí è deseguida me dixo* (PRADR. M. XA. CTIT)
4. *unha tirou pa aikuí i-outra pa alí* (SMP. M. XA. CTESE)
5. *xènte que se casou con... hòmes, con mullères de èlí, mullères con hòmes de èquí* (VSER. H. XM. CTESE)

No tocante aos adverbios temporais sinala Fernández Rei (1990: 103) respecto das formas *onte* e *hoxe*, que *onte* é a forma maioritaria fronte a *ontes* que se rexistra no nordeste da Coruña e norte de Lugo. Do mesmo xeito, *hoxe* é a forma maioritaria coa variante *huxe* do suroeste de Ourense fronte a *hòi* - *hoi* do galego de Asturias, leste de Lugo e falas do Bierzo. O ALGa IV (mapa 170) documenta a variante *huxe* nos puntos da Baixa Limia, Xinzo de Limia, Ramirás e Calvos de Randín.

No noso corpus rexístranse as formas maioritarias do galego: *onte* e *hoxe*, que no caso de *hoxe* tende a manifestarse con maior fechazón nas diferentes xeracións.

Rexístrase a forma popular *lò*, variante popular do adverbio temporal *logo* en diversos contextos interrogativos, risco lingüístico compartido co valego (Costas González 1999: 94). O ALGa II (mapa 334) non documenta en O.17 esta variante, unicamente a forma *logo*. Outro uso destacado é o de *inantas* e *dantes* como variante de *antes*, principalmente na XA e XM.

1. *pero dantes de casarme* (PRADR. M. XA. CTIT)

Velaquí algunhas das mostras adverbiais referidas ao adverbio *lò*:

1. *e dixo: e lò está usté sòlo?* (COV. H. XA. CTESE)
2. *e lò xa empèzan a salir o<s> gromos* (QHEDR. H. XA. CTESE)
3. *e ló á noite había fèsta na, buèno nun baixo, nas cuadras* (RAM. H. XM. CTESE)

O ALGa IV (mapa 161 *entón*) rexistra as formas *entonces* e *entón*. Nos puntos próximos *entonces* é a forma xeral (O.9 Robledo-Carballada, O.12 Lamalonga-A Veiga, O.18 Vilariño de Conso, O.21 A Gudiña e O.24 A Mezquita), coa variante *estonces* (Z.1 Porto e Z.3 Hermisende), mentres que en Z.2 Lubián se documenta *entón*.

Respecto do adverbio de cantidade é preciso sinalarmos a presenza do adverbio *mui* e o intensificador *mutísimo* / *muíísimo* en alternancia co castelanismo *muchísimo*, xunto a mostras de *moitísimo* e a forma *cuase* / *cuasi*, e a *imalia*, para referirse a unha unha morea de cousas. Algúns exemplos son os seguintes:

1. *había muchísimos anos que morrera o meu abuèlo* (QPAND. M. XM. CTESE)
2. *eu del aprendín muíísimas cousas* (PIX. H. XA. CTESE)
3. *porque alí roubaban a imalia, de noite roubaban* (COV. M. XA. CTESE)
4. *pasabamos eí o tempo, mutísimo e entonces un, deulle por decir* (VSER. H. XA. CTIT)
5. *estes estuvèron muchísimo tempo, si, buèno è eso.* (CALD. H. XA. CTESE)

En relación cos adverbios de modo é común o uso da forma *doutramente* como equivalente a *doutra maneira* ou *doutro xeito* nas diferentes xeracións e o adverbio

asina equivalente a *así* ou *deste modo* ou *deste xeito* na XA e XM. Como locución modal destaca o uso de *a peto* sinónimo de *a propósito*, que tamén se documenta no portexo (Blanco Corrales 2012).

- 124
1. *decíalle pois cóstavos tanto e levaba, mais doutramente pois eso quedaba alí* (COV. H. XA. CTESE)
 2. *vivímo-la vida asina como se pòde* (QPAND. H. XA. CTESE)
 3. *a xente que vén agora asina de fôra* (QPAND. H. XA. CTESE)
 4. *que tendes aquí, macho, que esto é unha pasada", è vein a peto* (QPAND. H. XB. CTESE)
 5. *doutramente pois todos os días, esto non ten fines de semana* (PRADR. H. XB. CTESE)

No tocante ao adverbio de afirmación rexistramos no noso corpus algunha mostra esporádica de *sin* e *mirmamente*, mais a forma maioritaria é *si*. En relación cos adverbios de negación destaca o uso da forma castelanizada *nò, ca* e a locución é *capá*; e por último, en relación cos adverbios de dúbida hai que sinalar *si cuadra* e *seica*.

1. *tu si cuadra nunca viches eses mallos* (QPAND. H. XA. CTESE)

Preposición

Nas NOMIG (2008²²: 180-182) rexístranse 123 preposicións e locucións prepositivas. Desta relación de categoría gramatical só nos imos ocupar daquelas que resulten diferenciadoras do galego común.

No que respecta a *para*, en vianés a forma máis frecuente é *pra*, que alterna con *pa*. Prieto Rodríguez (1973: 4) recolleu *pra* como forma máis común na fala vianesa: *vou pra alí, ven pra pra eiquí, queda pra pra utra vez* ao tempo que sinala que en ocasións se suprime o *r* da primeira e en ocasións da segunda: *pa pautro día*. Por outra parte, afirma o autor, que é común o uso dunha preposición no canto doutra, por ex.: *non din dela* (*non din con ela*), *de últimas* (*por último*).

Outro uso frecuente na variedade vianesa son as preposicións *desde / derde / dirde* e *dinde / dende* e o uso de *cara a*.

É preciso facermos referencia ás contraccións da preposición *con* máis os pronomes persoais *el / ela, eles / elas*, xa que son moi habituais na fala vianesa, principalmente na XA e XM., resultando as formas contractas: *cuel, cuela, cueles, cueles*, tamén documentadas por Prieto Rodríguez (1973: 4). Do mesmo xeito, a preposición *con* xúntase aos demostrativos *este, ese, eso* dando lugar ás formas aglutinadas *cueste, cuese, cueso*. Velaquí algúns destes usos:

1. *e cuesto daquela pasábase bastante bèn, eiquí no puèblo* (CEP. H. XA. CTIT)
2. *tiña que darlle algo que tuvèra pa que non se meteran cuel* (COV. H. XM. CTESE)
3. *si i-eu vou cuelas porque non quedo eiquí* (GRIX. H. XA. CTESE)
4. *facemos nós unha comida cueles sentámonos e buèno* (PIX. H. XM. CTESE)
5. *è cuesto morreu e non soupemos nada del* (VDB. H. XA. CTIT)

Conxunción

Na variedade vianesa, como no conxunto maioritario das falas galegas, documéntase *pero* fronte ás falas do galego de Asturias e do leste de Lugo, onde se rexistra a acentuación oxítónica *peró*. En puntos do occidente da Coruña e outras falas coruñesas documéntase a variante reducida *pro*, tal e como refire Fernández Rei (1990: 104).

As conxuncións que se dan na fala vianesa seguen, en sentido xeral, o galego común; e en referencia ás rexistradas nas NOMIG (2008²²: 183-187) debemos facer alusión á conxunción adversativa *pasante*, propia do vianés, equivalente a *agás* ou *bardante*:

1. *salimos case todos, pasante aí unhos veciños que non* (COV. M. XA. CTESE)

5.3 Sintaxe

Como refire Freixeiro Mato (2006a: 210), é unha disciplina que estuda e clasifica os diferentes tipos de unidades gramaticais, o modo de combinárense entre si e as funcións que as unidades inferiores desempeñan dentro das superiores. Deste xeito, os nomes, os pronomes, os verbos, os adverbios, as preposicións e as conxuncións, compostas por morfemas son unidades sintácticas básicas nas que se fai preciso facer alusión ao seu comportamento.

Farase referencia unicamente ás formas de acusativo do pronome átono de P2 con alusión ao teísmo, á posición dos clíticos e á ausencia de artigo na construción de preposición *en + casa*.

Formas de acusativo do pronome átono de P2. Teísmo

No Baixo Miño pontevedrés e nas falas do leste de Ourense e de Zamora, preto de Portugal, *te* é dativo e acusativo (*deite o libro, vinte na festa*); e no galego dos Ancares de León rexistrouse distinción entre o uso de *che* e de *te* (Fernández Rei 1990: 76-77). Porén, Fernández González (1981: 115 e 117) anotou no ancorés leonés o pronome *che* (*chí*) cos valores de CD e CI; e nos textos que achega (pp. 261-267) e en fragmen-

tos intercalados na monografía hai mostras de *che* por *te* como “(Y) eu *che* libertei” ou “¿Non chi recordas?”

126

A xeografía do teísmo na provincia de Ourense que traza Fernández Rei (1990: 77, mapa 29) deixa fóra a variedade vianesa, posto que a enquisa se fixo na vila de Viana; pero cómpre ter en conta que unha parte desa variedade é teísta, posto que o fenómeno se documenta na parroquia vianesa de Vilaseco da Serra, na extrema coa localidade de Vilanova da Serra, pertencente ao municipio zamorano de Pías, tamén teísta.

Esta característica é unha peculiaridade compartida coas variedades zamoranas de Lubián-Hermisende como referimos en Álvarez Pousa (2019: 22-24). Na zona veciña da Gudiña resulta de moito interese lingüístico o lugar do Tameirón que na extrema coa Terra da Mezquita comparte as características lingüísticas da área zamorana e rexistra tamén teísmo, a diferenza da vila da Gudiña onde hai distinción entre os pronomes átonos en función de CI e CD. Deste xeito, neste lugar do Tameirón onde non existe esa oposición de pronomes átonos, o pronome átono *te* realiza tanto a función de CD como de CI.

Prieto Rodríguez (1973: 6) rexistra unicamente teísmo no frieirés e sinala ao respecto que o pronome reflexivo *che* doutros lugares en frieirés é *te* de onde resultan: *non te pus* (*no te puse*), *dóute de comer* (*te doy de comer*), *dóuto* (*te lo doy*), mais non realiza ningunha indicación respecto do vianés. Na revisión que realizamos de Prieto Rodríguez (1958, 1973) non se recollen mostras populares ou notas léxicas concretas desta parroquia estremeira coa Terra de Zamora.

No entanto, cando o autor realiza a delimitación da fala vianesa, da frieiresa e a valdeorresa mantén que as parroquias de Cepedelo e Pradorramisquedo están influenciadas polo frieirés e que este se estende polo concello da Mezquita, algúns lugares da Gudiña e dous ou tres do municipio de Viana (Prieto Rodríguez 1973: 3); aínda que non precisa exactamente cales son, pola súa proximidade podemos supoñer que encadraría nesta afirmación a parroquia de Vilaseco da Serra.

O teísmo forma parte dos fenómenos contemplados por Dubert-García e Mariño Paz (2004: 339) nas áreas marxinais do mapa dialectal galego. Segundo os autores, este é un trazo lingüístico xunto a outros que só se manteñen en áreas extremas sen continuidades separadas por amplas zonas centrais onde hoxe existen outras marcas lingüísticas.


No tocante ao teísmo sinalan os autores que este fenómeno só é coñecido no extremo occidental de Galicia e no extremo oriental en dúas áreas meridionais sen continuidade espacial, o Baixo Miño pontevedrés e a subárea da Mezquita-Lubián dentro da área chamada zamorana. Polo contrario no caso do portugués e o castelán só se documenta o pronome *te* para ambas as funcións de CD e CI, aínda que no portugués tamén tivo vitalidade na lingua medieval o clítico *che* como refire Varela Barreiro

(1997: 326-327); mais ao contrario do que acontece en galego, que perdeu territorio o clítico *te* fronte ao *che*, no portugués estendeuse o clítico *te*.

Nas variedades próximas da área zamorana a isoglosa *te / che* permite, segundo Fernández Rei (1990: 115), delimitar a subárea de Porto con distinción dos clíticos *te* e *che* fronte á subárea da Mezquita-Lubián só co clítico *te* e, polo tanto, co fenómeno do teísmo. 127

No noso corpus é un fenómeno xeracional como podemos observar a través destes exemplos e rexistrado unicamente, como dicíamos anteriormente, na parroquia de Vilaseco da Serra:

1. *buèno, pois eu voute falar do tema dos incendios forestales* (VSER. H. XM. CTESE)
2. *èra unha juèrga ... è xa te digo, que pasabamos nas fèstas* (VSER. H. XA. CTIT)
3. *que te vou decir máis* (VSER. H. XA. CTESE)
4. *ahora voute a contar outra, unha ve viñèron...* (VSER. H. XA. CTESE)
5. *nós decimos que te dou, que te pego* (VSER. H. XA. CTIT)



Mapa 10. Uso do teísmo no vianés
Fonte: Álvarez Pousa (2021)

Posición dos clíticos

A colocación dos clíticos é a habitual en galego, normalmente en situación de énclice (posterior ao verbo) na maior parte dos contextos e debido a determinadas categorías da lingua que actúan de antecedentes, colocado en situación de próclise (anterior ao verbo).

En relación coa súa colocación sinala Álvarez (2004: 25-26), que tanto no caso do galego como no portugués poden darse as dúas opcións de énclice e próclise con infinitivos e xerundios; porén, a próclise é moi pouco común e dáse en contextos de entoación de calidade destacada. Refire a autora que nas cláusulas de infinitivo substantivadas é obrigatorio o uso da énclice tanto en portugués coma en galego. Nos predicados negativos o portugués escolle a próclise tras *não*, posición obrigada se o infinitivo está conxugado, mentres que en galego son válidas todas as opcións, mais óptase pola énclice co infinitivo invariable e a próclise co flexionado.

A devandita autora sostén, así mesmo, que no caso do xerundio, o galego e o portugués seguen normas diferentes, xa que en galego o pronome sitúase enclítico ao xerundio en todos os contextos; en portugués, aínda que esta sexa a tendencia habitual, hai casos en que o pronome debe ou pode situarse proclítico. Nos predicados negativos sostén que no caso do galego son correctas as dúas colocacións de próclise e énclice e no caso do portugués, a próclise segundo salientan varios autores (Álvarez 2004: 27).

No noso corpus atopamos os seguintes resultados de enclíticos en diversos contextos, mais nalgúns casos documéntanse mostras onde o pronome vai proclítico porque a estrutura así o esixe ou por cuestións de énfase.

1. *i-ò problema del pois foi que meteuse na pradeira* (COV. M. XA. CTESE)
2. *facíase a festa como dice o Farruco nun curro deses* (RAM. H. XM. CTESE)
3. *viñan a durmir a, xa che digo a Entrecinsa* (SMP. M. XA. CTESE)
4. *por que non me das as chaves que os quero castigar* (SEV. H. XA. CTESE)
5. *no recreo pòr dábannos un leite* (VMIL. M. XM. CTESE)

Ausencia do artigo determinado preposición *en* + *casa*

É común na variedade vianesa a ausencia de artigo en contextos onde é obrigatorio o seu uso en galego, algo recorrente tamén no portugués padrón e en castelán. Nas distintas xeracións esa ausencia rexístrase en sintagmas coas preposicións *de*, *en* e *para* e o substantivo *casa*, como se ve nestas mostras do corpus:

1. *as mullères peneiraban en casa con dúas peneiras* (CALD. H. XA. CTESE)
2. *teño dous irmaus que están èi en casa* (COV. H. XA. CTESE)

3. *cociáase en casa, cociáase pan do de casa* (GRIX. H. XA. CTESE)
4. *tiña máis medo en casa ca fôra* (PIN. M. XA. CTESE)
5. *o abuelo estaba en casa e entraron a roubar.e* (PRADR. M. XA. CTIT)

Con todo, no etnotexto de Tabazoa de Hedroso (anexo I), nun informante da XA todas as mostras son con artigo: *chegar á casa, van a murir á casa, vir prá casa, viñan pá casa*.

En relación co ítem 122 do CUEST ("Para dicir que está na súa vivenda dise..."), 11 persoas informantes contestaron "estou en casa" e só unha "estou na casa", mentres que no ítem 123 ("Para dicir que xa se deitou dise...") esas 12 persoas responderon todas "estou en cama". No corpus hai exemplos de prep. + cama:

1. *unha noite escapouse da cama* (CALD. M. XM. CTESE)
2. *eu durmía máis fôra da cama que na cama* (GRIX. H. XA. CTESE)
3. *è despois alí levei cama e durmiamos na cama* (GRIX. H. XA. CTESE)
4. *è despois cando se acababa a xente se iba a cama* (GRIX. H. XB. CTESE)

Os tres últimos exemplos, da parroquia de Grixoa, o informante da XA usa artigo, mentres que non o usa o informante da XB, que tampouco o emprega coa forma *misa*:

1. *ó día seguinte veu todo o mundo a misa* (GRIX. H. XB. CTESE)

5.4 Léxico

Vitalidade do léxico patrimonial

Graña Núñez (1990: 50) sinala que Galicia foi durante moito tempo un país eminentemente rural. A mediados do séc. XIX as porcentaxes acadaban o 90% e nalgúns provincias como Lugo ou Ourense non baixaban do 95%. No ano 1960 a porcentaxe de ruralidade xa se situaba nun 73% e décadas despois as cifras non acadan o 60%. Nas últimas tres décadas o proceso de desruralización experimentou unha brusca aceleración, tendencia que se mantén nos nosos días, moi especialmente na Galicia interior.

Sostén o devandito autor que parellas a esta progresiva despoboación, no mundo rural galego producíronse nos últimos vinte anos profundas transformacións que terán unha repercusión directa sobre o ámbito léxico, tales como o abandono de determinados labores, hábitos, costumes... e, en definitiva, de xeitos de vida que foron pasando á historia, e con eles boa parte da terminoloxía que lle era propia. Nesta ampla listaxe de traballos esquecidos destaca o abandono de cultivos tradicionais onde termos como *liñaza, ripar, arriga* suporán nostalxia para as xeracións altas e

moi pouco para as xeracións novas, a desaparición de certas profesións xunto á mecanización das formas de laboreo tradicional ao que cómpre engadirmos a presión do castelán coa consecuente perda de léxico, léxico recuperado e léxico ameazado con termos como *cavorco*, *golpe* ou *mágoa* (Graña Núñez 1990: 51-57).

Hoxe, adentrados no séc. XXI é preciso sinalarmos que as transformacións son máis evidentes, pois co tempo desapareceron moitos estilos de vida, oficios tradicionais, traballos grupais nos que era común o uso dese léxico específico e, por tanto, eses termos xa só son usados por informantes da XA ou como moito XM principalmente.

Porén, fronte a este desuso de vocabulario motivado principalmente polas continuas transformacións na sociedade temos que facer referencia a termos que pola contra amosan moita diversidade no conxunto da variedade vianesa. Así, ante o ítem 152 do cuestionario sobre a denominación para o caldo de castañas das 12 persoas enquisadas, 10 refiren a forma *caldo de bullotes* e 2 o uso da forma *caldudas*.

Ora ben, esta perda de nomes xenéricos vese, por outra parte, reforzada pola gran diversidade que hai na variedade ante outros ítems como o 134 do cuestionario sobre o nome da planta de cor fucsia (*Digitalis purpurea*). Neste caso, as persoas enquisadas refiren os nomes de *estroleques*, *estouros*, *san juais*, *estalotes*, *estoupois*, *estouros* e *estorleques*, amais de *estróupalos* e *tróqueles*. No dominio lingüístico galego existe unha gran variedade de termos para nomear a *Digitalis purpurea*: nas lendas dos mapas 107a e 107b do ALGa VI figuran 90 formas, tendo en conta as variantes fonéticas e morfolóxicas dos lexemas.

Interferencia léxica

Kabatek (2000: 29-30) fai mención a que no traballo sobranceiro de Weinrich se aclara a distinción entre interferencias na lingua e interferencias na fala, mais que se basea nunha certa imprecisión terminolóxica, xa que só as interferencias que Weinrich chama interferencias na fala (*parole*) corresponden á súa verdadeira definición.

As que chama interferencias na lingua (*langue*), en cambio, son resultado do cambio lingüístico que teñen como orixe unha interferencia e sostén o seguinte:

As interferencias son fenómenos da *fala*. Pertencen ó nivel individual dos *textos* ou *discursos* dunha lingua (á *parole* no sentido saussuriano). En canto elementos individuais que teñen a súa orixe no coñecemento doutra lingua (non na empregada no texto/discurso) son actos de fala *novos*; poden cambia-las tradicións dunha lingua e *crear* outras novas. Salvo casos especiais, as interferencias *feren* as normas dunha lingua, non corresponden á súa realización común.

Afirma, así mesmo, Kabatek que non todas as interferencias que *feren* a norma danan ao mesmo tempo o sistema lingüístico, o conxunto de regras funcionais dunha lingua.

Por outro lado, Negro Romero (2013: 226-227) salienta que non existe unanimidade á hora de definiren os estudos os principais conceptos de *interferencia*, *préstamo* ou *cambio de código* ao que é preciso engadir que o galego leva baixo a influencia do castelán desde o séc. XV, polo que algúns elementos están tan integrados que xa non se perciben como alleos.

Negro Romero (2013: 239), que realiza un estudo con base dialectométrica sobre o léxico do corpo humano e o contacto galego-castelán e o factor do cambio en relación ás áreas con maior presenza de castelanismos, sinala como hipótese que unha vía importante de acceso a Galicia era a que pasaba por Porto e entraba por Pena Trevinca cara a Viana do Bolo espallándose por varios camiños polos que entrarían as formas foráneas. En relación a 30 ítems léxicos recollidos no ALGa V sinala a autora que o número de castelanismos no referente a partes do corpo humano é de 10 en Viana como noutros concellos próximos da Gudiña, 9 na Mezquita e 11 en Vilariño de Conso (*ib.*, 244).

No tocante á xerarquía léxica, segundo sostén Babarro González (2003: 478-479) nas comunidades onde conviven dúas ou máis linguas e se producen préstamos léxicos mutuos, estes fanse máis numerosos cando unha delas ostenta maior prestixio ca as outras. Esta situación é extensiva naturalmente á Comunidade galega e xustifica a abundancia de castelanismos na lingua galega.

Alén destes factores, a proximidade do municipio vianés coa Terra de Castela e o trasfego de relacións sociais, principalmente coas provincias de Zamora e León, propiciou o desenvolvemento deste tipo de interferencias.

Así, amais dos dialectalismos, no noso corpus atopamos diversos exemplos deste tipo de interferencias lingüísticas. A fluidez no seu emprego provoca que en moitos casos as persoas de diferentes xeracións descoñezan a forma propia do galego por estar moi introducida a forma foránea e ser moi común o seu uso, como acontece con *perro* en detrimento de *can* / *cadelo* ou *cerdo* que suple a forma *cocho* / *marrau*.

A interferencia segundo a idade e o hábitat. Os castelanismos léxicos do vianés

En relación co galego de Asturias, Babarro González (2003: 486) sostén que a imposición máis ou menos recente do castelanismo leva a que se separe frecuentemente o antigo e o actual, a fala dos vellos da dos novos e mesmo distinguir do que se pode empregar no ámbito familiar ou do entorno máis próximo do que se pode facer en público.

No caso da variedade vianesa é preciso sinalarmos que estas interferencias se dan nas diferentes xeracións, mais a teor do exposto podemos precisar que na xeración baixa froito do cambio lingüístico é posible en ocasións non atopar un uso tan frecuente respecto das xeracións media e alta, tal e como corroboramos a través do cuestionario.

Segundo Weinreich (1968: 17), interferencia fai referencia aos casos de desviación con respecto ás normas de calquera das dúas linguas que ocorren na fala dos individuos bilingües como resultado da súa familiaridade con máis dunha lingua, é dicir, como resultado de contactos, de onde se derivarían interferencias fónicas, gramaticais e lexicais. As interferencias son máis frecuentes na XB, polo seu maior contacto co castelán, maior mobilidade e acceso a outro tipo de estudos. Non obstante, moitas interferencias como os castelanismos están totalmente introducidas na variedade nas diferentes xeracións.

Dubert (2005) sinala que son interferencias os elementos lingüísticos que cumpren unha serie de condicións: a) aparecer recorrentemente nos enunciados, b) ter a súa orixe histórica en elementos tomados de enunciados adscritos a outras linguas e c) desde o punto de vista sincrónico funcionar nos enunciados que aparecen ao mesmo nivel lingüístico que os elementos historicamente pertencentes á lingua na que aparecen.

Sostén o devandito autor, así mesmo, que aínda que moitas interferencias como os castelanismos están plenamente introducidos na lingua, é máis común atopar este tipo de desviacións en determinados grupos sociais, xa que as xentes do ámbito popular non tiveron un contacto directo co castelán ata datas máis recentes cando se introduciu o ensino obrigatorio e a aparición dos medios de comunicación de masas.

Pola contra, nas clases altas urbanas e semiurbanas, refire o autor que tiveron un contacto máis directo co castelán ao teren un maior acceso ao mundo da cultura oficial. Alude o autor, que é posible que algúns grupos sociais xa non teñan coñecemento do idioma por perderen o galego como lingua inicial xa no mesmo séc. XIX.

Neste apartado só imos facer referencia ás interferencias por vía do castelán, que son as máis numerosas no vianés e non a outro tipo de desviacións. Todos os exemplos están tirados da escolma de 25 etnotextos (escolma de etnotextos), pertencentes case todos ao corpus da tese (CTESE).

Hai algún castelanismo adaptado á fonética galega, como *parexa*, que anotamos en xente maior en referencia a unha parella de vacas (CALD. H. XA.) e tamén en xente nova para se referir a unha parella de mexillóns (PRADR. H. XB.) ou ao compañeiro dunha muller (QUMO. M. XB.).

Con todo, son moitos os empréstitos casteláns sen adaptación fonética. En 10 parroquias (BEMB, COV, FFILL, PEN, PRADR, QPAND, QUMO, SEV, VMEAU e VSER), e en informantes das tres xeracións, rexistramos o termo *ejemplo*. En QUMO a informante usa a forma castelá, mentres o informante emprega 5 veces *exemplo*. Outras mostras sen adaptación á fonética galega son *colégio* (2 ocorrencias en SEV. H. XM. e 4 en VMIL. M. XM.), *geólogo* (PEN. H. XB.) e *inteligente* (BEMB. H. XM.), pero *intelixentísimo* (SOLB. M. XM.); e o mesmo *generalmente* (2 ocorrencias), *gesticulación*,

origen, refugio e religiosas en PIX. H. XA. Son voces que, como *geografía* e outras, se escoitan sen adaptar no galego oral de todo o dominio lingüístico, aínda que, especialmente na xeración nova, a escolarización en galego fai que recúe a pronuncia coa velar castelá neses casos.

No vocabulario relacionado coa relixión anotamos nomes comúns como *campana* (THED. H. XA.), *capilla* (topónimo Ventas da Capilla, VSER. H. XM.) e *iglesia* (COV. M. XA., PIN. M. XA., PRADC. H. XA. e SOLB. M. XM.); o nome propio *Diòs* no xuramento “me cagho en Diòs” e no sintagma cuantificador “todo Diòs” (BEMB. H. XM.), na expresión “grazas a Diòs” (THED. H. XA.), na exclamación “Diòs mío!” (QUMO. M. XB.) etc.; e nomes propios sen adaptación fonética como *Virge* (QHEDR. H. XA.), *Virgen* (CEP. H. XA.), *Jorge* (RAM. H. XA.), *José* (SMP. M. XA.) e *Juanito* (PIN. M. XA.).

Os nomes dos días da semana só se rexistran na XM e na XB, e sempre nas formas castelás, pese a seren xeracións escolarizadas en galego e con acceso a medios de comunicación nese idioma: *lunes* (GRIX. H. XB. e QUMO. M. XB.), *miércoles* (VMEAU. H. XB.), *juèves* (GRIX. H. XB. e VMEAU. H. XB.) e *vièrnes* (GRIX. H. XB. e QUMO. M. XB.).

Non se rexistrou *luis* (día da Lúa) nin tampouco as formas estandarizadas *mércorres* (día de Mercurio), *xoves* (día de Xúpiter) e *venres* (día de Venus); estas últimas deberon ser as tradicionais na zona, e non con *feiras*, porque o concello de Viana pertence eclesiasticamente á diocese de Astorga e moi posiblemente nunca houbo nel as denominacións con *feira*, que se estenderon na Gallaecia que dependía de Braga. Nos primeiros séculos da presente era, a igrexa cristiá pretendeu suprimir os nomes pagáns dos días da semana baseados nos nomes dos planetas (e da Lúa), polo que estendeu nas comunidades cristiás o emprego numeral, que ten como base o sábado seguido de *fèria(m)*.

Como sinala Fernández Rei (2002: 167-168), en portugués “triunfaron plenamente as formas *segunda feira* ‘luns’, *terça feira* ‘martes’, etc., aínda que actualmente se van impoñendo na lingua falada as formas reducidas *segunda*, *terça*, etc., con perda do substantivo *feira*. Actualmente rexístranse por todas as partes como variantes libres as formas *segunda feira* ou *segunda*, *terça feira* ou *terça*, mentres que en galego o sistema cristián de feiras é un sistema incompleto, lembrado pola xente (moi) maior máis que usado, e especialmente nos casos da *cuarta/corta* e da *quinta feiras*”. Nos mapas 141 *mércorres* e 142 *xoves* do ALGa IV pode verse que na provincia de Ourense só se rexistrou *cuarta* (ou *corta*) *feira* e *quinta feira* na zona centro-occidental; e no mapa 143 *venres* apréciase que *sesta feira* só se anotou na Limia Baixa e nalgún falar próximo.

O castelanismo *puèblo* no canto de ‘aldea, lugar’ ten unha frecuencia altísima no corpus de etnotextos analizados; é empregado por todas as xeracións, aínda que nalgún informante da XM e XB empeza a ser substituído por *pobo* co sentido de “lugar” por calco do castelán, pois *pobo* designa a xente.

É moi longa a relación de castelanismos que se anotan nas tres xeracións e que están a desprazar formas do léxico galego patrimonial; algunhas son voces máis ou menos recentes, que entraron pola escola ou polos medios de comunicación. Achégase unha relación alfabetizada de diversos campos semánticos, que se poden escoitar no galego espontáneo doutras zonas, non só en vianés. Respectamos as formas tal como figuran transcritas nos textos:

1. *carretèra* 'estrada' (RAM. H. XM., SMP. M. XA., THEDR. H. XA., VMIL. M. XM., VSER. H. XM.)
2. *desalluno* 'almorzo' (BEMB. H. XM.), *desaiunando* (SEV. H. XM)
3. *escuèla* 'escola' (GRIX. H. XB., SEV. H. XM., SMP. M. XA., VMIL. M. XM.)
4. *juèrga* 'troula' (PUNX. H. XM., SEV. H. XM.)
5. *maèstra* 'mestra' (CEP. H. XA., PIN. M. XA., SMP. M. XA., VMIL. M. XM.)

Ás veces en persoas informantes, sobre todo da XA, rexístrase o castelanismo e na XM e na XB a forma galega, sen dúbida recuperada polo ensino ou polos medios de comunicación.

É o caso de *aguardiènte* (QHEDR. H. XA.) e *aguardènte* (SOLB. M. XM.). A forma estándar é *augardente*. En vianés dise *auga*, e non *agua*, forma propia do galego occidental (ALGa VI: mapa 31 *auga*); *entamiènto* (RUB. M. XA.), *aiuntamiénto* (SEV. H. XM.) e *concello* (CEP. H. XM., PUNX. H. XM. e VDB. H. XM.); *movimiènto* (VDB. H. XM.), *tratamiènto* 'tratamento' (BEMB. H. XM.) e *acontecemento* (SOLB. M. XM.), *coñecementos* (QUMO. H. XB.); *siglo* (PRADC. H. XA.) e *século* (VDB. H. XM.); *siguiènte* (GRIX. H. XB., PRADR. H. XB., SEV. H. XM. e VMEAU. H. XB.) e *seguínte* (BEMB. H. XA. e PUNX. H. XM.). Diferente é o caso de *murir* referido a persoas, como en falas do leste de Lugo, que só se rexistra nun home da XA de THED, a carón do sinónimo *falecer*), mentres que nos outros textos da escolma se rexistra *morrer* para persoas (BEMB, COV, PIN, QHEDR, QUMO, RAM, SMP e VSER).

O castelanismo *sièmpre* (SEV. H. XM., SMP. M. XA., SOLB. M. XM. e VSER. H. XM.), posiblemente nun principio se usou con valor intensificador, como ocorre noutras áreas do galego oral no canto de *sèmpre* (QUMO. H. XB. e SOLB. M. XM.). O mesmo valor intensificador debeu ter *muchísimo*, que se documenta nas tres xeracións, e que nunha mesma persoa informante do concello de Viana pode concorrer con *moi-tísimo* sen diferenza no contido, aínda que nos etnotextos analizados aparece unha ou outra: "muchísimo tempo" (CALD. H. XA.), "muchísimos netos" (CEP. H. XA.), "muchísimos anos" (FFILL. H. XM.), "muchísimas [iglesias]" (PRADC. H. XA.), "muchísima xente" (QHEDR. H. XA., SMP. H. XA. e SMP. H. XA.) e "muchísimas uvas" (QHEDR. H. XA.); pero "moitísima televisión" (PIX. M. XM.) e "moitísima xente" (PUNX. H. XM.).

Para a denominación da lingua propia de Galicia documéntase como forma maioritaria a forma patrimonial *galego* (PIX. M. XM., PIX. M. XB., PRADR. H. XB., QUMO. H. XB. E VDB. H. XM.), que a mediados da década de 1970 era de uso normal no galego de Asturias e en falas do sur de Pontevedra, fronte á forma popular e xeral *gallego*, información que me facilitou Fernández Rei do traballo de campo do *Atlas Lingüístico Galego*. Non obstante, tamén se rexistran no noso corpus casos de gallego en informantes das tres xeracións. Achégase un exemplo da XM:

1. *Foi cuando aprendín algo en gallego, cuando bñixamos pa Viana* (RAM. H. XM. CTESE)

Para a denominación da lingua estatal rexístrase *castellano* (PIX. M. XM., PIX. M. XB., PRADR. H. XB. e QUMO. M. XB.), mais tamén *castelán* (QUMO. M. XB.). No informante de VDB da XM, o nome da lingua é *castelán* ou *castelano*, e os habitantes de Castela son *castelanos*. Ás veces, a persoa informante usa asemade a forma *castelá* e a *galega*, ou viceversa, como ocorre no texto de Rubiais, onde fala unha muller da xeración alta:

1. *"e cunha orquilla, cunha forqueta èra con que arrimaban-a leña"*
2. *"È tamên cuando antiguamente o dor mouros que aí no castillo, pois que èra onde facían a feira or mòros"*
3. *"había un, un buraco mui fondo, tiraban pèdras è non sabían hasta onde èra o final que, que facían un ruído raro ó caer por.e agujèro aquel"*

Nos 25 etnotextos da escolma analizada, en catro deles en que a fonética e a morfosintaxe presenta os trazos caracterizadores do vianés, o léxico, aínda que pode presentar castelanismos, en xeral o vocabulario ten moitas formas do galego estándar no canto de castelanismos propios do galego popular, dos que xa fomos dando exemplos. Tres son informantes da XM (PUNX. H., SOLB. M. e VDB. H.) e un da XB (QUMO. H.), que presenta o vocabulario máis descastelanizado con moita exemplificación.

Como ramo do capítulo da interferencia faise referencia á forma *barca*, con 13 ocorrencias nunha informante (COV. M. XA.) e tres noutra (QPAND. M. XM.). Nestes casos non se trata de castelanismo, xa que se refire a unha embarcación de río.

En galegofalantes, sobre todo alleos á zona de costa, hoxe é moi frecuente escoitar o termo *barca* por calco semántico do castelán para designar embarcacións de tamaño pequeno que se ven na beiramar (*gamela*, *dorna*, por ex.). Para a xente mariñeira no mar hai *barcos*, á marxe do tamaño e da fasquía, mentres que no río hai barcas, que eran de pasaxe de mercadorías e de persoas, que desapareceron; pero queda a súa pegada en topónimos ou en nomes de pontes, como a ponte da Barca (no final do Lérez en Pontevedra) ou o lugar da Barca e a ponte da Barca no esteiro do

río Umia en Cambados. Na escolma de etnotextos a xente das parroquias vianesas de Covelo e de Quintela do Pando cruzaba o río con *barcas*, como o facían xentes doutras parroquias.

136

Algúns procedementos para a formación de palabras

O feito máis relevante no procedemento de formación de palabras é a sufixación e, en menor medida, a composición. No referente á sufixación é preciso destacarmos o uso do diminutivo *-iño* moi común no conxunto de falas galegas e que no noso corpus se reflicte en diversos exemplos pertencentes a diferentes categorías gramaticais: substantivos, adxectivos, indefinidos e adverbios.

O DRAG recolle co significado de diminutivo dúas entradas, 1: adx. que diminúe a magnitude do significado da palabra á que se une, ou que presenta o obxecto con intencións afectivas diversas [sufixo] e 2. s. m. palabra formada por unha raíz e un sufixo diminutivo, ambas as acepcións referidas á gramática.

Segundo Freixeiro Mato (1996: 33) o sufixo diminutivo é definido como un morfema que, non tendo unha significación propia independente, é capaz de alterar o contido semántico da base á que se engade, conferíndolle un matiz empequenecedor *-diminutivo-* e/ou afectivo ou doutro tipo. O autor rexistra como propios do galego os seguintes diminutivos: *-el(o)-a*; *-ol(o)-a*, *-ete-a*; *-ote-a*; *-acho-a* / *-echo-a* / *-ocho-a* / *-ucho-a*; *-ico-a* / *-uco-a*; *-exo-a* / *-uxo-a* (*lb.*, 53-59).

En referencia aos topónimos en *-iño* sinala o autor que no partido xudicial de Valdeorras e Viana só se documentan catro topónimos en *-iño* fronte ás Rías Baixas cunha densidade do 50% (*lb.*, 70). No caso concreto do concello de Viana do Bolo temos que sinalar que se rexistra o topónimo maior *San Martiño*, mais este diminutivo é máis frecuente na microtopinimia e en núcleos da comarca de Viana como Vilariño de Conso.

Alonso Núñez (2000: 164) en relación co sufixo *-ico*, *-ica* sinala que no galego actual é produtivo como diminutivo e ademais é o segundo máis frecuente tanto con bases substantivas como adxectivas. Con todo, se non existe no territorio convén non descartar a posibilidade de que sexa un dialectalismo. Alude a que na toponimia de parte da provincia de Ourense, especialmente na zona oriental, na zona luguesa de Quiroga e na do galego de León e de Zamora son relativamente comúns os topónimos formados con este sufixo, os mapas 1: 25000 do IGN recollen nesa área Lagoa do Burrico e As Searicas (Viana do Bolo), Lagoa do Burrico (Pías, Zamora), A Malladica (Lubián, Zamora).

Alonso Núñez sinala como non produtivos unha serie de sufixos diminutivos, que aparecen produtivos en Álvarez, Monteagudo e Regueira (1986) e que serían os seguintes: *-el-o* / *-el-a*, *-ol-o* / *-ol-a*, *-och-o* / *-och-a*, *-uch-o* / *-uch-a*, *-ex-o* / *-ex-a*,

-ux-o / -ux-a, -ot-e / -ot-a. Outros elementos que sinala o autor excluídos da consideración de sufixos diminutivos do galego actual son -ón / -ona, -ell-o / -ell-a, -ill-o / -ill-a, -ull-o / -ull-a, -ec-o / -ec-a, -ach-o / -acha, -at-o / -at-a, -et-o / -et-a, -ot-o / -ot-a, -isc-o / -isc-a, -cul-o / -cul-a.

Nun estudo posterior Alonso Núñez (2004) trata o estudo dos sufixos -iño, -ito, -ico, tamén na fala próxima de Castrelo do Val, e sinala que o sufixo -iño é o maioritario como no galego estándar.

En variedades próximas de Zamora rexístrase abondosa microtoponimia co sufixo diminutivo -icho / -icha, tal e como sinala Costas González (2017: 527) nunha área que coincide coa histórica área zamorana da lingua galega (As Portelas, Requeixo e Calabor) e que serve de fronteira entre o galego zamorano e outras variedades galegas e polo leste, entre o galego e o leonés da Seabra. Afirmo o autor que esta zona galegófona presenta tamén outros sufixos comúns no galego -iño / -a, -elo / -a, -ello / -a, -eiro / -a; porén, é moi abundante a microtoponimia co sufixo -icho / -icha. Así, A Portelicha (Lubián), O Rapadicho (Calabor) ou por ex. Os Canichos (Hermisende), agás no municipio de Pías onde non se rexistran microtopónimos cos sufixos -ico / -a ou -icho / -a (ib., 528-529).

No municipio vianés rexístrase algún uso deste sufixo como en As Searicas e indica o autor que na microtoponimia galega rexístrase unha ducia de exemplos illados concentrados no suroeste de Pontevedra e suroeste de Ourense. Sinala Costas que o sufixo -icho / -a é estraño en galego, pero existe e achégalle á palabra un valor diminutivo e / ou afectivo, un sentido inferiorativo e / ou desprezativo, ao tempo que refire que é posible que -icho / -a non deixa de ser unha variante fonética de -echo / -a á vista das alternancias léxicas que se dan entre formas como *manecho-manicho* (ib., 530-531).

No noso corpus, como na xeneralidade do galego, é maioritario o diminutivo en -iño, que podemos atopar en diferentes clases de palabras (substantivos, adxectivos e participios, indefinidos e adverbios), así como outros en -ote / -ota, -uco / -uca. Algunhas das mostras que se reflicten son as seguintes:

1. *que a matou en Rubiales, eu era chavalòte* (BEMB. H. XA. CTESE)
2. *na Mezquita comprei cuatro pais, inda eran ben xeitosiños* (CALD. H. XA. CTESE)
3. *levantou tantiño a niebla e pasei un rigueiro* (CEP. H. XA. CTIT)
4. *quen me axudará agora a gastar os cuartiños* (GRIX. M. XA. CTESE)
5. *ventanucas mui pequeniñas tiña* (PIX. H. XA. CTESE)

No entanto, imos ocuparnos neste apartado só do diminutivo -ico / -ica, risco moi común na variedade vianesa e á súa vez compartido coa variedade portelá portexa e rexistrado por Rodríguez Lago (1974: 5) en formas como *bonico*. Trátase dun trazo

común nas diferentes xeracións, pero maiormente predominante na XA. Algúns dos exemplos do noso corpus son os seguintes:

138

1. *mira unha vez èra eu inda novico* (CALD. H. XA. CTIT)
2. *tu vas e ères un borrico de aldea, tèr que adatarte a eles* (QUMO. M. XB. CTESE)
3. *i-os que èran máis grandicos, que tiñan máis malicia marchaban* (RAM. H. XM. CTESE)
4. *Soutogrande se o conòces ê un puèblo pequenico* (SMP. H. XA. CTESE)
5. *aquel día a profesora facíanos unha comidica è regalámoslle dous galos* (VMIL. M. XM. CTESE)

Vocabulario vianés

O feito de que a Terra vianesa se sitúa a medio camiño entre terras zamoranas e bercianas, fai que haxa unha boa parte de léxico que é compartido con estas variedades estremeiras do galego.

Neste glosario recóllense voces rexistradas no conxunto do corpus oral, así como tamén outras voces que non aparecen no corpus, pero son de uso común no galego vianés, algunhas delas obtidas mediante o cuestionario lingüístico ou mediante observación directa dos falantes. Estas voces seleccionáronse tendo en conta o seu diferencialismo co galego común. A carón do dialectalismo figura o seu significado e un exemplo coa indicación do corpus oral ao que pertence para a súa mellor contextualización.

Recóllese unicamente unha pequena selección do léxico vianés con 50 termos, xa que o estudo do conxunto do léxico vianés requiriría doutro traballo específico, dado o caudal de vianesismos que a variedade ofrece.

Verbo da súa presentación figura a entrada en negra, a continuación a categoría gramatical seguida do seu significado e unha mostra do noso corpus onde tal forma se reflicte. Por último, indícase a referencia do dicionario correspondente no caso de aparecer nalgún estudo lexicográfico dos que se nomean deseguido, xa que algúns dos termos que se ofrecen foron documentados por Prieto Rodríguez (1958, 1973) e algúns recollidos posteriormente por Crespo Pozo (1963). Nos casos nos que aparece rexistrada a voz refírese DRAG (2012), DdD (2006-2013), VCP (Vocabulario Crespo Pozo), cando non se indica a parroquia quere dicir que a forma foi obtida mediante observación directa.

Algún deste léxico xa o recollemos en Álvarez Pousa (2017a: 817-819), boa parte del figura en Prieto Rodríguez (1973) e varios termos son compartidos con vocabulario específico do Bierzo (León), Portelas (Zamora) e algúns co valego (Cáceres).

1. **acomerar**: (v.t.) Darlle de comer aos animais: *Pa o outro día acomera-lo ganado* (QPAND. H. XA. CTESE).
2. **aixoga**¹⁸: (s.f.) Ferramenta que se emprega en traballos de carpintería e que se usa, por ex., na elaboración das máscaras do Entroido ou outros labores coa madeira: [...] *Abrilo ó medio, despois ca aixoga vacialo, ca navalla rebaixar a madeira* [...] (PEN. H. XB. CTESE).
3. **androlla**: (s.f.) Embutido elaborado no intestino groso do porco preparado a base de costela adobada: [*DRAG*]: *Pili fixo androlla, Braulio fixo a orella* (PIN. M. XB. CTESE).
4. **arrular**¹⁹: (v.i.) Facer acenos ou berros coa intención de chamar por alguén: *Arrulabámoslle desde este lao è viñan a buscarnos* (QPAND. M. XM. CTESE).
5. **barqueleta**: (s.f.) Especie de recipiente que se adoita empregar para preparar o mondongo da matanza: *O que non se pòde salar quitámolo, botámolo a unha barqueleta* (PIX. M. XA. CTESE).
6. **bolécora**²⁰: (s.f.) Castaña que no seu interior está baleira: *As bolécoras non valen para coller*.
7. **boteiro**²¹: (s.m.) Máscara de Entroido característica dos lugares da serra oriental ourensá de Carracedo da Serra (A Gudiña), Viana do Bolo e Vilariño de Conso, que tamén conta con representación en folións de Trives. É de deseño diferente segundo o seu lugar de procedencia, e á súa vez, son similares entre elas a gudiñá, a trivesa e a vilariñá debido á súa situación e á súa orixe: *Por exemplo, or boteiros que había eiquí non eran esaztamente como son agora* [...] (QPAND. H. XB. CTESE).
8. **bullote**²²: (s.m.) Froito comestible do castiñeiro [*DRAG*]: *Temos varias clases de bullòtes, però buèno aí está o inxerto, anaxo, o inxerto anaxo bravo, o*

18 O *DRAG* recolle *aixola*. Prieto Rodríguez (1973: 16) recolle este termo como **eixoga**, aínda que a forma común é *aixoga*, que por palatalización do *a* átono pasa a *äixoga* nalgúns falantes, o mesmo que acontece con outra ferramenta onde o nome corrente é *aixada*, que se realiza comunmente como *äixada*.

19 O *DRAG* e o *DdD* recollen a forma *arrolar* con significados diferentes.

20 A forma *bolécora* é maioritaria no vianés, pero amais recibe os nomes de *boleca* ou *bolécola*. O *DRAG* documenta a forma *boleca*.

21 No *DdD* figura a forma *boteiro* para designar un tipo de máscara do Entroido (Rivas Quintas 2001).

22 Segundo a súa variedade e forma de preparación, o *bullote* recibe diferentes denominacións como *bolécora*, *burgazo*, *mamota* ou *seca*. Prieto Rodríguez (1958: 12) recolle tamén a forma *bulló*. *Eisí aos de Val de Conso chámánlle mamoteiros e culáus porque comen muitos bullós cocidos (mamotas)*... No *DRAG* *castaña* e *bullote* aparecen como sinónimos, mentres que no *DdD* nas diferentes referencias léxicas a forma *bullote* aparece como castaña asada e pelada. García González (1985: 143) recolle esta acepción para referirse á castaña verde con pel en Montederramo e en Castro Caldelas. *VCP* (169-170): *bullote / billote*. No vianés, esporadicamente en puntos próximos á Gudiña tamén se rexistra a forma *billote*. O termo *bullote* tamén se documenta en relación co bolés.

rapado, o carlau [...] (PIX. M. XB. CTESE).

9. **burgazo**: (s.m.) Castaña cocida coa pel interior: *Ós burgazos hai que quitarlle a casca da fôra*. [DRAG]: (PIX. M. XA. CTESE).
10. **cabicas**: (s.f.) Utensilio que serve para mover o pan no forno provisto dun pau longo: *Colle o cabicas e move os pais*.
11. **caldudas**²³: (s.f.) Caldo elaborado coas castañas. Tamén chamado *papavello*. [DRAG]: *Hoxe imos comer caldudas*.
12. **carambello**: (s.m.) Xeo que se forma debido ás temperaturas extremas moi baixas. [DRAG]: *Porque quedáralle a piël no carambello tomada* (RUB. M. XA. CTIT).
13. **ceboleiro**²⁴: (s.m.) Embutido elaborado no cego do porco con cabaza, cebola, coiros, nabos e roxóns, fundamentalmente: *Ós ceboleiros botámoslle as carnes sangradas [...]* (PIX. M. XA. CTESE).
14. **choupín**²⁵: (s.m.) Fungo comestible (*Macrolepiota procera*) [DRAG]: *Temos palabras por exemplo bullôte e choupín [...]* (VDB. H. XM. CTESE).
15. **cireixal**²⁶: (s.m.) Árbore de tronco liso e flores brancas, que dá como froito a cereixa, na variedade vianesa *cireixa* [DdD]: *È alí tiñan desto cireixales e nós dedicábámonos a collerlle as cireixas* (CALD. H. XA. CTIT).
16. **cochar**: (v.i.) Tirar a bóla sen chegar á liña de xogo e non facer tantos nos bolos: *Cochou, retira os bolos*.
17. **concheira**²⁷: (s.f.) Árbore xeralmente moi alta, de madeira de calidade e que dá por froito a noz, na variedade vianesa *concho* [DdD]: *Facíase de concheira ou de bedul*. (QPAND. H. XB. CTESE).
18. **costeiro**²⁸: (s.m.) Axudante do pastor no labor do pastoreo: *Pois merendaba o costeiro, eu estaba elí i-ó millor levaba un comida pa dous días* (GRIX. H. XA. CTESE).

23 O DRAG rexistra a forma sing. *calduda*, no vianés este termo emprégase sempre en plural. No DdD documéntase o termo *caldudas* (Otero Álvarez, Varios autores e Franco Grande) e *papavello* (Pereda Álvarez e Rivas Quintas).

24 O DRAG rexistra a forma *ceboleiro*, mais con outras acepcións. Pola contra, o DdD si recolle entre as súas acepcións a de chourizo elaborado con cebola (Constantino García e Eligio Rivas).

25 No vianés adoita empregarse o termo *choupín* en xeral e cando é máis pechado a forma *cogordo*.

26 O ALGa VI: 232 recolle a forma *cireixal* no punto O.17. No DdD aparece *cireixal* (Rivas Quintas 2001).

27 No ALGa VI: 251 aparece a palabra *concheira* no punto O.17 Viana do Bolo e tamén no DdD (varias fontes).

28 O DRAG recolle este termo, mais con acepcións diferentes. No vianés tende a realizarse como *custeiro*.

19. **dexobar**²⁹: (v.t.) Fregar con auga e xabón para sacar a sucidade ou aclarar algo [DdD]: *había que dexobalo, había que espadalo* (PRADR. M. XA. CTIT).
20. **emboligarse**: (v.i.) Revolverse en algo: *el salía de casa e marchaba a emboligarse na area*. (CALD. M. XA. CTESE).
21. **endoloxar**: (v.t.) Enxaugar algo para quitarlle a sucidade: *Endoloxa a botella que está de viño*.
22. **enfusar**³⁰: (v.t.) Meter algo para dentro, introducir: *È polas tuberías teis que lle enfusar a palla que ten cerca do ollo*. (VDB. H. XA. CTIT).
23. **entrudio**³¹: (s.m.) Celebración que ten lugar antes da Coresma consistente en desfile de foliões, comparsas, máscaras e outros rituais, tamén denominado *Intrudio*: *A xente xuntábase pa face-lo Entrudio* (PUNX. H. XM. CTESE).
24. **escarramuza**: (s.f.) Lección ou consello que se obtén tras facer algo mal: *Derde que son vella ruza nunca levei tan grande escarramuza* (BEMB. M. XM. CTESE).
25. **espalecer**: (v.i.) Estado que se caracteriza por espertar animicamente tras moito cansazo [DdD]: *Espalece que temos que marchar*.
26. **esquila**³²: (s.f.) Campá que porta o gando, xeralmente as vacas no pescozo e o boteiro de Entroido no cinto do traxe [DdD]: *car miñas esquilas das vacas eu non sentía ó fulano* (GRIX. H. XA. CTESE).
27. **estróupalo**³³: (s.m.) Planta silvestre (*Digitalis purpurea*) de talo verde e flores rosadas que se adoita estalar: *O prado está cheo de estróupalos na barreira*.
28. **estroupelear**: (v.i) Facer ruído ao camiñar, pisar no chan con forza [DdD]: *i-ó millor chove i-é mui duro estroupelean èlí i-èsí è facían un papèl que lle chamaban as tallas* (GRIX. H. XA. CTESE).
29. **faceira**: (s.f.) Terreo próximo ás vivendas que se adica xeralmente ao cultivo [DdD]: *Aí pola faceira de Villariño* (SMP. M. XA. CTESE).

29 O DdD recolle esta entrada, mais só nunha das acepcións con este significado, no resto de referencias alude a *ensuciar*, que sería o contrario do seu uso no vianés.

30 O DdD recolle este termo, mais con acepcións diferentes.

31 Nicolás Tenorio (1982) recolle a forma *Intrudio*.

32 A voz *esquila* figura en diferentes fontes lexicográficas do DdD. Rexístrase ademais no VCP, mais non con referencia a Laureano Prieto.

33 No vianés documéntanse ademais os nomes de *estoupois*, *estroleques*, *estorleques*, *tróqueles*, *sanjuais*, *estouros* e *estalotes*.

30. **fraga:** (s.f.) Rocha de tamaño grande, tamén chamada penedo [DRAG], [DdD]: *fórono despeñar por un rigueiro que lle chamamos Os Cubillós, é onde hai unhas fragas, unhas rocas mui altas* (PIX. H. XA. CTESE).
31. **fulión:** (s.m.) Comitiva musical que caracteriza o Entroido vianés e cuxos integrantes van tocando instrumentos como aixadas e bombos [DRAG], [DdD]: *O fulión estuvo perdido digamos durante unhes anos, é decir, foi dos poucos puèblos que dicen que aguantou a Ditzadura* (QPAND. H. XB. CTESE).
32. **gabelo:** (s.m.) Feixe que se colle de algo, normalmente de leña ou de cereais [DdD]: *E traguémola a gabelos* (CALD. M. XA. CTESE).
33. **galocristo**³⁴: (s.m.) Planta medicinal (*Rhinanters minor*) que lembra a crista dun galo [DdD]: *En Gobia onde está ahora de galoscristos [...]* (RUB. M. XA. CTIT).
34. **gancio:** (s.m.) Pau de uz seca que se usaba nas casas para alumear [DdD]: *chamabámoslle os gancios, que había que andar co gancio na mau* (PRAD. M. XA. CTIT).
35. **lardeiro**³⁵: (s.m.) Boneco que se coloca en representación dos mozos o xoves de compadres e o mesmo se fai coa lardeira o xoves de comadres en representación das mozas, ata a súa queima o martes de Entroido, como peche [DdD]: *Facían or lardeiros, cuando iban a colgar [...]* (VSER. H. XA. CTIT).
36. **lareiro:** (s.m.) 1. Pau alongado onde se colocan xeralmente os chourizos da matanza; (adx.m.) 2. Aplícase a unha persoa moi alta [DRAG], [DdD]: *Pois sacaban ó millor un lareiro de chourizos e despois resulta que había unha [...]* (GRIX. M. XM. CTESE).
37. **legues:** (s.f.) Peza de coiro que leva o boteiro do Entroido na parte inferior da perna cubrindo o pantalón do traxe, tamén denominadas *leguis*: *levaban as legues, as legues eran o que usaban os caballeros antiguamente* (VMEAU. H. XB. CTESE).
38. **mamota:** (s.f.) Castaña cocida coas dúas cascas que se abre á metade para a súa cocción e preparación [DRAG], [DdD]: *Ás mamotas hai que facerlle unha raia grande* (PIX. M. XA. CTESE).

34 O ALGa VI: 124 recolle o termo *galo cristo* referido a *saramago* no punto O.11 (Montederramo) e non no punto O.17, para o que refire *meldrasto*. Na variedade vianesa *galocristo*, *leitarega*, *meldrasto* e *saramago* son plantas totalmente diferentes. O DdD rexistra a voz *galocristo* (Rivas Quintas 1988). A forma documéntase no VCP como *gallocresta*, herba dos ollos.

35 O DRAG recolle esta forma, pero só facendo referencia ao *Domingo lardeiro* e ao adxectivo que alude á calidade de ter moita carne. No DdD aparece esta voz para designar tamén o *Domingo lardeiro* (Franco Grande 1972 / Carré Alvarellos 1951 e 1979). Emprégase como adxectivo para designar as persoas altas.

39. **montonico**: (s.m.) Doce típico da zona de Viana do Bolo e de Vilariño de Conso que esixe un proceso moi laborioso e de moita tradición na parroquia vianesa de Bembibre, que se prepara fundamentalmente con ovos, azucre, leite, manteiga e fariña: *Ó montonico de Bembibre botámoslle [...]* (BEMB. M. XA. CTESE).
40. **mundicia**: (s.f.) Dise da herba mala que sae principalmente nas hortas ou lugares abandonados: *Todo cheo de silvas e todo cheo de mundicia que mete medo* (SMP. M. XA. CTESE).
41. **muradella**: (s.f.) 1. Conxunto de pedras amoreadas resultantes de limpar un terreo coa finalidade de traballalo, 2. Muro alto [DdD]: *Si, èi nas muradellas había unhas murallas*.
42. **papavello**³⁶: (s.m.) Puré feito de castañas: *E faciamos o papavello* (PIX. M. XA. CTESE).
43. **pigureiro**³⁷: (s.m.) Embutido elaborado no cego do porco con cebola, cabaza e coiros, principalmente: *O pigureiro faise dos huesos gordos da soá*. (PIX. M. XA. CTESE).
44. **postura**³⁸: (s.f.) Cada unha das cantidades de líquido que se extrae no proceso de elaboración da augardente: *Entonces o que vai è fai unha postura* (QHED. H. XA. CTESE).
45. **preseira**: (s.f.) Muro feito nun río para acumular a auga [DRAG], [DdD]: *Eu cuando me din de conta case iba na preseira* (COV. M. XA. CTESE).
46. **quiobra**³⁹: (s.f.) Réptil sen patas de corpo longo do cal pode haber especies venenosas [DdD]: *Veu unha quiobra, subiu pola pata da vaca* (CEP. M. XA. CTESE).
47. **ralbar**: (v.i.) Correr ás présas sen deterse [DdD]: *Creo que ralbaba hasta tres travesas xuntas* (GRIX. M. XM. CTESE).

36 No *DdD* esta voz designa a masa semilíquida feita coas moras ou calquera outra froita cando se esmagan (Pereda Álvarez 1953). Na variedade vianesa é máis común o termo *caldudas* e caldo de bullotes.

37 O *DdD* recolle esta forma para designar un tipo de chourizo que se acostuma comer polo Nadal na comarca de Valdeorras e Verín (Leandro Carré Alvarellos 1951 e José María Pereda Álvarez 1953, respectivamente).

38 O *DRAG* rexistra esta voz, mais con acepcións diferentes.

39 O *DRAG* documenta a forma *cobra*.

48. **rebolo**⁴⁰: (s.m.) Árbore moi común na zona (*Quercus robur*) de gran tamaño que ten como froito a landra [DRAG], [DdD]: *Estaba o caso que comentaba antes o do rebolo beliño* (PRADR. H. XB. CTESE).
49. **salamandra**: (s.f.) Anfibio da familia dos salamándridos, de pel lisa e brillante, de cor negra con manchas amarelas [DdD]: *poislle salamandras ou poislle algunha que fixen con lagartos* (PEN. H. XB. CTESE).
50. **seca**⁴¹: (s.f.) Dise daquela castaña que antigamente se colocaba no canizo das casas coa finalidade de que aguantase máis tempo ao secar: *E entonces veu un pisador das secas* (PIN. M. XA. CTESE).

O feito de que haxa diverso vocabulario compartido co galego do Bierzo (*androlla*, *arrular*, *bullote*, *cireixal* / *cereixal*, *concheira*, *emboligar*, *endoloxar*, *enfusar*, *Entrudio* –no Bierzo tamén *Entruido* / *Ontruido*–, *faceira*...) e co das Portelas (*cireixal*, *Entrudio* –nas Portelas tamén *Untrudio* / *Ontrudio*–, *fraga*, *lareiro*, *legues*, *muradella*, *rebolo*...) amósanos a grande unidade que estas falas orientais presentan no seu conxunto. Nalgúns casos, este léxico compartido tamén se achega á variedade de Cáceres, o valego (*rebolo* -nas Ellas, tamén *carballo*...).

40 En zonas próximas rexístrase o termo *carballo vriño* / *carballo briño* (VVAA 2006a: 57), *rebolo aveliño* na zona oriental de Viana do Bolo. No galego común este termo presenta variación dialectal. Non obstante, no valego ambos os termos son sinónimos (Costas González 2013: 179).

41 O DRAG recolle esta voz e remite a tres acepcións como substantivo, ningunha delas con este significado. Rexistra, así mesmo, doce acepcións como adxectivo e unha como participio, ningunha delas co significado de *castaña seca*. A forma tamén se documenta en relación coa fala do Riós e no DdD, mais en relación ao propio proceso de afumado das castañas e non como substantivo (Rivas Quintas).

Capítulo 06

O cambio lingüístico

145

Por cambio lingüístico enténdese o proceso de modificación ou transformación que experimentan as linguas ao longo da súa evolución histórica e que se adoitan agrupar en tres niveis: o cambio fonético, o cambio morfosintáctico e o cambio léxico-semántico.

Tal e como manifesta Labov é natural que a fala de todos os individuos sexa variable e isto pode deberse a factores internos e factores externos á propia lingua. Tras a análise de doce cambios fonéticos, tres no ámbito rural de Martha's Vineyard e nove en Nova York, o autor chega a resultados moi interesantes sobre a difusión do cambio lingüístico (Labov 1983: 229-232).

Chambers e Trudgill (1994: 123) fan referencia a que para estudar os cambios lingüísticos que están acontecendo, o máis satisfactorio sería investigar unha comunidade e volver uns vinte anos máis tarde e levar a cabo unha investigación posterior; a este método chamaríasele cambio lingüístico en tempo real. Non obstante, un método alternativo e máis inmediato sería investigar o cambio lingüístico en tempo aparente, o que quere dicir que ao investigar unha comunidade concreta, comparamos a fala da xente maior coa da xente máis nova, co que se asome que calquera diferenza que se aprecie sería o resultado do cambio lingüístico.

No presente estudo imos centrar a atención no cambio lingüístico en tempo aparente ao poñer o o foco no contraste das características lingüísticas que presentan tres xeracións de informantes e cuxas diferenzas permitirán falar propiamente de cambio lingüístico e dos posibles factores que o desencadean.

Non obstante, tamén se realiza algunha cala no cambio lingüístico en tempo real ao compararse en certa medida o noso corpus do discurso oral coa fonte escrita dos *Contos vianeses* (Prieto Rodríguez 1958) e coas *Notas encol da fala vianesa* (Prieto Rodríguez 1973), onde se nos achega información da variedade vianesa hai máis de seis e catro décadas, respectivamente; e tamén teremos en conta o material do *Atlas*

Lingüístico Galego (ALGa), e moi particularmente os datos do punto O.17 Viana do Bolo, enquisado en febreiro de 1975.

146 Este feito apóiase co expresado por Menéndez Pidal (1926: 562), cando fai constar que a dialectoloxía para achegar resultados completos precisa de observacións reiteradas nunha localidade en diferentes espazos de tempo, polo que os estudos de Prieto Rodríguez e o material do *ALGa*, xunto co material do noso discurso oral será clave para falarmos do proceso do cambio lingüístico. Tal e como sinalan Lago Caamaño e Sousa (2021: 286), o estudo do cambio lingüístico en tempo real adoita basearse na comparación de documentación escrita de distintos momentos do pasado con producións orais e escritas do presente.

Cabe destacar neste aspecto as palabras de Kabatek (2000: 22) de que as linguas son o espello de comunidades históricas con membros, que a través do emprego dunha lingua determinada forman parte de comunidades lingüísticas fronte a outras. E deste xeito, precisamos salientar que a comunidade lingüística da Terra de Viana do Bolo se distingue doutras. Porén, na comunidade lingüística tamén xoga un factor importante o contacto de linguas nunha comunidade onde o galego e o castelán son linguas cooficiais, pero con certo detrimento da lingua propia e a súa normalización.

Sen dúbida, as diversas transformacións que viviu a Comunidade galega nos últimos tempos provocaron ese estado de cambio lingüístico e a inclinación por outras formas que son alleas á variedade dialectal, tal e como sinala Regueira Fernández (2009: 148):

Os profundos cambios sociais experimentados en Galicia no último século, en que se pasou dunha sociedade agraria a outra industrial e postindustrial, afectaron á situación das linguas (galega e española) na sociedade. Factores coma a alfabetización xeneralizada, o papel dos medios de comunicación, a mobilidade xeográfica e social, a existencia dun poder político autónomo e dunha política cultural e lingüística propia, tiveron inevitablemente un forte impacto na comunidade galegofalante. Desta maneira, o relativo *equilibrio* lingüístico da sociedade tradicional viuse interrompido por unha situación de contacto crecente, tanto co español coma con outras variedades de galego, nomeadamente coa variedade estándar desenvolvida durante o último século e medio.

Soto Andión (2014: 219) sostén que o desprazamento lingüístico pode afectar a linguas na súa totalidade, por ex. o caso das linguas indíxenas que están a ser desprazadas no seu uso na súa totalidade polo contacto co español ou ben debido a solucións concretas dunha lingua que se poden atopar en casos de préstamos léxicos, gramaticais, en cuestións fonéticas tanto nas diferentes linguas de España como tamén no español, que é obxecto de determinados desprazamentos no campo do léxico e na súa estrutura por empuxe do inglés, e antes do francés.

No caso do galego, afirma o autor que se observa este fenómeno en certas posicións de pronomes átonos coincidentes co español como, por ex., a colocación do clítico en inicial absoluta, así como no uso dalgúns pronomes persoais, demostrativos e posesivos: *estos homes* por *estes homes*.

Sánchez Rei (2007: 107) sinala que as transformacións que viviu Galicia na segunda metade do séc. XX ían ter as súas consecuencias na lingua debido ao decaemento da economía e dos medios de produción seculares, á desaparición de varios oficios tradicionais, ao éxodo cara ás cidades e ao esmorecemento do rural, ao desmantelamento estatal da frota galega, á irrupción de medios de comunicación e Internet nos fogares, que fan que unha boa parte do potencial lingüístico de carácter léxico corra o risco de desaparecer ou de quedar obsoleto, conforme mantén Graña Núñez (1990).

Afirma o autor que as causas da mudanza lingüística poden darse dentro da propia lingua ou provir doutra. Un deses factores externos ao idioma propio sería o español, que o leva condicionando desde hai tempo e que sería o causante de determinadas evolucións desenvolvidas no galego entre os séculos XV e XX ou, cando menos, o dirixente que acompañou algunhas tendencias evolutivas, por ex., o retroceso do seseo explosivo, o decaemento do futuro de subxuntivo na lingua oral, a pouca rendibilidade do infinitivo flexionado e o empobrecemento do léxico (*Ib.*, 69-95).

Logo de analizar os principais cambios fonéticos e fonolóxicos do galego, Regueira Fernández (2009: 165) sostén que a maior parte destas mudas están emparentadas coa situación da lingua na sociedade de comezos do século XXI, xa que por unha banda, desenvolven novas variedades para cubrir novas necesidades sociais e por outra, establécese un continuo contacto co español e outras variedades do galego.

No entanto, sinala o autor que a información lingüística dispoñible é insuficiente para levar a cabo un estudo sistemático dos cambios lingüísticos en galego, en relación co que sería preciso un estudo profundo da variación lingüística na sociedade galega nos diferentes ámbitos e tendo en conta as solucións tradicionais e actuais, tanto en ámbitos rurais como urbanos. Isto permitiría trazar pois, o reflexo do galego actual tendo en conta as variedades lingüísticas e as mudanzas que se están a producir na lingua.

En relación con isto, mantén Regueira Fernández que hai cambios que van na dirección da redución da diversidade lingüística coa perda progresiva de sistemas ou sons diferentes da lingua estándar (e co español), como é o caso do seseo e a da gheada; mais pola contra, tamén se perciben procesos que incrementan a diversidade e o repertorio de posibilidades fonolóxicas da lingua.

6.1 O cambio lingüístico e os factores influentes

En relación coa variación lingüística Penny (2004: 15) facía a seguinte consideración:

148

Cualquier lengua que podamos observar hoy presenta variación; es más todas las lenguas varían de dos maneras idénticas, a saber, geográfica y socialmente. Estos dos parámetros, a través de los cuales se da la variación, son en principio independientes el uno del otro, aunque veremos que hay maneras en las que éstos (y otros, que se abordarán más adelante) se interrelacionan.

Sostén, así mesmo, o autor que en ningún sitio a xente fala do mesmo modo, aínda nacendo no mesmo lugar. As diferenzas de fala correlaciónanse con un ou máis factores sociais que se aplican aos falantes; así, estes factores inclúen idade, sexo, raza, clase social, instrución, ocupación e ingresos.

Ofrece o autor o exemplo da terminación *-ado* do español en termos como *cansado*, *pescado*, onde a pronuncia final pode ser en *-ado*, *-ao*, *-au...* dependendo das características sociolóxicas do falante; e afirma que a terminación *-au* é máis frecuente na fala da clase traballadora que na da clase media e que as mulleres son máis resistentes á elisión total da consoante que os homes (*lb.*, 18). Asemade sinala que cada fenómeno (unha palabra, un significado, un son ou un elemento gramatical) ocupa unha área que xeralmente é continua e case sempre difire da área ocupada por calquera outro fenómeno (*lb.*, 29).

Alén diso, alude que o termo variedade faría referencia a calquera conxunto de riscos lingüísticos empregados nun conxunto específico de circunstancias sociais. Estas circunstancias poderían definirse ampla ou brevemente, de modo que poderían considerarse variedades a lingua inglesa, a lingua española, o español de América, o español estándar. Desta maneira, cada variedade lingüística consistiría nun conxunto de riscos que difiren minimamente dos que se empregan en cada variedade próxima. Segundo recolle Caravedo (2003: 43) en relación aos factores sociais do cambio, Labov centrou as súas primeiras investigacións en factores sociais de dous tipos: os referidos ás propias condicións dos falantes, sexan naturais ou adquiridas, como a clase social, sexo, xeración, etnia ou raza; e os referidos a condicións influenciadas polas situacións comunicativas e dos textos producidos onde acadan relevancia os estilos en relación co grao de formalidade da situación.

Os cambios no léxico son reflexo das transformacións que teñen lugar na sociedade, tal e como recoñece Aitchison (1993: 21):

Los cambios en el vocabulario y en el significado de las palabras reflejan a menudo de una manera muy directa, los cambios que se producen en la sociedad. Como dijo Samuel Johnson en el prólogo a su diccionario (1755): "Cuando una costumbre cae en desuso, las palabras que la expresaban desaparecen con ella; cuando se populariza una manera de pensar, la manera de hablar se renueva en

la misma medida en que la nueva mentalidad afecte a la manera de vivir". Junto a los cambios en el vocabulario, se producen otros, menos visibles en la pronunciación y en la sintaxis.

Ao mesmo tempo, Aitchison (1993: 222) expón que é normal que as xeracións novas aprendan a lingua "antiga" como lingua materna, pero durante este proceso tamén van estar expostas desde unha idade temperá á lingua que se usa no colexio máis de moda e socialmente máis útil. Afirmar a autora que existe a posibilidade de que ocorra unha de dúas cousas. A primeira posibilidade é que os falantes da lingua antiga continúen empregándoa e que pouco a pouco vaian importando formas e construcións da lingua socialmente dominante, ata que chegue un momento en que a antiga xa non poida considerarse como lingua independente ou autónoma; é como se a lingua en cuestión cometera un suicidio, destruíndose a si mesma polo camiño de tomar cada vez máis formas da lingua prestixiosa, e chegando finalmente a anular a súa propia identidade. A segunda sería que algunhas circunstancias da lingua antiga sinxelamente desaparecen, pero non porque pase de forma natural a unha vida mellor, senón máis ben por un asasinato cometido pola lingua dominante, que pouco a pouco desbanca e suprime esa outra lingua. 149

En relación con algunhas das solucións do galego oriental que tamén son comúns en zonas occidentais e non centrais, Sánchez Rei (2011: 394-395) salienta que as escasas comunicacións, características orográficas singulares, presenza de correntes de auga, factores varios que determinan unha xeografía hostil son os causantes de que algúns dos trazos que caracterizan a faixa occidental tamén se dean como fenómenos propios do galego das rexións orientais. É o caso de solucións do tipo *muito*, *escuitar*, *luita*, dos plurais dos demostrativos masculinos *estos* (e *esos* e *aquelos*), dos apéndices nasais en *cantein*, *canteré(i)n*, da inexistencia do alomorfo do acusativo *-no* (*canteio*, *cantouo*). Segundo o autor, a rexión de Soneira e de Fisterra, onde se detectan maiormente estes resultados, coñece unha historia de illamento tamén compartida por certas áreas orientais. No caso das formas *estos*, *esos*... cómpre resaltarmos que no que respecta á área fisterrá sería un castelanismo morfolóxico que tamén se dá noutras partes, e non etimolóxico como no galego oriental.

6.2 Variables no vianés

A evolución da lingua e o coñecemento do estándar fan que nas xeracións máis novas se perdan as formas orais máis tradicionais. Tal e como destaca Rodríguez Neira (1991: 185): "As xeracións xoves mostran menor tendencia a mante-la lingua dos seus pais ca estes a dos avós".

Amais de estudarmos a variación dialectal en relación coa microsubárea O Bolo-Viana, mediante o uso de variables pretendemos presentar algúns procesos de variación e cambio no galego actual, ao tempo que determinar cales poden ser os facto-

res xeográficos e sociais que inflúen na variación e o cambio lingüístico no concello de Viana do Bolo.

- 150 Segundo Penny (2004: 15-16) é común que os falantes da mesma lingua non falen do mesmo xeito e que incluso haxa certa variación entre variedades próximas, que non chegan a resultar inintelixibles:

Es característica universal del lenguaje humano que los hablantes de la “misma” lengua que viven en diferentes partes de un territorio continuo no hablan de igual manera. Una observación cuidadosa muestra que tal variación se da generalmente de forma suave y gradual: el habla de cada localidad difiere en alguno o varios de sus rasgos de la de cada localidad vecina, pero sin perjudicar gravemente la comprensión mutua.

Aitchison (1993: 248), pola súa banda, mantén que o feito de que a lingua cambie continuamente é un fenómeno común: “Que la lengua cambie continuamente es natural e inevitable, y se debe a una combinación de factores psicolingüísticos y sociolingüísticos”.

Cómpre denantes de afondar con esta misión aclarar os conceptos de variable e variante. Monteagudo (2005: 385) sinala que o fenómeno da variación constátase nas diversas variables, que serían as unidades de calquera plano do sistema gramatical (fónico, morfolóxico, sintáctico...) que presentan realizacións diferentes. Cada unha desas posibles realizacións representa unha variante e o seu conxunto formaría polo tanto, a variable.

No noso corpus as variables máis frecuentes son as que fan referencia a fenómenos fonéticos, morfolóxicos e léxicos, polo que distribuiremos estas en tres apartados principais e faremos mención ás máis destacadas.

Unha boa parte das variables que analizamos presentan alternancia nun mesmo informante en diferentes contextos. Posto que os cambios se dan na XM e principalmente na XB, faremos fincapé naquelas variables de maior importancia para o conxunto do noso corpus. Logo de referenciar as principais mudanzas segundo as xeracións reforzaremos o indicado cos datos obtidos a través do cuestionario, onde foron enquisadas 12 persoas pertencentes á XB e XM en relación con preguntas sobre fonética, morfosintaxe, léxico e sociolingüística.

Logo de analizar polo miúdo o corpus oral formado por tres corpus diferentes, e contrastarmos o noso material coa información que nos proporcionou o cuestionario, temos que sinalar que en referencia á variedade vianesa a muda lingüística prodúcese particularmente polo acceso a estudos superiores no ensino, o contacto con outras variedades relativamente próximas, o contacto directo co castelán ao situarse a zona do noso estudo próxima a Castela e León, particularmente á Terra das Portelas (Zamora) e O Bierzo (León), as relacións laborais que precisan dunha

maior mobilidade no municipio, o acceso aos medios de comunicación de masas e, por suposto, o maior ou menor coñecemento do galego estándar no que tiveron que ver especialmente o feito de estudar galego no ensino secundario ou recibir materias á parte da de Lingua galega, en galego.

No tocante aos datos que nos ofreceu o cuestionario sobre a percepción lingüística, debemos sinalar que os vianeses, en sentido xeral, recoñecen certas diferenzas no seo da propia variedade, pois manifestan ser coñecedores de características que se dan en determinadas zonas do municipio, principalmente na zona lindeira con Zamora.

Respecto do galego doutras zonas próximas de Galicia hai diversidade de opinións e uns consideran que se fala de xeito semellante e outros que existe diferenza. Ante a nosa pregunta de cal é o “mellor galego”, algún responde que o de Lugo ou o da TVG; e respecto do galego da TVG recoñecen que é totalmente diferente ao vianés e que non entenden algunhas palabras.

As persoas enquisadas, en sentido xeral, son coñecedoras dun léxico específico no entorno do municipio e consideran que a formación dos plurais en *-is* dos nomes e adxectivos en *-n* é unha das peculiaridades que máis chama a atención para quen os escoita noutra provincia galega, xunto ás formas *muto* ‘moito’, *naide* ‘ninguén’, *bullotes* ‘castañas’, *choupín* ‘fungo comestible’, *escuta* ‘escoita’ ou mesmo a propia entoación.

Variables fonéticas

Do mesmo xeito que no plano fonético teñen lugar mudas lingüísticas no caso da realización das consoantes nasais finais por influxo do castelán (González Rei 2003), neste apartado deterémonos nos principais cambios que se dan no vianés en relación ao estándar ou outras variedades do galego. Deseguido facemos alusión ás máis comúns.

Palatalización de *a* átono

A palatalización de *a* átono trátase dun risco sistemático no conxunto da variedade (cf. 5.1), principalmente na XA, e en menor medida na XM. Non obstante, na XB apenas se rexistran casos deste fenómeno fonético. Isto corrobóramolo a través de diversos exemplos do noso corpus.

1. *foise a levantar da cama para baixar a beber e notou...* (CALD. M. XB. CTESE)
2. *ê que non se me òlvida, con cinco anos baixeime do còche* (PIX. M. XB. CTESE)
3. *imos baixando, que se non...* (QUMO. M. XB. CTESE)

Tanto na XB como XM constatamos no corpus oral un uso pronunciado da non palatalización principalmente na XB. No cuestionario, das 12 persoas enquisadas pertencentes á XB e XM, todas contestan *bailar*, polo que se rexistran 12 ocorrencias (100%) sen alteración do *a*.

Nos mapas 134 *camiño* e 135 *madiña* do ALGa III non se rexistra palatalización en O.17 Viana, pero si en puntos próximos: *câmiño* en Z-1 Porto e O-9 Robledo-Carballada e *mădriña* neste punto e en O.12 Lamalonga-A Veiga.

Evolución dos grupos latinos -ŮLT-, -ŮCT-, -ŮCT-, -ŮŘĭ-, -ŮŘĭ-

Nos resultados de -ŮLT- formas como *muto* e *muito* rexístranse nas tres xeracións, sendo máis frecuente a variante *muto* (cf. 5.1). Na XM e, sobre todo, na XB estase a producir o cambio á variante *moito* (e a *moi*) do galego estándar, como se aprecia nestes exemplos:

1. *un tema moi recorrente do que eu escoitei muchísimo falar èra de supersticiois* (CALD. M. XB. CTESE)
2. *non está na asociación è faille moita, moita ilusión* (GRIX. H. XB. CTESE)
3. *temos que mirar ou estudar moitos documentos* (GRIX. M. XM. CTESE)

No cuestionario só se recolle a variante *muto* con 12 ocorrencias (100%), mentres que a variante *escuta* presenta 11 (92%) e a variante *escoita* 1 ocorrencia (8%).

En relación cos resultados do grupo latino -ŮCT- algúns dos exemplos do corpus son os seguintes:

1. *se hai algunha casa de loito, que non se pòde tocar* (GRIX. H. XB. CTESE)
2. *entonces eí temos as troitas que son típicas da familia Galloso* (GRIX. M. XM. CTESE)
3. *còbra sinificado pola loita de igualdade que estamos a vivir* (SOLB. M. XM. CTESE)

No cuestionario, *truta* rexístrase con 9 ocorrencias e a variante *trutia* con 3 ocorrencias.

Verbo dos resultados do grupo latino -ŮCT-, *noite* é forma maioritaria respecto de *noute* na XB e XM, algunhas das mostras que se reflicten no noso corpus son as seguintes:

1. *xuntámonos unha noite de juèrga nunha bodèga* (PUNX. H. XB. CTESE)
2. *aquí están máis acostumbrados a òilas de noite* (PRADR. H. XB. CTESE)
3. *lògo á noite había fèsta na, buèno nun baixo* (RAM. H. XB. CTESE)

No corpus de etnotextos da escolma, *noite* é a única forma nas tres xeracións. No entanto, en diferentes parroquias rexístrase a forma *noute* ou ben a alternancia *noite / noute*.

Como xa se indicou en 5.1 no ALGa en Viana só se documentou *noite*, mentres que *noute* é propia das falas da área zamorana e doutras veciñas. Por outra parte, a única resposta das 12 persoas do cuestionario é *noite* (100%).

Respecto dos resultados en -ŎŘĭ-, nunha forma como CŎŘĭŬ(M) os resultados nas diferentes xeracións son coa forma castelanizada, igual que nas respostas do cuestionario:

1. *todo eso pois é de cuèro todo, pièl de cabra* (FFILL. H. XM. CTESE)

Terminación -u en ditongo nos substantivos rematados en -o

Nun mesmo informante da XB e XM poden alternar as formas en -u e -o segundo os contextos, mais na XB adoita facerse uso das formas en -o.

1. *o meu tío non quería que fora alí* (CALD. M. XB. CTESE)
2. *home nos ríos non porque senón sube ós ríos* (COV. H. XB. CTESE)
3. *e se fai frío, sudaderas tamên por encima* (VMIL. H. XB. CTESE)

Nos datos referidos no cuestionario a maior parte das persoas enquisadas refiren o emprego das formas en -u na variedade vianesa, 5 ocorrencias *río* e *tío* (42%) e 7 ocorrencias *riu* e *tiu* (58%). A variante con -u xa se documenta en 1973 en Prieto Rodríguez (cf. 5.1).

Mantemento dos grupos *cua-*, *gua-*

Respecto das formas en *cua-* e *gua-* anótanse resultados coa forma estándar no corpus, na XM e XB, principalmente.

1. *cando se pòde, sobre todo os fines de semana* (GRIX. H. XB. CTESE)
2. *empezaron a organizar entre catro mozos è tal* (PUNX. H. XM. CTESE)
3. *dábannos galletas, chourizos è incluso cartos* (SOLB. M. XM. CTESE)

No texto de Solbeira (Escolma de etnotextos 9.20), a informante (muller da XM) emprega sempre as formas estandarizadas no canto das variantes vianesas *cua-* e *gua-*, pois presenta 17 ocorrencias de *cando* e ningunha de *quando*, 3 de *cartos*, 2 de *calquèra*, 1 de *calquèr* e 2 de *gardo*.

Tal e como reflicte o cuestionario, na XB e XM o uso da variante *cua-* é maioritario con 9 ocorrencias (75%) de *cuatro* fronte a 3 (25%) da variante estándar *catro*.

154 Creación do ditongo -au na terminación -ado

Na variedade vianesa resulta moi notoria a presenza de substantivos, adxectivos e participios en -ado con creación do ditongo -au como un risco sistemático. Na escolma de textos hai mostras abondas de informantes da XA e XM que empregan as variantes -ado e -au (ás veces -ao).

No corpus analizado atopamos na XB e XM abondosas mostras onde non se reflicte o uso de -au; respecto do cambio debe influír o galego estándar, que mantén o -d-:

1. *hai clase de pescado que tamên se pòde pescar* (COV. H. XB. CTESE)
2. *vèñen achegados, amigos è todo o que queira vir* (GRIX. H. XB. CTESE)
3. *aquí están máis acostumbrados a òilas* (PRADR. H. XB. CTESE)

Nas tres preguntas do cuestionario sobre este fenómeno, que é sistemático no vianés, pola contra os enquisados refiren na súa maioría empregaren as formas en -ado nos diferentes contextos: *chegado* con 10 ocorrencias (83%) fronte a *chegao* con 2 ocorrencias (17%), *cansado* con 9 ocorrencias (75%) fronte a *cansao* con 3 ocorrencias (25%) e *ganado* con 8 ocorrencias (67%) fronte a *ganao* con 3 ocorrencias (25%) e *gando* con 1 ocorrencia (8%).

Presenza da interdental xorda en posición final

Na variedade vianesa resulta un risco sistemático a perda da interdental xorda en posición final en formas como *ve*, *rapá*, *cru*. Porén, rexístranse diversos casos onde na XB e XM non se reflicte este uso.

1. *a primeira vez que esta casa deu soldados ao rei* (GRIX. M. XM. CTESE)
2. *están encima de ti e cada vez vai a menos* (COV. H. XB. CTESE)
3. *pòbre mullèr, que cruz lle tocou* (QUMO. M. XB. CTESE)

Nos datos referidos no cuestionario, as persoas enquisadas indican empregar como maioritaria a forma *rapá* fronte a *rapaz*, mais no caso de *ve*, aluden utilizar a forma *vez* de xeito maioritario fronte a *ve*.

Alteración do s implosivo. Rotacismo

O rotacismo é un risco moi común nas diferentes xeracións, que mesmo nun galego máis estándar se reflicte en contacto con diversas consoantes, como comentamos

na parte correspondente á fonética (cf 5.1). Froito do cambio lingüístico e dun maior coñecemento do galego normativo na XB e XM pérdese en ocasións ese uso.

1. *toda a xente sobre todo as mulleres estas è tal* (FFILL. H. XB. CTESE)
2. *èran máis finos cóos dos puèblos* (PIX. M. XB. CTESE)
3. *pèro tamên hai algo de desfile* (VMIL. H. XB. CTESE)

Aínda que en sentido xeral no vianés o rotacismo é un fenómeno común, nos datos que obtivemos a través do cuestionario, a maior parte das persoas enquisadas refíren non facer uso deste fenómeno, tanto en preguntas creadas en relación con este trazo ou por fonética sintáctica (*ar vacas, or dedos, or lunes* etc.), como no interior de palabra (*metémorlle medo* ou *mermo*) nos 11 ítems do rotacismo.

Estes datos fannos corroborar en boa medida o contemplado por nós no apartado correspondente da fonética onde sinalamos que se trata dun fenómeno natural na lingua, mais que os falantes non teñen consciencia de o empregaren. Alén disto, comprobamos como o seu uso se despraza tamén ao cambiaren de código para o caso do castelán, tal e como percibimos por observación directa.

Conxunción copulativa e en contacto con vogal

Como xa se comentou, este risco é común na maior parte das falas do galego (cf. 5.1). Na variedade vianesa é sistemático na XA, mesmo en falantes da XM, e pode rexistrarse na XB; con todo, debido ao maior coñecemento da lingua estándar na XB e XM faise menos común a súa presenza como reflicten as seguintes mostras do noso corpus:

1. *temos feito de palla è esas cousas* (GRIX. H. XM. CTESE)
2. *porque como cuando si sales è os outros bèben* (QUM0. M. XB. CTESE)
3. *è... entonces tamên son mui sensibles ós cambios químicos* (PRADR. H. XB. CTESE)

Os datos do cuestionario aluden na súa maioría ao feito de empregaren as persoas enquisadas estruturas do tipo *un can e un gato* fronte a *un can i-on gato*.

Variables morfosintácticas

Resultados de -ĀNŪM, -ĀNĀM, -ĀNŌS, ĀNĀS

Os resultados *-au(s)*, *-á(s)* destas terminacións latinas mantéñense nas tres xeracións. No corpus analizado son insólitas variantes como mas. *-an* (por *-ao*), propia do

estándar, e a fem. -an, propia do galego occidental, das que damos algúns exemplos da XM e XB:

- 156
1. *supostamente ese buraco estaba relativamente cerca do chan* (CALD. M. XM. CTESE)
 2. *a festa pois está derde as seis da tarde hasta as seis da mañán* (PUNX. H. XM. CTESE)
 3. *prefièren eso, ter todo a man* (QUMO. M. XB. CTESE)

No cuestionario son 11 as ocorrencias de -au (algunhas de -ao) nas preguntas sobre *irmau*, *vrau* e *mau* e só unha ocorrencia coa variante do estándar (*irmán*, *vran* e *man*); e o mesmo no caso de -á (*irmá*) fronte á occidental -án (*irmán*), pero no caso de *mazá* son 12 as ocorrencias.

Resultados de -ĀLĒS, -ŌLĒS (pl. -l)

Fronte ao galego común que rexistra a forma *animais*, na variedade vianesa como sinalamos na descrición, documéntase *animales* como solución maioritaria. Non consideramos que se trate especificamente dun caso de castelanismo, pois puido xerarse o plural en galego a partir do sing. a semellanza de *val* – *vales*. Esa variante de plural en -les documentouse en falas do norte de Portugal en formas como *jornales*, *faroles* etc.

Achegamos mostras en -les da XM e XB, que pese a ser escolarizados en galego, non usan a solución estándar (*civís*, *minerais*...):

1. *i-or minerales realizados eiquí èra o tantalio, è o estaño* (PEN. H. XB. CTESE)
2. *de mutos nòmbres de árboles ou de animales que aquí lle dan* (PRADR. H. XB. CTESE)
3. *os intercambios comerciais è laborales écétera fixèron de que houbèra un continuo movimiènto* (VDB. H. XM. CTESE)

Nos datos obtidos a través do cuestionario, os enquisados refiren na súa maioría empregaren no plural as formas en -les en todas as palabras rematadas en -el, -il, -ol e -ul, mais no caso de -al aluden a empregar como forma maioritaria -is fronte a -les, *animais* fronte a *animales*.

Resultados de -ĀNĒS, -ŌNĒS (pl. -n)

Os resultados destas terminacións son tamén moi significativos en relación coa orixe social, polo que en contextos máis formais as persoas informantes tenden a cambiar as formas que usan habitualmente por outras que se consideran de maior

prestixio, algunhas veces relacionadas co estándar (*cans, cancións*) e noutros casos con outras variedades galegas (*cas, canciós* de falas do bloque central). Na escolma de textos algúns informantes empregan a variante vianesa e tamén a do galego central, que se pode rexistrar mesmo na XA. Algunhas das mostras do corpus son as seguintes:

1. *ironizaban as actuacións* (PIX. H. XB. CTESE)
2. *o domingo á tarde tamên hai desfile igual de fuliós* (VMEAU. H. XB. CTESE)
3. *cuando recaudaban as contribucións o dos impuèstos dar fincas* (VSER. H. XM. CTESE)

Nos datos contemplados no cuestionario as persoas enquisadas refiren como maioritarias as formas en *-is* fronte ao estándar *-ns* ou outras solucións de variedades próximas en todas as terminacións.

Resultados da terminación –TATE(M)

En vianés e nun rexistro menos elaborado son moi frecuentes nas tres xeracións as formas coas terminacións *-á* e *-ai* (cf. 5.2); mais en contextos que esixen maior formalidade na XM e na XB tende a empregarse a variante *-ade* do galego estándar. Algúns exemplos do noso corpus son os seguintes:

1. *a densidade èra pesar o testigo asegún viña da tèrra* (PEN. H. XB. CTESE)
2. *inflúe bastante na biodiversidade da zona* (PRADR. H. XB. CTESE)
3. *è dixèron de vir nesa festividade* (PUNX. H. XM. CTESE)

Os datos recollidos no cuestionario refiren un uso maioritario da forma *verdá* con 8 ocorrencias (66%) fronte a *verdai* con 2 ocorrencias (17%) ou o estándar *verdade* con 2 ocorrencias (17%).

Ausencia de artigo determinado: preposición *en* + *casa*

Como se comentou na descrición do vianés, a ausencia de artigo en determinadas estruturas é un risco sistemático na variedade nas diferentes xeracións en estruturas do tipo *en casa* no canto da forma do galego común *na casa*.

Froito da muda lingüística observamos casos onde si se reflicte o uso do artigo, mais é preciso sinalarmos a resistencia de modificación deste risco nun contexto formal, ao non ser frecuente a estrutura en vianés e se cadra asociala a outras variedades do galego. Algúns dos casos que se reflicten no noso corpus son os seguintes, todos pertencentes á XM:

1. *os mortos velábanse na casa* (CALD. M. XM. CTESE)
2. *nas casas que pertencen á nobleza laica pois temos un escudo* (GRIX. M. XM. CTESE)
3. *è polo tanto nos quedaríamonos na casa* (SOLB. M. XM. CTESE)

Os datos ofrecidos polo cuestionario revelan que a práctica totalidade das persoas enquisadas empregan *estou en casa* con 11 ocorrencias (92%) fronte a unha ocorrencia (8%) de *estou na casa*. Pola contra, empregan na súa totalidade estruturas do tipo *estou na cama* fronte a *estou en cama*.

Formas de acusativo do pronome átono de P3

En determinados contextos, o risco sistemático das formas de acusativo do pronome átono de P3 -o tras ditongo pérdese na XB e XM e emprégase o alomorfo -no do galego común.

1. *e meu avó, estaba comigo e viuno* (CALD. M. XM. CTESE)

Os datos do cuestionario aluden a un uso equiparable da variante vianesa o con 5 ocorrencias de *deixouo* (50%) fronte á variante *no* do galego estándar con outras 5 ocorrencias (50%).

Encontro de preposición *con* máis pronome

É un risco sistemático na XA o uso das formas *cuel*, *cuela*, *cueles*, *cuelas* no encontro da preposición *con* máis pronome persoal tónico da P3, así como o emprego de formas *cuesto*, *cueso* mediante encontro da preposición máis o pronome demostrativo. Na XM e XB, principalmente, este risco tende a desaparecer facendo uso de formas non contractas no discurso das persoas informantes, como no galego estándar. Algúns dos casos do noso corpus son os seguintes:

1. *díxome que fora eu con el alí è eu fun* (CALD. M. XM. CTESE)
2. *mui resistènte, facían os eixes dos carros con ela* (QPAND. H. XB. CTESE)
3. *i-o outro día falando con eles estaba encantadísimos* (QUMO. M. XB. CTESE)

Este dato tamén se corrobora co rexistrado no cuestionario, onde a maior parte das persoas enquisadas refiren usar a forma *con eles* (11 respostas) no canto de *cueles* (1); do mesmo xeito, que a forma *con esto*, con 11 ocorrencias (92%) fronte a unha ocorrencia (8%) do estándar *con isto*, *con iso* e ningunha de *cuesto*.

Cuantificadores

Son moi frecuentes no vianés as formas *algúa*, *ningúa*, que como se comentou na descrición dialectal, na maior parte dos casos alternan con *algunha*, *ningunha* e en catro puntos concretos do municipio rexístranse unicamente as formas *algúa*, *nin-
gúa*. Nas persoas informantes da XM e XB estas formas arcaicas tenden a desapare-
cer como se observa nestes exemplos do corpus:

1. *algunhas fómola<s> facendo nòvas e buèno vamos facendo así* (QPAND. H. XB. CTESE)
2. *algunha història destas, buèno, que nos gusta escoitar* (SOLB. M. XM. CTESE)
3. *non sei se tès algunha duda máis pa...* (VMEAU. H. XB. CTESE)

Os datos do cuestionario aluden ao uso das formas *algunha* con 11 ocorrencias (92%) e *algúa* cunha ocorrencia (8%), e no caso de *ningunha* con 10 ocorrencias (83%) e *ningúa* con 2 ocorrencias (17%).

Acentuación *cantabamos* / *cantábamos*

Como xa se indicou na descrición dos trazos da variedade vianesa a acentuación paroxítona, que é a do galego estándar, é o máis común na XA e na XM. No entanto, na XB a maior parte dos resultados que se rexistran son formas proparoxítonas, en alternancia coas paroxítonas. No cambio de acentuación sen dúbida inflúe a presión do castelán. Algúns dos exemplos do noso corpus onde se reflicte o cambio na acen-
tuación son os seguintes:

1. *estábamos facendo as cousas tal è como, como as facía a abuèla* (QPAND. M. XM. CTESE)
2. *ibamos è metíámonos onda os mozos* (RAM. H. XM. CTESE)
3. *facíamos muñècos de nève è, buèno, tiñamos un xogo* (SOLB. M. XM. CTESE)

Respecto do cuestionario os datos aluden a un uso maioritario das formas con acen-
tuación paroxítona *cantabamos* con 7 ocorrencias (58%) fronte á proparoxítona *can-
tábamos* con 5 ocorrencias (42%).

Terminación SNP *-des*, *-ndes*, *-is*, *-s*

En determinados contextos na XB, principalmente, substitúese o uso das formas verbais co SNP *-is* polas correspondentes do estándar con *-des*, como se ve nestas mostras:

1. *Mañá vamos por alí, xa sabedes onde téde-la chave* (BEMB. H. XM. CTESE)

No cuestionario as persoas enquisadas aluden a un uso moi maioritario da variante *-is* (10 respostas de *chamais* e 9 de *faleis*) fronte á variante *-des* (2 de *chamades* e 3 de *faledes*) na P5 do Pres. Ind. e do Pres. Subx.

160

Facer

As formas temáticas do Pres. Ind. *fais*, *fain* resultan moi comúns en vianés, mais froito do maior coñecemento da norma estándar tenden a ser substituídas principalmente na XB:

1. *è fas os bolos tamên con tacos de madeira* (PIX. H. XB. CTESE)
2. *fas por vir è os de aquí fan por irse* (QUMO. M. XB. CTESE)

No cuestionario recolléronse 11 ocorrencias (92%) de *fais* e unha (8%) de *fas*.

O radical do tema de pretérito de 'facer' presenta unha variante etimolóxica *fic-* (*ficen*, *ficèra*, *ficèse*) e outra innovadora *fix-* (*fixen*, *fixèra*, *fixèse*). Nos *Contos vianeses* de Prieto Rodríguez (1958) e no punto 0.17 do ALGa correspondente á vila de Viana de Bolo, enquisado en 1975, figuran esas dúas variantes, que no corpus da presente investigación se rexistran en informantes da XA, que xeralmente usan unha das variedades, mentres que na XM e XB, particularmente nesta, se rexistra *fix-*.

O cambio de *fic-* a *fix-* leva décadas producíndose en vianés (e no galego oriental) impulsado pola analogía de formas verbais con radical sigmático como *dixen*, *dixèra*, *quixen*, *quixèra*; posteriormente, a socialización da normativa vixente que só admite o radical *fix-*, aínda que a variante etimolóxica se rexistra principalmente na xente maior tamén se dá no noso corpus algún rexistro na XB, un informante que usa *fic[e]-se* e *fixo*:

1. *pero non lle fixo caso è foi* (CALD. M. XM. CTESE)
2. *se cadra un ficese algo pola súa conta* (QUMO. H. XB. CTESE)
3. *è eles tamên nos fixèran un ano* (VMEAU. H. XB. CTESE)

No cuestionario as respostas ás dúas variantes do radical do tema pretérito son semellantes, cun lixeiro predominio da forma innovadora, pero vese que a variante patrimonial vianesa está viva, e non só na XA: *ficen* (5) / *fixen* (7); *fizo* (4) / *fixo* (6) ou *fizo-fixo* (2); *ficeron* (5) / *fixeron* (5); *ficesen* (5) / *fixesen* (7).

Pór

As formas temáticas do Pres. Ind. *pois*, *poin* resultan moi comúns na variedade, mais froito do maior coñecemento da norma estándar tenden a ser substituídas na XB, principalmente, por *pos* e *poñen*, tanto no verbo *pór* como nos compostos:

1. *así sabes máis como explicalo, si é que se pode poñer* (FFILL. H.XM. CTESE)
2. *è eso que tamên supôn, supòñen pérdidas importantes* (PRADR. H. XB. CTESE)
3. *como se fora un muñeco con roupa disfrazado de... pôñenlle nòmbre* (VMEAU. H. XB. CTESE)

No cuestionario rexistráronse 10 ocorrencias (83%) da forma vianesa *poin* e só dúas (17%) da innovadora *poñen*, que é a da normativa vixente.

Traer

Nos traballos de Prieto Rodríguez de 1958 e 1978 documéntanse as variantes *troug-* e *troux-* para o radical do tema de pretérito de “traer”, mentres que no ALGa en febreiro de 1975 na vila de Viana só se recolleu o radical sigmático *troux-*.

Actualmente na variedade vianesa, principalmente na XM e XA, constátase un uso moi frecuente do radical arcaico *troug-* en formas como *trougo*, *trouguera* ou *trouguese*; mais no caso da XB, mesmo na XM rexístranse formas co radical *troux-* do galego normativo como se ve nestes exemplos:

1. *as telleiras cuando as trouxèron de alí alagaron eso* (CALD. H. XM. CTESE)
2. *despois foi a mirar os regalos que lle trouxèran* (PIN. M. XB. CTESE)
3. *un ano trouxêronnos unha lardeira* (VMEAU. H. XB. CTESE)

No cuestionario son maioritarias as ocorrencias coa variante sigmática: *trougo* (4) / *trouxo* (8); *trouguera* (2) / *trouxera* (10).

Ter

As formas temáticas do Pres. Ind. *teis*, *tein* son comúns en vianés, mais nun contexto máis formal as persoas informantes da XB tenden a modificar esas formas por *tes*, *teñen* da normativa vixente como se reflicte nas seguintes mostras:

1. *os insètos nò porque tèñen unhas poblaciois mui abundantes* (PRADR. H. XB. CTESE)
2. *si, pòbriños tèñen que estar morrendo* (QUMO. M. XB. CTESE)
3. *non sei se o tès visto en Viana* (VMEAU. H. XB. CTESE)

Vir

162 Do mesmo xeito no verbo *vir*, as formas temáticas *veis*, *vein* tenden a ser substituídas polas formas do estándar *ves* e *veñen* na XB principalmente, pero ás veces nun mesmo informante concorren formas temáticas e atemáticas. Exemplos da forma *veñen* tirados do corpus e correspondentes á XB son os seguintes:

1. *vèñen a veranear todas á casa familiar* (CALD. M. XB. CTESE)
2. *vèñen con ese castellano, "que no sé, que no sé cuanto"* (PIX. M. XB. CTESE)
3. *vamos èli e vèñen eles aquí, eso case tódolos anos* (VMEAU. H. XB. CTESE)

No etnotexto de Vilarmeao (9.24), ao que pertence o último exemplo, o único informante presenta 9 ocorrencias de *vèñen*, 1 de *tès* e 3 de *tèñen* e 1 de *pòñen*, formas todas do galego estándar. A forma temática *veis* rexistrada é a P2 do Pres. Ind. do verbo 'ver'.

Nos datos do cuestionario a maior parte das persoas enquisadas refiren o emprego da forma propia do vianés *vein con* 10 ocorrencias (83%) fronte a *veñen* con 2 ocorrencias (17%).

Variables léxicas

Do mesmo xeito que acontece nas variables fonéticas e morfosintácticas, o cambio lingüístico tamén actúa no léxico dando lugar á modificación de formas autóctonas da variedade polas correspondentes do estándar galego.

Baltazar (2019: 470-471) no tocante ao léxico rural portugués sinala que este vive maioritariamente a partir dos 61 anos e que moita xente nova xa non o coñece. Sinala a autora que a falta de coñecemento dalgún deste léxico, xunto a unha valoración negativa das formas, supón o principal desencadeante da mudanza lingüística. Asemade, tamén recoñece o contacto con outras linguas e realidades sociais, culturais e políticas como principais causas da variación e da mudanza lingüística onde a propia relación das linguas coas comunidades de fala, coas variables sociais de idade, o sexo, a ocupación, a orixe étnica, a clase social, así como os contextos de uso son determinantes do funcionamento das linguas (*Íb.*, 455-456), variables que tamén son rexistradas por Milroy (1987: 94).

O cambio léxico é unha constante na evolución histórica dunha lingua (aínda que poida haber momentos en que se dá con máis intensidade). Ese cambio non implica que o significante ou o significado antigo desapareza ante a presión da variante innovadora; os dous significantes poden coexistir como (cuasi-) sinónimos (quizais con variación social ou estilística) ou poden adquirir funcións distintas e específicas

dentro do campo semántico pertinente. O cambio semántico non implica tampouco a perda de significado antigo, posto que o significado innovador pode coexistir co anterior nun estado de polisemia, situación bastante normal.

Deseguido reflíctese unha mostra de mudanzas léxicas frecuentes no corpus, cinco substantivos e un adverbio de tempo. 163

Castaña / bullote

Na variedade vianesa a denominación común para o froito do castiñeiro é *bullote*, e non *castaña*. Nun mesmo informante da XM e da XA, mesmo da XB, poden alternar esas formas, aínda que o frecuente é o uso de *bullote*. Non obstante, na XB os informantes adoitan empregar a forma *castaña* por ser termo do galego común e do castelán. Algunhas das mostras do noso corpus son as seguintes:

1. *no magosto asamos as castañas, pintámonos* (CALD. H. XB. CTESE)
2. *antes naide quería os bullòtes antes non-as quería i-ahora veis a preguntar polas castañas* (PIX. M. XB. CTESE)
3. *bullòte se refire á castaña en castelán; é unha zona de castiñeiros, unha zona onde a produción de castaña, de bullòte, é mui estensa è... è pa... i-entre nós falamos, o denominamos a castaña como bullòte* (VDB. H. XM. CTESE)

O cuestionario, centrado principalmente na XB e XM, pola contra, referencia que as persoas enquisadas empregan na súa totalidade a forma *bullòte* fronte a *castaña*. Como se indicou no apartado do vocabulario vianés (5.4), no ALGa non se rexistrou en O.17 Viana a forma *bullote* para 'castaña', termo que tamén se emprega no veciño concello do Bolo.

Caldo de castañas / caldudas / papavello

O caldo elaborado co froito do castiñeiro denomínase *caldudas* (en pl.), tamén chamado *papavello*, *caldo de castañas* e *caldo de bullotes*.

No corpus as formas comúns son *caldudas* e *papavello*, especialmente na XA e XM. Dos datos obtidos a través do cuestionario vese que hai persoas da XB que descoñecen eses termos, pois as respostas son *caldo de castañas* con 10 ocorrencias (83%) fronte a *caldudas* con 2 ocorrencias (17%).

Entón / entonces

No mapa 161 *entón* do ALGa IV o adverbio de tempo *entón* forma unha área que abrangue a metade centro-occidental de Ourense e a parte meridional de Ponteve-

dra. No leste de Ourense *entón* só se documenta en O.17 Viana, en concorrencia con *entonces*, que é a forma de puntos veciños, coa variante *estonces* en Z.1 Porto e Z.3 Hermisende, mentres que en Z.2 Lubián só se rexistrou *entón*.

- 164 No galego centro-setentrional a forma xeral é *entonces* (e variantes fonéticas), mentres que tamén se rexistra *entón* en puntos máis ou menos discontinuos. Que na normativa vixente non apareza *entonces*, que si aparecía antes da reforma do 2003, non quere dicir que sexa castelanismo, como non o son formas como *esto* ou *iba*, que non figuran no estándar por elixírense formas minoritarias que harmonizaban co portugués, como tamén foi o caso de *entón*.

Na escolma de textos hai moitas ocorrencias de *entonces* en informantes da XM, caso do audio gravado en Solbeira (9.20), pero tamén nalgún texto da XB como o de Quintela de Umoso (9.15). Nestes textos tamén se rexistra *entón*, que pode ser influxo do galego estándar actual ou continuación da forma vianesa documentada no ALGa en 1975. Velaquí uns cantos exemplos de *entón*:

- (1) *entón o buraco en si non se debeu chegar a perder* (CALD. M. XM. CTESE)
- (2) *entón sólo descanso domingo è lunes* (QUMO. M. XB. CTESE)
- (3) *entón no meu, no meu pòbo había unhas, unhas casetas abandonadas* (SOLB. M. XM. CTESE)

Entroido / Carnaval / Entrudio / Intrudio

A celebración que ten lugar antes da Coresma, consistente en desfile de folións, comparsas e foliadas, recibe o nome das formas tradicionais de *Entrudio* e *Intrudio*, que se substitúen habitualmente na xente nova por *Carnaval* como solución maioritaria fronte a *Entroido* do galego común. Estas son algunhas das mostras do corpus:

- 1. *a xente nòva identifícaa como, conxuntamente co Entroido* (PUNX. H. XM. CTESE)
- 2. *nin sei si había Carnavales en Viana* (RAM. H. XM. CTESE)
- 3. *despois o martes de Carnaval ár doce quéimannos* (VMEAU. H. XB. CTESE)

Os datos referenciados polo cuestionario indican así mesmo que *Carnaval*, con 9 ocorrencias (75%) é a forma empregada de xeito maioritario fronte á variante vianesa *Entrudio* con tan só dúas (17%). Non se rexistrou a outra variante *Intrudio*, pero si se rexistra unha ocorrencia para o estándar *Entroido* (8%).

Nogueira / concheira

No mapa 251 *nogueira* do ALGa VI, a árbore xeralmente moi alta, de madeira de calidade e que dá por froito a noz, na variedade vianesa denomínase *concheira* e o seu froito é o *concho*. Os termos *concheira* e *concheiro* son propios do leste de Ourense e sueste de Lugo e a variante *conchal* é propia do galego do Bierzo, mentres que nas falas da área zamorana no ALGa se rexistrou *nogueira*.

Nos datos referidos polo cuestionario de 12 persoas enquisadas, rexístranse 8 ocorrencias (67%) da forma autóctona *concheira* fronte a 4 ocorrencias (33%) da variante *nogueira* do galego común. O máis frecuente é o uso da forma *concheira* fronte a *nogueira* nas diferentes xeracións, así como *concho* fronte a *noz*.

Non obstante, no noso corpus reflíctense algúns casos onde a forma *concheira* propia do vianés é substituída por *nogueira* ou polo castelanismo *nogal* como se reflicte no seguinte exemplo:

1. *buèno, pois eso, cóllese un tronco de madeira de nogal* (PEN. H. XB. CTESE)

Pobo / puèblo

Sobre todo no galego popular de bisbarras de Lugo e Ourense é moi común o emprego do castelanismo *pueblo* para designar a aldea, chegando a substituír este termo, como ocorreu na fala ourensá do Riós (Feijoo Ares 2001: 203). Na fala actual deste concello, relativamente cerca da Terra de Viana, xa non se rexistra aldea como xenérico, que queda na microtoponimia referida a partes da aldea ou "barrios" (O Alto da Aldea, O Fondo da Aldea, A Fonte da Aldea etc.).

O castelanismo *pueblo* ten moitísima frecuencia no conxunto do noso corpus, para designar o substantivo *aldea*, infrecuente na fala popular. Para nomear partes do 'pueblo' empréganse denominacións como *Cima do lugar* ou *Fondo do lugar*.

Na escolma de etnotextos pode verse o seu emprego en todas as xeracións, pero tamén a concorrencia do castelanismo e a forma *pobo* do galego estándar en informantes da XM dos lugares de Punxeiro e Solbeira. Neste texto (9.20 da escolma) rexístranse 8 ocorrencias de *puèblo* fronte a 15 de *pòbo* e 1 de *pobo*. En galego *pobo* designa a xente, pero é moi normal que se empregue para denominar un lugar como calco da semántica do castelán, que se aprecia na maior parte dos casos de Solbeira, aínda que nalgún máis ben se refire á xente; e algo semellante ocorre no texto de Punxeiro (9.12 da escolma), con 2 ocorrencias de *puèblo* fronte a 3 de *pobo* e 1 de *pòbo*, que pode referirse a unha aldea ou ben á xente que vive nela.

Velaquí unhas mostras da forma *pobo* nesas dúas parroquias vianesas:

1. *pois xa abriron catorce bodègas, catorce adègas do pòbo* (PUNX. H. XM. CTESE)
2. *en canto máis veces te xuntes na casa do pòbo, máis comidas fagas, máir fèstas fagas, o pobo máir veces se vei* (PUNX. H. XM. CTESE)
3. *digamos que ê unha insinia do pòbo* (SOLB. M. XM. CTESE)

Capítulo 07

Cabo

167

O vianés é unha variedade do galego oriental, cuxo bloque lingüístico comprende os falares do leste de Lugo, Ourense e mais as variedades estremeiras das Portelas (Zamora), o Bierzo (León) e a Terra Eo-Navia (Asturias,) que constitúen o denominado “galego estremeiro”. Encádrase na área oriental-central deste bloque, sen a terminación *-íus*, *-ía(s)*, sen vocalismo nasal e sen as formas *collí*, *partí*, *fice*; na subárea Valdeorras-Viana coa terminación *-iño* (*camiño*, *padriño*) e pronome *llo* (*lles + o*) e na microsubárea O Bolo-Viana coa variante *muto* fronte ao Valdeorras con *muíto*.

Este bloque lingüístico, que presenta trazos moi conservadores, pero tamén innovacións, en sentido xeral caracterízase polas seguintes peculiaridades:

1. Ditongo *ua* (*cuatro*, *guardar* / *catro*, *gardar*)
2. Ditongo *oi* (*moito*, *coiro*), *ui* (*muíto*, *truita*, *escuita*) ou ausencia de ditongo (*muto* / *mutio*, *truta* / *trutia*, *escuta* / *escutia*)
3. Formas con *-ax-* (*baxo*, *caxa* / *baixo*, *caixa*)
4. Terminación *-ín* (*camín*, *padrín* / *camiño*, *padriño*), excepto na zona sur.
5. Plural *-is* (*cais*, *ladrois*; sing. *can*, *ladrón*)
6. Plural *-is* (*animais*, *caracois*; sing. *animal*, *caracol*), excepto na área asturiana, que mantén o *-l*).
7. Pretéritos *cantein*, *cantén* e futuros *cantarein*, *cantarén*.
8. Sufixo número-persoal *-is* (*cantais*, *cantabais* / *cantades*, *cantabades*)

A análise que realizamos dun amplo corpus oral en 25 parroquias de 35 coas que conta o municipio, permítenos falar de novos riscos non contemplados na *Dialectoloxía da lingua galega* de Fernández Rei (1990) para a microsubárea O Bolo-Viana

e, que á súa vez, son identificados nesta obra como delimitadores da microsubárea Valdeorras por unha banda, e da microsubárea O Bolo-Viana, por outra.

168 Verbo da caracterización xeral que o estudoso realiza en relación co galego oriental achegamos novos fenómenos á descrición dos 13 riscos dialectais que Fernández Rei (1990: 140-141) establece para este bloque lingüístico. E no que respecta á microsubárea O Bolo-Viana consideramos caracterizadores, entre outros, os seguintes trazos fonéticos e morfosintácticos, que se rexistran total ou parcialmente nas falas da microsubárea; a maioría destes riscos non aparecen na caracterización de Fernández Rei:

1. Terminación *-u* en ditongos rematados en *-o*.
2. Solución *-ax-* (*caxa*).
3. Resultados diferentes na evolución dos grupos latinos *-ŮLT-*, *-ŮCT-*, *-ŮCT-*.
4. Gheada con pronuncia uvular principalmente.
5. Rotacismo.
6. Aspiración do *s* implosivo.
7. Plural *verdaís* (sing. *verdá*).
8. Artigo indeterminado *unhos* / *unhes* / *uis*.
9. Indefinidos *algúa*, *ningúa*.
10. Teísmo.

No léxico achegamos diversos dialectalismos que conviven con outro tipo de termos, principalmente castelanismos ao situarse a zona próxima a Castela e León, mais cunha forte presenza de dialectalismos propios da variedade vianesa. Varios deles, recollidos por Prieto Rodríguez (1973), hoxe seguen a ter vitalidade no vianés, como por ex. *acomerar* 'dar de comer aos animais', *bullote* 'castaña', *concho* 'noz', *espalecer* 'espertar', *troupelear* 'facer ruído' etc.

Alén dalgúns dos riscos dialectais nomeados, a variedade vianesa rexistra os seguintes trazos comúns a falas da área zamorana do galego, que nos permiten falar dun *contínuum* dialectal entre a microsubárea O Bolo-Viana e a devandita área ao seren compartidas estas características coas variedades do galego das Portelas de Zamora:

1. Alternancia nos ditongos *oi* - *ou* (*noite-route*).
2. Palatalización de *a* átono.
3. Vogal paragóxica *-e*.

4. Perda da interdental final de *rapá* 'rapaz' (risco característico da variedade portexa).
5. Plural do tipo *verdais* (sing. *verdá*).
6. Pronome *nós*, *vós* con o pechado etimolóxico.
7. Teísmo (subárea de Porto sen teísmo).
8. Pronome persoal *lle* (subárea de Porto)
9. Pronome átono *o(s)*, *a(s)* tras forma verbal rematada en ditongo (*deixouo* 'deixouno', *partiúo* 'partiuno').
10. Verbo *pór*.

No tocante aos trazos que Fernández Rei (1990) sinala en relación ao galego oriental, que concretamente implicarían a caracterización da microsubárea O Bolo-Viana, temos que precisar os seguintes aspectos:

a) Na microsubárea O Bolo-Viana rexístranse as dúas variantes *muchito* e *mutito*, polo que os datos que nos ofreceu o conxunto do noso corpus oral non permiten de xeito que fai Fernández Rei (1990: 149), falarmos dunha microsubárea Valdeorras con *muchito* e outra O Bolo-Viana con *mutito*, ao dárense no noso estudo as dúas variantes nas diferentes xeracións, aínda que *mutito* é a variante maioritaria.

Este dato tamén se ve reforzado co contemplado por Prieto Rodríguez (1958, 1973) quen refire a gran similitude que se dá entre o vianés e o valdeorrés, ao tempo que alude ao feito de que non se poden considerar dialectos diferentes.

b) En relación cos plurais, é preciso sinalarmos que a diferenza do contemplado por Fernández Rei (1990: 140), a variedade vianesa rexistra como forma maioritaria *-les* fronte a *-is* (*animales* fronte a *animais*), mantemento do *-l-* que o autor só circunscribe ao galego asturiano.

c) No tocante ao paradigma G de demostrativos contemplado por Fernández Rei (1990: 73) para a "terra ourensá de Viana" coas formas *iste*, *ista*, *isto* temos que sinalar que na variedade non se rexistra este paradigma, senón o paradigma A, maioritario do galego coas formas *este*, *esta*, *esto*, que se dan nas diferentes xeracións.

d) Verbo da isoglosa que Fernández Rei (1990: 77) traza para o teísmo, que deixa fóra a microsubárea de Viana-O Bolo temos que precisar que si se documenta este fenómeno, concretamente na parroquia de Vilaseco da Serra, na estrema con Zamora.

Respecto do cambio lingüístico é necesario salientarmos que hai diversos factores que inflúen na variedade para esa muda de lingua, entre eles o coñecemento da variedade estándar, o acceso a estudos superiores, o contacto con outras variedades do galego e o castelán, os medios de comunicación ou as relacións laborais. Por iso,

estes cambios céntranse principalmente na XB e XM, con maior presenza na XB, que xa tiveron ensino da lingua galega e tamén materias en galego.

170 A completa descrición dos capítulos de fonética, de morfoloxía e de sintaxe acompañada de abundante exemplificación de cada fenómeno, permitiu apreciar en moitos fenómenos a ausencia de cambio xeracional ou ben o cambio en tempo aparente. Na parte do cambio lingüístico, no capítulo das variables centrámonos nunha selección de fenómenos caracterizadores do vianés para analizar o cambio.

Ademais do que se explicou neses capítulos, queremos agora sintetizar o resultado da análise do material dos 25 etnotextos correspondentes ás 25 parroquias investigadas, que dan boa idea do cambio que se está a producir na variedade vianesa, sobre todo na XB, que en xeral conserva trazos fonéticos e morfosintácticos propios da XA.

Na fonética, a palatalización de ã atono é propia da XA, como o é a perda de -z en *rapá* e *ve*, aínda que estes trazos poden rexistrarse na XM; o rotacismo, a terminación -ao e -au (por -ado) e a evolución de e a [j] ante vogal son propias das tres xeracións, como o son formas como *cuando* e *muto* (e *muíto*), aínda que na XM hai quen só usa *cando* e *moito* ou ben *cuando* e *moito*, en concorrencia con *muíto*.

Na morfoloxía nominal nas tres xeracións rexístranse as formas *irmao* e *irmá* e o plural *vacaciois*. Con todo, por influxo do estándar hai algún rexistro de *mañán* na XM e de *man* na XB, e no caso do plural nun informante da XM aparece a forma do galego central *contribucióis*, a carón da vianesa (e oriental) *trêis* “trens”, e noutro tamén da XM rexístrase *combinaciós* e *vacaciós* pero *bois* ‘bos’, mentres que nun informante da XB concorren *foliois* e *foliós*. A terminación -a (*verdá*) tamén se dá nas tres xeracións, pero na XB hai informantes con -á e á vez coa variante estándar -ade (*biodiversidade*, *cidade*).

As formas verbais con VT *fais*, *pois*, *teis*, *veis* (de ‘ver’ e de ‘vir’) son propias das tres xeracións. Nalgún texto da XM mantense *tein* fronte á estándar *têñen*. Na XB esas formas vianesas tenden a ser substituídas polas do estándar: unha informante nova usa *fas*, *fan*, *tès*, *têñen* (e *man* por *mao*) e un informante novo di *pòñen*, *tès*, *têñen*, *véñen*. As persoas da XM e, sobre todo, da XB, que teñen trazos vianeses e moitos outros do estándar no canto dos da Terra de Viana, sempre empregan as formas pronominais *esto*, *eso*, *aquelo* do vianés, e nunca as estandarizadas *isto*, *iso*, *aquilo*, comúns ás portuguesas.

O radical do tema de pretérito de ‘facer’ é o etimolóxico *fic-* e o analóxico *fix-*, tanto nos *Contos vianeses* de Prieto (1958) como no punto O.17 do ALGa enquisado en 1975; e varias décadas despois a situación é a mesma na XA, con cinco informantes que usan o radical conservador *fic-* e tres o innovador *fix-*, mentres que na XM e XB só se rexistra *fix-*, agás un informante da XB coas dúas variantes dese radical.

O radical do tema de pretérito de 'traer' en O.17 do ALGa é *troux-*, como en Prieto (1978), fronte á variante *troug-* de Prieto (1958). Na escolma de etnotextos as variantes *troux-* e *troug-* aparecen en informantes da XA e da XM, sen que concorran as dúas na mesma persoa; e na XB hai algún rexistro de *troux-*, que é a forma do galego estándar.

A acentuación paroxítona etimolóxica de *estabamos* e *foramos* está moi documentada en cinco informantes da XA, mesmo nunha anotamos *desemos*, tamén etimolóxica; pero nun informante só se rexistra a proparoquítona *estábamos*. Nos escasos rexistros da XM dúas persoas informantes empregan formas coas dúas acentuacións, mentres nunha só se anotou *facíamos* e noutra só *facíamos*. Na XB hai mostras abundas de *facíamos* e *pediramos* en cinco informantes, sendo practicamente xeral a acentuación paroxítona propia do vianés e do galego estándar, que contribúe á súa presenza nesa xeración.

Na XB reflíctese a ausencia das formas contractas de preposición con máis pronomes persoal ou demostrativo en formas como *con ela*, *con eles*, *con esto* no canto de *cuela*, *cueles* ou *cuesto*, propias da XA e XM. Na sintaxe cómpre salientar que a ausencia de artigo en construcións do tipo *en casa* (port. *em casa*) non é un trazo vianés exclusivo da XA, xa que se rexistra en diversos falantes das tres xeracións: *chegou a casa*, *facelo en casa*, *volver para casa*.

A caracterización ofrecida por Laureano Prieto hai máis de seis décadas foi de grande axuda para asentarmos as bases do noso estudo da variedade vianesa, pois, aínda que breve, permitiunos corroborar a existencia de varios fenómenos lingüísticos e, principalmente, comprobarmos a vitalidade do gran caudal léxico que nos achegou. A maior parte segue vivo, pero algún del con moita debilidade debido ao cambio lingüístico, en xeral promovido polas transformacións no estilo de vida, o que fai que na XB moito dese léxico tenda a desaparecer posto que tamén se foron esas formas de vida.

A Terra de Viana do Bolo, pola súa proximidade con outras áreas dialectais, garda diversas concomitancias principalmente coas falas do galego zamorano, posto que as fronteiras administrativas non son delimitadoras da realidade cultural nin sociolingüística que se establece aquén e alén fronteiras e estas similitudes tamén se achegan á variedade do Bierzo (León), e mesmo ás variedades do valego (Cáceres) nalgúns casos.

Dado o conservadorismo do galego oriental, aínda que con trazos innovadores, varios dos trazos analizados teñen a súa continuidade e un uso común no portugués padrón:

1. Grupos *cua-*, *gua-*: *cuatro* e *quando* (port. *quatro* e *quando*), *guarda* (port. *guarda*).
2. Formas *muto* e *muíto*, *escutar* e *escuitar* (port. *muíto* e *escutar*); *luta* e *luita* (port. *luta*).
3. Terminación *-ao* / *-á* en formas como *irmao* / *irmá* (port. *irmão* / *irmã*).
4. Plurais en *-n* do tipo *cais* (port. *cães*), plurais en *-l* *animais* / *animales*, *papeis* / *papeles* (port. *animais*, *papéis*).
5. Pronome persoal *tu* fronte a *ti* do galego común (port. *tu*).
6. Formas verbais en *-is* co SNP da P5: *falais*, *vendeis*, *partís* (port. *falais*, *vendeis*, *partis*).
7. Ausencia do *-n* en formas da P1 do pretérito *fui*, *fuin* e *fun* (port. *fui*).
8. Radical arcaico *fic-* (*ficen*, *ficera*, *ficese*) en concorrencia con *fix-* (*fixen*, *fixera*, *fixese*); (port. *fiz*, *fizera*, *fizesse*).
9. Ausencia de artigo en construcións do tipo *en casa* (port. *em casa*).
10. Uso do pronome átono *te* (complemento directo e indirecto), característico do portugués e do galego do Baixo Miño pontevedrés, do galego de Zamora, dalgunhas falas do leste de Ourense e dunha parroquia do municipio vianés.

Por último, cómpre sinalarmos que no conxunto do concello se rexistran unha gran diversidade de trazos dialectais, e que resultan de especial interese a parroquia de Ramilo, limítrofe co concello ourensán da Veiga; a parroquia de Pradorramisquedo, estremeira co concello zamorano de Porto, e a de Vilaseco da Serra, que linda co tamén concello zamorano de Pías. Nesas tres parroquias rexistramos un bo número de peculiaridades da variedade vianesa.

Capítulo 08

Bibliografía

173

Abraira Pérez, Miguel A. / José Manuel Vázquez Varela (2003): “O pastoreo tradicional comunitario en Pixeiros (Viana do Bolo, Ourense)”, *Pontenova: revista de novos investigadores* 8. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 87-100.

AGO = Fernández Rei, Francisco (dir.) (2010-): *Arquivo do Galego Oral*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/ago/>

Aitchison, Jean (1993): *El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia?*. Barcelona: Editorial Ariel.

ALGa I = Instituto da Lingua Galega (1990). Fernández Rei, Francisco (coord.): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I, 1-2 Morfoloxía verbal*. [A Coruña]: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.

ALGa II = Instituto da Lingua Galega (1995). Álvarez Blanco, Rosario (coord.): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II Morfoloxía non verbal*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.

ALGa III = Instituto da Lingua Galega (1999). González González, Manuel (coord.): *Atlas Lingüístico Galego. Volume III Fonética*. [A Coruña]: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.

ALGa IV = Instituto da Lingua Galega (2003). Fernández Rei, Francisco (coord.): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALGa V = Instituto da Lingua Galega (2005). Álvarez Blanco, Rosario / Francisco Dubert García / Xulio César Sousa Fernández (coords.): *Atlas Lingüístico Galego. Volume V Léxico. O ser humano* (I) [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALGa VI = Instituto da Lingua Galega (2016). Fernández Rei, Francisco (coord.): *Atlas Lingüístico Galego. Volume VI Léxico. Terra, plantas e árbores*. [A Coruña / Santiago de Compostela]: Fundación Barrié / Universidade de Santiago de Compostela.

ALGa VII = Instituto da Lingua Galega (2020). Álvarez Blanco, Rosario / Francisco Dubert García / Xulio César Sousa Fernández (coords.): *Atlas Lingüístico Galego. Volume VII O ser humano* (II). [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

Alonso Montero, Xesús (1958): “Laureano Prieto y el dialecto vianés 1958”, *La Noche* (17-05-1958), 3-4, Reeditado en *Lengua, literatura e sociedade en Galiza: 25 anos de filoloxía galega 1951-1976* (1977). Madrid: Akal Editor, 104-107.

Alonso Montero, Xesús (1987): “Por terras de Viana en 1952. Lembranza e homenaxe a Laureano Prieto”, *Revista do Instituto de Viana* 1. Viana do Bolo. Reeditado en *A Nosa Bisbarra. Cultura, opinión, actualidade* (1996-1997). Viana do Bolo: *A Nosa Bisbarra*, 3-4.

Alonso Montero, Xesús (2002): “Na Gudiña (1952-2002)”, *La Voz de Galicia* (25-IX-2002). Disponible en: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/viana-dobolo/2002/09/25/na-gudi-na-1952-2002/0003_1247531.htm

Alonso Núñez, Aquilino Santiago (1995): “Notas sobre a fala de Campobeceros”, *Cadernos de lingua* 11. A Coruña: Real Academia Galega, 103-127.

Alonso Núñez, Aquilino Santiago (2000): “Os sufixos nominais diminutivos do galego actual”, *Verba* 27, 133-174.

Alonso Núñez, Aquilino Santiago (2011): *A fala de Castrelo do Val*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

Álvarez, Rosario (1988): “Consideracións sobre a metafonía nominal galega”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 141-157.

Álvarez, Rosario (1994): “Secuencias de pronomes átonos en galego moderno”, en Ramón Lorenzo (coord.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, vol. VI. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 247-265.

Álvarez, Rosario (1996): “Na estrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales”, en Ramón Lorenzo / Rosario Álvarez (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vazquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, 157-202.

Álvarez, Rosario (1999): “Porque non todos somos iguais. Achega ó estudio do tratamento en galego”, en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. I. Santiago de Compostela: Universidade, 207-228.

Álvarez, Rosario (2000): “¡Vivan eles, vivan elas! Achega para o estudio do tratamento en galego”, en Isabel de Riquer / Elena Losada / Helena González (eds.): *Profesor Basilio Losada: ensinar a pensar con liberdade e risco*. Barcelona: Publicacions de la Universitat de Barcelona, 149-155.

Álvarez, Rosario (2004): “A posición do pronome átono con infinitivo e xerundio en galego e portugués”, en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional, Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996*, vol. IV. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 23-42.

Álvarez, Rosario (2009): “As razóns da norma: nós e nosoutros, nosoutras”, *Estudos de Lingüística Galega* 2, 205-220.

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2008): “Os adverbios *alá / aló, acá / acó*. Unha perspectiva dialectal”, en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei / Xosé Luís Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 193-224.

Álvarez Pousa, Concepción (2007): *Consideracións sobre a fala do Concello de Viana do Bolo (Descrición e textos)*. Traballo de Investigación Tutelado (inédito). Vigo: Universidade de Vigo.

Álvarez Pousa, Concepción (2016a): “Letras Galegas para Laureano Prieto”, *Especial Letras Galegas, Xornal O Sil*, 11.

Álvarez Pousa, Concepción (2016b): “Os contos de Laureano Prieto, unha homenaxe ás xentes da Terra de Viana”, *Especial Nadal, Xornal O Sil*, 60.

Álvarez Pousa, Concepción (2017a): “A variación lingüística galega en textos orais do Concello de Viana do Bolo”, en Rosario Álvarez / Eduardo Moscoso / Marta Negro (eds.): *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 803-823. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.46>.

Álvarez Pousa, Concepción (2017b): “As variedades vianesa e frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués”, *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* 11/2, 79-108. Disponible en: <http://www.revistalimite.es/v11dos/05CAlvarez.pdf>.

Álvarez Pousa, Concepción (2018a): “Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da Terra vianesa”, *A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico* 107, 43-66.

Álvarez Pousa, Concepción (2018b): “A variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense) e as súas afinidades co portugués”, en João Veloso / Joana Guimarães / Purificação Silvano / Rui Sousa-Silva (coords.): *A lingüística em diálogo. Volume comemorativo dos 40 anos do Centro de Lingüística da Universidade do Porto*. Porto: Centro de Lingüística da Universidade do Porto, 61-79. Disponible en: <https://ler.letras.up.pt/uploads/ficheiros/16822.pdf>.

Álvarez Pousa, Concepción (2018c): ““As Médulas de Caldesiños”, unha mostra da lingua oral da Terra de Viana do Bolo (Ourense)”, en *Segmentos de uma vida. Textos dedicados a João Veloso por ocasião do seu 50 aniversário*. Organizado por Pedro Tiago Martins com contribuições de alunos e colaboradores. Phon’Up. Fonética e fonologia na Universidade do Porto, 35-40.

Álvarez Pousa, Concepción (2019): “O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 22, 15-30. Disponible en: <https://doi.org/10.5209/madr.66849>.

Álvarez Pousa, Concepción (2020): “A variedade valdeorresa do galego oriental e a súa presenza na lingua literaria de Florencio Delgado Gurriarán”, *A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico* 113, 9-34.

Álvarez Pousa, Concepción (2021): *A lingua da Terra de Viana do Bolo. Descripción dialectal e análise do cambio lingüístico*. Tese de doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Álvarez Pousa, Concepción / Xosé Henrique Costas (2002): *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

Álvarez Rodríguez, José Alfonso (1984): *La población y los asentamientos rurales en la comarca de Viana do Bolo (Ourense)*. Tese de licenciatura (inérita). Santiago de Compostela: Universidade.

Álvarez Rodríguez, José Alfonso (1994): “Tipología de los asentamientos rurales en la comarca de Viana do Bolo (Galicia)”, *III Colóquio Galaico-Minhoto*. Viana do Castelo: Câmara Municipal de Viana do Castelo, 283-298.

Babarro González, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. 2 vols. Fundación Pedro Barrié de la Maza. Biblioteca Filolóxica Galega.

Ballano Bueno, Alicia (1990): “O derradeiro concello de Zamora: Porto de Sanabria”, en Xosé Antón Fernández de Rota e Monter (dir.): *Lindeiros da Galeguidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 97-107.

Baltazar, Alexandra Maria Fernandes (2019): “Particularidades lingüísticas numa aldeia do interior norte de Portugal: o léxico do meio rural”, en Clarinda de Azevedo Maia / Isabel Almeida Santos (coords.): *Estudos de Lingüística Histórica. Mudança e standardização*. Coimbra: Imprensa da Universidade de Coimbra, 451-473.

Bello Garnelo, Fernando (2010): *Léxico y literatura de tradición oral en el entorno de las Médulas (León)*. León: Universidad.

Blanco Amor, Eduardo (1962): *Os biosbardos*. Vigo: Galaxia.

- Blanco Amor, Eduardo (1963): *Los miedos*. Barcelona: Destino.
- Blanco Corrales, Francisco (2012): *O palabreiro portexo*. Disponible en: <http://www.furmientu.org/08Vocabularios2012/03VocabulariuPortexo.pdf>
- Boller, Fred (1995a): *Die Issoglossenstaffelung in der galicisch-portugiesisch-spanische kontatzzone und im Lombada-Aliste-Grenzgebiet*, vol. 1: *Kommentar zum Regionalsprachatlas: Die diatopische Variation im Dialektraum*, vol. 2. *Regionalsprachatlas mit Synoptischen Kartenteil*. Westensee: Gross Vollstedt.
- Boller, Fred (1995b): “Paradigmas interferenciais no galego exterior zamorano”, *Verba* 22, 33-73.
- Boller, Fred (1997): “Contacto lingüístico entre el gallego portugués y el asturleonés en la provincia de Zamora. ¿Frontera nítida o zona de transición?”, *Lletres Asturianas* 65, 7-31.
- Caravedo, Rocío (2003): “Principios del cambio lingüístico. Una contribución sincrónica a la lingüística histórica”, *Revista de Filología Española* LXXXIII 1º-2, 39-62.
- Carballo Arceo, Xulio / Ramón Fábregas Valcarce (2006): “Variacións rexionais nas sociedades pre e protohistóricas galaicas”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.): *Lingua e Territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 67-91.
- Carballo Calero, Ricardo (1981³): *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*. Vigo: Galaxia.
- Carracedo Arroyo, Eleuterio (1977): *El habla de Barjacoba (Zamora)*. Memoria de licenciatura (inédita). Salamanca: Universidad.
- Castells Vila, María del Rosario (1955): *Viana del Bollo y su partido judicial*. Tese de licenciatura. Santiago de Compostela: Universidade.
- Castells Vila, María del Rosario (1961): *La comarca natural de Viana del Bollo. Tese de doutoramento* (parcialmente publicada). Santiago de Compostela: Universidade.
- Castells Vila, María del Rosario (1967): *La comarca natural de Viana del Bollo*. A Coruña: Imprenta Moret.
- Castro Voces, Antonio (1991): “O concello de O Bolo a mediados do século XVIII a través do Catastro de Ensenada”, *Caderno do Instituto de Estudos Valdeorreses* 8, 111-133.
- Catastro de Ensenada: disponible en: <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- Chambers, Jack / Peter Trudgill (1994): *La dialectología*. Madrid: Visor.
- Cid Babarro, Aníbal (2006): “Metalurxia e técnicas esquecidas dos ferreiros”. *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares* 25. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 7-29.
- Cidrás, Francisco / Francisco Dubert / Xosé Luís Regueira (eds.) (2018): *Estudos de Lingüística Galega. Volume especial I. Gramáticas en tránsito. Variación e mudanza no complexo lingüístico galego-portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Universidade.
- Cocho de Juan, Federico (2001): *O Entroido galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Cocho de Juan, Federico (2008³): *O carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Cortés y Vázquez, Luis Leocadio (1954a): *El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora)*. Salamanca: Acta Salmanticensia. Universidad de Salamanca.
- Cortés y Vázquez, Luis (1954b): *El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora)*. (*Toponimia, textos y vocabulario*), anexo da *Acta Salmanticensia* VI, 3. Salamanca: Universidade.
- Cortés Vázquez, Luis (2003): *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria*. Salamanca: Librería Cervantes.
- Costas González, Xosé Henrique (1988): “Alteracións do é no suroeste galego”, *Verba* 15, 385-391.

Costas González, Xosé Henrique (1991): “O sufixo *-eiro* con valor individualizador no suroeste galego”, en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó Profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, 127-132.

Costas González, Xosé Henrique (1992): “Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) da Ribeira Trevellana”, *Cadernos de Lingua* 6, 85-107.

Costas González, Xosé Henrique (1995): *Aproximación sincrónica e diacrónica ó estudo das sibilantes galegas*. Tese de doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade.

Costas González, Xosé Henrique (1999): “Valverdeiro, lagarteiro e mañego: o “galego” do Val do Río Ellas (Cáceres)”, en Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 83-106.

Costas, Xosé Henrique (2002): *Guía das linguas de Europa*. Edicións Positivas.

Costas González, Xosé Henrique (2011): *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: Historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual*. Anexo 8 de *Cadernos de Lingua*. Real Academia Galega.

Costas González, Xosé Henrique (2012): “Notas sobre a fala galega de Seabra: o calaborés”, en Xosé Bieito Arias Freixedo / Xosé María Gómez Clemente / Gabriel Pérez Durán (eds.): *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*. Vigo: Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, 337-357.

Costas González, Xosé-Henrique (2013): *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)*. Vigo: Xerais.

Costas González, Xosé Henrique (2017): “O sufixo *-icho/-a*, caracterizador da microtoponimia galega de Zamora”, *Verba* 44, 527-536.

Crespo Pozo, José Santiago (1963): *Contribución a un vocabulario castellano-gallego: (con indicación de fontes)*. Madrid: Revista Estudios.

Crespo Pozo, José Santiago (1972): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fontes e inclusión del gallego literario galaico-portugués*, 4 vol. Ourense: La Región. Sada: Ed. do Castro, 4 vol.

Cueto, Xacinto F. (2002): *A mai, o nino e a montaña*. Barcelona: Marklet Edicións.

Cunqueiro, Álvaro (1955): *Merlin e familia i outras historias*. Vigo: Galaxia.

Dasairas Valsa, Xerardo (2007): *Labras heráldicas de Monterrei, Frieiras, Conso e Viana do Bolo*. Grupo Marcelo Macías. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.

Dasairas Valsa, Xerardo (2018): *Terras da Mezquita e da Seabra*. Ourense: Deputación de Ourense.

DdD= Santamarina, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*, 3ª ed., CD-ROM. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

DRAG= González González, M. (dir.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>> [Consultado: 10/07/2022]

Dubert García, Francisco (1999a): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

Dubert García, Francisco (1999b): “Máis sobre o rotacismo de /s/ en galego”, en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coord.): *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero (Semblanza e creación; Lingua; Historia, cultura e sociedade)*, vol.1, 367-387.

Dubert García, Francisco (2005): “Interferencias del castellano en el gallego popular”, *Bulletin of Hispanic Studies* 82, 271-291.

- Dubert García, Francisco / Ramón Mariño Paz (2004): “Áreas marxinais no mapa dialectal galego”, en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional, Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 337-351.
- 178 Fariña Busto, Francisco (2003): “Cabeza dun verrón. Peza do mes 2003”. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Dispoñible en: http://www.musarqourense.xunta.es/peza_mes/cabeza-dun-verron-bembibre/
- Feijoo Ares, Vicente Javier (2001): *A fala do Riós: contribución ó estudio da dialectoloxía galega*. Traballo de investigación tutelado (inédito). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández de la Cigña Núñez, Estanislao (2004): “Pascual Madoz e as casas de Adán de San Cibrao Rubiaes (Viana do Bolo-Ourense Oriental) nas Abas da Serra Calva”, *Pontenova* 9, 53-64.
- Fernández González, José Ramón (1981): *El habla de Ancares. Estudio Fonético, Morfosintáctico y Léxico*. Oviedo: Universidad.
- Fernández y Morales, Antonio (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León: Establecimiento Tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñón. [Edición do Instituto de Estudios Bercianos, Ponferrada, 2003; Edición de Edicións Positivas, Santiago, 2016].
- Fernández Rei, Francisco (1982): “Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno”, *Grial* 77, 257-296.
- Fernández Rei, Francisco (1985a): “Áreas lingüísticas do galego actual”, en Aina Moll (ed.): *Actes. XVI Congrés Internacional de Lingüística i Filologia Romàniques Ciutat de Mallorca, 7-12 d'abril de 1980*, vol. 2, 485-498.
- Fernández Rei, Francisco (1985b): “Variedades dialectales del gallego”. *Revista de Filología Románica* 3, 85-100.
- Fernández Rei, Francisco (1985c): “Textos do Galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística”, en Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes, vol. I. Oviedo / Madrid, Universidad de Oviedo / Editorial Gredos, 171-197.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (1991): “Trazos lingüísticos nos límites orientais da galegüidade”, en Xosé Manuel González Reboredo / Xosé Antón Fernández de Rota (coords.): *Actas do Simposio de Antropoloxía “Lindeiros da Galegüidade I” 5 – 6 – 7 de xullo de 1990. O Cebreiro, A Proba de Navia, Vilafranca*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 113-128.
- Fernández Rei, Francisco (1993): “Galego oriental: O Bierzo, As Portelas e O Val de Verín”, en Xosé Antón Fernández de Rota / Xosé Antón Fidalgo Santamarina / Xosé Manuel González Reboredo (coords.): *Lindeiros da Galegüidade II. Simposio de Antropoloxía. Verín, Chaves e Lubián 11 - 12 - 13 de xullo de 1991*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 97-108.
- Fernández Rei, Francisco (1999): “A situación do galego en Galicia e no occidente de Asturias, de León e de Zamora”, en Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 27-82.
- Fernández Rei, Francisco (2002): “Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 147-192.
- Fernández Salgado, Benigno / Henrique Monteagudo Romero (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Henrique Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

- Ferreiro, Manuel (1999⁴): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferro Couselo, Xesús (1973): “Ventanal prerrománico del antiguo monasterio de Bembibre (Viana do Bolo)”, *Boletín Auriense*, tomo 3, 176-178.
- Ferro Ruibal, Xesús / Fernando Groba Bouza (2009): “Dichos y refranes en dialecto vianés de Laureano Prieto (1951)”, *Cadernos de Fraseoloxía* 11, 259-282. Disponible en: http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11_12.pdf.
- Fidalgo Santamariña, Xosé Antonio (coord.) (2009): *As caras do entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense / Fundación Caixa Galicia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1996): *Os diminutivos en galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998): *Gramática da lingua galega. I Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006a): *Manual de gramática galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006b): *Gramática da lingua galega. Fonética e fonoloxía*, vol. I. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006c): *Gramática da lingua galega. Morfosintaxe*, vol. II. Vigo: A Nosa Terra.
- Gala González, Susana de la (1990): *Muller e cambio social (en la parroquia de Mourisca)*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.
- Gala González, Susana de la (1991): “Mujer y cambio social en el medio rural gallego”. Consejo Superior de Investigaciones científicas. Instituto Padre Sarmiento. *Cuadernos de Estudios Gallegos* 39. Santiago de Compostela, 327-339.
- Gala González, Susana de la (1995): *Tradición y modernidad: una aproximación a las relaciones de género en la sociedad rural gallega*. Tese de doutoramento (inédita), 2 vol. Santiago de Compostela: Universidade.
- Gala González, Susana de la (1999): “Trabajo y prestigio de las mujeres en dos parroquias rurales gallegas: tradición y cambio social en los albores del nuevo milenio”. *Actas del VIII Congreso de Antropología, 20-24 septiembre 1999*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Antropoloxía, 37-44.
- Gallego Domínguez, Olga (1988): *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del Siglo XVIII*. *Boletín Auriense*, Anexo 10. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.
- Gallego Domínguez, Olga (dir.) (1989): *El Catastro de Ensenada de la Provincia de Orense*. Catálogo. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos.
- García López, David (1996): *Estudio sobre el habla de la Carballeda y la Requejada (Zamora)*. Monografía leonesa. Universidad de Salamanca. Facultad de Filología. Departamento de Lengua Española.
- García Paz, Manuel (1931): “O Abade Mourinho: novela”, *Nós: boletín mensual da cultura galega*. Ed. facsímil. Ano 13, nº 89, 84-90.
- García Paz, Manuel (1935): *IV Melodía. Desfile de campesiñada galega*. Ourense: La Industrial.
- García Rey, Verardo (1986): *Vocabulario del Bierzo*. León: Ediciones Lancia.
- García Tato, Isidro (2001a): *O Bolo y Viana do Bolo, dos xurisdicciones de realengo*. Santiago de Compostela. Colección Trevinca.
- García Tato, Isidro (2001b): *Actividad del Santo Oficio de la Inquisición en Tierras de O Bolo, Viana do Bolo, Trives y Valdeorras (Siglos XVI-XIX)*. Instituto de Estudios Valdeorreses. Cuaderno Monográfico nº 36.

González González, Manuel / Manuel Taboada Cid (2002): *Afinidades lingüísticas galegoportuguesas no Couto Mixto e na fronteira de Ourense*. Fundación Premios da Crítica de Galicia.

González Pérez, Clodio (1989): *A festa dos Maíos en Galicia: unha aproximación histórico-antropolóxica ó ciclo de Maio*. Pontevedra: Deputación Provincial, Servicio de Publicacións.

González Rei, Begoña (2003): “Interferencia do castelán no galego na realización das consoantes nasais”, *Cadernos de lingua* 25, 5-26.

Graña Núñez, Xosé (1990): “O léxico patrimonial galego: algúns aspectos do seu empobrecemento”, *Cadernos de Lingua* 2, 47-58.

Hervella Courel, Alfonso (2011): *Romances populares gallegos recogidos de la tradición oral*. Edición de Xosé Ramón Mariño Ferro / Carlos López Bernárdez. Nigratrea: Sabarís. Baiona.

IGE = Instituto Galego de Estatística. Disponible en: <http://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>.

Kabatek, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.

Krüger, Fritz (1925): “Mezcla de dialectos”, en *Homenaje ofrecido a Menéndez Pidal. Miscelánea de estudios lingüísticos, literarios e históricos*. Madrid: Hernando, vol. II, 121-166.

Krüger, Fritz (1947): *El léxico rural del noroeste Ibérico*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Patronato Menéndez y Pelayo. Instituto “Antonio de Nebrija”, Revista de Filología Española.

Krüger, Fritz (1954): “El perfecto de los verbos -ar en los dialectos de Sanabria y de sus zonas colindantes”, *Revista de Filología Española*, vol. XXXVIII, n° 1/4, 45-82.

Krüger, Fritz (1965): “Aportes a la fonética dialectal de Sanabria y zonas colindantes”, *Revista de Filología Española, Revista de Filología Española*, vol. XLVIII, n° 3/4, 251-282.

Krüger, Fritz (1991): *La cultura popular en Sanabria*. Zamora: IEZ Florián de Ocampo.

Krüger, Fritz (2001²): *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*. Madrid: Fundación Menéndez Pidal.

Krüger, Fritz / Juan Carlos González Ferrero (2011): *Atlas lingüístico de la Sanabria Interior y de la Carballeda-La Requeada*. Zamora: IEZ Florián de Ocampo.

Labov, William (1983): *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra.

Labov, William (1996): *Principios del cambio lingüístico, vol. I: Factores internos*. Madrid: Gredos.

Lago Caamaño, Clara / Xulio Sousa (2021): “Cambio lingüístico y variación en el gallego rural del siglo XX: los perfectos verbales”, *Dialectología: revista electrónica*, [en línea], 2021, p. 285-310, <https://raco.cat/index.php/Dialectologia/article/view/390953>.

López Mira, Álvaro Xosé (1998): *A Galicia irredenta*. Vigo: Xerais.

López Varela, Elisardo (2001): “Achegamento ao galego literario de Curros Enríquez”. *Revista Galega de Filoloxía* 2, 105-127.

Lorenzo, Ramón (1975): “El rotacismo en las lenguas románicas”, *Verba* 2, 119-136.

Louredo Rodríguez, Eduardo (2014): “La variable *pór ~ poñer* en gallego. Una contribución desde la dialectología histórica”, en Felipe Jiménez Berrio *et alii* (eds.): *Variación geográfica y social en el panorama lingüístico español*. Pamplona: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Navarra, 33-43. Disponible en: <https://www.researchgate.net/publication/275034839>.

Lubián, Felipe (1992): “Tristura e ledicias de nacer en ningures, cousas das Portelas”, en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Cultura, 387-389.

Lubián, Felipe (1993): “Inquietudes galegas da outra Galicia”, en Xosé Antón Fernández de Rota / Xosé Antón Fidalgo Santamariña / Xosé Manuel González Reboledo (coords.): *Lindeiros da galeguidade, II*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 149-153.

Lubián, Felipe (2004): “A carrixa no castañeiro”, en *A herdanza da lingua: o galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*. A Coruña: Real Academia Galega, 23-28.

Lubián, Felipe (2005): “Ser zamorano e falar en galego”, *A Trabe de Ouro. Revista de pensamento crítico* 64, 54-56.

Lubián, Felipe (2015): “A cultura popular non sabe nin de raías nin de mapas”, Xornal *O Sil*. Disponible en: <http://www.osil.info/a-cultura-popular-non-sabe-de-raias-nin-de-mapas/>

Madoz, Pascual (1950): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo XVI. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti, 1845-1850.

Madoz, Pascual (1986): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia*. Tomo VI. Santiago de Compostela: Libros Galicia.

Mariño Ferro, Xosé Ramón / Carlos López Bernárdez (2002): *Romanceiro en lingua galega*. Vigo: Xerais.

Mariño Paz, Ramón (2011): “A variable morfolóxica *animais / animaes / animás / animais* no galego contemporáneo”, *Revista Galega de Filoloxía* 12. Área de Filoloxías Galega e Portuguesa. Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística. Universidade da Coruña, 73-113.

Menéndez Pidal, Ramón (1926): *Orígenes del español: estado lingüístico de la Península ibérica hasta el siglo XI*. Madrid: Librería y Casa Editorial Hernando.

Milroy, Lesley (1987): *Observing and analysing natural language*. Oxford: Blackwell.

Monteagudo, Henrique (2005): “Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)”, en Rosario Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 377-436.

Negro Romero, Marta (2013): “Contacto galego-castelán e cambio no léxico do corpo humano”, en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 223-245.

NOMIG = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2008²²): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega.

Otero Pedrayo, Ramón (1926): *Guía de Galicia: geografía, historia, vida económica, literatura y arte, itinerarios completos por ferrocarril y carretera*. Madrid: Espasa Calpe.

Otero Pedrayo, Ramón (1962-1973): *Historia de Galiza*, vol. 1. Buenos Aires: Editorial Nós.

Penny, Ralph (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos. Biblioteca Románica Hispánica.

Pinza García, Juan Antonio (2009): “As caras do Entroido da comarca de Viana. 7.3. Viana do Bolo”, en Xosé Rodríguez Cruz / Xosé Antón Fidalgo Santamariña / Juan Antonio Pinza García: “As caras do Entroido da comarca de Viana”, en Xosé Antón Fidalgo Santamariña (coord.): *As caras do entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense / Fundación Caixa Galicia, 204-239.

Porto Dapena, José Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

Prieto Rodríguez, Laureano (1946): “Antiguas minas del río Camba”, *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, T. 15, fasc.3, 116-121.

Prieto Rodríguez, Laureano (1948): “Cuentos de animales, La Gudiña (Orense)”, *Revista de Dialectología y Tradiciones populares* IV. Madrid: Instituto Miguel de Cervantes de Filología Hispánica, 123-148.

Prieto Rodríguez, Laureano (1958): *Contos vianeses*. Vigo: Editorial Galaxia.

Prieto Rodríguez, Laureano (1968): *Contos pra nenos*. Vigo: Galaxia.

Prieto Rodríguez, Laureano (1973): *Notas en col da fala vianesa*. Separata do Tomo III do *Boletín Auriense*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 1-27.

Prieto Rodríguez, Laureano (1978): “Contos de cregos. Terra de Viana do Bolo”, *Boletín Auriense* VIII. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 13-48.

Quiroga Barro, Gabriel (1984): *Evolución de una estructura agraria en la Galicia interior: la tierra de Viana do Bolo, 1600-1820*. Memoria de licenciatura (parcialmente editada). Santiago de Compostela: Universidade.

Quiroga Barro, Gabriel (1992): *Evolución dunha estrutura agraria na Galicia interior: a terra de Viana do Bolo, 1600-1820*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.

Ramallo, Fernando (2000): “Pragmática”, en Fernando Ramallo / Gabriel Rei-Doval / Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.): *Manual de Ciencias da Linguaxe*. Vigo: Xerais, 443- 512.

Redondo Abal, Francisco Xabier (2007): “Relación de indeseables, Viana del Bollo: un documento inédito sobre a represión franquista en Terras Vianasas”. *Claridade: revista da Fundación Luís Tilve* 3, 125-129.

Regueira, Xosé Luís (1994): “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de Lingua* 10, 37-60.

Regueira Fernández, Xosé Luís (2009): “Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo”, *Estudos de Lingüística Galega* 1, 147-167. DOI: 10.3309/1989-578X-09-8. Disponible en: <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/1492/>.

Riobó Sanluís, Benxamín / Miguel Anxo Sartal Lorenzo (coords.) (2004): *Fala e Cultura d’Os Tres Lugaris. Valverde do Fresno, As Ellas, San Martín de Trebello (Cáceres)*. Noia: Editorial Toxosoutos.

Risco, Vicente (1936): *Geografía general del reino de Galicia. Provincia de Orense*. Vol. 5, Barcelona: Edit. Alberto Martín.

Rivas, Juan / Esther L. Brown (2021): “O infinitivo flexionado en galego: unha análise variacionista baseada na lingua oral”, *Estudos de Lingüística Galega*, 13, 1-27. Disponible en: <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/6631>.

Rodríguez Cruz, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.

Rodríguez Cruz, Xosé (2007): *Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende*. Centro cultural popular Xaquín Lorenzo. Deputación de Ourense.

Rodríguez Lago, María del Carmen (1974): *Léxico dialectal y costumbres de Porto*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

Rodríguez Neira, Modesto Aníbal (1991): “Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia”, en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. II, 179-194.

Rodríguez Valcárcel, María Xosé (1995): “Consideracións verbo do uso dos demostrativos en galego”, *Cadernos de Lingua* 11, 33-51.

Sáinz Sáiz, Javier (2008): *El Románico en Ourense*. León: Ediciones Lancia.

Salgado Álvarez, Jesús (2013) (edic.): “Bailarón” *Juan Manuel Arias Jares. El médico y el político. Biografía testimonial*. unoeditorial.com.

- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2007): “Algunhas reflexións sobre o variacionismo lingüístico xeracional no galego”, en Amelia Sánchez Pérez / Iván Méndez López (eds.): *Lingua e idade. III Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 97-131.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011): *Lingua galega e variación dialectal*. Bertamiráns: Laiovento.
- Sanromán García, Manuel (2006): *Sanabria. Tradición y cultura popular (Introducción antropológica)*. Madrid: Imprenta Taravilla.
- Santamarina Fernández, Antón (1973): *El habla del Valle de Suarna*. Tese de doutoramento (parcialmente editada). Universidade de Santiago de Compostela.
- Santamarina, Antón (1975): “El adverbio gallego: estudio basado en el habla del Valle de Suarna (Fonsagrada, Lugo)”, *Verba* 2, 59-106.
- Santamarina Fernández, Antón (1980): “Novas consideracións ó redor das orixes da geada”, *Verba* 7, 243-249.
- Santos, Maria José de Moura (1967): *Os fálares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Separata da Revista Portuguesa de Filologia, vols. XII, tomo II, XIII e XIV. Coimbra: Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, Instituto de Estudos Românicos.
- Schneider, Hans-Karl (1938): “Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien). Lautlehre, Formenlehre, Vokabular”, *Volkstum und Kultur der Romanen* 11, 67-145; 193-281.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo (1991): “Manuel García Paz ou a fidelidade á lingua”, *A Trabe de Ouro* 5. *Revista de pensamento crítico*, 105-110.
- Soto Andión, Xosé (2014): “Contacto y desplazamiento lingüístico en dos municipios del interior de Galicia”, *Vox Romanica* 73, 218-246. Disponible en: http://periodicals.narr.de/index.php/vox_romanica/article/view/2263/2163.
- Taboada Cid, Manuel (1978): “Algunos aspectos de la vida espiritual y material de A Mezquita”, *Boletín Auriense* VIII. Ourense: Museo Arqueológico Provincial, 107-166.
- Taboada Cid, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Tenorio, Nicolás (1904): “Viana del Bollo. Pobladores pre-romanos”, *Boletín da Comisión de Monumentos da provincia de Ourense*, T.2, n° 40, 281-286, n° 41, 297-311.
- Tenorio, Nicolás (1914): “*La aldea gallega. Estudio de derecho consuetudinario y economía popular*”. Cádiz: M. Álvarez Impresor.
- Tenorio, Nicolás (1972): “La aldea gallega”, *Grial* 36, 158-167.
- Tenorio, Nicolás (1982): *La aldea gallega*. Vigo: Xerais.
- Uruburu Bidaurrázaga, Agustín (1990): “Conciencia sociolingüística y uso en Viana del Bollo (Orense)”, en *Actas del VIII Congreso Nacional de Lingüística Aplicada* [organizado por la] Asociación Española de Lingüística Aplicada, Asociación Española de Lingüística Aplicada, 681-700.
- Uruburu Bidaurrázaga, Agustín (1992): “Sociolingüística en Viana del Bollo (Orense)”, *Verba* 19, 379-395.
- Valcárcel Rivero, Carlos (2011): “Lingua e territorio”, en María José Piñeira Mantiñán / Xosé Manuel Santos Solla (eds.): *Xeografía de Galicia*. Vigo: Xerais, 35-64.
- Varela Barreiro, Xavier (1997): “A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego”, en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Proceedings of the 4th International Conference of Galician Studies / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos* (Universidade de Oxford, 26-28 Setembro 1994), vol. 1. Oxford: Center for Galician Studies, 319-342.

- Vasconcelos, José Leite de (1929): *Opúsculos*, vol. IV. Coimbra: Imprensa da Universidade.
- Vázquez Santamaría, María Ester (1971): *El habla de la Gudiña*. Tese de licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- VV.AA. (2003): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- VV.AA. (2005a): *Historia Xeral de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra.
- VV.AA. (2005b): *Galicia en comarcas. Verín e Viana*. La Voz de Galicia. Vigo: Ir Indo.
- VV.AA. (2006a): *Vilarinho de Conso. Paisaxe e tradición*. Deputación Provincial de Ourense.
- VV.AA. (2006b): *Galicia en el paladar*. Barcelona: Alhena Media.
- VV.AA. (2009a): *Potencialidades turísticas do oriente ourensán*. Vigo: Universidade. Servizo de Publicacións.
- VV.AA. (2009b): *As comarcas de Galicia. Patrimonio natural. Viana*. Vigo: A Nosa Terra.
- Wardhaug, Ronald (1992): *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Weinreich, Uriel (1968): *Lenguas en contacto. Descubrimientos y problemas*. Caracas: Universidad Central de Venezuela.
- Xusto Rodríguez, Manuel (1986): *Protohistoria e romanización na terra de Viana do Bolo*. Tese de licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Xusto Rodríguez, Manuel (1987): “Algunhas consideracións sobre a explotación aurífera romana de ‘As Borreas’ ou ‘As Barreiras’ de Caldesiños (Viana do Bolo-Ourense)”, *Boletín Auriense XVII*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 109-124.
- Xusto Rodríguez, Manuel (1988-89): “Área de visión, topografía e territorialidade: o mundo dos castros”, *Boletín Auriense XVIII-XIX*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial: 23-30.
- Xusto Rodríguez, Manuel (1989): “Minería galaico-romana y arquitectura del territorio. La cuenca del río Bibei”. *Revista de Arqueología*, 103, Madrid, novembro 1989, 5-10.
- Xusto Rodríguez, Manuel (1993): *Territorialidade castrexa e galaico-romana na Galicia suroriental: A terra de Viana do Bolo*, *Boletín Auriense Anexo 18*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.
- Yáñez Fariñas, Francisca (2008): *Inventario de los recursos patrimoniales del territorio Leader + Peña Trevinca*. Grupo de Acción Local Peña Trevinca 2008. A Veiga. Ourense: Así Es Producciones.
- Zamora Vicente, Alonso (1986a): *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Zamora Vicente, Alonso (1986b): “De geografía dialectal: -ao, -an en gallego”, en *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela, 27-35.
- Zamora Vicente, Alonso (1986c): “Los grupos -uit-, -oit- en gallego moderno. Su repartición geográfica”, en *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela, 35-45.

Capítulo 09

Escolma de etnotextos

185

- 9.1. Bembibre (Santo André): "O balneario de Bembibre e as súas propiedades"
- 9.2. Caldesiños (Santa Cristina): "As telleiras de Caldesiños"
- 9.3. Cepedelo (Santa María): "A morte da mestra na nevada e os medos"
- 9.4. Covelo (San Lourenzo): "A vida en Santa Marta, San Romau e Bolado antes do encoro"
- 9.5. Fornelos de Filloás (Santa María): "A patumada e as foliadas do Entrudio"
- 9.6. Grixoa (San Pedro): "O folión de Grixoa"
- 9.7. Penouta (San Bartolomeu): "A mina de estaño e de tantalio"
- 9.8. Pinza (Santa María): "Os roxos e a bruxería en Pinza"
- 9.9. Pixeiros (Santa María): "A orixe da aldea de Pixeiros e as vivendas de antes"
- 9.10. Pradocabalos (Santa María): "A pala da moura"
- 9.11. Pradorramisquedo (San Sebastián): "Biodiversidade no límite coas Portelas de Zamora"
- 9.12. Punxeiro (San Marcos): "A festa da vendima de Punxeiro"
- 9.13. Quintela de Hedroso (San Cosme): "A elaboración do viño e da augardente"
- 9.14. Quintela do Pando (Santa Isabel). "Agricultura ecolóxica e plantas medicinais"
- 9.15. Quintela de Umoso (Padre Eterno): "Vivir e traballar no rural"

42 Na transcripción dos textos séguense basicamente as normas de transcrición semifonolóxica do Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega <http://ilg.usc.gal/ago/>. Na web deste proxecto estarán dispoñíbles os audios.

- 9.16. Ramilo (San Pedro): "As comparsas e o foli3n en Ramilo"
- 9.17. Rubiais (San Cibrao): "O forno do cal e os mouros en Gobia"
- 9.18. Santa Mari3a da Ponte (Santa Mari3a): "A aldea de Santa Mari3a da Ponte e as feiras cara a Viana"
- 9.19. Sever (San Lourenzo): "A infancia en Escola Fogar e as festas das aldeas"
- 9.20. Solbeira (Santo Adrao): "Lembranzas da infancia"
- 9.21. Tabazoa de Hedroso (Santa Mar3a): "O campo da Gonza e a vida en Tabazoa"
- 9.22. Viana do Bolo (Santa Mar3a): "A fala de Viana do Bolo"
- 9.23. Vildardemilo (Santa Mar3a Madalena): "Os tempos da escola"
- 9.24. Vilarmeao (Santo Ant3n): "Os danzar3ns de Vilarmeao"
- 9.25. Vilaseco da Serra (San Vincenzo): "As relaci3ns con Zamora"

9.1. Bembibre (Santo André)

ETNOTEXTO A0678

Informantes: I.1 H. XA. (82 a), I.2 H. XM. (52 a), I.3 H. XA. (75 a), I.4 M. XM. (35 a)

Parroquia: Bembibre -Santo André-

Lugar: Bembibre

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

187

O balneario de Bembibre e as súas propiedades

I.1: Que había baños, que viña muta xente è que había diversión èquí no pueblo... había xogo de bòlos è iban os balnearistas iban ó xogo dos bòlos è está, estaba o puèblo entònces elegante.

E: È de onde viña a xente?

I.1: Pois de, de èquí do contorno è muta viña, o que che digo, por exemplo, da parte da zona da Veiga è viñan da parte de, de, da Mezquita è por aí viñeron xente a...

I.2: È do Barco..

I.1: Do Barco non me acòrdo.

I.2: De Carballeda, si. Tiñan que estar nòve días decían.

I.1: Nò, è que estaban nòve días, os baños èran nòve días.

I.2: È tamên decían que viñan no còche de liña, aí na Murteira, è que or subían nun cabalo è que lle iba bèn o tratamiènto, que, que ó cabo dos nòve días que xa bāixaban andando ou mui milloraus.

I.1: Buèno.

I.2: Eso òíno mil veces.

I.1: Eu òín decir que veu un de Quintèla de Hedroso èquí è veu nun, veu eso, veu nun cabalo è marchou, andando.

I.2: Claro.

I.1: Èra de Quintèla de Hedroso, que lle fora mui bèn o...

I.2: Que lle foi bèn a cousa.

I.1: A cousa agora os outros que viñan non sei, se se lle faría algo ou non lle faría nada.

I.2: Daño non. È muitos tamên viñan ó mellor, non è que viñan... viñan estresados de traballar è se viñan, viñan, è comían mal na casa, traballaban muito, non é que non

tuvèran que comer è relajábanse aí; è tiña<n>, estaban unhor días è ó mellor ese descanso era como unhas vacaciois è marchaban nòvos. Se tiñan unha alimentación boa, desalluno, comida è cena è descanso.

188 I.1: Comían mellor ca outros.

I.2: È tamên ligaban que, eso era un hòtèl. Aí tamên tiña que haber marcha pola noite.

I.1: Os que paraban alí pasábano mui bèn. Mutos non viñan ó baño pa, pa curarse; viñan que, alí lle daban mui bèn de comer è pasaban eí unhas, unhas vacaciois.

I.2: I-algún que viñera tamên è botara unha nòvia [...]. Ese rolo me cagho en Diòs... marchaba nòvo. Tiña que ser seguro que, que, tiña que ser así. Eso òíno eu mil veces.

E: È pa que èran boas as augas?

I.2: Dice<n>pá piel, pás ecemas...

I.1: Pá reuma.

I.2: Pa cualquier cousa que teña roce na pièl.

I.1: È pa cousa de reuma; os chorros, daban chorros, os que tiñan reuma dábanlle chorros con auga mui quènte, chorro de auga, è dábanlle chorros onde lle doía.

I.2: Si, o tèma non estaba mal.

I.1: Nòve días, era, èran o que duraban or baños.

I.2: Tiñan muito rolo tamên porque tiñan aí varios árboles; tiñan tilos, que son adormidèras è destes rollos, que era cousa que non é afrodisíaco è tal, pero que relaja; tamên estar na zona tamên os árboles dicen os vèllos que facían unha función, que se durmía mellor alí que eiquí abaixo.

I.1: Alí, aquilo, durmíase bèn, alí estaríase bèn, porque aquilo ghustaba, era recreativo aquilo.

I.2: Claro, però había xente que iba ó jòrnal por exemplo, o meu tiu Sotillo, o Santos era o, era o encargado dar güertas è por alí, o que plantaba i-o Jacinto que era o encargado da caldèra è...

I.1: è pasábano bèn alí.

I.2: È pasábano ben, comían ben, entonces xa se òlvidaban das penas.

I.1: Aunque non cobrasen mutos cuartos, pasábano bèn alí.

I.2: Tododiòs lle pedía o còrpo de ir pa alá.

I.1: Había cabritos è había...

I.2: Polo que dicen; è cuando lle iban a carretar a leña, eso, que lle daban unha comida mui boa è iban co carro a Caldesiños a buscar leña.

I.1: Íbase pa, pa... pa dá-lo baño, a xente do puèblo colaboraba con eles.

I.2: Tododiòs, iba buscar a leña.

I.1: Axudaban a face-las cortas; è despois no mes de agosto pois iban un día ou dous, ou o que lle fixèse falta traer vinte, trinta carros de leña, è todo gratis, así namais por e...

I.2: Pola cara, por amistá...

I.1: Pola amistá, pola cousa do baño.

I.2: Foi unha empresa que pasou pola guèrra, pola crisis que había.

I.1: Si necesitabas unhos baños aquí, eiquí non chos cobraban.

I.2: I-ò duèño èra mèdico, è ó millor non te deixaba morrer tamèn porque se eras amigo è ibas a cava-la horta.

I.1: Xa non acòrdo o mèdico ese.

I.2: O que iba cava-la hòrta prefería que vivira, que se èra un desgraciado dáballe igual que morrera, se èra un tío que colaboraba èí coa casa è atendíano mellor; è librou algún do paredón tamèn, don Alberto, cuando foi despois, de no 36. Eu polo que me contaba o Santos.

I.3: Si, buèno.

I.2: Eu se teño un tiu que me cava a hòrta è non me còbra, ese que viva toda a vida è se teis algún enemigo é mellor [...]. Èra así, a vida funcionaba así. Tiñan cantina, paraban os roxos ãl o tiu creo que èra político inteligente que... iba cor da dereita, cor da izquièrda, que deixaba a chave da pòrta pa que comeran cuando pasaban, os do saqueo. Eso dícese no puèblo, decíano no fiadeiro antes.

I.1: Eu non óín nada.

I.2: Èso óíno eu mil veces, NN, que lle deixaba a pòrta abèrta, el non bebía con eles nin comía, pero decíalle: "Mañá vamos por alí, xa sabedes onde téde-la chave". Collían un cacho de touciño è viño, è o que había, que alí dicían que había de todo. Chegou a haber hasta cantina è todo. Alí na, na casa de arriba ou non?

I.1: Alí tuvèra un ano o Manòlo un ano cantina o Manòlo, pero como se non houbèra cantina.

I.2: Algo hò, pero eu falo do que oigo que houbo.

I.1: Xa, foi ó final.

I.2: Ó final, cuando quedou Manòlo (...)

I.1: Alí o que había era hospedaje pá xente que digo eu, unhos paraban eiquí no puèblo è outros paraban alí. Alí había, a parte de arriba, aquela casa pois tèn habitaciois, todo era pa hospedar os que viñan ór baños; è na casa tamèn tiña...

I.2: O louxado salveino eu hò! A uralita que chovía, alí a oficina que tiña o médico, unha (...) de hèrba un cabalo, unha peseta; unha pènsión de tal tre<s> pesetas è total por seis ou sète pesetas comía o cabalo i-ò duèño... un día.

I.3: Si, pèro eso naquel tempo era (...).

I.2: Eu falo do que vin.

I.1: Buèno

E: È funcionou durante mutos anos?

I.2: Eu non-o sei, funcionou mui bèn èh!

I.1: Funcionou muitos anos.

I.2: I-as habitaciois, aquilo xa estaba bièn preparau con cal, co tècho, con tal è...

I.1: Eso cuando se fixo, cuando se fixo... que? Pois fíxose na vida de meu pai (...). Alí traballou o Diotino.

I.2: Buèno! Alí abaixo cuando fixèron todo aquilo, pois iban a traballare eiquí. Ó Diotino unha vez estaban barrenando, estoupoulle un tiro è saltou a barrena.

I.3: Estábano desatascando.

I.1: Desatascando. Cuantos anos haberá?

I.3: Cuando sentiron chisss, un tirouse pa un lado è outro tirouse pó outro.

I.2: È non pasou nada?

I.3: È non pasou nada. Sabes onde foi para-la barrena? Encontrárona despois os pastores de alí a muitos anos, ó souto do Avelino dor Baños.

I.2: Hòstia!

I.3: Foi polo aire.

I.1: Oíno contar eu

I.2: Èlì pa riba.

I.3: Èlì pa riba.

I.1: Xa che digo que eso que funcionou, funcionou as...pèro, buèno, eso xa funcionaba, eso funcionar que eu sei funcionou antes hò. Eso funcionou así desde que

fixèron-o baño è a casa pero xa...Baños xa os houbo èi desde que, eu que sei...

I.2: Desde os romanos, joder!

I.1: Claro! Acôrdome de decir que viñan èi a non sei que, que había xente que se dedicaba cun caldeiro...

I.2: Porque èran listos.

I.1: A quèntar leña xente do puèblo è quèntaba, preparábanlle o baño pós que viñan; è despois veu o médico ese è esplotou eso mais a... os baños como bañarse así cun caldeiro è quèntando augua alí, pois xa non sei hò, desde que viría eso.

I.2: Na zona de abaixo veise que había bañèras, había ducha, había pa meter unha pèrna, había pa meter medio corpo.

I.1: Inda case se vei agora.

I.2: Inda está agora, había pa que che caera así polo peso, tal è cual. Eso é unha marabilla.

I.1: Había pa tomar o augha así...

I.2: Por que duran cèn anos tododiòs, por que estou eu aquí? Polo auga esa, hòstia! Se non eu xa non estaba eiquí è inda que non te bañes sòlo co olor, xa, vènche o ambiènte. Ê coma o castiñeiro, xa te inmuniza. Vein, vein os virus os bos i-or malos.

I.1: Había xente que se dedicaba a dar baños èlì, cun caldeiro quèntaba a augua è dábanlle baños á xente que viña, xente de eiquí do pueblo. Meteríanse por alí nun... na...

I.2: En Roma antes de haber xabón había, había por exemplo na, non en Pompella, en Roma mesmo, Roma ciudá, había douscèntos prostíbulos, había cuarènta ou cincuenta ou quinièntas lavanderías á mau è pagábanche por ir a mexar. Tiñan unhos depósitos, puñan a roupa pa ir a orinar è pagábanlle ó millor unhos equis, a moneda deles, pagábanlle pa que mexaras àlì, pa non gastar xabón i-ablandaban a roupa con eso. Vós non vede>s>, non léde-los libros nin véde-la tele nin nada?

I.4: Non!

I.2: Pois hai que lelo, hòstia! Hai que estudar! Pois unha cousa parecida.

9.2. Caldesiños (Santa Cristina)

ETNOTEXTO A0698

Informante: H. XA. (82 a)

192 Parroquia: Caldesiños -Santa Cristina-

Lugar: Caldesiños

Corpus: TESE

Ano da gravación: 2015

As telleiras de Caldesiños

I: A ver se me vên a memòria. A telleira é unha, ficèron unha plaza de tèrra, sabes?, unha longitú así, de de tèrra mui chairiña è éí puñèron un banco con unha forma, a forma da tella iò, pèro hai que empezar polo outro lado. O barro sácano dun sitio que dá barro, na mesma, nas mesmas telleiras na, sale barro. Ese barro adóbano nunha, unha pila grande que tiñan na, ó bordo da donde estendía<n>, rodeado de ladrillo, morrillo, de ladrillo dese morrillo è lò alí botaban o barro naquela è lògo bāixaba a parexa das vacas è as parexas das vacas andaban arredor, todo arredor, èran as que amasaban o barro. Buèno, de que estaba amasao sacábano a un sitio, mesmo alí, botábano, è zampaneaba outra vez á mesma pila, volvían a eso pa deixalo que non fora con cousas è sen moer. Buèno è lògo había un banco (...) tiña unha forma è cunha regla, cunha xa apropiada para eso, tiñano así, pasaban (...) è sacaban-a tella, sacaban a tella a unha forma, a unha forma que tiña, tiñan que ser dúas persona<s>, ó velo; è lògo tendíano nesas, nese, nesa plaza que che digo eu con muito cuidao pa que non se fundiran as tellas, non se fundían; è lògo había un forno pra cocelas, que había que cocelas nun forno, un forno redondo, profundo, mui profundo cunha, unha pòrta de pèdra, non? È pola pòrta esa metían a leña, pèro íbana colocando arredor do barro, todo arredor daquel, dese forno hasta que o enchían de tella, no medio, buèno, iba todo cheo; è lògo dábanlle fuègo, uces, uces, sabes que?

E: Si, si!

I: Sábelo bèn porque ères de...

E: Si

I: Ó millor cuatro carros de uces è viñan de que llos traían para o baño, viñan con uces de Prado è de por aí è vendíanllas, è dábanlle (...) facían-a tella con eso. Buèno, cuando enfriaba que despois tiña<n> que quitarllas, eles sabían cuando estaba cocida, retirábano è tiñano alí quince días naquel forno pa que enfriara; è ó facer os quince días sacábana, iban cuatro ou cinco para sacala de èlì è tendíana, tendíana pra que se secara millor; è lò recollíana, facían moreas grandes de tella, bèn colocada è despois viñan è vendíana, viñan ó millor con carros porque non había còches daquela, è viñan con carros a leva-la tella pra tellar, cubri-las casas. Xa terminamos.

E: È traballaba muta xente d'eiquí da zona na telleira ou non?

I: Siiii! Na telleira si. Case èran todos da familia da miña mullèr, por eso lle chamaban os telleiros. Había máis si, pois si, traballaban eles è os irmaus è tamén tiñan un criado. Cuando un dos irmaus tiña que, marchaba a un lado ou así xa tiñan un criado pra que lle apañara a auga, pra que lle apañara o barro, è pa que lle axudara a enforar i-a tende-la tella è despois recollela.

E: È funcionou durante cuantos anos máis ou menos?

I: Ui! Muitos anos, muitos anos, eu non che pòdo deci-los anos porque xa estaba, cuando eu acòrdo xa estaba feita. Sabes?

E: Si

I: Cuando eu conocía eso xa estaba feita. Había outra, outra telleira máis, que era mui antigua, mui antigua, esa xa non, xa non traballaba, però cuando traballaba pois había unha mullèr que era mui mala eiquí no puèblo è tiñalle rabia ó dueño, è había unha morea, comprara as uces è tiña unha morea de uces grandísima pa poderlle meter ó forno pa coce-la tella i-èla de noite foi è plantoulle lume; plantoulle lume ás ás tellas è de aí vén, despois xa parou coa telleira, xa no a seguiu máis. Entonces ahora non había esta telleira sòla desto que che conto, había outras dúas tilleiras máis, ca mesma, ca mirma forma, sabes? Tamén facían canales pa facer, para metelos nun caño arredor con barro, è güecos para metelos, para metelos con cemento ou que fora para recolle-la auga do, deso. Buèno è da telleira è o que che sei dicir, nada máis.

E: È estaban situadas todas aí na na zona do embalse, todas xuntas máis ou menos?

I: A mesma línea, a mesma línea. Buèno, se metémo-la línea, viña sendo a mesma però hai muita distancia; esta que che digo que parou de traballar, as tres si que estaban, as tres, competencia que había, estaban-as tres en fila, però cun espacio de, que che vou decir, como de èquí èi á, á nave esa de èi, aí ó muíño, ou un pouco máis, ou un pouco máis. A que estaba aí, durmían èi è todo; viñan de fòra, viñan de, non sei de que parte viñan a traballar aí è facían a viviènda aí. Tiñan unha güèrta aí, regaban, cunhos canales que lle dèron, regaban alí pa poder ter unhos pimentos è unhas fabas porque viñan de afòra è eiquí non tiñan nada que, è ghanaban a vida así. Dábanlle ó dueño tamén o que fora, rendábana è tiñan que lle pagar ó dueño un tanto. Estes estuvèron muchísimo tempo, si, buèno è eso. As telleiras son as mesmas. Igual unhas cás outras, tein-a mesma forma è a mesma todo. Hai tres que traballaba<n>, eu a outra que lle queimaron as uces xa non me acòrdo, sei onde está o forno i-á aira esa donde tendían-a tella i-á pileta esa inda está, però eso xa è antiguo, si, è tiñan todo igual que nas outras telleiras, igual tiñan que ir a comprar uces, buèno, comprar uces, traíanllas en carros de Pradocabalos, da Bouza porque eiquí non había uces, que había eiquí?

Iban ó monte, ese monte que hai comunal, pois traían carros de uces para gana-los cuartos, tamén porque non había, non é como agora, daquela non había è entonces eso, é o da telleira.

- 194 Teisme algo que preguntar máis? (...) Tiña que ser grande, baixa, moi bai<xa> baixiña porque senón non entraban as vacas è lògo un redondèl grande, unha poza grande, è tiñan un manantial no fondo dos Barreiros, do que lle chaman-Os Barreiros, o manantial alí, alí tiñan a poza sièmpre chea; è no momento que amasaban tiñan que abrírlle a aquela poza è viña, encañaron pra alí, pra amasar (...) ó barro, que se tiña que ser con agua, amasalo con agua, ièso, nada máis, o da telleira èra eso.

9.3. Cepedelo (Santa María)

Etnotexto A040

Informantes: I.1 H. XA. (70 a), I.2 M. XA. (72 a), I.3 M. XA. (65 a)

Parroquia: Cepedelo -Santa María-

Lugar: Cepedelo

Corpus oral: TIT

Ano da gravación: 2006

195

A morte da mestra na nevada e os medos

I.1: Pois non sabes, tiña eu entonces quinz'anos, è veu, a maèstra levábase mui bèn con meu pai e díxolle que a ver se podía ir con ela a Viana, porque tiña que tragar comida, daquela, daquela (...) non había tiènda ningúa no puèblo nin carretèras nin nada è bàixamos i-había unha nevada aproximadamente de un vinte ou así, á mañá pasamos por riba.

I.2: Èra o día de Reis!

I.1: Fai mañá os anos, mañá, o vintècino, èra o vintècino pola noute; è subimos, cuando subimos por Rubiales, pois xa estaba escurecendo. È viñèmos alí por onda o carteiro en fin, dixo: "Quedaivos è tal non subais", pero ela dixo: "Nò, nò, temos que subir porque teño o hòme, teño os fillos è tal". Buèno, tiramos pa riba, cuando chegamos aí a onde está o prado ese, èi pois xa empezou a escurecer de todo è a nevar è a nevar, xa nos perdimos do camiño i-èla, pois tiramos e empezóuselle a cortar ¿non sabes? as pèrnas na corteza da nève que había dura è chegou o momento que dixo que xa non andaba máis, pèro xa íbamos fòra do camiño xa. O que anduvesemos, xa andabamos con ruta, marchabamos alí a Penouta, xa non había forma de..., entonces elí durmimos; i-èla contra a mañá, elas puñèronse no chau e eu levaba unha pelliza que comprara nòva e púxenlla por detrás e separábame un pouquiño delas por diante, i-èlas as dúas sentáronse nunhas bolsas que traguían i-à mañá decíanme: "Mira, arrímate pa eiquí que temos que morrer todos xuntos"; i-eu falarme de morrer pois xa viches, que aquilo èra como quèn tocaba cun dedo no ceo. Salín pèro salín sin ruta, pèro resulta que nos foran a buscar e levaran unhos fachoís de palla i-à palla quedara clavada pola nève, entonces cheguei e encontreime cuela è por èi vin ó puèblo, cuando cheghuei ó puèblo pois xa estaba vindo o día. Entonces xa saliron or veciños è foi e trouguèrona pèro xa, cuando chegou eiquí ó puèblo xa viña mòrta, xa viña mòrta.

I.2: A filla...

I.1: A filla pois xa cunha pata entumecida è a pou<co> máis tamèn-as encana, pèro se non veñen ó puèblo, a filla xa as encanaba; i-èso foi a història que tuvèmos (...). È pois claro, ardían unhas pallaregas eiquí i-o puèblo pois empezou a arder unha pallarega pa alá, outra pa eiquí, ardían en varios sitios, è foron è dixèron que había que trague-la

Virgen que... que mirase pra onde había o lume, è viña a xente ca Virgen, as mullères e cueso decía un, o pai do Eduardo, que lle chamaban Leandro, decía: "Òis, carallo! Pona que mire cara o outeiro!" O outeiro èra a casa del, non sabes?, (...) e cueso, aquilo non se nos òlvida è soltámonos (...), decía el: "Òe, poñédea de cara para o outeiro". Chamábamoslle, chamábamoslle todos a madre porque tiña muchíseamos nêtos e cueso nôs èramos todos, había trinta è pico rapaces, chamábamoslle a madre, a madre do Carballal, a madre do Carballal, todos èra a madre, chamábanlle os outros e cueso tiña un pereiro e había pouca fruta e ibamos alí... È unha vez èra nar mallas, è estaba eu sòlo no alto è salta è dícame: "Òes e vós que estás facendo eí caballero? Eu vouche a dicir, eu èra traste, de novo èra traste, e tamên así levei, levei paus porque...

Unha ve tiña... èra meu irmau NN, o que está en Verín, tiñamos un novèlo que tiña a cabeza abèrta, trouxèramolos de Paradela unhas chaquetas de pana; è díxenlle eu: "Ò òes, ponlle a túa chaqueta, metémoslla polas mangas e lògo toreámolo"; è entonces, xa che digo, o novèlo arrancou i-había unhos rascallos grandes e cuando saliu, non saliu (...) nos còrnos da chaqueta (...). Vin è cortáronme un traxe, non sei se me cortaron a chaqueta. Do que máis che falaban era de bruxerías, de lobo, decían que había espíritus, que viñan os espíritus, que andaban os espíritus polo puèblo adiante e nós cuando èramos pequenos, creíalo, porque non querías salir, decían que non se podía ir pola igreia, que salían os mortos, que salían esto. È unha vez pois había un, è viñan pedindo, viñanche facendo un ofrecimento, traían un burro i-un cadeliño pequeno e dormían no sagrado, había un que non sei a cuantas iglesias tiñan que ir. Aquí un que lle chamaban Antolín, que èra deses do zapateiro que tu conoceríalo è iba a regar ás seis da mañá; è cueso o cadeliño estaba tocando o cascabèl i-el, mirando á igreia (...) quedouse mirando hasta que empezou a dicir: "Èh, quèn está eí, quen está eí?" È o hòme dixo: "No, non se asuste, non se asuste que somor nós", però el escapaba.

I.3: E onda o cementèrio!

I.1: Outra vez tamên eiquí había un sitio do cementèrio baixo i- había xente daquela, sabes que tiña burros, había muta hèrba no cementèrio; è cueso, de noute iban a seghala, a pòrta estaba pechada, iban segala, entraban polo, por alí è segábanlle os burros i-às burras, poñíanlle, tirábanlle aquilo. È un estaba segando (...) e atrás caíeu. O que lle tocou ca mau ó outro non se asustou, è però o que iba a entrar caeu de patas arriba, oíallo contar èles, un chamábanlle Manuèl i-outro chamábanlle Amaro. Cuando llo oía contar aquilo, èra que te tumbabas non sei se foi certo se non, porque eu non-o vin. Ahora que metíannos muto medo, cos mortos metíannos muto medo, buf, eu vouche a dicir. Tiña dazasète anos e inda non pasaba eu sòlo pola pòrta da igreia eu sòlo de noute. Mandábanme a tapar a auga è iba por riba e volvía por baixo pola lama, però pola pòrta da igreia non pasaba e xa tiña dazasète anos.

9.4. Covelo (San Lourenzo)

Etnotexto A0529

Informantes: I.1 M. XA. (75 a), I.2 H. XM. (47 a)

Parroquia: Covelo -San Lourenzo-

Lugar: Covelo

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

197

A vida en Santa Marta, San Romau e Bolado antes do encoro

E: Fáleme da, da tradición esa da culèbra de Santa Marta.

I.1: Ah, pois había un puèblo que se chamaba Santa Marta è chamábanlle o puèblo da culèbra; è chamábanlle o puèblo da culèbra porque cuando xa, digo, porque... cuando mordía unha culèbra a cualquèr persona pois tiña que pasar alí nòve días è estar alí os nòve días sin salir do contorno aquel que tiña, que tiñan; è si salía pa fôra xa tiña que volver outra vez porque...a pasar outros nòve días máis porque non lle valía o, eso. Tiña que esta-los nòve días xusto no sitio ese; è entonces despois houbo unha señora que estubo è foi pra alí, a coida-lo eso, que a mordera a culèbra è saliulle un novio na casa donde foi a parar.e; i-ò final casouse con ela. I-è despois claro quedaron alí, quedou, curouse è quedou alí unha temporada con ela hasta que lle morreu a sògra. Así que lle morreu a sògra marcharon, buèno, colleu o puèblo a auga, xa marcharon por eso; è colleu o puèblo a auga è entonces tuvèron que marchar è estuvèron en Punxeiro; i-ahora pois, claro, as fillas inda están aí; pero ela xa, ela xa morreu a pòbre i-èl tamèn o hòme, xa morreron os dous è xa se acabou a cuestión deses, dese, dese marido è mullèr.

E: È como èra o puèblo de... San Romau?

I.1: O puèblo de San Romau èra un puèblo pequeno, pero mui bèn avenido; puèblo de, dividido en dous sitios, buèno dividido, hai, había unha calle así alta, ò sea, unha subida, abaixo cuatro ou cinco casas i-arriba as outras, è vía, viviamos todos mui ben. Ibamos todos ó traballo unhos cos outros è estabamos todos mui unidos, como si foramos familia; i-alí pasámo-la vida, mentres non nos botaron de alí tamèn, o salto ese do Vao, que nos botou de alí, se non inda (...) veces, i-ahora pois claro, cada un marchou pa seu sitio, compraron, cada un comprou onde lle pareceu è pra alí marchamos; i-eu estou eiquí no alto de Covelo.

E: È como foi, como foi pa salir de alí, avisáronos de que tiñan poucos días è que tiñan que salir co ganado è todo?

I.1: Si, avisáronos; si, avisáronos>; si, avisáronnos pó día que tiñamos que salir de alí; è salimos case todos, pasante aí unhos veciños que non, non quixèron è estuvèron èl

hasta que lle chegou a augua á casa è despois afogába<n>se as vacas i-òs cochos; i-èles non querían salir.e i-hasta que foron a, bñixou máis xente è tuvèron que sacalos á fuèrza, á fuèrza sacaron que senón, que va, eles non querían, que va! Elí quedaban, èlì se afogaban todos; i-así foi a vida, agora marcharon. Despois compraron na Co-ruña è marcharon pra alí; i-alí xa morreron tamèn os pòbres, quédanlle dúas fillas, os outros xa morreron tamèn os vèllos i-así estuvèmos, foi a vida.

E: I-o puèblo de Santa Marta como èra?

I.1: O puèblo de Santa Marta era un puèblo pequeno tamèn, èra un puèblo pequeno; pero, èran antes os puèblos èran... mutos, grandes non había tampoco; un puèblo pequeno è tiña eso, iba muta xente por culpa deso da, da culèbra. Eso xa cho dixen, ou quères que cho diga?

E: Si, si, nò, está bèn.

I.1: È xa digo, despois colleu o embalse è agora está<n> todos, non se vei puèblo ningún, o de San Romau inda se vei, inda se vei cuando baixa o, inda foron o ano pasau a ver as casas, veinse as casas si, cuando baixa o embalse. O de Santa Marta non sei, como alí non vai naide a mirar, non sei pa que lado se o viron se non, nin os do Bolado; pèro o de San Romau foron a velo, teño fotos èí deles, víanse conforme conforme estaban, a pòrta da iglesia, as paredes, a casa miña, víanse parte das casas, si, víanse, estaba mui bèn.

E: È como facían pa pasar dun puèblo a outro no invèrno?

I.1: Pois na barca, nunha barca que tiñamos è cuando non había moita, moita auga pasábamos nas pasadas, pero ó haber muta auga, pois xa había que pasar na barca; è ibamos dun lado pa outro è en Bolado pois igual. En Bolado tamèn tiñan outra barca, xa non èra a mesma tampouco, tiñan outra barca, tamèn pasaban igual, dun lado pa outro, pa pasar pa Grixoa, pa pa aqueles puèblos de èlì había que pasar na barca. Pasabámo-las ovellas è cuando mutas veces inda metiamos as burras, algúa vaca è nós pois cuando viña xente claro, había unha persona è pasabas, cobraban, non sei cuanto cobraban, algo cobrábanlle porque claro, tiñan que estar èlì non facer outra cousa; è pasábanos dun lado pa outro i-así estaban, así se arreglaba un, porque non había outra cousa, outra cousa que facer.e.

E: I-a barca que a levaba, un remeiro? Un hòme?

I.1: A barca levábaa si un, remábase dous, cun remo en cada mau, si; èra mui bonita, estaba mui bèn.

E: È usté levou algunha vez a barca?

I.1: Si, leveina algunha vez que me quixen marchar á preseira, i-autra vez, unhas veces en San Romau e-outras veces en Bolado, iba á fèsta a Bolado è claro èra o víspora da

fèsta, o víspera á mañá è cheguei alí, è a barca deste lado. È sáltame un señor alí è dixo: “Èh!, teis que traer tu a barca, que non hai quèn te vaia a buscar.e!”, è digo: “Como que non, que eu a barca non-a pòdo levar, que eu nunca jamais a collín!”. “Dígoche eu como teis que facer.e”; è claro foime decindo, foime decindo el, pèro claro, eu cuando me din de conta case iba na preseira, a pouco máis marchó da preseira abaixo è despois ó fin salín è daquela pois salín bèn, xa non me volvín a meter máis na barca.

I.2: Como era a preseira señora NN?

I.1: A preseira pois êche, tíñanche como unha parede, pois mira; por exemplo, mira, èra unha cousa, unha cousa parecida así, unha parede è salía a auga de alí, de eiquí pa riba, marchábase abaixo, èra cuando marchaba a barca; entoncos ó caer.e dábatche vòlta a barca è quedaba a barca co d’abaixo pa riba i-afogábaste tu porque èra raro que saliras, ó millor non, se sabías nadar non bèn si; pèro eu como non... xa sabía nadar tamèn cuando fun èlì, xa sabía nadar, pero claro, despois xa non volvín a nadar máis, mais xa aprendera, eu xa aprendera. Que máis quères? Deixa, deixa, non te levantes. Xa n’a collín eu por eso deixaba.

E: È en que ano foi o do embalse, máis ou menos, acòrdase?

I.1: Oih! O embalse si, o embalse eu que sei, tiña eu vinte anos.

I.2: No sesènta.

E: Pòde ser no sesènta

I.2: Pòde ser no mil nòvecèntos sesènta

I.1: Pois sería

I.2: A presa, a presa a do Vao se fixo no cincuenta è oito.

I.1: Pois sería no sesènta, sería.

I.2: Empezou na década dos cincuenta.

I.1: Si, sería eso, sería nesa fecha.

I.2: È se anegou completamente nos sesènta.

I.1: Pa que viñèmos pa eiquí claro, compramos èi esa casa, esa que hai èi pra abaixo è viñèmos pa eiquí a vivir è desde entoncos eiquí estamos, pois ficèmos esta casa eiquí i-aiquí estamos.

I.2: Tamèn se aproveitaba no río pra lava-la roupa de casa.

I.1: Ah, si, claro, ibamos a lava-la roupa, a da casa è cuando èra da fèsta que había que lava-la roupa toda que se lava, inda hoxe, inda hoxe se lava, pois unhos días antes lavas todo que teis en casa è ibamos claro è ó millor pasabamos o día èlì abaixo lavando, levabamos un bocadillo i-alí estabamos, tirabámonos á auga a nada<r>, a

bañarnos, estabamos lavando è decíamos bah!, vamos a bañarnos, ibamos tódolos días, todas as tardes, ibamos ó riu, tódalas tardes de Diòs. Viñamos da hèrba ou de onde viñamos de traballar.e, todas ibamos as rapazas, as mozas, xuntabámonos, è ibamos todas xuntas; è despois os mozos tamên iban, os mozos escondíanse pa meternos medo, pa escaparnos ca roupa, tamên as ficemos, pois tódolos días fomos, tódolos días. Eu xa sabía nadar, xa collía a irmá deste collíaa eu pola esa è xa a levaba, pero agora se me poño xa non, que va. Agora non volvín a nadar máis desde entonces è dáme mèdo; os embalses así agora dáme mèdo, si. Alí o riu non porque era así un cacho de, así chairo destes, que estaba a preseira que che digo eu unha preseira así, è non, è alí non caías.

9.5. Fornelos de Filloás (Santa María)

ETNOTEXTO A0247

Informante: H. XM. (52 a)

Parroquia: Fornelos de Filloás -Santa María-

Lugar: Fornelos de Filloás

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2011

201

A patumada e as foliadas do Entrudio

I: Buèno, vouche contar a idea que teño eu. Èra pequeno è acôrdome, salía o fulión, salía o fulión, toda xente sobre todo as mullères estas è tal, que non iban no fulión que salían a ver o fulión. Empezaba por exemplo eiquí o fulión cuando ibas alí abaixo, de repente aparecía a patumada.

A patumada que é? Pois èra un bicho cousa así cunha barriga mui grande, por atrás igual; claro, según chegaba a patumada non quedaba naide, porque á persona que collía, collíaa contra unha parede, non è como agora, que vas a Viana è está así a xente è non pòdes facer tonterías; pero eiquí collía unha mullèr èi contra a parede, machacábba cor sacos a tòpe. Digo eu que será esa a història, a patumada, de apartar a xente, collerlle medo a esa història.

E: È como é o traxe da patumada?

I: O traxe da patumada, agora vai<a>, fíxose unha careta máis bonita, así a estilo bicho, antes èra, èra a careta dunha pièl dun cabrito, tamèn así ca pièl moi fea; despois lèva dous sacos, un por didiante è outro por atrás cheus de hèrba è despois un manto así por arriba pa non ver o saco.

Unha òbra de teatro, non sabes? Salíase èi unha aira, iban dour boteiros, que èran os ricos, dúas tías mui preparadas, as millores tías que iban èlì; è entonces empezaban o dispute è hasta que as ligaban è tal, despois salía de todo, como unha òbra de teatro; i-èra o que máis se vía eiquí.

E: È aínda se sigue facendo eso da foliada, nò? Eso nò?

I: Nò, eso agora aquí nò. Eu inda fun a dúas foliada<s>. Fun a unha que èra muto máis pequeno qu'èste è iba namorando a unha a unha moza, que eu èra así i-à tipa xa me dirás así non; è claro, eso causaba sensación, inda sei algún verso, eso, quères?.

E: Hum! Hum! Pois si, si, si.

I: Empezaba así, mire, pequeniño, i-èla paseando cun bolso pintada, paseando è el chegaba alí è como èra?:

*Eu doulle os buènor días,
anque teño pouco peito,
pèro para conquista-las mociñas
xa lle vou dando bon xeito*

E despois èra, volvíaa outro:

*Eu salúdoios con prêsa
porque teño que marchar,
vin pasar por èi unha moza
e quería acompañar è ir detrás dela.*

È xa contestaba ela, nò, que tamên buèno (...) mui bonito aquilo, èra mui bonito, pois hoxe xa se acabou, que hai muchísimos anos. Non había, cuantos anos había que non había fuliòn en Fornelos? Muchísimos anos; è un día, eu, o pai deste, os tres en Viana no Carnaval (...), tratamos de, de facer o fuliòn; è vamos a ver. Vein os puèblos todos, porque non-o vamos a facer nós? Poñemos todos, è xuntamos ao puèblo, pedimos que houbèra os traxes: os traxes xa non había maneira de facelos, porque a ver como os facías? Por fòtos vèllas i-unhes traxes que había aí, xa perdidos, que xa non servían pa nada. Fixen os traxes de boteiros, colaborou todo, todo o puèblo, toda a xente è nada, tocar è facer maneira de tocar..

I2: È pásalo bèn.

I: È todos de Fornelos, que non queremos estranxeiros.

9.6. GRIXOA (SAN PEDRO)

ETNOTEXTO A0659

Informante: H. XB. (31 a)

Parroquia: Grixoa -San Pedro-

Lugar: Grixoa

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

203

O fulión de Grixoa

I: Buèno, pois nada eiquí en Grixoa empezamos o que è o fulión ó pasa-los Relles è buèno, temos unha forma peculiar de empezar, que pa que veña a xente a tocar ou pa que sèpan que empezamos tocamos a còrna. Unha còrna è o que tiña, o que utiliza o pastor para chamar ó rebaño. Entonces poñémonos nun alto, que nos òigan è xa a xente xa sabe que empèza o fulión, è xuntámonos todos, è nada, recorremos as, as calles do puèblo, visitamos cuando se pòde a tódolos veciños è se hai algunha casa de loito, que non se pòde tocar, pois non tocamos è visitamos a tódolos veciños è que... pa que nos inviten a, ó viño è, è o típico des<tas>, destas cousas.

Despois nada, xuntámonos, cando vemos que hai xente è se vemos que hai pouca xente, pois xa nos xuntamos porque, buèno, a xente mallor, pois non lle apetèce tanto como á xente nòva salir. Despois nada, cando chega o juèves este de compadres pois, è facemos o, o lardeiro, como antes facían ar mozas è todo eso; agora xa non, xa non hai xente que o faga, pois xuntámonos os que estamos aquí, un lèva unha roupa, outro lèva outra, facémolo è colgámolo.

Cando podemos subimos alí, temos alí, imos á parada do autobús alí nunha faròla, subimos arriba è colgámolo alí è nada. Aquel día tocámorlle un pouco o fulión, xuntámonos, imos alí è tocámorlle un pouco o fulión è nada, despois seguimos outra vez, toda a semana con máis fulión, cando se pòde, sobre todo os fines de semana que si, que hai xente intentamos tocar pa que, pa que se anime a xente è xuntarnos. O juèves siguiènte facemos o juèves de comadres, tamèn, facemos a lardeira.

E: Tamèn a faceis vós a lardeira?

I: Si, xuntámonos, porque aquí non hai quèn a faga. Si alguèn tèn algunha idea de facerlle algunha cousa rara, pois facémoslla e..., pèro nada, ó final temos que nos xuntar sièmpre os mesmos porque non hai, non hai xènte. A xènte mallor, pois si, si vas a buscalos acompañante è eso, pero tampouco naide sube á faròla. Teño que subir eu porque non hai quèn suba è nada colgámola alí è tamèn lle tocamos un rato o fulión è nada, despois xa vèn o vièrnes, normalmente xa preparamos pa, pa ir o Domingo Gordo a Viana è xa, buèno, nós empezamos a organizar è... o sábadò tamèn facemos un, xa cando vèn máir xènte realmente porque muita xente que non pòde vir hasta

esas fèchas, hai xènte que vên de Madrid, xènte que vên de Barcelona, sòlo pa tocar o fuliòn porque lle gusta.

204 Entonces o sábado si que quedamos xa pola tarde, sin esperar a noite. Ese día si que intentamos recorrer o puèblo enteiro è visitar a todo o mundo con calma è ó acabar, pois, xuntámonos è facemos unha cena na casa da escola pa organizarnos pó día siguiènte è xuntarnos cos veciños è pasar a noite, è nada, despois o domingo pois nada, xuntámonos pa, pa ir tocar a Viana è comer alí con, co resto de veciños do alluntamiento è pouco máis así que che pòda contar.

O lunes xa, como a xènte pois xa marcha, que tèn que traballar, a xènte queda fôra, a xènte do puèblo queda, queda cansada è tal pois xa non, non sei fai, non se fai nada. Despois si, o martes como è o último día, o día que se queima<n> os lardeiros en Viana, nós eiquí non os queimamos porque, porque os temos que guardar para o ano siguiènte. Inda que lle cambiemos a roupa, pois è o mesmo, temos feito de palla è esas cousas, pois temos que gardalos. Así que nos xuntamos pa, pa quitálos è si temos ganas tocamos un pouco è despois si que vamos a Viana a axudar a queimar os de alí, por si lle fai falta prender lume, pois imos nós è pouco máis. O miêrcoles de ceniza poir xa, xa non hai nada. Xa queda todo hasta o ano siguiènte.

E: Vale, è como, como vades vestidos è máis ou menos sobre cuanta xente sodes?

I: Pois vestidos vamos normalmente ó cómodo, pantalón libre è arriba levamos un forro polar pa ir todos igual identifícaus por facer algo, había que facer algo máis que fora máis antigo ou algo máis, però buèno, non damos máis, è cuantos somos?, pois nada, pois, pola semana podemos ser dèz, quince como moito así antes... despois cando chega pois o sábado, o sábado de Carnaval antes do domingo, pois si que xa nos podemos xuntar cincuenta, sesènta è en Viana por eí o mesmo, cincuenta, sesènta, vèñen achegados, amigos è todo o que queira vir deixámolo tocar sin problema ningún.

E: È ides a máis pueblos por eiquí ou non?

I: Nò, algunha vez temos ido porque tèñen vido, por exemplo, un ano viñèron os de Chaguazoso, que buèno, a través dun conocido díxonos: òlle, podemos ir tocar alí? Buèno, por vide. È nada. Viñèron co estilo deles, que eles piden permiso pa entrar no puèblo, hai que darllo, non empèzan a tocar hasta que tu os autorizas a tocar.

E: È como è ese permiso? Como...?

I: Pois tèñen coma, coma un verso, falan en verso è: "Eiquí estamos os de Chaguazoso è se nos dan permiso pa tocar o fuliòn". Nada cuatro, cuatro cousas è, normalmente vai o, alguèn representante do puèblo si está o pedáneo ou alguèn a decirlle: "Pois si, dámosvos o permiso", è nos puèblos deles que fain o mesmo pois tamén lle contestan cunhos cunhos versos. Eiquí como non hai tradición que eu recorde deso, pois nada decimoslle: "Pasai!".

E: Pasai pa dentro!

I: Si, inda. Si, eu sei que teño òído de, nos puèblos, de, por exemplo, de Castiñeira è por éi si que contéstanlle co, co mesmo que xa tēñen preparado è senón improvisan porque están acostumbrados è nada, despois cuando veñen, nós temos que volverlle a vòlta. De feito creo que volvemos alí è estuvèramos estudiando pa, pois pa pedirlle permiso porque alí è a tradición è xa non me acòrdo mui bèn si llo pediramos ou nò porque non sabiamos como facelo.

E: Claro.

I: È entonces pois nada, non visitamos máis porque, porque non hai xènte. Entonces è, pa ir poucogh non vamos, si que nos xuntamos con ca asociación que temos en Viana de fuliois rurais, que como non hai xènte, pois un pouco de cada puèblo si que podemos visitalos todos è eso si. Tamèn (...) eses quinze días antes que dura, do Domingo Gordo, si que vamos, cada día si podemos ou os fines de semana, sobre todo a visitar algún puèblo. Vamos a puèblos que, que están na asociación è temos ido a algún puèblo que non está na asociación è faille moita, moita ilusión, incluso a puèblos que non tēñen fulión nin nada.

E: Ah, claro!

I: Fomos unha vez a Pradocabalos è a xènte casi lle saltaban as lágrimas de ver, de ver alí, de ver alí aquilo. Había pouca xènte, pero buèno, a xente que estaba encantada de que foramos è de ver aquilo por a, polas calles.

E: È que, que instrumentos levais è como è o son, o voso son?

I: Levamos unha còrna, que è un pouco o que lèva a voz cantante de todo, è o que manda empezar, o que manda parar è o que marca un pouco o ritmo do que hai que tocar. Despois levamos os sachos è despois levamos os, or bombos. Antiguamente non sei si había algunha caixa, algún tambor, algunha història destas, pero que eu recòrde nunca, nunca vin è o ritmo é.

E: È diferente de todo?

I: Si, diferente de todo. Se, se conòces un pouco, todos tēñen o mesmo componènte. Despois cada un vaille cambiando algo máis os de, por exemplo, este de Grixoa se o tocas, se o repites dúas veces rápido convírtese no de Fornèlos, è entonces non sei si o que, se o inventou todo o mesmo ou a tradición foi evolucionando è que cada un por descubrir algo novo pois nada, cambiámorlle un pouquiño è xa è diferente, è eso.

E: È carrozas levastes algunha vez, por exemplo cuando vades a Viana algunha carroza ou algo?

I: Nò, que eu recòrde nunca se levou porque claro, non hai quèn as faga. O ano pasau si que fixèmos, eu personalmente è meu irmau è cos de Quintèla que levaron o tan-

que è o trator, pois, èra, fixêmoló entre todos, entre os que estabamos, pois, ás noites è fixêmoló porque non había tampouco muita xente que axudara. Entre nós fómolo facendo, pero nunca máis, nuca máis o fixêmos.

9.7. Penouta (San Bartolomeu)

ETNOTEXTO B0553

Informante: H. XB. (30 a)

Parroquia: Penouta -San Bartolomeu-

Lugar: Penouta

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

207

A mina de estaño e de tantalio de Penouta

I: Pois nos traballos realizados agora na mina nesta última etapa que viñeron unhes canadienses pa saber o tipo de material que había, pois intentaron facer unha campaña de sondeos; e na campaña de sondeos o que faciamos perforar na terra de hasta trescentos metros, cuatrocientos e eso sacábanse por barrenas e testigos de pedra e eso despois levábase a unha nave e na nave os traballos realizaus eran os xeólogos pois analizábanos e etiquetábanos de tal metro a tal metro coa súa etiqueta cos clases de minerais que había, que eles vían e despois nór o que faciamos nunha serra serrabámolo testigo ó medio, i-è i-ese testigo despois, pois, cada metro ou cada, o que nos marcaba eles na etiqueta metíano nunhar bolsas i-èsas bolsas etiquetábanse todas è plastificábanse è todo è mandábanse ós laboratorios.

A laboratorios a Sevilla è a Madrid è algúis foron pa Canadá è despois según nos laboratorios moían todo è o, co proceso que facían eles alí no laboratorio ó moer todo, xa sabían en tántor metros o porcentaje de mineral que había i-or minerais realizados eiquí era o tantalio, è o estaño è salían outros por èi, pero mui poucos, salía algo de ferro, con algo de alteracións de ferro bah, que non hai ferro cèn por cèn è pouco máis; salía pirita, pero eso dicen que non vale pa nada è, è o traballo era ese, axudarlle ós xeólogos tamén, un pouco cas densidades, a densidade era pesar o testigo según viña da terra despois metíámolo no forno a secar è despois tiñámolo en auga un, dous días, depènde da clase de granito que fora e pa saber un pouco a densidá, pa saber o volumen o día de mañá pa, pa sabe-lo volumen de terra de cuando sea explotada a mina.

E: È como é a situación da mina agora mesmo?

I: Pois a situación da mina agora mesmo, a campaña de sondeos xa se acabou en diciembre do ano pasao e agora están èi car bases de, de permisos, de Medio Ambiente e permisos de augas, de luz è de, permisos deses, están sòlo unhes èi nas oficinas, traballadores de por eiquí agora non hai naide; sòlo che están os xeólogos i-òs ingenieros èi na, nas oficinas cos permisos eses è licencias solicita<ndo>, solicitando licencias è i-è o que están facendo ultimamente.

E: O das licencias que é èsatamente?

208 I: Pois, as licèncias pois son permisos de... que lle tein que conceder ao Ministerio de Auguas por exemplo, pa se algùn día montan lavadèro pa saber o caudal de agua que van ter e os permisos de Medio Ambiente porque se algùn día é esplotao eso o que van facer è, o Medio Ambiente tèn que solicitarlle permiso porque eso vai desaparecer toda a fauna, van quitar todos os árboles e toda a maleza que hai aí. Entonces eso despois será como tipo, ó ser área blanca queda como un desièrto. Entonces eses permisos tein que concederllos i-eso.

E: I-eso non èra previo realmente ó de Medio Ambiente?

I: Si, é que xa lèvan mutos anos con ese sistema, pero pídenlle varios informes è buèno, están traballando neses informes.

E: E ocuparía unha zona mui grande aquí en Penouta, así en terreno?

I: Sobre vinte è dúas hectáreas ou algo así falaban; inda è bastante, hai dúar balsas de augua, unha tèn oito metros de fondo i-a outra tèn trece è esas balsas seguramente que èran pa aproveitar pa, pa meterlle agua ó lavadèro, pa lava-lo minera<I>.

9.8. Pinza (Santa María)

ETNOTEXTO A0260

Informante: I.1 M. XA. (87 a), I.2 M. XM. (36a)

Parroquia: Pinza -Santa María-

Lugar: Pinza

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2012

209

Os roxos e a bruxería en Pinza

I.1: Eu salía de eiquí a darlle de comer a un cerdo è chego á pòrta è digo, vólvome pa atrás è digo: "Mamá, aí están os roxos, aí están os roxos". "NN, tu estás louca, tu estás louca!". "Mamá, que están os roxos eí, que están os roxos". Èra verdá que estaban os roxos. èra verdá!

I.2: È que fixèron?

I.1: È eu salín elí, dice: "Pois que vaia o NN contigo"; è buèno, salín è cuando salimos á pòrta alí ó fondo da escaleira viña o NN, subiu pa riba buscando o papá è dice: "Ah, eu (...) tirein-o caldo non sei como". Cuando subín arriba, dice pois é verdá que estaban os roxos; pèro a verdá, cuanta, cuantas veces lèvo pensado eso. Eu salía eiquí è naide me decía nada, naide sabía nada, nada, nada; è digo, volvo, chego aquí: "Están eí os roxos". Cuando èra naqueles tèmpos que vós non acordareis, non acordais, que andaban, que èra no tempo da guèrra è eí andaban os escapados polo monte, que lle chamaban os das izquièrdas, chamábanlle os roxos; è eu chego eiquí, pero aquilo quèn me dixo a min esto, pois eu chego eiquí è vólvome pa atrás: "Mamá están eí os roxos, mamá están eí os roxos".-"NN tu estar louca".-"Mamá, que están os roxos". Eu estaba toda nerviosa! è dice: "Pois que vaia o NN contigo". Băixou no fondo da escaleira, vexo outro que vên todo escapado, escapara do papá pa esconderse. "Subín pa riba, pois tiñas razón que están os roxos na Veleda"; è buèno è eso xa é cousa que xa non valerá pa esto.

E: Si, si, si

I: Vale? Pois esa història pòdo dicir tal cual (...) salía a darlle de comer a un cerdo è salín á porta è volvinme pa tras: "Mamá, están os roxos, están eí os roxos"; è naide me dixèra nada. Estaban, están eí os roxos, volvinme pa tras, a súa mai mandou a un irmau, dice: "Tu estar louca, tu estar louca"; è mandou a un irmau con ela, pòdese decir así è (...). Èfètivamente cuando volveu èfètivamente èra verdá, estaban eí os roxos, è verdá que estaban os roxos.

E: È que pasou?

I.1: È buèno, pois despois aquí non viñan a este barrio, pero na Velèda pois roubaron en tres casas è non sei si lle roubaron algo ó NN ou ó tiu NN, a mai do NN è do NN estaba, dada a luz dúnhor días è fixèrona sàlir polo puèblo buscando diñeiro, foi como por que se enteraron os da Velèda que estaban os roxos èi. Andaban buscando diñeiro è buèno despois eiquí non viñèron; incluso NN, que en paz descanse, unha prima carnal miña, pois estes decían que èra un que estaba nesoutro puèblo de arriba, que èra tamèn espía, dicen, entonces dáballe, dáballe noticia ós escapados quèn tiña diñeiro è quèn non podía ter.

Entonces o padriño, que èra o pai da NN, pois èra amigo de tal guèrra è pois como èran amigos non lle diu, non lle diu nota del, xa o sabía, un hòme, un señor daqueles ro<xos> que iban a roubar, pois entrou á pòrta da casa da, da NN, ela estaba, levantou a cabeza ó ve-lo hòme aquel, meteuse así i-o hòme marchou è non lle dixo, non lle fixo nada; è dice don NN, que foi a casa de don NN è don NN è a tiu NN, as tres casas.

Don Santos èra maèstro, el èra de Òrense, estaba de maèstro eiquí, marcháronlle ca, ca alianza è marcháronlle cunha capa, que tiña daquelas capas de antes, marcháronlle con ela è mira, dice a NN, unha prima carnal miña que xa morreu que a sortija, que a conoeu, que a conoeu el a un hòme en Verín i-a rapaza mirou, puxo a fijarse, a fijarse ca sor<tija>, ca sortija i-ò home ó ver que a rapaza se fijaba escapou. Entonces, entonces andabamos todos asustados, claro, porque non podiamos andar de noite despois das cinco è buèno. Eso mutas veces se me acòrdo, pero quèn me dixo a min esto. Eu non tiña ningún, ningún, nada, nada porque pensalo è desconfiar è vólcome pa atrás, están eí os roxos. (...)

Buèno, tamèn pòdo decir mira das bruxas, pòdo decir? Que eso foi verdá. O meu marido inda non, estaba solteiro è, viñan, èra na vendimia; è antes andábase cos carros è buèno, pois tropezáronse nun camiño è tropezáronse con unha filla dunha que deciamos que èra bruxa, èra a NN. Deciamos que èra bruxa. Entonces algo lle dixèron, algo se dixèron entre os dous, a outra chegou a casa è díxollo á mai, cuando o meu marido chegou a casa estaba na Velèda, pois unha plaga de piollos. È nò, eso foi verdá porque o meu marido díceo, cóntao mutas veces, dicía, estaban esperando por el pra comer, foron a buscalo, pero que está facendo? Pois vei-lo que estou facendo, quitara a camiseta, estaba pelando piollos, que èran os piollos máis gordos.

Eu dese buèno había quèn decía que eso que vían ar vacas co ubre mui grande, que lle botaban unha maldición, eu que sei si se tèn, se tèn éxito, si non tèn. Buèno i-à, a abuèla da, a mai do [...], pois dicen que un a<no>, que anduvo un ano cos piollos, que estaba fiando na roca è subíanlle os piollos pola, i-autros, i-autra, tamèn, de, è tamèn creo que èra a mai da, do nòso abuèlo, (...) pois había unha señora de lado, unha señora anciana que decían que non èra mala, pero aquel matrimònio, mentres aquela viviu non lle foi ningún fillo adiante, pois chegaban hasta tres anos ou así, è hasta tres anos mui ben, despois empezaban pa tras, pa tras, pa tras, a mete-los pès na cinsa

i-hasta que morreu è entonces veu un pisador das secas, chamaban, porque antes xa non acordamos mutas cousas delas è dice:

"I-esa nena que lle tèn?. "Pois mire", contoulle o que lle pasaba: "Pois mire, vai face-lo que lle digo eu; cuando á mañá cuando salga, sacan as ovellas, colle a nena, tápelle a cabeza è vaia è lêvea por onde salia a procesión do Còrpus, a procesión do Santísimo, fágao nòve días seguidos; se lle diron pra morrer, ór nòve días môrrelle, se lle diron pra vivir ór nòve días a rapaza vai pra riba".

Èfètivamente, ór nòve días, o mesmo día que facía or nòve días chegou a casa: "Mamá, dáme un cacho de chourizo", dice. Pediulle o chourizo. "Mamá, Dios cho pague, Dios cho pague, Dios cho pague!", è morreu è quedouse. Eso son que se pòde, claro, agora non creemos nada deso, pero antes había mutas cousas desas (...) è alí abaixo è, un rapá pois choraba sièmpre.

Dice, mamá. Don Jesús dice: "Tèn que desconxurar este rapá porque este viumo, este viumo, tèn unha ruindá, esto é que unha bruxa mo viu". "Nò, hija, nò, brujas no hay, pero mal ojo si lo hay". Mal òllo que si que o hai, incluso decían que o que tiña mal òllo que tiña unha pinta roxa na, na meniña è decíase que a veces mentres non se dan eles cuènta que fain daño sin querer, ó darse cuenta que tein que pór gafas, entonces xa lle quita o mal, quítalle a fuèrza.

Deso había muto, deso había muto antes; deso pòde haber inda hoxe. Buèno è si hai mal voluntá è tein algo de poder, quèn sabe? Antes deso das bruxas cuantas cousas se contaban cuantas cuantas, cuantas das bruxas è das ánimas, que andaban polo, polo... tamèn se contaban desas.

E: Que decían das, das ánimas?

I.1: Pois decían, salían, salían por, polos camiños è sobre todo ar luces da iglesia, salían as ánimas è salían cunha cruz alguèn, traían unha cruz. I-ò primeiro que se encontraban algunha persona que lle entregaban a cruz è tiña que levala hasta onde eles lle mandara<n>. Decían eso, eso todo se contaba das ánimas, non vimos nada deso, tanto que a min metéronme un medo, metéronme un medo que non che quèro decir que inda vai mutos anos que o perdín, porque tantas cousas contaban do dè<mo>, ai o dèmo. Pola Calle do Trasgo, i-así chamáballe, pola Callella do Trasgo subía, viña un hòme de, de Viana è encontrou un carneiro negro è púxoo á espalda, púxoo á espalda; è cuando chegou ó cima da do camiño ai levara diablo o carneiro como pesas i-o carneiro botouse a rir, o carneiro botouse a rir è saltou dun, del. "Ès o dèmo", quère dicir, que èra o dèmo.

Tantas cousas destas que buèno, que eu sei, que antes è hoxe xa non se acòrda das que òía èli como se formaba, de noite, formaban de noite aqueles fiadeiros, na xente entonces o que facían èra contar contos. Claro entonces eu èra rapaza è quedábanseme muto as cousas na cabeza, pèro agora claro, non è que as olvidara,

ê que no momento non se che acòrdan. Entonces como decían tantas cousas è que salían dos mòrtos eu collín un medo, collínlle un medo que, que pensaba que era verdá que salían os mòrtos è tiña máis medo en casa ca fôra. Buèno, è de dicir da feira, pôdese dicir da feira?

I.2: Si, si

E: Meu abuèlo NN arresponsaba, tiña muta fé con San Antonio è cuando iba, iba o seu xenro á feira, a filla decía que o arresponsase i-el contestáballe tranquila porque anduvo detrás dunha vaca è deixoua, se vên mal, si a comprara viña mal; è cuando ela di<ce>, cuando el dice, a súa filla dicíalle ó seu pai eso, cuando ela dicía que viña ma<i>, que compraba, compraba è si perdía algunha, si se perdía algunha ovella ou se perdía algunha cousa ou lle pasaba algo, pois el dicía: "Aparece". Se dicía aparece, aparecía, como dixèra que non aparecía non aparecía. Igual tiña que a buscaran como que non a buscaran; i-o do NN, o do NN cuando choraba tanto...

I.2: Diga, diga, diga. (...)

I.1: A mesma filla tiña un fillo que choraba sièmpre, sièmpre, tiña cinco anos è chorando, chorando sièmpre è xa non vían que facer, entonces unha noite que o viron xa rebentar è o viron as criadas, díxolle, a súa filla díxolle ó abuè <lo> ó pai: "Arrespónseme o fillo porque esta noite rebenta". I-el púxose a responsalo i-ó terminar de responsalo, pasou como si fora un gato pola cara como arañando, como rabuñando; è buèno, pensamos que algo tería, algo tería, algo malo tería o rapá, è buèno. Unha muller que o seu marido antes de ser, antes de ser, cando era mozo pois buèno, desconfiaban, decían que unha mullèr era bruxa. Entonces encontráronse con un carro nun camiño, a filla desa mullèr.e i-ese tal marido; è buèno, pois non sei que se dixèron, chegou a casa, a filla díxolle algo á mai, tan pronto chegou o marido a casa xa tiña unha plaga de piollos encima da camiseta. Todo, que non foron, que foron a buscalo porque non aparecía, el estaba quitando piollos da camiseta.

Unha mullèr desconfiábase dela; è pasaba unha vaca cun ubre mui grande è cuando chegou pois a casa, dáballe, unhas veces dáballe, botáballe sangue, outras veces non lle quería a cría.

Entonces o señor pois colleu unha machada è iba onda el<a>, volvía onda el è decíalle: "Ôes fulana, ou me cría<s> ou me cúa-la vaca ou te mato, ou te abrio ó medio, te mato". "Ai zarolo, contestaba ela, ai zarolo, marcha, marcha pra casa, marcha pa casa, que a vaca xa non tèn nada". Èfètivamente que chegou a ca<sa>, chegaba a casa è a vaca estaba curada.

9.9. Pixeiros (Santa María)

ETNOTEXTO A0598

Informante: H. XA. (79 a)

Parroquia: Pixeiros -Santa María-

Lugar: Pixeiros

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

213

A orixe da aldea de Pixeiros e as vivendas de antes

I.1: Buèno, eu sièmpre teño connigo de que estas, o òrix de destas aldeas de montaña, sobre todo desta zona de Viana do Bolo son de òrix pastoril. Hai dous, dous òríxenes, un o pastoral i-autro a minèría i-eses foron os òríxenes que eu penso que foron os primeiros que viñeron a poblar estas zonas. Concretamente a aldea de Pixeiros, que está eiquí no fondo da montaña do Testeiro, pertence á Serra do Canizo; è entoncos estamos nunha altituz aprosimada de oitocèntos cincuenta metros de altitudo è est<es> puèblos son aldeas que estuvèron mui pouco comunicadas. Entoncos consèrvan as tradiciós na súa pureza, porque hasta que non viñeron as comunicaciós non houbo influèncias exteriores nin nas na maneira de vivir nin na maneira incluso de traballar, è incluso por supuèsto na na maneira de falar.

Entoncos hai un tipo de linguaxe mímico, hai outro tipo de linguaxe ges<tual>, de gesticulación i-hai outro tipo de linguaxe como podíamos decir de silvar a estilo de da zona, incluso de alá de Canarias, os silbidos ou os aturuxos ou arrulos que chamamos eiquí, arrular e aturuxar. Entoncos èra precisamente a veces pra comunicarse, è pa comunicarse de un sitio ó outro; è comunicábanse tamèn por medio de instrumentos como èran ar bocinas, or funiles, as cònchas de... que tiñan, que utilizaba moito o pastor porque eiquí durante muitos anos inda se conservou, conservamos unha explotación comunitaria como èra o rebaño de ovellas e de cabras; è entoncos todo eso se entendía por sonidos, por sonidos bèn de bocinas e incluso de campas das das iglesias se utilizaba non sòlo prás funciós religiosas senón prás funciós è i-acometidos do puèblo. Utilizábase as campas, non cabe duda que tèñen un linguaxe de sonido mui sinificativo è mui importante pra saber como vivía esta xente, incluso hasta pró rezo de tres veces ó ó día, á mañá, a mediodía è a noite, ese èra o linguaxe das campas. È por suposto que ó ser de òrix pastoril, pois ar vivièndas tiñan tamèn esa función, estaban sempre orientadas hacia ó mediodía, hacia ó sol pra evitar os fríos destas altas montañas no invèrno. Tèñen as ventanas mui pouquiña luz, ou sea, ventanucas mui pequeniñas, tiña; as entradas generalmente estaban hacia ó sur pra evitar precisamente o frío do invèrno, as ventanas eran pequeniñas pra evitar tamèn que entrara o frío, o frío. As escaleiras exteriores pois estaban tamèn generalmente orientadas según a donde estuvèra a entra<da> ó camiño, pèro a maior parte delas buscaban sièmpre o sol. Dentro do que è a, a viviènda había vivièndas donde conxun-

tamente viviron os animais i-as personas na mirma planta baixa, porque èra máis quènte, máis... estaban máis en contacto porque os animais aquí formaban parte da familia, igual as vacas, como as ovellas como os cerdos como as cabras formaban parte da familia.

Entonces tiñanas divididas, ó mellor dividíanse por un tablado donde se vían e se comunicaban, porque a xente falaba casi cos animais como se falaba cas personas e cheghaba non sei se por, po tanto repetir, os animais si comprendían o que lle decían. Èra linguaxe que podíamos decir intercanlán, intercalado, entre, porque a veces os animais tamén respondían a eso, porque a veces chamabas por unha vaca ou chamabas por unha cabra è contestábache berrando ou incluso os cerdos ibas a entrar e xa sabían, è conócían as personas que èran da casa ou as que non èran da casa.

È dentro das, das, da viviènda, despois posteriormente xa foi progresando è xa se levou a vivir as personas nunha planta superior i-òs animais na planta baixa. Con esto que conseguían? Estar en contato... cor mirmos animais por un lau; estaban en contato porque si algo pasaba de noite, eles sentían, ó millor soltábase unha vaca que a tiñan atadas con còrdas e soltábase è podía pelexar con outras è a outra orneaba, como decimos nosòtros, nó<s>, nós, è... sabía, bèixaba abaixo a ver o que pasaba.

Se un... unha galiña, se, que as galiñas é outra cousa, formaban parte da familia tamén, vivían na casa è dormían na casa. Eu estiven, recòrdo perfectamente de... nunha casa que non vou mencionar agora que non èra precisamente de eiquí donde, aquelas camas que había de fèrro, as galiñas apoleirábanse naquel fèrro è tiñan os nineiros donde puñan os gùevos debaixo das camas. Eso inda o vin eu, è comía, è comían, botábaselle a comida no pasillo da casa i-alí incluso facían as súas necesidades è os escrementos quedaban alí cas galiñas. Entonces dentro da planta superior, esa que vivía a xente, aproveitaban, á parte de estar en contato cos animais, aproveitaban o calor, o calor que desprendían como calefacción da viviènda. Entonces as vivièndas, tiñan o piso èra dunhas tablas bastante anchas, pero èran tan antigas que chegaron a ser (...) è separarse è quedaban unhas grechas, decimos nós, unhas grechas donde sentían e vían-os animais.

Claro, non había luz; ó non haber luz èlètrica alumbrábase con gancios, con gancios que èran o leño da uz seca è branca, xa pelada de todo, e prendíase lume è aquilo alumbrábase. I-había o incluso un, un que lle chamábamos un mozo, chamábamos un mozo, que èra un pau con un piè i-on gancho de fèrro donde se prendía aquela, aquel tronco de uz ardendo e púñase verticalmente hacia abaixo e iba ardendo i-alumbraba a viviènda. Entonces eles a veces para alumbrar-los animais metían o gancio ardendo pra que baixara unha persona e desde abaixo co-aquela luz è èra a que vía os animais co-aquela. Despois xa foi progresando e xa veu o gas de alumbrado, o petróleo, do petróleo, è figuèron os faròles i-os candiles de aceite è de gas.

Entonces nas cuadras fixéron unha especie de buracas, de buracas ou ventanucas, però cerradas, non eran, non pasaban pa un lado è tiñan a visión de, poñían alí o candil ou o faròl pra que non causara incendio por ningún lau, esas buracas estaban dentro do muro de pèdra pra que non pasara o lume pa ningún lau è dáballe luz pra eles pa despois muxir, ou ordeñar as cabras, as ovellas... as ovellas menos, máir ben, però as vacas si. I-atendían... as burras era outro animal que vivía moito cas personas i-era o animal de tracción i-era o animal de transporte, incluso pra ir a, ós médicos, utilizábase a burra ou os cabalos nalgún sitio però aquí máis ben abundaban o burro porque nos era o máis asequible incluso pra para utilizar como, como transportador de castañas, de as patacas, de ir ó muíño a moer, levar o saco do centeo e trae-la fariña. Entonces tamén era un, un animal doméstico mui utilizado nestas zonas de aquí; però buèno volvendo á vivienda eh, hai vinte e oito casas semicirculares eiquí, téñoas catalogadas cor nòmbres dos propietarios.

Eso demóstranos que este puèblo foi de òrigen pastoril i-o ser de pastoril, pastoril, pois tiñan aquela influència das pallozas è de feito temos unha toponimia aquí donde chamamos Os Pallizos. De aí vén o nòmbre dos Pallizos porque houbo pallòzas èlì i-en lugar de Pallòzas dixéronlle Pallizos, i-era o refugio dos pastores e dos animais que estaban alí. Temos unha zona donde había unhas peñascos, unhas rocas e contra aquelas rocas ficèron as pallòzas; è entonces xa tiñan unha cara da da, da semicircular tiñana aproveitando a roca è á parte deso tiñan, estaban sièmpre orientadas coa roca polo nòrte pra evitar o friu è circulaban polo sur pra... i-alí convivían temporalmente sòlo.

Eiquí sobre todo nos, nos vraus, nos invèrnos despois xa viñan, ás aldéar baixaban, pero inda existiu muito tempo nos meses de vrau donde residían os pastores relevábanse è, ie nas nas nas vivièndas pois por supòsto existía, nada máis na viviènda había dous, dous, dúas, dúas estancias que era a cociña i-ò resto era, todo o resto casa. Facía de comedor, de dormitorio, estaban alí dúas ou tres camas i-e facían todo, è facían todo, sòlo había esa división. A cociña pra conservar un pouco o calor que daba o lume que era feito na. encima das pèdras, de eí vén o fogar, por eso lle chaman a casa sièmpre era o fogar, do lume, o fogo que reunía a familia.

9.10. Pradocabalos (Santa María)

ETNOTEXTO DA0446

Informante: I.1 H. XA. (81 a), I.2 M. XA. (77 a)

216 Parroquia: Pradocabalos -Santa María-

Lugar: Pradocabalos

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2016

A pala da moura

I.1: A pala, a pala da moura, pois decían que éi que había mòras. Decían as mullères antigas que se sentían tecer, non sei, como farían un; i-ese nòmbre lèva eso éi A pala da moura, que había aí, que había aí mòras; pero en que, en que siglo sería eso; però claro, van van continuando.

I.2: Que había aí, un bura<co>, un buraco, claro

I.1: Si, que había eí...

I.2: Que se metían eí dentro

I.1: È conòcese, agora xa hai muto monte; pero antes, cuando estaba o monte así comido das ovellas, pòr víase que arredor do mon<te> había así como, como se hou-bèra camiños. Derde este lado, dirde a carretèra poir víase... eso; e despois alí máis adiante hai un, unha fraga, prá outra caída, e de<cían>, decían que estuvèra alí un, cuando fora na guèrra, estuvèra alí un hòme do Castro escondido muito tempo, que lle levaban alí de comer.

I.2: È alí cerquiña.

I.1: Está alí a, a fraga.

E: Ahá!

I.1: Veise alí a fraga esa; però claro, eso son òidas da, da... Tor dor mouros, que lle chamaban aí... ese sitio, eu que sei! El, como houbo tantas generaciois por eiquí por Galicia, porque eu vexo o que dicen agora na televisión que o fizo tal raza è tal, è porque estuvèron eiquí. Mira os romanos cuantos puèntes ficièron. Quèn faría o, o de Viana, que tiña aqueles arcos tan, tan bèn feitos? Porque o puènte de Viana, o vèllo, èra bonito, que aqueles arcos que tiña... è agora está debaixo da auga.

I.2: È parecido igual que este?

I.1: Nò, aquel èra máis bonito que... aquel èra máis bonito que este. Tèn outro traballo do que tèn este. E lò este que traballo tèn? Este non tèn traballo ningún.

I.2: È non había máquinas.

I.1: Mutas pèdras, pèro...

I.2: Todo à mau.

I.1: Bèn traballaba a xente antes. Mira que eu digo, contoumo o outro día, non sei onde era que estabamos. È dixen eu, pero como farían pa subi-las pèdras, así ó alto da... è dícame a, éra unha mullèr dícame: "Dice que puña<n>, que puñan dous paus grandes è despois amarrábanlle unhas cadeas cruzadas no medio de un e do outro, é naquelas cadeas iban subindo as pédras, cada ve unha cadea máis arriba, e sería verdá eso? Sería verdá?

I.2: Non sei como farían-as mulas, pero è difícil sabelo. Ves esas pedras?

I.1: Nos tellados, e esas, esas cantèrías, sin haber grúar ningunha, nin haber nada.

I.2: E a fòrma de que...están traballadas, nos portales dos currais, ten o seu mèrito, èh!

I.1: E inda dixèmos ònte á noite, que saliron aí mutas iglesias, è dixèmos nós: "Cuántas iglesias ficèron os antigos, i-ahora vas eí por Castilla e están todas abandonadas. Veinse tantísimas iglesias abandonadas, muchísimas; pèro eiquí por Galicia hai muchísimas iglesias, è todas de cantèría. Inda saliron aièr á noite aí nun, un programa que daba, non sei que programa èra. Traballaba muta xente ou faciánnos traballar. Verdá?

I.2: Èra o mundo así.

9.11. Pradorramisquedo (San Sebastián)

ETNOTEXTO A0799

Informante: H. XB. (23 a)

218 Parroquia: Pradorramisquedo -San Sebastián-

Lugar: Pradorramisquedo

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2016

Biodiversidade no límite coas Portelas de Zamora

I: Buèno, non sei, pois eu vouche a falar dos árboles, da biodiversidá así en general, è, pois desta, buèno, destes anos que lèvo estudiando bioloxía, pois si que me dou conta de mutas, de mutos nòmbres de árboles ou de animais que aquí lle dan, que aquí lle dan de, de fòrma non equivocada, pero de fòrma distinta, vamos. Estaba o caso que comentaba antes o do rebolo beliño, que lle chaman aquí, que è o, que è o, buèno chámanlle a rebolo beliño a un, unha especie que creo que èra a *Quercus robur* è, buèno, pois eso, que è distinta ó resto de rebolos e o rebolo beliño que aquí lle chaman sería o carballo rebolo por así decilo è, o resto de especies, pois son outras especies do mesmo gènero que aquí son os rebolos en general así; è o beliño è pois eso de rebolo beliño un pouco pa diferencialo do resto è non sei, nada máis.

Despois hai outros no tema das aves tamèn hai bastantes que lle chaman de fòrma distinta; ás garzas, por exemplo, a abuèla chamáballe cigüèñas cuando non èran cigüèñas, èran garzas; è tamèn decía esto, que estaban cerca do río è tal pero è eso, èran garzas è chamábanlle cigüèñas, è despois inda o outro día tamèn falabamos das, das curuxas, que as curuxas, buèno, as curuxas serían as lèchuzas en castellano, è aquí chámanlle curuxa a, a outro tipo de ave, unha ave así tamèn nòturna que en galego chámanse avelaionas, un nòmbre así un pouco... eu a verdaz è que tampouco o òíra; è indagando tamèn sobre ese tema, pois aquí chámanlle curuxas a esas que son cárabos en castellano ou avelaionas en galego máis oficial, è por eso aquí están máis acostumbrados a òílas de noite è cousas dese tipo e a chamarlle curuxas cuando en realidá non son curuxas. As curuxas son outras, de feito en Rubiais teño visto alghunha, pero aquí por exemplo nunca as nunca as vira è non sei, pouco máis.

Esta zona está comprendida no, no da Rede Natura, dous mil, está dentro do espacio de Pena Trevinca, creo que é unha zona, unha ZIC desta, de importancia comunitaria ou unha cousa así, non sei seguro porque non estou moi pòsto nesto, pero algo dese tipo, è si, houbo un incèndio este vrau, que inda arderon unhas cuantas hètáreas, cerca de trescèntas ou así, non sei si foron èsatamente creo que non, pèro cerca anduvo das trescèntas è si, claro infú<e>, inflúe bastante na biodiversidade da zona è... evidentemente. È sobre todo no tema, buèno, no tema das plantas claro,

pèro, o tema dos animais que é máis difícil de repoblar, nacen antes as plantas que se repòbla con animais; è buèno, a xènte, a xènte está máis, pènsa máis por así decilo nos animais ghrandes como pòden ser os còrzos, os jabalíes, os raposos e todo eso, que si, que están influenciados tamèn polos incendios è tal, pero non sei tamén hai outro, outras ramas da biodiversidaz influídas como os reptiles, as culèbras ou os lagartos non o tein tan fácil como pa escapar como pòde ter un còrzo ou un páxaro grande: è eso, è eso que tamèn supòn, supòñen pérdidas importantes nese tipo de espècies, buèno, así tamèn como insètos, que eu acòrdome ó día siguiènte do incèndio de ir andando por aí abaixo è, è veinse insètos mòrtos polo fumo, polo camiño caídos por aí è e eso, non sei. Nò, pois eso, que a xènte tènde a pensar que nos incèndios, claro, tu máis visible son os animais grandes, è si...è pènsas que o que máis lle inflúe son a eles, pèro detrás deles pois hai, hai bastantes máis animais como pòden ser os insètos ou os, ou os, os reptiles, vamos. È è, non sei que che iba a decir, non me acòrdo.

Buèno nun incendio claro tardará anos en recuperarse esa, esa o ecosistema que aí había vamos; è pois xa polo das plantas, pero inda así as plantas en general serían, a ver, en general digo, tampouco é que sea de un día para outro, pero serían dos que máis facilmente se recupèran, pero claro, tamèn hai aí unha fauna, unha población de, de reptiles, insètos que esas son máis complicados de colonizar por outro lado, sobre todo reptiles. Os insètos nò porque teñen unhas poblaciois mui abundantes è eso; pèro, pèro os reptiles pois que... tardarían máis en recuperarse nesa zona è... non sei, pois eso, que falaban de antes de que había anguilas por estas, por estas zonas è que co tèmpo que foron desaparecendo de aquí è buèno è un pouco lògico pensalo porque elas vanse a reproducir a, a, ó mar.

De feito van a unha zona na que conflúen con outras especies americanas è eso que, non me acòrdo cual é, creo que é mar dos Sargazos, pèro non estou seguro; è lògo cuando, cuando pasan unhos meses xa ou un tèmpo, non sei cuanto, pois vòlven a remonta-los ríos, pero claro hasta cheghar eiquí por exemplo co, ca cantidá de embalses è de todo que hai, que tampouco están todos adaptados á súa bioloxía, que remonten os ríos desa fòrma, pois evidentemente van, van a desaparecer de eiquí, porque pòden... de feito, creo que pòden salir así da agua así para remontar zonas, zonas cortas, pèro tampouco fain milaghros.

È entonces pois eiquí xa, xa non quedan; è lògo o tema do do mejillón de ría, pois si, teño atopado algún por aquí unha pa<rexa>, buèno unha parexa nò. Dous, dous vira este vrau, xa or vira vai, vai dous anos, unha cousa así; è tamèn eses están en bastante declive, en bastante peligro por, buèno, por un montón de cousas, pèro sobre todo porque a súa bioloxía e a súa reprodución é mui, mui compleja è... entonces con todo, depènede a súa reprodución depènede dos salmónidos, das trutias que eiquí son os salmónidos por esclència.

Entonces a raíz de, da contaminación das auguas è de... a sobrepesca tamên nalgunos casos, pois a súa reprodución veise bastante máis perjudicada è por eso tнден a, a desaparecer; por suèrte eiquí non se collían ou non se còllen vamos así, de maneira furtiva nin esas cousas, pèro buèno, outras zonas tamên pasa e eso. Lògo o tèma da contaminación, eles son filtradores, aliméntanse por filtración è... entonces tamên son mui sensibles ós cambios químicos na agua è por eso, eso ta<mên>a contaminación tamên è un importante problema para a súa supervivència è xa, non sei.

9.12. Punxeiro (San Marcos)

ETNOTEXTO B0783

Informante: H. XM. (41 a)

Parroquia: Punxeiro -San Marcos-

Lugar: Punxeiro

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

221

A festa da vendima de Punxeiro

I: Buèno, pois nada, a fèsta da vendima è unha fèsta, buèno que empezaron a organizar entre catro mozos è tal, despois da fèsta da Virxen do Portal que è no mes de setembro, è xuntámonos unha noite de juèrga nunha bodega è bah! Por que non facemos outra fèsta? È porque o puèblo estaban un pouco mosqueaus, que faciamos muitas fèstas è foi esa, foi unhos dor motivos porque se fixo. Entón decidimos entre catro è buèno, vamos facer outra fèsta, i-ó final así falando, por que non abrímo-las bodegas? E no primeiro ano pois nada, abrimos catro ou cinco bodegas os catro mozos que nos puxèmos a organizar è trouguèmos unha pequena orquestra, è buèno. Ese ano non se cobrou entrada, foi todo de balde è buèno, i-ó ano seguinte dixèmos buèno, por que non vamos cobrando unha entrada è intentar que veña xente que èra, do resto do concello a participar è compartir o día con nós. Entón pois buèno foi unha apòsta así, buèno, a ver o que pasa non, è buèno, su<r>xiu que buèno, eí naceu a segunda edición; è na segunda edición pois trouguèmos tamèn unha orquèsta, trouguèmos unha charanga pa que tocara polo, polas bodegas è na segunda edición pois xa abriron catorce bodegas, catorce adegas do pobo, con diferentes veciños da xente, normalmente a xente que está abrindo è xente que está vivindo aí è buèno, estaba vindo algunha xente que está vindo que están fóra è vein nesa fèsta, nesa fècha.

Despois o seguinte ano, que xa foi a terceira edición pois xa crecemos, xa a xente que estaba fóra en Barcelona, Andorra... è dixèron de vir nesa festividade è abrir, abrir ar bodegas.

Entón pois buèno, a fèsta consiste en, en facer unha ruta onde, buèno, dáselle á xente unha pañuèleta i-unha taza è cada bodega intenta competir cos, cor millores pinchos è facer pinchos da zoa, o que fai a comisión è comprar uvas è facémo-lo viño nós en casa è faise o viño xa no mes de setembro è despois o que facemos a asociación neste caso da comisión de fèstas pois o que fai è regalarlle a cada bodega viño è dálle unha participación económica pa que pòda sufragar or gastos dos, dos pinchos que fai ese día; è a partir de aí, poir buèno, pois seguiu surxindo esto è tal è foi crescendo, non? È que è agora pois abriron os últimos, estamos na novena edición. Este ano vai ser a dècima è o que, cada ano hai máis bodegas, agora mesmo están participando vinte è unha bodegas è claro, creceu o que è o presupuèsto tamèn en

si. Agora tráense dúas orquestas, tráense tres charangas è a fèsta pois está derde as seis da tarde hasta as seis da mañán do día seguinte.

222 È creceu no sentido de que a xente nòva identifícaa como, conxuntamente co Entroido, como unha das fèstas máis importantes do concello de Viana do Bolo, è o que estamos vendo cada ano, pois que vèn moitísima máis xente de fôra, è dicir, este ano podemos ter sobre mil quinièntas persoas; è para unha aldea de setenta e dúas persoas que somos as que vivimos agora, pois tèn mèrito de que a xente mallor siga apostando por axudarnos porque è que nós, a xente nòva si que claro, tiramos por organizala, pèro despois, mantela... necesitamos que a xente mallor abra ar bodegas. Entón è un orgullo è un mèrito (...) facer esto.

È buèno, tanto è que este ano vamos a facer a dècima edición è a xente mallor poir dice que hai que traer algo pa que resalte a fèsta máis, a fin de cada ano, pois, intentamos mellorar è eso conlèva a facer outras fèstas, como a fèsta da malla è como outras fèstas que, buèno, pois a xente se anima, o Entroido, è mantemos o puèblo bastante unido, que è unha das ventaxas posiblemente que tèn Punxeiro con diferente a doutros pobos, non de que, a xente cuanto máis fèstas máis unión hai. Que nos criticarán, pois, por facer tantas fèstas, poir buèno; pèro penso que a unión está neso, en canto máis veces te xuntas na casa do pòbo, máis comidas fagas, máir fèstas fagas, o pobo máir veces se vei; è o bon è que nestas fèstas, as enemistades que pòde haber, non? Porque sièmpre hai conflitos entre os veciños, chegado eses días tápanse, todos comemos xuntos, non hai problemas è, è a xente pois está mui contenta con seguir facéndoo, senón non se seguiría celebrando.

9.13. Quintela de Hedroso (San Cosme)

ETNOTEXTO A0546

Informante: I.1 H. XA. (81 a), I.2 M. XA. (76 a)

Parroquia: Quintela de Hedroso -San Cosme-

Lugar: Quintela de Hedroso

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

223

Elaboración do viño e a augardente

I.1: A viña è mui sencilla, pèro claro, hai que aghacha-lo lombo. Non è sòlo vendimar.e, primeiro de vendimare hai que cava-la viña, primeiro retúrase a viña, còllense ar vides, inxêntase, grápase ar varas do pòste que tu queiras.

Normalmente ghodello, mención, bastardo, doña Blanca è todo eso. Todo eso è onde se fai bon viño. È despois de èli a vinte días, que se retura, se pòn-as plantas, hai que darlle outra vòlta, que se chama renda-la viña; e lò xa empèzan a sal<í> o<s> gromos, hai que ir cunha sulfatadora e darlle unha man de azufre. E despois mojabale, solfato; è pasan quinze días, vinte, outra mau, hasta que claro, vas un día è veis que xa están negras. Pròbas un bago, están maduras, buscas unher veciños, vamos alá cunhas cuántar navallas; ahora xúnta<n>se as tixeiras, vendimamos è, è botámo-las uvas ó lagar.

E: Uh! Uh!

I: Con ese, como che contaba, con unha viga que è tan larga è un penedo que pesará trecentos quilos, poir váiselle dando, vaise apresando, salta o viño... è despois o viño tráese pa casa, trasmúdase en pelexos de... se habería de ternèros, de cabras, que se chamaban bòtas. Íbase co<s> carro<s> moi bonitos, moi bonitos con palla, aquilo era precioso, buèno; pois traguíase o viño pa casa e de alí, cuando estapábase o, o orujo, que ó nòmbre eiquí chamámorlle o bullo; pois cuando estaba allí bèn cerrado, se non pícase, pois è cuando se empezaba a facer.e aguardiènte, entèndes?

E: Uh! Uh!

I.1: Que na, naquela cuadra do señor NN non perdin-a vista eu de milagro. Sòlo lle pedía á Virgen de Paradèla, a Santa Lucía, Lucía, aquela rapaza máir nòva dixo: "Non te vexo, aínda que che queira mirar á cara non te vexo". Estaba, metíanme na punta do curral, de comer dábanme bèn, pèro non te vía para nada.... È entònces que che pòdo contar máis? Ningunha, nada máis cà fais ...

I.2: É pura.

I.1: Teño aguardiènte aquí eu de mil novecètos sesènta. Fijaté, está marcado, pòdo enseñar.e, cuanto máis anos teña se está no crestal, máis fuèrza tèn...

I.2:: Còlle color.

I.1: ... de mellor sabor.e, ê moi agradable, pero hai que ter coidado, porque bèbes un, unha còpa grande... è, esa è moi boa aguardiènte; pèro non tèn sistèma ningúa.

E: E leváballe muto tempo facer... as...

I.1: Si, oito horas.

E: Oito horas.

I.1: Pa facer a augardiènte bèn feita, hai que pólo oito horas è tamên depènde da leña, porque nas viñas o que fastidiaba èran vides delgadas è non había máis ca fumo, e se tardaba nòv'hòras.

E: Hum! Hum!

I.1:<En>tònces o que vai e fai unha postura, que se chama unha postura, poi-lo pòte, dixo: "Acabouse a postura". Eu xa no ruído xa sentía que aquilo xa empezaba a fer-ver, dixo eiquí xa. Entònces probaba e xa non, non picaba, ó non picar pois quítase, lávase bèn-o pòte, prepárase a trompa è todo eso, lávase bèn, desinfètase todo bèn i-ala, outro.

Outras oito horas alí, älí metendo leña, metendo è cambiándolle a auga, porque tèn que estar fría, tèn que salir fría, chorrño, a gotiñas; se sae mui, mui de prisa, pois sabe aforvurada, e non é aguardiènte boa. Aguardiènte boa ê néstar zonas, especialmente Rubiales, San-Agustín, Quintèla de Umoso, Vilardegoia, que o viño ê mui malísimo pèro a aguardiènte é <es>celente.

E: Uh! Uh!

I.1: Ê unha aguardiènte que che sa<be>, que sabe o que ê as uvas é sabe ó verde; i-ê muto mellor.e cá que se fai na Rúa, que o viño ê mellor.es, pèro a augardiènte non sirve pa nada. Entèndes?

E: Si, si.

I.1: Entònces eso non tèn máis que trague-la pòta e mètese en garrafón de cristales (...), de madeira mellor; pèro de madeira hai que, cada pouco estarlle metendo medio litro cada ano, medio litro leva... un... <a>sí de cincuenta litros ou unha cousa lèvache, eu téño en cristal. Non-a meto en madeira porque ó mellor non estabamos eiquí é botábase a perder.

I.2: A madeira tèn que ser ròble... faise un coñá.

I: Se quères doucha a probar. Que tira, tira trinta è nòve, cuarènta grados.

E: Que va!

I.1: Tiraba mínimo cuatro meses. Iba de puèblo en puèblo, levando o pòte ó lombo; se había un caritativo que me dèra unha mau, axudábame è levábao de puèblo en puèblo, ir facendo agardiè<nte>. Aí, vèn-o agardienteiro, eí vèn tal; buèno, pois, por eso eu conecía daquela muchísema xènte, è inda conozo vèllos; pèro agora vou e xa non conozo nada.

E: E a que puèblos iba?

I.1: È iba... empezaba nar viñas todas, en Viana do Bolo, mirmo en Viana, è despois nas viñas todas, toda a ribeira, de bodega en bodega; pôdese chamar unha cabana, pèro equí chamámoslle unha bodega. Entònces iba de bodega en bodega. En algúis sitios comíase bèn, noutros dábanche castañas secas è tiñan máis pulilla, tiñan máis pulilla ca outra cousa. Entènde<s>?

E: Si, si.

I.1: Entònces fíxena en Vilardegoia, resulta que, chamábase señor Lito è tiña alí unha filla que èra mui, mui boa mociña. Èra mui boa mociña, a min gustábame. È dixo: "Nò, que veña a rapaza cunha cántara axudarme". Dixo: "Nò, deso nada. Vou eu", decía o pai. "Hòme, faga confianza, coño! Porque á rapaza que lle pòdo facer? Darlle un bico è se non lle gusta, que mo devolva". Entèndes? I-así fuin pasando. De eí en Punxeiro, de Punxeiro... San Martiño, San Martiño a Hedroso, de Hedroso a Quintèla de Hedroso, de Quintèla de Hedroso a Santa Mariña de Froxais, a Froxais, a Penouta, a Ramilo non; de eí pasaba a Louzaregos, Quintèla de Umoso, San Agustín, Rubiales, Cepedèlo, Vilardegoia, Umoso...

I.2: Aí que buèno!

I.1: E si, Taba, Tabazoa de Umoso, Dradèlo, Castiñeira de Sever e Sever i-a Pradorra-misquedo.

I.2: A andar.

E: Así que cuanta...

I.1: O que pasaba, o único que cobraba èran quince pesetas por oito horas.

E: Por oito horas.

I.1: Quince pesetas. Dáste cuènta en que tèmpos viviamos, quince pesetas que pasabas, aforrabas traballo porque (...) o pòte. Non-o recolliche? Pois si que facía cuatro-cèntas cincuenta posturas è tiña que multiplicalas por quince pesetas, quince pesetas. Claro, tou falando do ano mil novecèntos cincuenta a sesènta.

E: Uh! Uh!

I.1: Mil novecèntos sesènta. Mira que quince pesetas, [...] que è injusto o fumo que levaba i-a fame, hòstia! Despois había un señor de Prado que lle chaman-o NN, de

Prado, xa morreu; el o caso que tiña uvas na bodega, metía varas, tiña muchísimas uvas... i-eu, este primo meu que inda que lle fíxen-a augardiènte, pois, tiña unha argòla así de fèrro por baixo a pòrta, collemos un pau grosu è metémolo, el estaba dentro, metémosllo na argòl<a> na pòrta, è estuvo lo menos, lo menos día e medio encerrado porque non-os daba as uvas.

I.2: Que malos!

I.1: Ó final, ó final tiña as uvas alí, destechámoslle a bodega por riba è levámoslle as uvas (...) èramos malísemos. Non por facer mal, sequèra, èra mar nada por, por broma, è a broma...

I.2: Travièso.

I.1: Xa me entèndes. E despois pasamos, eu tamén teño muto que contar.e, pasamos ás obras que viñeron de Santos de Moncabril e a Rubiales, que aí traballei eu. Aí paseinas da Cristo, porque este tamén se tufou no medio do túnel, i-eu andaba cunha máquina de saca-lo escombros, el atopeino, de metelo na mesilla. Chego afòra (...) as picuras, è púxose algo bèn, è miroume è dixo: "Òiches, este non morreu nin envòl<to> nin che mòrre", non volveu máis.

Temblaba co mèdo carallo!. Entònces había un encargado que lle chamaban Char-tón, que èra francés. Estuvo tres meses en Rubiales è fundíase aquilo, debía ser ó pasa-lo puèblo de Rubiales, si còsta dirèción Cepedelo, naquela lombeira que non me acòrdo como se chamaba aquilo. Fun á caza por alí muto e sèbía o nòmbre, pero agora xa non me acòrda. Estábase fundindo, fundindo, fundindo, fundindo. Entònces eu, antes de sacar escombros, pois èra, èra o barrenista, claro. È díxome ese señor: "Òiga, chaval", chamábame chaval, dixo: "Pasa pa alá".

Dixen: "Nò, pase usté primèro".

E: Uh! Uh!

I.1: "Primèro pase usté, jefe, pase usté" -que èra o jefe, claro-, "è despois paso eu". Entón foi e contoullo, porque eu viña prestado, eu traballaba abaixo na central; è contoullo ó señor que xa morreu tamén, que se chamaba Ballestèros, morreu no Ulla en Santiago de Compostèla; e contoullo è dixo: "Òi, ese chaval que har mandado, coño de tonto no tiène un pelo, pero este la lèngua la tiène limpa de muchos cojones". È dixo: "Por que?". "Le dije que pasara el, coño...". Dice: "Porque sea un òficial, un òficial de primèra -èra barrenista claro- con que lo mandabas pasar él y tú lo quedabas mirando aquello que sentías". Mira, sentías... burrumbumbum! Estaba ó mellor.e tres días pa sacar.e éi o escombros cunha pala, sacar.e alí o escombros cunha pala, máquina claro, con pala de mau. Así è que pasámolos... de tarumba.

E: Xa.

I.1: Non penses que é unha broma. Por eso conecía ben a Rubiales, Diòs! Quedoume muta señal; però daquela Rubiales era un gran pùeblo; alí había, así, mira, a xènte, así. Todos os bares estaban ataca<dos>. No pùeblo as mozas que había xa veis, a mitai delas limpábanas os que viñan.

227

I.2: Os de fôra.

I.1: Os que viñan de fôra. Entèndes? Os outros mirabamos.

9.14. Quintela do Pando (Santa Isabel)

ETNOTEXTO A0685

Informante: I.1 M. XM. (53 a), I.2 H. XM. (47 a)

228 Parroquia: Quintela do Pando -Santa Isabel-

Lugar: Quintela do Pando

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

Agricultura ecolóxica e plantas medicinais

I.1: Non había eso porque, eu xa non acòrdo o ríu, acòrdo o embalse, sabes? Però nós pasábamos en barca pa ir a Santa Mariña, víñannos... arrulabámoslle desde este lao è viñan a buscarnos è pasabamos en barca, non íbamos á ponte nin na fèsta, porque íbamos andando, non había còche nin nada è arrulábamos desde aí, da Fonte da Pèdra. Viña un ca barca è pasábanos è despois á noite volvíanos a pasar; è cuando antes de cubri-lo embalse Santa Marta todo o planté de pimentos, os semilleiros todos, pois traían todo de alí, o que èra as plantas dos pimentos, o repolo, a cebola, todo, todo, todo traíano de alí da Veiga de Santa Marta, que tiña que ser unha tèrra, unha pasada, unha pasada. Eu, cáeme a alma ó suèlo cada vez que vou pa alí cas ovellas; ver, todo embalsado, unha verdadeira pena, però buèno...

I.2: Nièves, è certo que fai unhos anos viñèron unhos investigadores que viñan a ver que tipo de semillas había por eiquí è falaron cunha mullèr?

I.1: Conmigo

I.2: Contigo? Que sabía muitísimo è que tiñas semillas orixinales de fai muitísimo tèmpo.

I.1: Da miña abuèla, claro, è que eu son, procuro conservar todo, todo o que pòdo è transmitilo, ò sea, non-o consèrvo sòlo pa min, senón que intento transmitirillo ós meus fillos i-a quen queira ver ou aprender; i-as semillas, guardo as semillas da miña abuèla, as leitugas, as fabas, a chervía, pois os tomates, os pimentos, o centeo. Nós o centeo... è seguimos cas costumbres que tiña a miña abuèla. A raíz de aí, das costumbres da miña abuèla metémonos en ecolòxico sin facer cambio ningún, ò sea i-a nós non nos costou traballo ningún, estuvèmos dous anos de reconversión porque è obligatorio, però non porque, porque tuvèsemos que facer cambio ningún.

Estábamos facendo as cousas tal è como, como as facía a abuèla, pois eso, utilizar o esterco, nada de nitramois, nin de abonos químicos, nin nada, o millor è o nòso, o esterco das nòsas ovellas è eu que sei... Despois, mismo agora co centeo que utilizámo-la fèlpa pa... a fèlpa do centeo è cuando está de así máis ou menos de dèz centímetros, pois esa fèlpa aprovéitase pás ovellas è mantèmo-las ovellas èi. È como un alimento adicional pa agora pa esta època, hasta o vinte de xaneiro. O vinte de xa-

neiro párase, como facía ela; è tein vido investigadores de Mabegondo da Estensión Agraria, buèno, investigadores pois súper, súper è que quedaron alucinados cuando viron o manexo que facíamos nós co, cas ovellas è o centeo, que viron que deixábam os o centeo a rape terrón è, è que despois collésemos a cosecha èsatamente igual cós demais ou a veces incluso millor, porque houbo anos que veu a xear è estaba o centeo afèlpado è axeadou o centeo por todas as partes i-eiquí estaba rillado como è debido das ovellas è non axeadou è despois tuvèron que vir de afòra buscar eiquí semente pa... ese centeo. Ò sea que esas, esas costumbres que nos transmitiron os nòsos abuèlos que nós non descubrimos nada nòvo, pèro que funcionan è siguen funcionando inda agora. Eu creo que èran máis listos ca nós.

I.2: Sigues levando o das fases lunares á hora de sembrar è todo?

I.1: Ah si, claro, si, como a abuèla. Si, sièmpre sembramos na lúa chea ou na menguante, sièmpre, sièmpre è pa recoller, èsatamente igual, chea ou menguante, porque se recòlles na creciènte... por exemplo, tu recòlles unha cebola na creciènte, na lúa creciènte, esa cebola sièmpre se che vai a salir antes ca, ca se a recòlles na menguante, porque tarda máis en germinar, è i-o resto das cousas igual. È cuando lle botamos as ovellas ó, ó centeo por última vez, igual, nunca lle botámo-las ovellas pa que rillen, deixámolas que o rillen. Se queremos que mèdre lògo, pois botámosllo na creciènte. Sácasllo, ós oito días, xa vòlves a ve-lo centeo grande, si, si, as lúas... è pa corta-la leña, hai que cortala na menguante porque se a cortas no nòva ou na creciènte bótache bicho, cría o... ò sea que...

E: È utilizas así algún remedio máis do que, do che contaban, así a túa abuela?

I.1: Buèno, o das hèrbas, as hèrbas... eu manzanilla utilizo a miña, anque a collo eu, manzanilla del campo i-a manzanilla, a manzanilla que è a tradicional, margarita, parécese á margarita, buèno non è, è despois utilizo os ouregos, muito, tomillo, buèno, hèrbas de toda clase, de todas as que coñezo; sécoas eu, eiquí nunha casa, teño mutas eu eiquí na finca è utilízoas pois eso, pa todo, pa catarros, pa todo, pa todo. Hai hèrbas incluso silvestres que hai unha que se chama galoscristo, que bota unha sementiña que se che entra unha bròza nun òllo mète-la sementiña esa è sácache a bròza, pois esa tamên-a teño eu eiquí na finca, non vaia ser que se estinga. Sòlo a hai nun, nun prado eiquí en Quintèla. È buèno unhas sementiñas desas sembrei eiquí è téñoa eiquí tamên, pa que non quede en peligro de extinción è non sei que máis...

9.15. Quintela de Umoso (Padre Eterno)

ETNOTEXTO A0345

Informantes: I.1 H. XB. (30 a), I.2 M. XB. (23 a)

Parroquia: Quintela de Umoso -Padre Eterno-

Lugar: Umoso

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2021

Vivir e traballar no rural

I.1: Buènas tardes, buènas tardes, NN.

I.2: Boas tardes, NN.

I.1: Como estamos?

I.2: Pois cansada a verdá.

I.1: Que ê o que, que ê o que te fai estar cansada?

I.2: Pois que o prôximo finde que teño puènte que teño que ir a traballar, porque marcha o jêfe. Tôcame a min vièrnes è sábadu; entón sólo descanso domingo è lunes, porque ê o meu cumple.

I.1: Entón tu agora traballas, ères traballadora?

I.2: Son traballadora, por supòsto, sièmpre fun traballadora.

I.1: È donde vives?

I.2: En Umoso.

I.1: É vivindo en Umoso teis traballo?

I.2: Si, aínda que parezca mentira, però teño que ir á Veiga, todos os días.

I.1: Claro, aí está a trampa. Tu cres que, que esto vai dar para muto ou teremos que ir marchando todos?

I.2: A ver, se o tès a unha distancia medianamente cercana, pòdechete permitir seguir vivindo aí; pero, como non suèle pasar, a maioría das veces tès que ir.

I.1: È en que traballas tu?

I.2: Na farmacia da Veiga... farmacéutica.

I.1: Se ères farmacéutica tuvèches que estudar a carreira de Farmacia òviamente.

I.2: Òviamente tuven que marchar pa Santiago cinco anos.

I.1: E hai muto cambio de estares en Santiago a estar en Umoso?

I.2: Pois bastante.

I.1: Si

I.2: Pois é unha ciudá, está poblada, tes todo á man, a xente que vive alí non ter que ir a estudar fôra, non tes que... eses gastos que che conlêva, piso, transporte, alimentación, todo eso.

I.1: Pèro en, en Santiago tamên hai casas caendo è chapas clavadas... en tablas, así...

I.2: Ah si desde lògo, abandonado está igual, o que tèn ê xente.

I.1: ... estilo de Umoso.

I.2: Pèro en cuanto lle quitas os estudantes i-òs, como se chaman, os turistas... está máis muèrto que Umoso, porque o finde este cuando fun por ti, na zona vèlla non había naide, pèro ê que naide! Estaba eso, que horror! Non se parece en nada ó Santiago que conocín eu.

I.1: Pèro eso pòde ser pola pandemia que vivimos?

I.2: Pòde, pòde... como non tedes clases presenciales...que esa tamên ê outra, tèn que ser horrible, buf! Menos mal que acabei antes.

I.1: Tu cres que poderías ter feito a carreira estando en Umoso todo por intèrné? Ou êrache mellor ter que ir á clase a atender a explicación en vivo polo profesor?

I.2: Sièmpre fun de ir á clase, porque ó esplicarcho el xa se che queda; se teño que seguir as clases por intèrnèt non ê o mesmo, non te dás pòsto igual. Eu son antiga, necesito que sea presencial. Hai algunhas que dices, non sei a que viñen, porque podía ler eu as diapositivas; pèro os que esplican de verdá, pois si que merece a pena ir. A min gustábame ir.

I.1: Hòme, xa de ter que ir algunhas veces como está pasando agora...

I.2: Aproveitar.

I.1: Pois, xa de ter que estar pagando o piso todo o ano, pois ir todos os días, porque...

I.2: Si, eu iba sièmpre.

I.1: Para estar lendo pedeeefes e pauer-poins desde o ordenador, para eso faise a carreira en casa desde o principio.

I.2: Si, no eso si, pèro así non sei, non; despois tamên me botaron da facultá porque están en obras e vai estar... de obras vai pasar a estar en ruínas, porque eso non progresa nin nada; è tampouco èra divertido, èras como un ocupa nas outras facultades, pèro buèno... Así è todo eu prefiero que sea presencial, pèro un pouco mellor de comunicación porque o transporte tamên ê unha caca. A veces quedábame porque non me coincidían os horarios, è se non chegas ese trèn xa non tiñas outro, que tamên che pasará a ti.

I.1: Si o tème está en que, en, en que a xente das aldeas ou fai un negocio así propio de estilo sobre todo gandeiros, claro, vacas, ovellas ècètera ou van estudar fóra. Però o tème de estudar tèn que ser incompatible con quedar na aldea? Quèro dicir, evidentemente non van facer unha farmacia en Umoso, però tu teís máis ou menos a unha distancia asequible; però certo tipo de carreiras que fai muta xente do rural, è tal, que se poderían implementar en facer un negocio propio.

I.2: Però a xente está mui abandonada.

I.1: Nas aldeas, por que a xente en vez de tratar de aproveitar eses coñecementos, tratan de marchar á cidade e aprobeitalos e malvivir?

I.2: Porque prefieren eso, ter todo a man, quères ir ó cine está aí, quères ir de compras está aí, quères tomar algo e tèo todo ó lado. Entonces tampouco se pènsan noutra cousa. Si fixéran o que dices tu, terían que ser autónomos; entonces prefieren ter un jefe que lle pague a fin de mes e non ròmpe a cabeza, pa que? Somos unhos acomodados.

I.1: Però ó final o que conseguimos con esa mentalidade è...

I.2: Marchar todos.

I.1: A xente lista è capaz, ir ás cidades a malvivir è aquí, con perdón, que queden os borregos porque vamos, os que quedan son tan indispensables para a vida como cualquèra outro, comer hai que comer; però quèro dicir, a mentalidade que queda de que o que non vale para outra cousa que quede a criar vacas.

I.2: Os mal vistos, è realmente están facendo un traballo como outro cualquèra.

I.1: Esato. E quizais tan necesario como preparar unha páxina güeb, porque a fin de contas ca páxina güeb entretèste ou fais un pedido.

I.2: Coa páxina güeb non còmes, però co leite si.

I.1: Esacto.

I.2: Si, os do rural somos mal vistos, e si tès outras palabras tamèn ères mal visto. A min pasábame na carreira ó dicir muto, uf! Diòs míol! Que trauma!

I.1: Considèras tamèn que está discriminada a fala desta zona?

I.2: Desde lògo... muchísimo

I.1: No, desde a perspètiva normativista ou...

I.2: Desde a perspètiva de que pènsan que non saben falar.

I.1: Però eles alí tamèn usan trazos que non están metidos no, no normativismo como...

I.2: Claro

I.1: ... A pronunciación glotal de *g*

I.2: Eles son os listos, son os que están na cidade, como tu vas e ères un borrico de aldea, tèste que adatar a eles; e se non te adatas xa non encaixas, i-ères un bichito raro que fala distinto. Entonces a xènte òpta por acabar falando castelán. Que divertido!

I.1: Eu nòto tamên que, èh!, mutos dos que están, pois, en cidades è tal, que acaban, pois, metendo todo, toda a cosmovisión, como lle chamo eu a eso, do castelán no galego pensando que así falan un galego máis correto.

I.2: Ah si, claro, pa quedar bèn.

I.1: Èsato. Todas as composiciois gramaticais calcadas...

I.2: É todo postureo.

I.1: Con vocabulario calcado, è lògo cuando alguien vai así falando un galego de aldea que podería considerarse máis puro, os idiomas non son puros nin impuros nin mal falados nin bèn falados, quèro decir, se che están criticando eso, resulta que eles están menos cinguidos que ti ó que sería un galego modelo por así decilo.

I.2: Xa, però acábante menospreciando e a xènte que non tèn, como se chama? Ai non me sale! Que non teis carácter, que te deixas guiar por todos, acabas deixando de falar porque pa... pa encaixar, porque como cuando si sales è os outros bèben, tè que beber, unha pallasada igual. Non sei, acábante... absorbendo.

I.1: Entònces considèras que desta zona hai pouca xente estudiando carreiras porque se, se, se notaches ese problema será porque había poucos desta zona así así.

I.2: Entre que o rural está despoblado é que, è que na miña carreira de por aquí o máis cercano èra da Rúa, é xa non è aldea.

I.1: Però A Rúa tèn un... trazos lingüísticos parecidos a estos.

I.2: Però eses falan castellano sièmpre.

I.1: Xa è ciuda<de>, buèno, non è cidade però para un de Umoso eso è unha cidade practicamente.

I.2: Pois si.

I.1: Entonces o tema está en que...

I.2: Somos minoría, entonces somos nada...

I.1: As, as cidades galegas quèren, quèren aspirar a ser como as cidades que se ven na tele tipo Nòva lòr, Madrí...

I.2: Èsatamente, cos seus paneles nos altos edificios e as súas tonterías todas.

I.1: París... è crense máis modernos por...

I.2: Si, crense mellor, crense superiores a ti, è quèrente controlar. Entón se non entras no seu xogo, pois ères un raro de pùeblo, que ères un burro, è que non sabes nada.

I.1: Eu sèmpre fago unha comparativa do rural, o rural en España, en España toda está ferido de mòrte.

I.2: Si (...)

I.1: En Galicia máis, però eu vexo o rural en Centroeuròpa, sen ter demasiado información però bueno, algo sei porque teño contactos, que alí un, un, un, alguien do rural èsitoso è alguien que consegue quedarse no rural; è decir, pois, alguien que se sacrifica marchando pois a Múnich ou a Zúrich ou a donde sea a estudar a carreira, estudar unha efepé ou o que sea ou aforrar cuartos traballando è que lògo consegue volver á súa aldea è facer algún negocio aí, xa sexa gandeiro, teletraballo onlain ou que sea, mentres que aquí sigo vendo que estamos arraigados á mentalidade de que è triunfador o que consegue ir a estudar unha carreira e lògo marchar para Barcelona ou Madrí ou Bilbao.

I.2: Si, se non te vas, è por que, pòr vaia, vaia pérdida de tempo, pa volver aquí, pa que te fuches? È algo así... è absurdo.

I.1: Entonces, esa mentalidade è a que tiña que facer que se revì<van>, que se revivan as aldeas, os vellos xubilados cunha paga non van revivir nada.

I.2: Si, pòbriños tèñen que estar morrendo, sólo de ver como está esto, è que non hai unha alma, porque esa è outra, tampouco tè s xènte da túa edá.

I.1: Tu figúrate por exemplo que houbèse, eu que sei? Estou eu, estás tu, que hou-bèse por exemplo cuatro ou cinco personas máis da nosa idade en cada aldea sòlo; evidentemente os tempos nos que había vinte familias.

I.2: Con un así por aldea xa me conformaba.

I.1: Èsato, claro.

I.2: Però nò, non hai.

I.1: Però non hai mentalidade, porque o que volve á aldea è como que fracasou.

I.2: Si, è un fracaso, entonces tèn que volver porque non vale pa outra cousa. È como... si reciclas, o que non che vai a ó azul nin ó amarillo, pois ala, venga, pó verde, pois esto è o contenedor verde.

I.1: Verde è nos dous sentidos. O caso è que buèno... Non vamos a cambiar nada, o mundo está como está.

I.2: Pèro buèno, quedas a gusto.

I.1: Se cada un ficèse algo pola súa conta...

I.2: Se cada un quedase na súa zona...

I.1: Da mesma forma que eu me sacrifiquei tendo posibilidades igual no seu momento de non ter vido, ou tendo a posibilidade de marchar agora.

I.2: È que gracioso! Tu que non ères de aquí, que non terías que sentilo así, fas por vir è os que son de aquí fan por irse.

I.1: Èsato. Eu noto por, por exemplo, cuando agora que volvín a estudar è tal, pois èsato, pois a que vive comigo ou xente coa que falas nos pròpios corredores da Universidade, que un... son de aldea así como esta ou de vilas secundarias tipo parecidas a Viana è que ó que aspiran è a proveitar o estudio para marchar a Barcelona, a Oviedo, a Madrí, a Valladolid...

I.2: Si, si, fôra.

I.1: ... ou quedarse en Santiago ou en Coruña. Digo, pèro, a ver, evidentemente hai cousa que è imposible facer nunha aldea, nò?

I.2: Pèro pòdes compatibilizar.

I.1: Se ères médico; pèro claro, por exemplo, tu que es farmacéutica, pois, unha farmacia de cerca, pèro o que tèn que ir a un hospital pois igual non podería, tería que vir sòlo nos fines de semana ou algo así, pèro a aspiración de, de querer marchar, sèmpre querer marchar, como que eso vai ser triunfar.

I.2: Claro, è como que renuncias ó teu dáche vergonza dicir de onde ères... ou non sei. Non fai falta ser fillo de médico pa poder facer al<go>, facer algo. È como que tampouco estar bèn visto, se teus pais traballan no rural ou así tamên ères raro. Entonces vas tu è quères quedar no rural e xa a rematas.

I.1: Si, pèro è curioso porque mutos deses que van conseguir estudar unha carreira, que as carreiras non se regalan, como quèn dice a carreira, dice efepé ou...

I.2: Cualquèr estudio.

I.1: Ou traballar un tempo, aforrar un diñeiro ou o que sea, dá igual, è... o que consegue facer eses estudos è tamên gracias a que seus pais traballaron no rural e con ese diñeiro invertiron na súa educación pois, entonces, por que hai que renegar do rural, se de aí che saíron os cuartos pra facer o que estás facendo.

I.2: Porque è como que, unha vez que conseguiches o que quères, pois ala!, eso fuèra! que non te asòcien co rural é tal, porque che vai a túa fama, os teus seguidores i-as túas tonterías, que é todo postureo, NN. Que esto è, bah!

I.1: E muta xente que está teletraballando agora, que hubo que reconvertirse por estes problemas de mobilidade è tal, muta xente que está teletraballando todo desde casa desde o seu puto sofá, bebendo a puta cerveza ou a cocacòla ou café è que se lle estás, e que se lle está dando a posibilidade de vir a vivir nunha casa do rural por cuatro duros, è prefiren seguir pagando un alquiler en Madrí por sètecetos euros.

I.2: Mira neso si me gusta A Veiga, porque hai muta xente que se quedou a teletraballar e teletraballan desde aí. De feito un matrimonio de Zaragòza cos seus fillos, el è pianista, è, è estaban en Zaragòza e con esto da pandèmia viron que xa non sopor-taban máis estar pechados no piso è viñeron, i-è, querían unha casa na Veiga, pèro non había xa que pa alquilar, entonces están en Viana: ela traballa na Rúa, debe ser higiènista ou algo así, é el está preparando as oposiciones i-òs nenos van ó còle a Viana. I-o outro día falando con eles estaba encantadísimos, ò sea, unha persona que non è de aquí, que se adata tan bèn è os que son de aquí parece que están deseando desaparecer.

I.1: Si, volvemos ó de antes que xa falamos váriar veces pois que a mentalidade è ir a estudar algo è marchar; è sin embargo os que xa lèvan padecendo, os que xa lèvan padecendo...

I.2: Os que son de fôra.

I.1: ... ó mellor vinte anos como tuven que padecer eu, pois son os que dicen: "Esto non è un paraíso, vamos a tratar de facer algo propio para ser personas libres".

I.2: Como unha rapaza andaluza que veu, a andaluza esta famosa, igual, aí está, è superfeliz; i-è hai outra tamèn que è farmacéutica pèro traballa en investigación è tèn teletraballo; e quedouse aí, estaba en Madrí, quedouse aí cos pais, è tan feliz. Se tèn que facer algún trámite ou algo, pois marcha, que è eso, vòlve, è punto; ò sea, pòdes compatibilizar o rural con un traballo èsitoso, o rural co que queiras. Non è algo que te esclulla. Non è decir, ères do rural ères un burro fateiro; ères da ciudá ères mui listo, nò, haberá burros è haberá listos è haberá de todo; pèro que te infravaloren pois non me gusta.

I.1: Porque esa, esa rapaza que vin eu nas noticias, que se dedica esatamente? A labores de limpeza nun hostel ou algo así?

I.2: Nò, nò, ela viña sièmpre os veranos a traballar prás Chairas coa súa parexa. De-bían levar como tres, ela durante o ano estudiaba è o, o verano traballaba para sacar diñeiro para os estudos. È entonces estuvo tres, tres anos traballando así nas Chairas, i-este ano decidiuse quedar, è agora traballa na resi como auxiliar i-está sacando enfermería.

I.1: Claro, aí está o tème, que... muta xente que vèn ó rural, ó final como estiven eu tamèn, acabas facendo traballos que se consi<dèran>, que non se considèran

glamurosos; pèro volvemos ó mismo de antes, todos os traballos son precisados e necesarios.

I.2: È fundamentales.

I.1: Pèro quèro decir, se unha persona acaba no rural, pois atendendo vellos, limpian-do baños è tal, van decir: “Bua! Mira tamên ó que acabou”, pèro que pasa, que non hai xente no, no, no urbano, nas ciudades limpiando baños è atendendo vellos tamên?

I.2: Nò, alí está todo limpo...

I.1: Claro.

I.2... porcalleiros!

I.1: Pois mira se tès que facer un traballo non ideal no urbano e teis a oportunidade de facer esatamente o mesmo traballo no rural, inda encima necesitado menos cuartos porque aquí as casas son máis baratas, pòdes plantar algo de comida è tal.

I.2: Claro.

I.1: Quèn è o fracasado? O que se queda na cidade, o que tèn que atender vellos na cidade pagando oitocèntos euros de renda ou o que fai nunha aldea pagando dous-cèntos euros ou inda casa gratis. Quèn è o que triunfou aí? Está claro, está claro que o que veu ó rural ou non?

I.2: È que cada un debería facer o que quère, onde quère, sin medo a que che digan, que ères un fracasado, que esto non pòdes vivir, que te tès que ir, porque aquí non hai nada... hai o mesmo que nos outros lados, o que pasa que hai que valoralo. Tès que acètar o que tès è ser feliz con eso, co que tu queiras, è non, ala! Así, se non vou a Santiago de botellón pois non son feliz. Pois non, serán igual de felices ca ti, tu pòdes facer o mesmo que eles, non sei por que sòlo tèñen eles èsito, pòdes ser igual tu ca eles ou eles ca ti.

I.1: Eu sèmpre poño o exemplo deste hòme co que colaboro, que está vivindo nun puèblo de Cuenca...

I.2: Imos baixando, que se non...

I.1: Que, sacando... no seu propio taller, ò sea, no seu propio baixo de casa fixo un taller è está sacando darredor de cuatro mil euros ó mes, que lle quedan limpos, porque o taller è seu. È outro tería que estar, que estaría facendo o mesmo en Madrí tería que estar pagando xa probablemente mil euros de renda todos os meses.

I.2: Pois, mira, aí tès outro exemplo de que si se pòde. O que pasa que non se quère eu creo, que te acomòdas è ala! Sabes que alí vas a ter eso, tiras è punto. Non pènsas, è que quedo aquí è fago o mesmo. Nò, porque è coma unha ovella que vai aí onde a mandan è punto. Aparcáronte aí, pois aí te quedas. Danche un piso, buèno, danche

non, pagas un piso, còbras a fin de mes e ala! Ères guai porque vives nunha ciudá, però buèno, è así igual, non-o vamos a cambiar.

I.1: Buéno, pois entonces, teremos que deixalo porque...

238

I.2: Por imposible.

I.1: Vai quedando largo, vai quedando largo esto...

9.16. Ramilo (San Pedro)

ETNOTEXTO A0728

Informantes: I.1 H. XM. (45 a), I.2 H. XA. (70 a)

Parroquia: Ramilo -San Pedro-

Lugar: Ramilo

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2016

239

As comparsas e o fulión de Ramilo

I.1: Eu acôrdome de cuando viñan eiquí agh comparsas, eiquí fíxose unha comparsa, non sei en que ano foi. Foi un primo meu è viñèron de Pixeiros, de Penouta, i-había unha disputa eiquí è lògo á noite había fèsta na, buèno nun baixo, nas cuadras, onde lle cuadraba; è de alí pa acá, nós tamèn na nòsa època tamèn, fixèmos unha comparsa, tiñamos unhas caretas de madeira cunhagh coronas, fomos a Valdín, fomos a Seoane, fomos á mina cuando traballaba a mina, i-a Penoutà, eso na nòsa juventú de Ramilo; è de alí pa acá pois xa non èsistía, nós non sabiamos nada de Viana, non se sabía, nin sei si había carnavales en Viana, deso non sei nada.

Había eiquí unhas disputas è fèstas con, ca gaita gallega è de... disfrazabámonos, faciamos unha careta, eu acôrdome de facer unha careta de cartón, facíalle un buraco, unhos òllos è pintábaslle algo o bigòte è... è deso è fèsta, a gaita gallega. Outro ano fixèmos (...) ese, un pintámolo un de negro i-outro èra iba de blanco, (...) eso acôrdome eu, eu non-o fixen. Eu acôrdome todo eso, outro ano cun carro levámolo, o peluquero cortándolle o pelo è cousas así, a gaita gallega, diario andaba a gaita gallega eiquí acompañando o, o Carnaval è de alí a fariña è non sei, pouco máis. Lògo despois xa se empezou a ir.e a Viana, xa empezaron a aparecelogh carnavales en Viana, ibámoslos a ver.e è carrozas è todo en Viana è despois xa empezamos eiquí o outro ano, vai cuatro ou cinco anos que empezamos a... entre nós, Ramilo è Penouta, axuntámonos un día eiquí na cantina pois a ver como facèmos, vamos a facer tamèn un, a xuntarnos a facer tamèn un carnaval pa ir a Viana con bombo, non tiñamos bombos, nada, non tiñamos nada, nin sabíamo-lo toque, inventouse un toque que ó parecer èra de Froxais antigamente que iba nunhos de Froxais, tamèn con nós, cos bombos, que decían que èra de Froxais, buèno pois será, inventámo-lo toque ese è empezamos a tocar, alquilámos bombos, estuvèmos buscando bombos en Viana, no da gasolinèra, non os tiña ou non os quería dar, buèno o que fose, fomos a Quintèla do Pando, montamos en Bembibre i-ó final atopámos.e, Quintèla de Edroso onda o Juan, co Pinto; è de elí pa acá levamos ido a Viana...Ramilo è Penouta. Empezamos con trinta ou cuarènta i-ahora vamos de setènta, setènta, òchènta, por aí andamos, è nada máis, que vou, máis ou menos.

E: È como ides vestidos?

I.1: Pois temos un, unha, un, unha sudadèra namais, imos cada un vai como, unha pañòleta i-òha, i-òha sudadèra; levamos unhes boteiros, van dous ou tres boteiros no nòso fulión è non imos vestidos de máis nada, unha pancarta. Van dous cunha pancarta representando o fulión de Ramilo è Penouta, è nada máis.

E: È a que puèblos ides por eiquí, así cuando empezais a ensaiar onde ides?

I.1: Temos ido, temos ido a Quintèla do Pando, temos ido á Hedroso, Quintèla de Hedroso, o bar.e, èlì unhes anos è fomos a, onde fomos? Buèno, non sei, por èi, a varios puèblos temos ido a tocar.e. Ahora andamos muto ca, fíxose unha asociación èi, en Viana, eso do Jorge, do Minas. Entonces a veces [a]xuntámonos os foliois è unhes cuantos de, do nòso fulión è outros cuantos doutro lado, vamos tocando por èi, ós pueblos. Fomos cara a Asturias, a Portugal è buèno por èi adiante, pèro eso xa è todo mezclau, xa è fuliois de Viana, unhos cuantos de Viana, outros cuantos de cada puèblo, xa è todo mezclau i-é o que hai. Ahora xa nogh puèblos acabáronse, acabáronse os fuliois, non hai xente, non hai nada, agora è todo cara a Viana. A onde vamos? È que máis che vou, que sei eu, que máis...

Facíanse as fèstas nagh cuadras, os domingos ou cada segundo domingo, non sei, i-eu cuando èra nòvo, cuando èra pequeno, pois or mozos, or grandes non nor deixaban ir á, á fèsta, metíanse nunhagh cuadragh, viñan-as mozas, bailaban e nós ibamos, ibámoslle a escutar ás pòrtas; è se nos metiamos dentro xa nos corrían, metíannos en casa a bon pau. Eso, eso acòrdome eu, pèro... vai, claro, tería dèz anos ou daquelas na miña època había, anos arriba, anos abaixo había, seríamos seis ou sète è ibamos è metiámonos onda os mozos, os mozos, eh!, os rapaces pá casa, non nos deixaban estar.e, ibámoslle a guichar ór mozos que estaban car mozas, a ver o que facían, ibámoslle è escondiámonos, pèro eso vai, claro trinta anos van. Entonces non se iba a Viana, eu cuando me acòrdo a ir a Viana, buèno, xa èra mozo è mozo; que me acòrde, iría nos outros anos, eiquí è o que digo eu, vai trinta anos que viñan agh comparsas eiquí a Viana non iba naide.

I.2: Empezaban por eiquí arriba por eiquí abaixo facendo como unha ronda enmagh-caraus con caretas è roupas bèn preparaus; è despois iban a unha tèrra por aí, a un sitio que se prestaba pa saltar ca monca eso è despois decían a disputa; è despois ás fèstas desde que pasou a comparsa esa, todo eso facíase a fèsta como dice o Farruco nun curro deses, nun todo preparau i-é o que dice, èramos rapaces (...) "Tu, carretèra". Tiñamos que escapar, se non... è facíase eso è viñan con caretas, magh-caraus, dicían a disputa, unhes cos outros. Empezaban èi nese puèblo:

"Venimos de (...) rodeados de cascabèles, heridos de los campos (...) que se muèren; venimos de un campamento con tièndas de campaña, venimos trague-la paz a la capital de España!".

Unhas disputas así, unhos cos outros, un decíalle eso i-o outro contestáballe doutra maneira e levábase eso. Pèro xa vai anos, eiquí había gaitas, è tocábase un tambor,

unha caixa desas, de puèblo ou se non, viña unha da música, pèro... Eu tuven tres ir-
maus ou cuatro que tocaban a gaita a razón do que sabía, a razón do que sabía claro,
non estaban preparados pa ir a unha orquèsta i-eso, pèro buèno, facíase eiquí agora,
algüis xa morreron, outras xa non lle miran a gaita nin nada, xa non lle fain caso, de 241
Paradèla, de Cepedelo, de onde èran máis? Ese puèblo que estuvo falando èí...

I.1: Pixeiros.

I.2: Pixeiros, èsato, por aí èra de onde máis comparsas viñan, pèro viñan preparados,
bèn vestidos è as súas caretas, un uniforme ben preparao, abaixo è as botas e à mon-
ca; todo eso non se facía aquí, si, agora claro non hai xente nos puèblos, è tal agora
onde organizan esto?

En Viana. Se vai, vas a Viana. E pois nada máis do que faciamos aquí.

9.17. Rubiais (San Cibrao)

ETNOTEXTO B0823

Informante: M. XA. (82 a)

242 Parroquia: Rubiais -San Cibrao-

Lugar: Rubiais

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2016

O forno do cal e os mouros en Gobia

I: No puèblo de Rubiais había un forno de facer cal, que está o filón da pèdra no sitio que se chama Gòbia, èra onde estaba o forno, è está.i.a pèdra, está.i.a pèdra que traballaban con ela pra que salira a cal porque antiguamente non había cemento, nada máis ca pèdras, que queimaban con leña que traían no monte e naquel forno pois ardía dous días, facéndolle lume pra saca-la cal, que èra o que empleaban pás paredes das casas. I-había na mirma zona, hai outro filón que en ver de ser.e con pèdra de cal èra pèdra de facer blanco como se, se sería ahora utilizado ièso, que branqueában-as paredes c'aquello, que queimaban cuando fa<cían>, queimában-a cal, ò sea, cocían-a cal, cocía tamén aparte algunha pèdra daquela clase que salía o blanco co que deixaban pra blanquea-las paredes, porque no<n> se utilizaba cemento nin ièso porque naqueles tèmpos non había nada deso, que eso está aí na montaña esa de Gòbia; e despois veu o caleiro de Seoane fizo outra clase de forno è sacou pèdra, queimou varios anos aí, sacou pèdra esportada fôra, porque dicían que inda èra mellor cá que sacaba alí en Seoane.

È marchou a NN, arrimouse á borde è marchou ó fondo do forno aquel, è non sei como non se matou a pobre rapaza! I-eu non sei como puñan a cal, como púñan-a pèdra, porque o lume metíanllo por baixo. Tiña un, unha boca grande e cunha orquilla, cunha forqueta èra con que arrimabana leña; pero había varios días, entonces, non había tratores, tiñan que apaña-la leña co carro, i-había varios días.

E: E quèn traballaba alí, os do puèblo ou viña outra xente?

I: Pois.a... primeiramente traballában-os do puèblo. O, o tiu Francisco, o abuelo de NN, para darlle a cal esa casa que ficèron aí, inda queimou, indo fizo el alí fornadas de cal, o abuelo de, da NN. Dicían que antiguamente había un, un buraco mui fondo, que tiraban pèdras è non sabían hasta onde èra o final que, que facían un ruído raro ó caer por.e agujèro aquel, como se caeron en fèrro ou en algo; que non sabían a profundidá que tiñan porque nunca naide, nunca soupo a profundidá que tiña ese agujèro, que eso è na mesma montaña esa de Gòbia, dando vistas ó puèblo de San-Agustín. Eso contábao o Villariño.

È tamên cuando antiguamente o dor mouros que aí no castillo, pois que èra onde facían a feira or mòros. È unha ve unha de San-Agustín viña co rabaño das ovellas è encontrouse con unha mòra è deulle unhos carbois; i-a muller colleuos, pero non lle deu importancia. Chegou ó rigueiro aí de San-Agustín, como lle chaman aí? Á Ferradura, è marcháronlle á.i.auga è viu que brillaban è foi è púxose a apañalos, pero parte deles marcháronlle á.i.auga; e fora que lle dira unha, unha mòra, que lle dira aqueles carbois è cuando viu que brillaban a mullèr inda apañou algún; è èra casa dos, do Rolo de San-Agustín, èra unha herdeira desa casa de San-Agustín que viña cas ovellas daquel monte donde estaba o castillo, que èra onde facían-a feira, que dicían. Eu óíao contar. Tamên como a fraga do mouro de Umoso, que tamên houbèra aí, algún, algún tesouro. Non sei por que parte de Andalucía andaba alguèn deles è nunha leienda leu que no terreno ese de Umoso que èra de, a fraga, dábanlle un nombre è todo, a fraga da Moura, que aí había un tesouro; è parece que pudo ser verdaí porque despois a casa do señorito, todo o que colleron en toda parte dos puèblos do aiuntamiènto de Viana, dalgún lado lle veu, que, buèno, històrias antigüas que se óían contar.e è un... èra o de San-Agustín, o de San-Agustín inda llo óín eu á mai nòsa tamên.

9.18. Santa Mariña da Ponte (Santa Mariña)

ETNOTEXTO B0496

Informante: I.1 H. XA. (79 a), I.2 M. XA. (75 a)

244 Parroquia: Santa Mariña da Ponte -Santa Mariña-

Lugar: Santa Mariña da Ponte

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

A aldea de Santa Mariña da Ponte e as feiras cara a Viana

I.1: Eu o puèblo o único que lle pòdo dicir pois, que era un puèblo que estaba, había muchísima xente eiquí. Tiñamos un café, tiñamos tres cantinas i-había pero muchísima xente; però claro, desde que veu o embalse, pois, cada un foi marchando pa onde pudo.

I.2: Tamén pasaba a xente de... de pa aí da parte de Grixoa, Vilar, Reigada, Manzane-da... viñan a pasa-lo puènte ese pa ir a Viana do Bolo, á feira, cada quince días era a feira. Entonces pois pasaban, unha viña por eiquí, de San Cristòvo tamén pasaban e de Conso tamén, casi lle quedaba... desde Villariño a Conso como de Santa Mariña a Conso. Entonces pa ir a Viana, pois eso, viñan por eiquí, pasaba muchísima xente; i-así é a vida.

E: È iban con ganado ou algo?

I.2: Con ganado.

I.1: Si claro.

I.2: Òi, de Pradoalbar, de Pradoalbar viñan, viñan a durmir a Entrecinsa ou se cuadra se lle daba tèmpo a Fradelo... A vida era, esclava del Señor.

E: È botaban tempo entonces pa chegar á casa?

I.2: Pois salían o víspora è viñan a durmir a, xa che digo a Entrecinsa ou a Sabuguido ou así; è despois pó outro, o día á mañá da feira salir con de noite, ala!, por aí arri<ba>, polo camiño aquel, que eu aínda fun polo camiño aquel que había pa ir a Viana, aí pola faceira de Villari<ño>, de Villa<riño>... de Fradelo, hò!

I.2: I-así. È despois foi millorando porque as carretèras, os embalses foi o que fixo millorar algo. È Santa Mariña deixou arruinado, è inda podía deixar máis bèn feito se a xente tirara pa onde tiña que tirar, però unha tirou pa aquí i-outra pa alí; i-algüis tuvèron unha reunión tal como esta tarde i-algüis ás cuatro da mañá foron ó Vao a falar co, co que estaba alí empregado pa navegar, que eso agora sópouse ultimamente, que non se sabía tampouco. I-así todo, mais de Santa Mariña puido quedar partiada, porque mismo a agua a auga da levada podía quedar encañada como quedou en

Soutogrande e en Villariño i-así. Fixèron o embalse, pero eso, i-aquí nada. Aquí todo unha [a]ruína. I-agora, como estás gravando xa non falo máis porque senón...

E: O embalse en que, en que ano o fixèron máis ou menos?

I.2: Pois o embalse quedouche un recuêrdo mui bárbaro. Fixèrono no cincuenta è oito, cincuenta è nòve, embalsaron no sesènta, que eu caseime no sesènta, vintèun de abril, è pasei pa ir onda o cura, pasamos aí onde as torretas que había antes, que viña a luz de Prado cabalo<s> pa Santa Mariña da Ponte, que xa había muito tempo que tiñamos luz eiquí, porque estuvèra unha maèstra aquí dando escuèla e alá lle axudou ós proiètos, e vivían aí que èra o cubiche. I-àsí, trampeando. I-ahora a miña voda...

I.1: I-ahora, agora acábase o puèblo.

E: Acábase o pueblo, si.

I.1: O puèblo acábase.

E: Xa. I-antes de ser o embalse, entonces como era èsattamente o puèblo?

I.1: Hòme, èra un puèblo bon, èra un puèblo mui bon... è divertido. Eiquí había de todo, había de todo eiquí antes de vi-lo embalse; pèro así que veu o embalse, claro, a xente empezou a marchar, unhos pa un lado, i-outros pa outro è hoxe no invèrno aquí quedan cinco ou seis personas, è todos maiores.

E: Xa.

I.1: Que ó final vaise acabar, o puèblo acábase; è unha pena, pèro acábase.

I.2: Tèn que poñerse os (...) mui mal (...) tódolos que marcharon do puèblo tèn, tiñan que vir ó puèblo.

E: E como, como regaban entonces antes? Como facían antes e como fain agora ca, ca auga pa regar?

I.2: Pois agora, case sièmpre está arriba no cima do lugar porque abaixo están as curtiñas todas en poulo. È traballa aí, ese veciño que veu aí, i-o Pepitos i-èstoutra do Rigueiro; i-eu traballo esa curtiña i-òn hòrto aí, pèro esa rêgoa co, cun motor.e.

E: Si, cun motor.

I.2: Gasta luz, pèro... Eso, e co rêgo tamên car bombas, poño as bombas no tanque que fixèramos tan pronto comprámo-la curtiña è lêvoa hasta onda a punta da curtiña e vou regando con pacència. I-así. I-antes èra o cachón, bëixaba por aí abaixo, uuuuh!, o cachón, pèro agora eso...

E: E que tēñen... un tempo pa regar, cada un unha hora ou como è?

I.2: Si, eiquí a auga inda está partida, inda non-a uniron toda, porque non quèren, porque de día è das fincas labradas è de noite è dos lameiros. Entonces anda, hai aí un tinglado que eu xa perdin-a fe de todo. Antes inda a daba, però agora xa perdín de afeito, porque hai que ir contando as horas (...) i-èsí è a vida. È mandai xente pa aiquí, non quèren alquilar as casas, que quereis? Tein medo que llas esfandangan.

I.1: Mais non hai quèn-as alquile.

I.2: Nò, haber había.

I.1: Nò.

I.2: Si.

I.1: Aquí non che vên naide.

I.2: Que che digo eu que según viñèron pa riba, según viñèron por eses puèblos da riba, pa aiquí tamên viñan, però non quèren naide arquilar.e. Despois que... agora no vrao a auga escasea que temos pás poucas casas, entonces quèn vai vir eiquí? Non digas que non viña aiquí xènte, è curtiñas èi, èi en frente están en poulo, morreron as mullères hai pouco. I-así.

Ahora veise eiquí isto sòlo, però derde pa alí, se te pois a mirar todo eso por aí èran curtiñas e güèrtos pequenos, è todos cheos de silvas e todo cheo de <in>mundicia que mete medo. Quèn-o vai mondar.e? A ver.

E: Pois casas hai mutas eiquí inda (...).

I.2: Non che digo que èran, èran, èran.e, éso; èran mutos veciños è entonces, però claro, cuando veu o embalse tuvèron que marchar, mutos i-eles, è tiñan que quedar dous namais, pa vivir bèn dous, que traballasen, que tuvèsen fillos [...] están en Soutogrande, è mira que Soutogrande se o conoces è un puèblo pequenico. Alá unha señora maèstra que viñèra, estremeña, casouse aí cun viúdo, e despois entre o viúdo i-èla tuvèron familia pero afogouse no nacedeiro. O viú<do>, o viúdo tuvo, fora casado antes e tamên se lle afogara no nacedeiro outro fillo, ela éra de Sabuguido. È despois a maèstra pois, fun dous anos pa alí de caseira [...].

O señor que traballou alí na discotèca con outro señor tamên que èran mutos, però foron morrendo e quedou el sòlo, tamên non se casara, i-alí están os dous. I-así è a vida. O outro está [...], foi a estudar pa alí [...] è, è colleu alí traballo, i-alí está. I-o outro anda polo mundo [...]. È entonces que lle quères? Quèn ha vir mondar eiquí? I-òs que tein os sitios, están cara a Barcèlona, están cara a onde lle dá a gana, è non, non-os mandan mondar, que lle quères? Èsí è a vida.

9.19. Sever (San Lourenzo)

ETNOTEXTO A0280

Informante: H. XM. (44 a)

Parroquia: Sever -San Lourenzo-

Lugar: Castiñeira

Ano da gravación: 2022

247

A infancia en Escola Fogar è as fèstas das aldeas

I: Boas tardes. Hoxe vou contar un pouco o que foi a... a miña infancia, a miña vida è como pasou hasta, hasta o día de hoxe. Eu nacín nunha aldea, unha aldea pequena de, da provincia de Òrense, alí empecei a miña vida è me criei con meus pais hasta que ór seis anos tuven que marchar a un internado. Non eu sòlo, senón eu è máis compañeiros è veciños do puèblo, porque como estabamos a vintèdous quilómetros do colègio, pois non había trasporte público, entonces tiñamos que quedar internaus toda a semana. Èí foron onde empecei eu a, a ve-la vida dura, a vida a ver como èra, èí tiñamos que con seis anos, con seis anos tiñamos que nós face-la nòsa cama, tiñamos que... pó-la mesa, tiñamos que facelo todo, practicamente. Había xen<te>, outra xente pois que, que tiña irmaus máis grandes, però eu non tiña a naide, son fillo único è non tiña a naide, è entonces, pois, tiña que me apañar como, como podía. Outros pois ó te-los irmaus, pois, axudábane è botábanlle unha mau. Èí houbo momentos de pasalo bèn, con compañeiros, cos amigos, però houbo momentos mui, mui malos. Había profesores è profesoras que nogh trataban como, como si foramos... animais practicamente, porque aí faciannos perrerías, faciannos... mutas cousas, despois de estar èí separaus toda a semana dos pais, pois, o trato tampouco non èra mui, mui bon.

Despois chegaba o invèrno, había mutos días de... que nevaba, entonces xa non èra sòlo unha semana, a veces pasábanse quince días i-había que quedar internau aí, había que quedar.e... o tèmpo que ficèse falta, xa que non se podía subir ó pueblo. Entonces non había outro remedio nada máis que quedar, eu i-e coma min pois os demais. Èí despois de pasar cousas malas, pois tamèn pasaron cousas boas, ficen mutos amigos è... ó fin despois aquilo èra como practicamente unha familia entre nós. De èí, de èí, pois, ese paso foi, foi pasando pouco a pouco hasta que terminamos xa o colègio, entonces pois de èí xa salín è, è quedeime no puèblo, quedeime no puèblo.

Èí, pois, había cousas mui bonitas como èran ar fèstas, èran ar fèstas dos puèblos onde se pasaba de marabilla, pasábase muta, mutas risas, mutas juèrgas, muto bai-les, muto... cada puèblo tiña a súa fèsta è èra unha cousa mui divertida. Os puèblos... as fèstas èran todas iguais, però cada un tiña pois millares orquèstas ou máir malas, però consistían en... empezaba á mañá, empezaba por facerse procesión, misa, despois á tarde empezaba a, a fèsta sobre as nòve da noite hasta as once da noite.

Despois íbase a cenar, á unha volvíase è hasta as tres da mañá. Tamên nésar fèstas había xògos, pois como èra os xògos de bolos que èra mui típico, xogaba, estaba moita xente ilusionada con, con ese xògo. Èra un xògo mui bonito, mui bonito. Eso foi como eu fuin indo pouco a pouco na, na miña vida. Éí paseino nestas fèstas teño que decir que o pasei mui mui bèn, fícen muitos amigos, pasei mutas diversiois, pasei mutas juèrgas, pasabamos risas, èra mui mui alègre, mui alègre. A día de hoxe inda me recòrdo muto muto... muto delas, muto, sobre todo cuando chega a do meu puèblo, aunque ahora xa casi non hai fèstas, todo se termina, pèro ese día, pa min è marcau è, aunque estou ahora lonxe da, de èlí, pois, sièmpre me recòrdo con cariño è sièmpre recòrdo os momentos bois que pasei nesa, neses, nesas fèstas, neses è sobre todo nesa do meu pueblo. Èra unha ilusión porque xa desde o día de antes xa empezabas, estabas todo ilusionau con eso, tirar...

O día de antes xa se tiraban bombas pa anunciar que èra a fèsta, ó siguiente día tamên se tiraban bombas, èra unha cousa mui... mui bonita, mui, mui bonita con muto cariño entre, entre todos, entre todos. Hoxe en día, pois, pouco a pouco vai-se acabando todo porque non hai xente, entonces pois xa apenas hai fèstas desas. Cuando vou alí, pois, a veces dáche tristeza vere o que foi aquilo i-ò que è hoxe. Hoxe, pois, è un... aquilo practicamente è un aburrimento porque non hai xente è sin sere algo no vrau, pois o resto do ano è un aburrimento; pèro buèno, inda así os que nacimos älí, eu polo menos sièmpre me acordarei è seguireime acordando deses momentos mui bois.

Tamên había outra cousagh que eran no invèrno, que èra a matanza, a matanza do, do cerdo que aquilo tamên èra unha fèsta tamên mui bonita onde se xuntaban todos os veciños. Aquelo empezaba pola mañá desaiunando, despois matábase o cerdo, despois ar mulleres iban a lava-las tripas è despois chegaba a hora de xantare, xantábase, xantábase èí, ríase tamên, contábase chistes, contábase cada un o que sabía è pasábase mui bèn, èra un día mui, mui grande. Despòs de xanta.. pois a xente iba hasta as súas casas e despois volví cenar a eso das nòve da noite. Éí collí<ase>, cenábase è despois èra o xògo de cartas, ou bèn se xogaba á brisca ou bèn se xogaba ó tute, pèro eso alargábase hasta, hasta dúas ou tres da mañá, depende; èra unha fèsta que... mui mui bonita èra entre todos or veciños do puèblo, amigos è os familiares, os que viñan a axudare. Despois ó siguiente día facíase a derfeita, eso xa normalmente facíase cada un o... a súa, da casa; facíase a derfeita è cuando se despezaba o cerdo è... se preparaba pa facer chourizos, pa facere androllas típicas de por alí è... esas cousas. Èra mui mui boa, unha fèsta que... que daba gusto tamên, daba gusto è así estas cousas, por eso me recòrdo moito delas è nunca se me van olvidar.

Como decía, eu estuwen en Escuèla Hogar; salín do, salín do puèblo cuando marchei a Escuèla Hogar, despois fícen èlí os estudios, despois estuwen en casa è despois. Pois, pouco a pouco a vida foime traendo a outro sitio. Foime traendo hasta que hoxe estou en Cataluña, estou aquí porque por, por circunstancias da vida pois caseime

eiquí, estou feliz, estou mui a gusto, teño unha muller marabillosa, dous fillos marabillosos, è algo que non, que non cambio por nada; pèro inda así recòrdo muto aquilo è gústame ir bastante, o que pasa que polos traballos non, non pòdo ir porque è mui lonxe, as combinaciós son mui malas tamèn è o traièzto è mui largo. Entonces non, hai que ir cuando se pòde. 249

Buèno, pois con esto termino máis ou menos, o que foi un pouco a miña vida contada en poucas palabras è, è hasta o día de hoxe, pois máis ou menos como, como foi, recordando todas esas fèstas è todo eso que vos comentei, que se pasaba de marabilla, de marabilla. Aquelo había veces piques nas fèstas entre... que mellores orquèstas traía un pueblo ou traía outro, había puèblos que tiñan dous días de fèsta, había outros que tiñan un, había... Èra unha cousa que, que daba ghusto velo è vivilo, è vivilo. Como neses, normalmente ésar fèstas facíanse no vrau. Entonces como tamèn iba muta xente de vacaciós pois, había fèstas que se xuntaba muta muta xente; è había siempre unhos puèblos que tiñan mellor fèsta è outros máir mala porque unhos estaban máis cerca de, de aiuntamiènto, è outros estaban máis lonxe, pois eses que estaban máis cerca normalmente sièmpre había, había millores fèstas como èra por exemplo unha de San Mamèd, como èra a de San-Agustín, como èra a de Caldesiños. Esas èran únhar fèstas mui, mui boas è mui sonadas è onde se pasaba, onde se pasaba bèn. Buèno pois con esto que vos contei xa sabeis un pouquiño máis de min è nada máis. Así desta maneira pois, despídome.

9.20. Solbeira (Santo Adrao)

ETNOTEXTO A0232

Informante: M. XM. (40 a)

250 Parroquia: Solbeira -Santo Adrao-

Lugar: Solbeira

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2021

Lembranzas da infancia

I: Eu vou a falar dos meus recordos de cando era pequena è que tènien que ver coa vida do pobo alá pola segunda parte da década dos, dos oitènta. Agora que estamos no invèrno e que nestos días vivimos días de nève, recòrdo as grandes nevadas naqueles anos. A alegría ó despertar e ver que estaba todo branco, è buèno, máis alegría aínda era o saber que o autobús escolar non iba poder subir è polo tanto nos quedaríamos na casa è poderíamos disfrutar da nève co resto do, dos rapaces do púeblo. Recòrdo a saída cos, cor demais rapaces, a facer (...) a guerra de bôlas de nève, facíamos muñècos de nève, è, buèno, tiñamos un xogo mui divertido ou así nolo parecía a nós, è agora penso que era bastante temerario, però, buèno, nós nesa época non víamos o perigo por ningún sitio, pasábamolo, pasámolo genial; que era, ese xogo consistía en camiñar ou intentar camiñar sobre o xeo nas pozas de auga que estaban totalmente, totalmente conxeladas. È buèno, insisto en que igual èramos unhes temerarios, però nesa época nós non víamos o perigo por ningún sitio.

Outro recòrdo que teño son as històrias que contaba a xente maior è... sobre todo nos fines de semana, polas tardes que nos reuníamonos os rapaces a xogar e xente maior, pois reuníase tamén por alí a falar das súas cousas, è buèno, nós sèmpre estábamos espetantes a ver si escoitábamos algunha historia destas, que buèno, que nos gusta escoitar cando somos nenos e cando non somos tan nenos tamén.

Entón no meu, no meu pòbo había unhas, unhas casetas abandonadas que eran de xente da sèrra de Pías, de Vilanòva, de Barxacòva... e esa xente, pois, tiña castiñeiros en Solbeira; e cando era época de recolèción da castaña pois baixaba para o pòbo, è buèno, vivía no pòbo como unhes veciños máis è hasta que remataba, remataba o tempo da castaña. Entón eu creo que a xente que vivía en Solbeira durante todo o ano pois eles víano e me imagino que pa esta xente que baixaba da sèrra tamén ó pòbo tamén o verían igual como unha espècie de intercambio pois cultural, non? Porque había varias històrias que nos contaban de buèno, distintos pratos de comida que se facían, os distintos usos que se lle daban a, a, buèno, pois cousas que en Solbeira utilizaban para algo, però eles utilizaban para outra cousa distinta os diferentes aparellos de labranza que traían; è buèno, sèmpre o que recòrdo que teño é que palabras con moito cariño destes, destes nòvos habitantes por así chamalo. È, è buèno, describíano sèmpre

como xente moi dura e moi traballadora, è, è esta descrición era así porque según eles, pois, estaban moi acostumbrados á difícil vida que tiñan que soportar nas montañas.

Eu teño moi poucos recòrdos destas, destas històrias, però buèno, eu vía esas casas como cheas de, cheas de maxia, cheas de... imaxinábame todo tipo de de vivèncias que se poderían producir alí dentro, buèno, eu esta xente non a coñecín nin nunca lle puxen cara, però si que aprendín a apreciar a través dos contos que nos conta<ba>, que contaba a xente, a xente maior. È... cèrca da miña casa había unha caseta destas, que pertencía a unha señora que era señora Reinalda; entón, buèno, agora xa non queda ningunha das casas, están todas esborralladas ou buèno, xa nin sequera se ven, però... cando eu era pequena había, esa caseta si que existía, estaba un pouco deteriorada. Entón cando alguén preguntaba de quèn era esa casita esborrallada, pois eu, eu respondía como sempre que: "Esa è a casa da señora Reinalda", como si formara parte da miña vida alguén a que eu nin sequera lle podía pór cara porque nin nunca a vin nin nunca coñecín.

È outro recòrdo que teño tamén era cando chegaba o alambique ó puèblo para facer aguardente; para min era todo un proceso máxico como do viño tinto podería salir un líquido transparente; entón, buèno terían que pasar anos hasta que entendera o que é un sencillo proceso químico, pero que para min nese momento, como unha rapaza que era, era pura maxia. Entón recòrdo cando chegaba o señor Teolindo de Caldesiños, el colocaba o seu pòte no forno da aldea è un por un os veciños, pois iban levando o bullo de uva para que el, para que el co seu pòte sacara o preciado líquido. È meu pai era o encargado de facerlle o relèvo cando o señor Teolindo marchaba a descansar, porque buèno, tratábase dun mini proceso industrial, por así chamalo, è, è claro, ese proceso non podía parar, entón era de día è de noite; è buèno, para min era todo, todo un pro<ceso>, era unha època mui máxica.

Eu creo que no pòbo se vivía tamén como unha espècie de acontecemento porque, buèno, variaba un pouco a vida tranquila que se podía levar desa època, que sempre coincidía pois, casi sempre por, antes de Navidá, eu pòdo recordar así máis ou menos. Entón, buèno, pois a xente estaba pendente de a quèn lle tocaban os turnos para, para facer aguardente ou para levarlle comida ou bebida ou para axudar cando había que vaciar o pòte écetera. Entón, bueno tamén-o gardo así con especial cariño esa, ese recòrdo.

È outro recòrdo que teño tamén son-os Carnavales. Aquí en Solbeira pois non, non temos unha tradición de folión como pasa noutros, noutros pòbos de Viana però si que, que cando eu era rapaza, è, os rapaces da aldea salíamos a tocar con latas è, è disfrazados. Entón íbamos polas distintas, polas distintas calles do puèblo è os veciños... pois, dábannos galletas, chourizos è incluso cartos, que nós, buèno con eses cartos pois íbamos á cantina que, que nesa època había no puèblo, que era como unha espècie de, buèno, minisupermercado, que agora xa non èsisten ese tipo, ese tipo de negocios; pero buèno, alí nós *acomprábamos* os chuches ou refrescos

è buèno, con todo eso que podíamos conseguir, dába<nnos>, facíamos merendòla entre, entre os rapaces.

252 È tamên había a tradición de facer o lardeiro è a lardeira, è buèno a lardeira case nunca salía porque os rapaces èran bastante perezosos, entonces nunca, nunca solían facer, però a lardeira as rapazas si que, si que a facíamos. Entón pedíamoslle, buèno, a tradición era que había que roubarlle a roupa ós rapaces, però, buèno, nós èramos máis boíñas è pedímoslle a roupa dos rapaces ás súas mais, que eles... que elas nola cedían tan gustosas e así sacábamos o lardeiro. O lardeiro era do máis variopinto porque claro, nós non tiñamos unha careta para pórllle, entonces buèno a cara que tiña o lardeiro era unha remolacha, que nós coa máis boa intención intentábamos debuxarlle unha cara o máis agraciada e o máis parecida posible ó humano, però poucas veces o conseguíamos.

É agora na, na actualidade os Carnavais aquí pois vivímolos, sacamos o lardeiro e a lardeira è, è buèno, faise unha comida, normalmente o sábado de Carnaval, do, dos veciños do pòbo, se invitamos algún amigo, è buèno, faise unha comida de... pois típica de Carnaval, non?, con cocido è con androlla è, è facémola, è facémola na casa do pòbo, nunha casa que se, que está habilitada para eso.

Outro recòrdo que teño è que si seguimos mantendo ó longo dos anos é a ronda do carro. A ronda do carro faise a víspera da festa do pòbo, que è no mes de setèmbro; è esa ronda, buèno, pois, consiste en sacar un carro que antigamente se utilizaba para traballar co ghanado, o típico carro de vacas, è os mozos van tirando por el por todas as calles do, do puèblo, è no carro van subidos os rapaces pequenos; è buèno, por supòsto vai acompañado con música das gaitas? que tòcan, que tòcan os veciños. È o carro vai parando por distinta, polas distintas casas è os veciños pois van sacando bebidas, galletas, bica, buèno, non pòde faltar o chupito tanto de licor café como de aguardènte de hèrbas. Buèno, è, van sacando diversas, diversos alimentos, non?, para facer máis ameno o que è a ronda.

E ó finalizar a ronda tomamos o, o chocolate; antes, buèno, pois tomábamolo na calle, facíase nunha das casas do puèblo, calquèra delas è... buèno tomábamolo na calle en calquèra das calles onde rematara a ronda ou buèno na plaza do pòbo tamên. Habitual, agora ultimamente, buèno, pois facémolo tamên na casa do pòbo xa que está, xa que está habilitada tomamos alí o chocolate. È o carro buèno, è, digamos que è unha insinia do pòbo, porque tamên se lle dá outro uso que è cando se casa algún mozo ou moza do puèblo. O que se fai è adornarse o carro como si dunha carroza se tratara. Entonces ó rematar a ceremònia os nòvios súbense ó carro è o resto da mocidade, pois, vai tirando do carro desde a igrexa hasta, hasta a plaza; è buèno, pois digamos que è unha tradición que, que intentamos manter. Digamos que o pòbo, o pòbo, o carro è toda unha insinia do pòbo de Solbeira.

È xa para rematar, è como estamos en época de Navidá, outro recòrdo que gardo con especial cariño è o día de, de Reis. Imposible non recordalo como un día cheo de maxia e de rituales, desde deixarlle galletas, vasos de leite, buèno, na miña casa vasos de leite máis bèn deixábanselle chupitos de aguardènte; de feito eu, para, para a miña sobriña aínda llo sigo facendo os Reis i-ela faille gracia que lle deixe os chupitos de aguardènte ós Relles Magos.

Entonces, buèno, na, na víspora deles, o día cinco á noite pois déixaselle, deixámorlle eso, únhar galletas è unhes chupitos de aguardènte è... auga para os camellos.

È tamén colocámo-los zapatos, non? Os zapatos no comedor; no comedor da miña casa era moi importante colocalos enfronte ó, ó balcón porque os Reis Magos entraban por alí, por o balcón; è claro, non se iban a parar os Reis Magos a buscar donde estaban pòstos os zapatos, entonces nós encargábamonos de colocarllos bèn ás vistas para que eles sòlo nos deixaran os regalos e non tivèran que, que perder máis tempo. Entonces recòrdo, buèno, a maxia desa noite sobre todo os nérvios da mañá cando eu nunca me levantaba è antes ca meu irmau, el levantábase primeiro è era o encargado de ir a mirar a ver si, a ver si nos deixaran os regalos que, que pedíramos. È buèno, el sèmpre daba o grito de "Viñéron os Reis".

Èra todo un, buèno, pois unha mañá máxica, como me imagino que na vida de calquèr rapaz. È despois de abrir os regalos, que curiosamente sèmpre, sèmpre acertaban è sèmpre nos deixaban o que máis ou menos lle habíamos pedido, pois.e, eu con meu irmau íbamos a ganarlle o aguinaldo ós veciños, os veciños máis cercanos á nòsa casa. È ganar o aguinaldo sinificaba, buèno, dicir aguinaldo antes que eles cho dixèran a ti, entonces eso supuña que lle ganára-lo aguinaldo e que che tiñan que dar, pois, buèno, dábannos sèmpre un regalo ou cartos, entonces, buèno. Eu recòrdo con especial cariño o meu veciño Paco que sèmpre nos esperaba todo contento è facía como que non nos vía chegar para que, buèno, pois para que nós lle pudèramos ganar, ganar o aguinaldo.

Despois, despois desto sèmpre solíamos ir a, ó puèblo de meu pai a Seoane de Arriba è alí recorríamos as casas, pois, dos meus tíos, a ver se os Reis tamén nos deixaran algo alí; e por supòsto os Reis eran sèmpre moi xenerosos è nos deixaban algo; entonces volvíamos todos contentos para casa, cargados de regalos.

Teño unha anèdota moi curiosa, buèno, agora còbra, còbra sinificado pola loita de igualdade que, que estamos a vivir nò? entre o hòme è a mullèr. Buèno, è graciosa porque nun deses Reis cando chegamos á casa de miña tía Lòla, que era unha mullèr intelixentísima è buèno, agora analizando un pouco, creo que era adiantada á época na que, na que lle tocou vivir.

Entonces, buèno, nós corremos e corremos enseguida á galería que era onde os Reis entraban è deixaban alí os seus regalos; è buèno, meu pai sèmpre se ría da cara que puxèmos eu è mais meu irmau cando chegamos alí è vimos que ó lao do meu nòme,

pois, había unha escavadora, pa que iba querer eu unha escavadora? E no de meu irmau pois había unha muñèca. Entonces, buèno, recòrdo as risas dos maiores è, è a tía Lòla dicindo que, buèno, que xa estaba bèn, que os Reis estivèran moi acertados e que por que sèmpre tiñan que deixarlle muñècas ás rapazas e non ós rapaces.

Buèno, claro está que nòs como rapaces que êramos, enseguida solucionamos o problema, intercambiámo-los regalos: eu quedeime ca muñèca, unha muñèca preciosa; e meu irmau quedouse coa escavadora, é buèno, todos tan contentos.

9.21. Tabazoa de Hedroso (Santa María)

ETNOTEXTO B0484

Informante: I.1 H. XA. (70 a), I.2 H. XA. (75 a), I.3 M. XA. (68 a)

Parroquia: Tabazoa de Hedroso -Santa María-

Lugar: Tabazoa de Hedroso

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2016

255

O campo da Gonza

I.1: Cuando ficèron o campo de Gonza, pois.e, este puèblo que... foi aprosimadamente polo sesènta è dous, sesènta è un, sesènta è dous, non tiñáamor luz, non había... xa lle dicía antes esto estaba abandonao, pòbre è... os que returaron o campo da Gonza cuando ficèron os almacènes, necesitaban luz, por supuèsto. Entònces pedíronnos á vecindá de que lle deixáramos pó-los paus gratuitamente nar fincas nòsas pra levar luz pa alí; iè comprometéronse, i-afètivamente así o ficèron, de bāixarnos, darnos luz ó puèblo, pagándoa nós è tuvèmos que levar cada veciño un pau ou dous, os que ficèra falta; foi o único que, que nos.e pediron. Despois a carretèra, non había carretèra, porque tiñan que vir dirde o alto de Covelo á pista que iba á mina de Penouta; entònces, sobre todo en invèrno car nevadas que caían è eso, pois chegaban aí os camiós è non subían, è estaban aí paraos, deixaban aí o material, è, en fin.

I-èso (...) ficèron, foi cuando máis adiante, desde que terminaron ou xa antes de terminar, ficèron-a carretera dirde o campo da Gonza a enlazar ca que vèn da Rúa a Mourisca, enlazan en Mourisca. I-è buèno, deixárono-lo ramal ó puèblo pa poder bāixar ó puèblo, que tamèn entrara un pouquiño no convènio de, de deixarlle pa traer-la luz así gratuitamente; iè, ié foi como, como se empezou a pór por aquí, a facer así as cousas, pèro non hai máis, pois non vexo así outra cousas que poderlle explicar do puèblo que merezca a pena.

E: I-os paus, os paus que levaba, como eran eses paus? Eran grandes ou como eran?

I.1: Buèno, máis ou menos da altura que tein agora os, os nòvos paus. Òra, deréitor non, porque non tiñámos.e, onde... intentabamos levar o mellor posible, o mellor pau que encontráramos; pero alguís èran algo máis torcidos, de castaño, è levabámorllos è... incluso facían eles o<s> buracos è todo. Nór non, namair darlle o pau; iè, si se comprometeron, si, è trouxèrono-la luz è buèno foi cuando xa empezou esto a desarrollar un pouquiño, que a primeira noite aquilo èquí que nor diron o alumbrado... porque andabamos co nòso faròliño na mau... aquilo èra tercer mundista, tercer mundista èra porque non se lle pòde chamar doutra maneira.

E: Xa, xa.

I.1: Des<pois>lintèrnas non, non se vían, incluso a moxedá ou iba ás escuras pa outra casa ou incluso, pois co<i>ncidían de que tiñan novia no puèblo, iban co seu faròliño na mau.

256 E: Claro, si, si, cun gancio.

I.1: È co gancio, pois si, o gancio trátase dun pau, dun pau seco de que prendías.e lume, encendíase è iba ardendo i-algo alumaba, algo alumaba; è xogabamos hasta á brisca i-ò tute con aquilo.

I.2: I-o candil de carburo.

I.1: Si, èra mui triste, hoxe è preferible olvidalo è...

I.2: È despois viñeron or mòros è botáronos fôra...

I.3: Èra mui alegre.

I.2: ... que vivían aí arriba os mòros.

I.1: Si, aí arriba, si hò, óie, esplicalle...

I.3: Antes nar matanzas pasabámolo mellor que agora na fèstas, porque na nòsa casa, èramos muto<s>, eu èra nena inda pequena; pèro iba o teu abuèlo è tocaba na silla... os palillos è, é con eso quería que bailasen Santiago i-à Vicenta a miña irmá; i-è despois non sabía, púxose a bailar coa miña irmá, teu abuèlo, è puñía así a cabeza pa tras, é eu que sei sería ó estilo de antes. È empezáronse a rir todos e cabreouse, pèro parou de tocar a silla, marchou pa casa cos palillos; pero pasábbase muito mellor ca agora nar matanzas i-en todo, porque nas matanzas rematabas o traballo è rei-paz.

I.2: Debía se-la fame.

I.3: Podía ser.

I.2: Porque ibamos pár viñas cantando, volviamos cantando, volviamos cantando è na seitura igual, cantando: "As voces del mar marinèro pa aquí, pa allá" è todo tranquilo. De día igual comiamos menos, pero agora xa non è así, cambiou a vida ó cièn por cièn. Esto... cambiou bastante.

E: En que máis o notan?

I.3: En que somos vèllos.

E: En que máis se nota todos, todos eses cambios?

I.2: Eu inda son un rapá, teño dezanòve anos, è onde máis o nòto eu... que lle vamos facer.e. Ai se me volvera daquel tempo!

I.1: Creo que onde máis onde máis se nòta è que nos ficèmos mui inde<pendentes>, non sei como decilo.

I.2: Cada un en por si.

I.1: È... mui solitarios, cada un vai á súa vida e con esto, con esto levábanor bèn, gracias a Diòs, todos or veciños no puèblo; pèro claro, porque cuando eu èra chavalòte dicíanolos, os mozos máis ancianos: "Èh, rapá, venga que vós aquí non debeis estar". È entònces tiñamos que marchar; pèro tamèn tiñamos outro, outra cousa mui bonita, que aquí donde estamos, pois eiquí o primeiro mozo que sálía, hasta que non sálía o último mozo do puèblo i-ò último rapá que viñèra á fèsta ou un ou unha persona maior, eiquí esperábase por todos.

E: Ahá.

I.1: Chegabamos á fèsta i-a costumbre que tiñamos, sobre todo or deste puèblo, doutros puèblos pois non sei se o facían ou se non-o facían, èra invitar ár mozas no primeiro dulceiro, que èra unha especie de cantina, invítalas a tomar algo, que se lle pagaba normalmente, èra jere<z>, un pouco de jerez i-únhar galletas de de vainilla; i-os hòmes tomabamos viño ou cerveza con gaseosa. I-è o primeiro baile bállábase os mozos do puèblo car mozas do puèblo.

Despois si, xa cada un á súa vida i-á noite volviámonos a reunir para vir prá casa; i-ar mozas viñan pá casa i-o, i-a maioría dor mozos arriba ó barrio de arriba a toca-las campanas è a... chamábanlle, chámase "as oraciois".

E: Ah! È que èra eso das oraciois?

I.1: Pois "as oraciois"... è, non sei que significado tein, pèro pèrce que èra unha cousa que xa vên do, de mui lejano como si quixeramos adorar a calquèra santo ou a calquèra patrón do, do puèblo; i-é, facía, había que sabelo tocar. Tamèn se tocaba cuando viña unha tormenta, ó tente nublado è decía, que cheo estaba dicindo as campanas tocaban como è debido:

*Tente nublado
non veñas tan cargado
garda viñas, garda pan,
garda fuègo de alquitrán.*

È buèno, pois.e, cada toque tiña unha, un sinificado. Tocábase pra botar o ganao, xa sabíamos que èra pa botar... o ganao. Tocabas è... noutro toque, que è o que había incendios, pero xa o sabíamos todos or veciños, que pasará? È bueno, xa non, xa non che falo de, de tocar a defunto, que ese conocémolo todos. Estabamos, buèno, pois hasta xa sabíamos, me cago no mar polo sol, sen ter relô, que hora èra. Si hò! Èra bonito, claro que èra bonito... pèro conocendo a vida de hoxe è totalmente distinto, que duda cabe.

I.2: (...) mui pouquiño.

I.1: I-ò que decía aquí o NN, o meu veciño, pois.e, or mòros, que viñeron os or mòros, si, èi na Muradella había, había unhas murallas que se vía que había casas formadas. Èran casas redondas que eu recòrdome que èran casas redondas, è todos sièmpre nos dixèron que estaban, que viviran aí or mòros. È non sei, se foi antes da guerra, que eu a guerra xa non-o, non-a recordei, afortunadamente, però si.

I.2: Meu sogro que foi antes.

I.1: Tuvén familia que perdín na, na guerra, meu padre estuvo na guerra è outro tío estuvo na guerra, que veu a murir á casa, muriu car vías respiratorias congeladas; en fin, as guerras xa sabemos o que traen, cousa boa non. È bueno, el deixou aquí a un irmao que èra pequeniño, un fillo que pois tería meses, miña madre, miña abuèla, i-ò, i-ò abuèlo que estaba cègo. Meu abuèlo, pois.e, non porque fora meu abuèlo, però según me contaron que eu non tuven o gusto de conocelo, èra moi listo; el lía muto i-è de lle òir decir a meus padres que xa decía el:

"Mirai, fillos, esto ahora non vemos inda nada, però hai, imos chegar.e, eu non-o verei xa," o pòbre xa estaba cègo, non-o podería ver nunca. Decía: "Han de andar.e máis xente polo aire ca por terra", estámolo comprobando, que así è.

È buèno, pois despois eu, aprendeu a toca-lo violín iè como as vidas eran críticas è... andaba el i-a súa muller, que èra a miña abuèla, andaban por onde podían, incluso o día que estallou a guerra colleos en Benavènte; i-en Benavènte parouos a Guardia Civil è dixéronlle: "Pèro abuèlitos, qué hacen ustedes por aquí?"-"Poir vide, dicen que estallou a guerra, vamos a ver se podemos chegar á nosa casa. Non nor van deixar pasar?" Pèro tanto se compadeceu a Guardia Civil, dixéronlle: "Mire, non vaian por onde van ustedes, que por aí estalle todo controlau. Métanse por un sendeiro". È viñeron hasta A Gudiña; na Gudiña, aí colléronos... a Guardia Civil, os que estaban pra eso, a controlalos. I-aí, si, aí dixéronlle: "Home, somos de Tabazoa do Lombo, por favor déixenos pasar, que temos un neniño pequeno". È buèno, deixáronos pasar; i-así foi chegando hasta que chegaron eiquí. I-è, è inda andaban ó que èra o contrabando. Tiñan unha borriquiña è marchaban a buscar.e pan a Portugal, que tamén xa èra triste a paliza que se daban pã ir; è como decía inda miña abuèla, que si a abuèla reconocina, ò sea, conocina bèn inda, inda non vai mutos anos que faleceu tampouco; è, è decía.i.ela: "Namais unha ve me ficèron descargar a carga", dunha burriquiña que traía, unha burrica non sería mu grande, è derde que mo quitaron, debeulle dar tanta pena de min porque eu boteime a chorar "Que comerán or meus fillos esta noite". È buèno, volvéronlle eles a cargar a burra è deixárona vir.e.

I-así foi a història de, da casa miña, de meus abuèlos. È <d>espois non, non teño así máis... por claro xa marcheín, despois marcheín ós dezaset'anos è non, non teño històriar do pueblo que puèda, que pòda contar porque ar desconozco; desconózcoas e entonces non quixèra tampouco dicir tontèrias que eu non conozca.

9.22. Viana do Bolo (Santa María)

ETNOTEXTO B1014

Informante: H. XM. (48 a)

Parroquia: Viana do Bolo -Santa María-

Lugar: Viana do Bolo

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2016

259

A fala de Viana do Bolo

I: A fala do galego na zona de Viana tèn unhas caratèrísticas lingüísticas que as diferencian de, de outras zonas do, do concello de Viana è doutros concellos limítrofes con Viana. A utilización de palabras castelanas è è algo moi habitual entre os galegos que vivimos en Viana do Bolo. Unha das razóns principais de que haxa esta abundancia de palabras castelanas no nòso vocabulario provèn da nòsa proximidade xeográfica con Castèla-León.

È durante séculos, os intercambios è... comerciais è laborales ècétera fixéron de que houbèra un continuo movimieuto de de personas, animais è mercancías entre ar distintas zonas, a zona galega i-a zona castelana. Eso fixo que na fala habitual os castelanoparlantes è... falaran a menudo è prós seus negocios cos galegoparlantes; è así se foi conseguindo que mútar desas palabras foran incluídas è... no galego da zona de Viana como algo habitual è admitido.

Posteriormente è... no século vinte nada, a zona de Viana veuse favorecida por unha sèrie de obras hidráulicas, presas hidroelétricas que tamèn è... conseguiron atraer a mutos traballadores de distintas partes de, de España, tanto andaluces como castellanos è... extremeños è tal, que incluso algúis deles, pois, fixéron vida en Viana ou nos pòbos do concello, casáronse e tuvèron fillos. Esto influíu tamèn de que esas palabras è... fóranse utilizando no linguaxe habitual è, è así permaneceu hasta o día de hoxe.

È... de todas maneiras, o concello de Viana inda tèn a nivèl lèxico è... varias palabras que non se atòpan noutra, noutros puntos do mesmo concello ou doutros concellos. Me refiro en concreto á palabra bullòte i-á palabra choupín. Bullòtes se refire á castaña en castelán; è unha zona de castiñeiros, unha zona donde a produción de castaña, de bullòte, è mui estensa è... è pa... i-entre nós falamos, ou denominamos a castaña como bullòte. Na zona do Carballiño a palabra bullòte sustitúllese pola palabra bullô.

È... despois fago referència á palabra choupín, que è pra denominar un tipo de seta que digamos no linguaxe culto ou latino sería a *Lepiota procera*, que... unha seta caratèrística da nòsa zona xunto con outras variedades de setas que se distingue por ser, nacer primeiro como o, un redondeado en fòrma de micrófono è despois según vai crescendo o sombreiro vaise abrindo. O sombreiro tèn na súa punta è... unha zona

coloreada dun marrón máis escuro que o resto do, do sombreiro, è, o... no perímetro do sombreiro están distribuídas varias manchas máis escuras de, de pigmento. Despois tèn o tallo, neste caso o tallo está adornado è... por un è... hai un anèl de... vexetal è, è despois ó suèlo brota polas espòras que ano tras ano os diferentes choupís van deixando no suèlo cuando a època da estación de outono empèzan a vir as auga<s>, a auga, as chuvias è o, i-o sol fai que esas espòras que caeron no suèlo volvan a nacer ese ano, co cual se consegue de que ano tras ano haxa grandes zonas nos que... hai unha proliferación mui abundante de... de choupís.

9.23. Vilardemilo (Santa María Madalena)

ETNOTEXTO A0672

Informante: M. XM. (58 a)

Parroquia: Vilardemilo -Santa María Madalena-

Lugar: Vilardemilo

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2016

261

Os tempos da escola

I: Buèno, empezámo-la escuèla pois con... antes non ê coma agora tan cedo; empezábamo-la escuèla pois ó mellor con sète, oito anos, que empezabamos; o que pasa que tamên no<n> ibamos ela, ó mellor hasta mediodía. A mediodía iban os pais a buscarnos que tiñamos que ir car vacas ou cas ovellas e xa tiñamos que virnos pra casa. Ê nada, a escuèla pois èra de de rapaces e rapazas todo xunto, i-había mutos entoncos, había, si hòl, polo menos unhos trinta rapaces e rapazas, è viñan doutro puèblo, da Ermida, viñan eiquí tamên tres quilômetros polo menos andando; è despois a mediodía è a no recreo pòr dábannos, dábannos un leite que viña nunhos sácor de pòlvo, cada un levábamo-lo nòso vasiño, fervían unha porcelana mui grande con auga è tomamos o leite aquel a media mañá, a media mañá que era máir auga ca leite.

Pèro buèno, tomamos o leite aquel; è despois volvíamos a comer a casa è á tarde volvíamos outra vez ó colègio, pèro creo que á escuèla, pèro pouco, pouco pola tarde ibamos pouco, porque había que ir a traballar, había que ir a traballar.

È os maestros, os maestros tamên duraban, ó mellor dous ou tres meses cada dous ou tres meses viña un, cada dous ou tres meses viña un porque èran aqueles interinos, que a mitá deles nin tiñan estudios nin tiñan nada, a mitá deles estuvèron aí, únhor de Viana que practicamente non debían ter, o que pasa que, ó mellor os que èran, tiñan-a praza mandaban a èstes, pagábanlle algo è mandábanos. È porque nestes puèblos tamên viñan, que había que lle ir a buscar a maleta coa burra a Viana, pa pa vir ó puèblo è despois aquí había algüis que vivían na... alí na escuèla, pèro claro, alí vivían mui mal. È entoncos pois vivían (...) tempo aí na casa de meu tiu; na cucuña baixa que viñan aqueles profesores que nunca viron, ó mellor viña de cara Vigo que nunca viran fumo è è chorábanlle os òllos todo o día i-aguantaban os pòbres, aguantába<n>se è estaban aí, è saliamos ós catorce anos.

Os de trece anos saliamos do colègio en cuarto, co cuarto que èra xa o máximo, o máximo que tiñamos era cuarto e ós catorce anos saliamos, i-ò que salía con cuarto feito; era pòs coma agora, pois xa tiñan, pois eu que sei, no istituto èra como se fora o istituto. È no (...) hasta cuarto, con catorce anos alí, è xa non fun, xa viña no tempo

(...) inda foron a Viana, porque despois xa foi cuando empezaron or de... a ir a Viana, è puñèron xa, houbo carretèra, con landròve a carretèra (...) había que ir buscar profesores ca maleta a Viana porque non había carretèra. Cuando empezou a haber carretèra foi polo de pronto dèron eso de que os rapaces foran ó colègio a Viana, quedaban alí intèrnos, quedaban alí toda a semana intèrnos.

È buèno, i-así que o adelanto foi grande, o adelanto foi moi grande porque èli non tiñan comodidade ningunha, alí os profesores pa vivir non tiñan comodidades, namais que tiñan unha cociña, unha cociña baixa, unha habitación nin baño nin nada, non tiñan nada máis ca aquilo, i-alí vivían.

E: E que estudiábais na escuela?

I: Pois o que estudiábamos na escuèla pois èra nun encerao, un encerao pois grande, tiñamos un libro pa todos, a enciclopèdia esa, e despois pizarras, pizarras con pizarrís que lle sacábamos... ás pilas dos fòcos, sacábamoslle os pizarrís aqueles, è aquilo escribíamos; è puñamos alí cun pau "España limita al norte", buèno, cantando aquilo de "España limita al norte", pa todos, pa todos igual. I-è o que estudiábamos, estudiábamos todos no mesmo, había unha enciclopèdia pa todos, non había, non tiñamos máis libro ca aqueles, i-ònha libreta. Xa cuando (...) empezou a vir a libreta, però antes èra pizarra, non tiñamos... a libreta xa cuando máis grandes; entonces èra unha pizarra de que escribías è borrabas è xa está. È igual estábamos, ibámo-los de primèro coma... or de cuarto, chegamos ó mesmo sitio todos, así, así èra o do colègio aquí.

E: E no recreo?

I: No recreo xoghabamos a, ao de antes, ó da còrda. Decíamos, vou a busca-la leña; despois cuando èra na, cuando èra aí polo Carnaval, polo Carnaval regalámoslle á maestra, èra o costume, regalámoslle un galo è i-ò (...) outro. En vez de botarnos a pelexar è despois si, aquel día a profesora facíanos unha comidica è regalámoslle dous galos. È buèno, i-así èra a vida do, i-así èra a vida de antes.

È no recreo ibámo-los rapaces todos pa quecernos tiña unha cociña baixa, entonces ibamos a buscar xèstas, retamas, xèstas è volviamos è faciamos lume. Faciamos un lume mui grande ialí afumabámonos todos è onde, i-è de paso tamèn lle apañamos leña pá profesora pa que se cacesse a profesora alí, caciámonos, quedáballe á profesora pa pó outro día. È ibamos ó monte todos os rapaces, cada un viñamos co seu feixiño de, de leña.

E: E de que tempo a que tempo ibades á escuèla?

I: Pois si, ibamos derde, pòr de... como agora debía ser, máis ou menos si. Pois cuando había nève, acòrdome que aqueles nevazos tan grandes, que o meu pai cun sacho é facíanos, facía un camiño i-había veces que a nève case á nõsa altura, pa poder ir alí arriba. È èsí.

9.24. Vilarmeao (Santo Antón)

ETNOTEXTO B0461

Informante: H. XB. (29 a)

Parroquia: Vilarmeao -Santo Antón-

Lugar: Vilarmeao

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

263

Os danzaríns de Vilarmeao

I: Buéno, pòr nada. Èquí en Vilar cuando ê o tema do Carnaval pa ir a Viana ê o que máis nos fai falta son xente pa, pa ir bailando, danzarines ou bailarines, como se lle suèle chamar.

Intentamos que vaian sobre catorce ou hasta dazaoito ou vinte, polo menos, que son os que lucen. Despois xente que vai tocando van un bombo, van aixadas è van polo general sobre vinte personas, como... non sei se viches que agora hai pouca xente, entoncos imos a outros puèblos a, a intentar recoller xente para que nos axude. È o tèma de organizar, pòs sobre quince días antes intentamos mirar quèn vên, xente de fóra, do puèblo que está fôra, que veña pa axudarnos, è despois se non, pois con outros puèblos.

È... solemos levar camisetas pa ir todos máis ou menos igual; e se fai frío, sudadèras tamên por encima. È... despois unha vez que chegamos a Viana, pois nada, imos colocados según nos manda a organización, porque hai unha organización en Viana pa, pó tèma de organizar o fulión; è nada, un desfile dura hora è media è, empezamos no, no Toural, baixamos á plaza è subimos hacia ó pavellón è despois alí pois nada, dannos androlla, ò sea, produtos típicos da, da zona. È tamên facemos outras salidas que imos a Reigada è buéno, como tocan coma nós, pois, vamos èlì e vèñen eles aquí, eso case tódolos anos vamos. Vamos ò sea, vamos por exemplo nós unha semana, a semana siguiènte vèñen eles pa devolvernòs a vòlta. Èí sì que levamos versos, è procúrase recoller, è... por exemplo, històrias que pasan durante o ano, anèdotas, pois, è... fáiselle un punto picante para picar o do puèblo do lado.

E: Mui bèn.

I: È se por exemplo un ano, acòrdome agora que un ano fomos a roubarlle un curdeiro è pintámosllo de cores è fixèmoslle un carrito e metèmosllo dentro. È cuando chegamos alí, empezámorlle a decir os versos, è pois deixámosllo alí, de vòlta, È despois un ano...

E: E acòrdaste deses versos, de algo deses versos?

I: Complicado. Sì que hai vídeos, pero non sei quèn-os tèn. A ver se os chavales despois de ántes.e saben quèn-os tèn. È... eles tamên nos fixèran un ano, non me acòrdo

tamên que nos trouxèran... Ah!, unhos lardeiros, porque eiquí somos todo case todo hòmes, è a juventú somos case todo hòmes, sòlo hai tres mullères, i-ò resto somos dèz ou doce hòmes; e un ano trouxèronnos unha lardeira pa a ver se algùn de nòs nos faciamos novio dela. E despois así è o que che digo, anèdotas durante todo o ano pa picar unhos ós outros.

E: É de onte traían a lardeira?

I: Eso. A lardeira è un muñeco disfra<zado>, ò sea, como se fora un muñeco con roupa disfrazau de... põñenlle nòmbre, ou..., un cartèl ou algo pa, pa baixalo de èquí; è tamên se suèle facer juèves de comadres lardeiro. Non sei se o tès visto en Viana.

E: Si.

I: È despois o martes de Carnaval mètenlle, ò sea, antes de facer mètenlle petardos, vístenos, còlganos na plaza en Viana è despois o martes de Carnaval ár doce quéimannos, que è o... a queima dos lardeiros, que è cando acaba o Carnaval. È con respèto ó tèma do Carnaval, eu que che podría dicir? Despois o, buèno, o que si, que os nòsos bailarís son totalmente diferentes ao resto dos boteiros de Viana. Non... os boteiros lèvan esquilas, nòs levamos chòcallas, eles lèvan camisa con lazo...

E: Si, son como cintas, non?

I: Como cintas trenzadas. Eu fixen un traxe este ano pa ir co, co da asociación, però or de eiquí son todo, è unha camisa con lazos, però non è cubèrta de todo, a camisa blanca veise. Lèvan un manto è despois lèvan un gorro... è antiguamente èra de papèl, agora fano con cintas por culpa de que se chòve pòdelo sacar igual; è lèvan lègues igual coma os de Viana, pantalón blanco è despois hai algüis que os suèlen levar flècos, en vez de, cintas abaixo, lèvan flècos na, no que è o pantalón. È con respèto ó tèma do Carnaval è o que che podría contar.

E: Xa, e o fulión, digamos de Vilarmiau è diferente ó de tódolos puéblos.

I: Si, cada puèblo tèn un tòque diferente, cada... buèno, hai ó mellor algüis puéblos, que tèin, dous ou tres puéblos tèñen o... xunto, porque è o mirmo, però o nòso è diferente. Aí en Viana hai, non che sabería decir fijo, però igual dèz ou doce fuliois diferentes igual os hai, ò sea que è un desfile bastante largo, á parte vèñen fuliois de fôra, vèñen de Trives, vèñen de...

E: Portugal.

I: Portugal, vèñen da Veiga, vèñen de Carracedo da Sèrra creo que tamên vèñen, è da Gudiña non sei se tèñen vido algüis anos tamên. Sòben de Petín è creo que non, os do puèblo de enfrente de Buxán tamên van... è que sería eso todo. Non sei tès algunha duda más pa... Recòrdo cuando èra pequeno que se facía lardeira è lardeiro, como había muita mocedá antes facíase; e agora xa ultimamente perdeuse, entoncos so-

lemos baixar a Viana a facelo. È tamên recòrdo do miêrcoles pó juèves, o día que se facía o lardeiro tamên se andaba á fariña, o primeiro miêrcoles pó jueves, botabamos os hòmes ás mullères e o siguiènte miêrcoles juèves ó revês, que eso inda se fai hoxe en Viana. È o martes de Carnaval tamên se tira fariña en Viana è o domingo á tarde tamên hai desfile igual de fuliós, buèno, non tanto como á mañá, pèro tamên hai algo máir de desfile e sería eso todo.

9.25. Vilaseco da Serra (San Vincenzo)

ETNOTEXTO A0909

Informante: H. XM. (48 a)

266 Vilaseco da Serra -San Vincenzo-

Corpus oral: TESE

Ano da gravación: 2015

As relacións con Zamora

I: A relación eiquí cos puèblos de Zamòra, pois como estabas ó lao pois xa había, xènte que se casou con... hòmes, con mullères de èlí, mullères con hòmes de èquí, entonces a relación èra boa porque incluso tiña fincas no lao de Zamòra è fincas no lao de Galicia; è pois buèno, Vilaseco pa ser un puèblo de montaña, dos que teño investigau eu, por exemplo como Cepedelo, Ramilo, Pradorramisquedo èra un puèblo que no fondo, no fondo estaba, tiña as comodidades de decir do trèn, dunha carreterà cerca... comparada a outros puèblos en cuèstión dunha hora pois ibas a... hora è pico pois ibas á estación de ferrocarril cuando...inaugurose no cincuenta è sète, pòr do cincuenta è sète pa riba xènte que ó mellor quería ir a Madrí ou quería ir a Òrense levábache desde Vilaseco pois ponlle hora è media andando á estación da Vilavèlla ou máis ou menos aproximadamente sobre unha hora è media.

Pois claro, cuando algunha mercancía viña de Òrense, por exemplo o balcón da nòsa casa, buèno si, o balcón da casa outra cousa non, pèro cousas que viñèron de Òrense è cuando meu pai lle iba a levar, mandar cousas a miña tía pa Òrense ibas á estación de... da Vilavèlla porque... había aí estación de primèra, trèis de mercancías è fatura-base èlí è todo; è claro, tu querías ir ó tren ou ir a Òrense, ibas andando á estación da Vilavèlla en custión de hora è media ou un pouquiño máis è collía-lo tren è...viñas de Òrense è viñas andando tamèn, viñas andando>.

Entonces claro referente a outros puèblos de montaña de do alluntamiento de Viana era un puèblo que nese aspèto estaba bastante bèn. Despois a carreterà chegáballe, cuando o pueblo de Vilaseco non tiña carreterà, pero por Zamòra; como pasaba a nacional pola Vilavèlla pois è viña, xa había carreterà hasta Vilanòva ou Pías por èí, pois había en algunha ocasión de vir hasta o médico vir, a...vir a Vilanòva ou un pouco máis adiante deixa-lo coche è lògo vir a buscalo cun cabalo pra vir a Vilaseco que despois desde èí tiñas dous quilómetros.


Entonces referente a puèblos que tardaron muitos anos en ter carreterà, este puèblo pois sobre deso inda non era dos...dos peores. Era un puèblo que se encontraba bastante bèn situau, de feito meu pai cuando tuvo que chegaron aquela malladora de mallar, que era unha malladora cun motor Lister inglés, que había que levala nos carros de vaca, iba á gasolina, no cabalo iba á Vilavella; íbaa buscar porque como aí había un surtidor pois iba a busca-la gasolina è cousas porque a Vilavèlla tiña de

todo, tiña... como espècie de funeraria, tiña supermercados, tiñas tièndas, pois ibas todo, è senón traíancho pois hasta onde a carretera tal ou ibas polo camino de Vilaseco a Vilanòva car vacas, co carro a buscar, de feito foron a buscar uralita, foron a buscar outra cou<sa>... cos carros; è i-a buscar cousas; i-e incluso as caixas, po<i>s, cuando morría algunha persona, iban a buscalas á Vilavella, traíanllas no còche hasta aí a Vilanòva è lò iban cun carro è traían a... as caixas pa, os ataúdes traíanos nun carro ou nun burro xa pa Vilaseco. Entonces referente a outros puèblos de montaña, si, nese caso non èra dos peores, outros estaban peor que estaban mui aislados, a horas de salir a unha carretèra.

Aquí si, a carretèra debeuse facer polo sesènta è nòve por èi se debeu facer entonces desde do cincuenta è sète ou antes. Pois de cualquèra maneira estaban millor por eso, porque claro, o camiño real a Madriz, pois claro, sièmpre estaba millor preparado que non un camiño cualquèra, porque asistían os caminèros cada pouco tempo. Despois tamèn dice meu pai que iban ó millor a... a Benavènte ou que iban por èi è que èra como hoxe. Tu por exemplo tíñalar venta<s>. Nas ventas tu levabas un cabalo ou vaca, si pagabas èquis diñeiro daquelo pois tíñanchelle.i. hèrba, tíñanchelle.i.auga è piènso. Se tu ibas cun cabalo, por exemplo a Benavènte pois dices, bah!, esta noite durmo nunha venta, pois como inda existen as Ventas da Capilla, as Ventas da Teresa, tu nésar ventas tiñas pa... pa hèrba, pa auga como hoxe máis ou menos, però diferente; è tiñas hasta pa dormir, claro. Non dormías ó millor nunha habitación, alí un sitio, unhas tablas que (...) cabalo alí preso nun lao i-así, pouco menos.

Mira, na provincia de Zamòra tamèn me contara a min un señor mallor de aí do Peireiro, que lle gustaban muto os libros è o abuèlo del xa fora, digo o abuèlo, o abuèlo ou casi bisabuèlo foran á Guardia Civil è buèno, que tiñan únhar leis mui estrita<s>, me contaba varias cousas, únhar leis bastante estritas a Guardia Civil. Buèno, muto que será pouco è tal; è contoume tamèn que en Pías, no alluntamiento de Pías, que ó cual pertenece Barxacòva, Vilanòva è Pías, os tres puèblos, porque claro, que había, cuando recaudaban as contribuciós o dos... impuèstos dar fincas, das casas, pois que cuando iban a levalo ó gobernador a Zamòra, eses os impuèstos se levaban ó gobernador a Zamòra, a persona que iba a levar esa recaudación, pois compraran un traxe pó pueblo; un traxe, unha corbata i-únher zapatos, è claro, eses zapatos iría o home andando con roupa normal, con roupa normal i-á entrada de Zamòra, pois vestía o traxe, puña a corbata i-òr zapatos pa presentarse ante o gobernador... decente claro, pa non dar pena, pa máir ben dar envidia è non dar pena; è claro, pois èran eu que sei, dice que a necesidaz agudiza o ingenio. Entón claro, verían de... estudiaban (...), cuando hai necesidá pois.e, buscas as fórmalas de... de poder buscar... de non gastar, co mínimo diñeiro poder (...).

Òín contar eu, que había ese sistema, que facían eso.



Materiais Lingüísticos

Últimas publicacións na colección

Guía de subtitulado inclusivo en galego. Indicacións técnicas e lingüísticas para subtitulado nunha lingua minorizada (2021)

Mercedes Martínez Lorenzo

Diccionario Galego-Éuscaro, Euskara-Galiziera (2010)

Isaac Fernández Fernández

Vocabulario Galego-Castelán de carpintería de madeira (2006)

Fernando Groba Bouza

Vocabulario Xurídico-Administrativo Galego-Castelán (2005)

Xavier Gómez Guinovart & Ánxeles Torres Padín

Vocabulario de Economía (2005)

Eduardo L. Giménez Fernández, Francisco X. Lores

Ínsua, Alexandre de Almeida & Philippe Polomé



A lingua de Viana do Bolo

Descrición e textos

O presente volume trata de achegar un coñecemento sistematizado sobre as características lingüísticas deste concello ourensán situado nun enclave lingüístico singular a carón das Portelas (Zamora) e relativamente próximo ao Bierzo (León). O vianés é unha variedade do galego oriental pertencente á microsubárea O Bolo-Viana, encadrada na subárea Valdeorras-Viana da área oriental-central, con características diferenciadoras do galego común. A obra iníciase cunhas notas sobre a comarca da Terra de Viana e a historia, a sociedade e a situación sociolingüística de Viana do Bolo, seguido de capítulos sobre o bloque oriental na dialectoloxía galega e sobre Laureano Prieto, pioneiro no estudo do vianés. A continuar faise unha descrición da variedade vianesa tendo en conta fenómenos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos, seguida dun estudo

do cambio lingüístico a partir de variables deses fenómenos e dalgúns termos léxicos. Asemade, sinálanse as características lingüísticas comúns co galego das Portelas (Zamora), do Bierzo (León) e do valego (Cáceres); e no caso do léxico ofrécense 50 termos, uns propiamente vianeses, outros compartidos co galego común, pero cun matiz especificamente vianés e común en varios casos co galego zamorano, berciano e valego. A obra complétase cunha escolma de 25 etnotextos, correspondentes a 25 parroquias vianesas, nas voces das persoas informantes, e onde a economía, a etnografía, a historia local, a paisaxe, a tradición e a vida falan dunha Terra que atesoura unha lingua e que amosa a gran riqueza dun ámbito oriental no conxunto do patrimonio lingüístico e cultural galego.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

